

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 12**

### **SESION ORDINARIA DO 31 DE MAIO DE 2010**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Abelairas Rodríguez, Isaura  
Caballero Alvarez, Abel Ramón  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Díaz Vázquez, Raquel  
Lago Rey, María Jesús  
López Atrio, Laura  
López Font, Carlos  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
López Carreira, Xesús  
Méndez Piñeiro, María  
Velo Ríos, Iolanda

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Beiro Diz, Pablo José  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Conde Gil, Jorge  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José Manuel  
García Míguez, María Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Larriba Leira, Elvira  
López-Chaves Castro, Ignacio  
Martiño Gómez, Antonio  
Muñoz Posse, Carlota  
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cincuenta e nove minutos do día trinta e un de maio do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velo Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D<sup>a</sup> María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da

Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Bos días, señores e señoras concelleiros, iniciamos o Pleno en sesión ordinaria, convocado por orde do día do 27 de maio con vinte e oito puntos ó que adicionalmente hai que engadir unha moción por trámite de urxencia presentada polo Bloque Nacionalista.

Constatado quórum neste momento, ábrese sesión pública. Iniciamos o Pleno.

1.- (94).- ACTAS ANTERIORES. (SS. EXTS. 11 E 22.02.10 E ORD. 22.02.10)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes ás sesións extraordinarias dos días 11 e 22 de febreiro e ordinaria do 22 de febreiro de 2010.

2.- (95).- INTERVENCIÓN PERANTE Ó PLENO DA CORPORACIÓN DA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PADRES DE ALUMNOS DO SUDOESTE DE GALICIA, SURGAPA. DOC. 100053021.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada na Alcaldía núm. 100053021, de data 20 de abril, o secretario da Federación de asociacións de padres de alumnos do sudoeste de Galicia, SURGAPA, solicita a intervención perante o Pleno da Corporación en relación cos programas educativos do Concello.

A PRESIDENCIA: Ten a palabra D. José Francisco Rodríguez Pérez, secretario da SURGAPA.

Benvido. Ten para a súa intervención un tempo máximo de dez minutos como se

acostuma neste trámite e posteriormente intervirán os grupos tamén cun tempo de dez minutos.

SR. RODRÍGUEZ PÉREZ: Estimado alcalde, concelleiros e concelleiras, agradecemos dende a nosa Federación de pais de alumnos de colexios concertados a oportunidade de expresar as nosas inquedas neste Pleno.

O primeiro que desexamos transmitir é que os centros sostidos con fondos públicos deben ser tratados en igualdade de condicións e lembrarilles que actualmente os requisitos tanto de acceso como as obrigas educativas son idénticas en todos os centros.

Nos colexios concertados está escolarizado todo tipo de alumnado procedente das máis variadas situacións socio-económicas, incluídas as de exclusión social. Agora mesmo os nenos dos colexios concertados están dobremente excluídos polas súas circunstancias e pola natureza dos centros nos que cursan os seus estudos.

Neste momento para este Concello os nenos dos centros concertados son tratados como de segunda categoría polo que cremos que están na obriga de corrixir dita desigualdade.

Un exemplo desta situación foi a convocatoria deste ano do programa de inmersión lingüística no estranxeiro onde nas bases primeira e sétima se establecía o seguinte: “O alumnado dos centros privados concertados do municipio accederá ás prazas que queden dispoñibles dun máximo de 250 logo das adxudicar preferentemente entre o alumnado da rede pública solicitante que cumpra os requisitos recollidos na convocatoria específica para a selección do alumnado participante no Pili-Vigo, 2010”.

Lembro que nos centros públicos se presentaron 200 solicitudes entrando todos os alumnos, incluídos os da menor puntuación que era dun só punto; da concertada entraron 50 alumnos, 47 deles con puntuación superior ós 4 puntos e 3 foron a sorteo con 3 puntos, quedando excluídos 69 alumnos da concertada. Lembro que os alumnos da concertada na educación obrigatoria no Concello representan entre un 50 e un 60% do alumnado.

O que non podemos tolerar é que se siga intentando perpetuar un modelo de exclusión dos dereitos dos alumnos dos centros concertados sostidos con fondos públicos e que dende a pluralidade da que son expresión do dereito da liberdade de educación, consagrado no artigo 27 da nosa Constitución, exprésase por parte do

-----  
S.ordinaria 31.05.10

alcalde e da concelleira de Educación na Guía de centros concertados a dita igualdade.

Por iso gustaríame pedirilles a todos os grupos municipais que leven á práctica o que está escrito dándolle unha igualdade de condicións a todos os alumnos de Vigo de centros tanto públicos como concertados-privados, pois a única diferenza que existe entre eles é a xestión de empresa, unha é unha xestión pública e a outra privada.

Queremos que todos os alumnos vigueses que nestes momentos están sostidos con fondos públicos sexan os nenos mellor educados e máis formados a todos os niveis desta cidade. Tamén agardamos que a través do Consello Escolar Municipal de Vigo, do que eu formo parte, entre todos, e coido que hai unha boa vontade pola banda da concelleira de Educación e máis do alcalde, haxa mellores propostas, un bo traballo para unha boa educación dos nosos rapaces e rapazas.

Quero agradecer a oportunidade que se nos deu de nos expresar neste Pleno e agardamos que todos os grupos apoiem a condición de igualdade real dos alumnos.

Cando un decide levar ó seu fillo a un centro concertado é por varias razóns, ó mellor é a proximidade, porque queda máis próximo que un centro público ou por outras razóns de temas ideolóxicos, pero ante todo sempre lembrar que tanto uns coma outros nenos están sempre adscritos ás mesmas obrigas tanto nuns como noutros centros.

Moitas gracias.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Antes de nada, no nome do Grupo municipal do BNG, quero darlle a benvida a este Pleno da Corporación de Vigo. darlle tamén as grazas por nos trasladar as preocupacións dos pais e das nais integrados na SURGAPA. Tamén lle quero transmitir o noso apoio a todo o que supoña a mellora das condicións do ensino que se imparte no noso país, mesmo no noso concello, para camiñar en mellores condicións cara ese obxectivo final que non é outro que a formación integral dos nenos e das nenas para que poidan vivir na sociedade en igualdade dende o respecto á diversidade nunha sociedade sustentada no respecto á diferenza, sen diferenza de dereitos.

Por iso este goberno municipal leva unha política no campo educativo aberta á participación de todos os centros neses programas en maior ou menor medida. Podemos citar os programas da Concellería de Educación, programa de inmersión de inglés que o Sr. Rodríguez citou hai un momento, os programas da Etrad, o programa

“Vigo por dentro” ou os distintos programas que se levan noutras concellerías como a de Normalización Lingüística e a de Cultura.

Agora ben, vostede coincidirá comigo en que ensino público e ensino privado son dous ensinos diferentes que parten de condicións distintas e con diferenciación tamén en moitos dos seus obxectivos e a implicación das institucións públicas debe ser diferente segundo falemos dun ou doutro ensino.

Especialmente en momentos de crise económica como o que agora estamos a vivir, tamén entenderán que o groso do esforzo das institucións públicas teña que ir dirixido fundamentalmente ós centros públicos, centros que pertencen a todos e a todas e ós que calquera cidadán ou cidadá pode, independentemente das súas ideas, credos ou condicións económicas, asistir. Evidentemente todos os pais e nais teñen liberdade de elección de centro, moitos escollen ensino privado ó que algúns poden acceder, pero absolutamente todos e todas teñen dereito a acceder ó ensino público. Por iso o BNG critica e con dureza a política educativa que reduce sistematicamente as achegas públicas ó ensino público para o converter nun ensino residual ou subsidiario.

No grupo municipal do BNG coidamos que o esforzo económico dos vigueses e viguesas debe ir dirixido fundamentalmente a esa rede de centros que pertence a todos e todas, rede na que se imparte un ensino universal e igualitario. Entendemos que os programas educativos municipais se deben dirixir en primeiro lugar ós centros da rede pública e na medida das posibilidades ó resto dos centros.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Benvido a este Pleno, Sr. Rodríguez. Coñecémonos xa de xuntanzas e, sobre todo, agardamos a súa colaboración eficaz no Consello Municipal Escolar que é onde loxicamente se deben expresar todas as necesidades dos centros ademais de todas as propostas de mellora.

Coido que o compañeiro do BNG, Sr. López Carreira, clareou bastante os motivos polos que o Concello ten un mellor trato cara ó ensino público que cara ó privado. Non debemos esquecer que os centros concertados xestiónanse por empresas privadas que teñen a súa diferenciación en moitos aspectos aínda que deberían seguir, e supoño que a seguen, a normativa da Consellería de Educación.

Non obstante debo lembrar que non están vostedes diferentemente tratados en practicamente ningunha das cousas, teñen acceso a practicamente todos os programas que temos, agás o de inmersión lingüística. Sinxelamente é cuestión de

voluntariedade que soliciten a nosa colaboración.

Por outra banda, en canto á inmersión lingüística efectivamente coidamos que temos máis obrigas cos centros públicos que cos concertados. O ensino concertado recibe dende o goberno todo tipo de axudas. Supoño que vostede, como representante dos pais, sabe que se lles subvenciona ós centros concertados o profesorado, as necesidades de secretaría, gastos de mantemento, calefacción, alumeado, etc. Polo tanto coido que están vostedes atendidos a nivel central e autonómico nas necesidades que todo centro pode ter en igualdade practicamente cos centros públicos. O que si debemos recoller son todas as necesidades que se presenten nos centros públicos; non así, aínda que se diga o contrario, as dos centros concertados que adoitan seren máis selectivos.

Polo tanto nós pretendemos facelo o mellor posible, pero recoñecemos que a nosa obriga principal é a de atender os centros públicos que non están recibindo os cartos necesarios para reparacións, mantemento, ampliacións e demais, tendo en conta que si se atenden os centros concertados con eses cartos e polo tanto o que non vai nunha, vai noutras. É bastante forte porque se os cartos que se destinan ós centros concertados para tantas cousas se destinaran ós centros públicos, outra situación sería a destes centros.

Sinto polo tanto non compartir a queixa. Coido que o Concello en canto ás actividades educativas está proporcionando todo o posible a todos os centros desta cidade.

SRA. LARRIBA LEIRA: No nome do grupo municipal Popular queremoslle dar a benvida ó secretario de SURGAPA. Para nós é unha satisfacción ver a un representante dos colexios concertados neste Pleno coas súas reivindicacións, que son nada máis nin nada menos os que escolarizan a máis da metade dos alumnos de Vigo

Queremos lembrar aquí que o noso grupo presentou dende o comezo da lexislatura tres mocións relativas a estes programas de inglés. Denunciamos precisamente a discrecionalidade do goberno na selección dos nenos que se viron beneficiados destas bolsas. Como digo, máis da metade dos estudantes de Vigo non puideron optar ás bolsas de inglés por estaren matriculados nun colexio concertado.

Como xa tivemos a oportunidade de dicir, as bolsas son axudas ós nenos e ás familias, non ós colexios. Non sei por que estamos a falar aquí de empresas privadas porque son axudas municipais ós nenos e ás familias, entréganse directamente ós

estudantes. Nin a dirección dos colexios, nin os claustros dos profesores teñen nada que ver coa organización, programación, selección ou xestión desta iniciativa. Entendemos polo tanto que todos os nenos de Vigo teñen dereito a optar, como tamén teñen dereito a optar a outras axudas deste Concello. O goberno esquece que estas axudas se custean cos cartos de todos os vigueses e polo tanto todos os vigueses deberan poder optar a estas bolsas sen estaren suxeitos a esta discriminación.

Pero son máis curiosos os criterios que se empregan no que é a redacción e a xustificación desta selección nas propias bases e informes do programa. Nelas se xustifica circunscribiren a opción só ós nenos matriculados en centros públicos porque, segundo din os responsables, “Faise para compensar o baixo nivel de renda dos matriculados en centros públicos, partindo da base de que con carácter xeral existe unha correlación entre o nivel socio-económico e a matriculación en centros públicos”. A segunda xustificación é: “Porque a capacitación en lingua estranxeira é inferior nos colexios públicos”. Así aparece recollido nos informes que presentan neste programa.

O Partido Popular dende o comezo da lexislatura pregúntase se o que se pretende reivindicar é axudar ós veciños con rendas máis baixas, por que o criterio de renda non ten nada que ver no proceso selectivo destas bolsas? De tratarse de axudas municipais extra-escolares destinadas á formación dos alumnos e non orientadas á mellora da calidade do ensino público, competería en todo caso á administración educativa aspirar á calidade do ensino, o que sen dúbida significa elevar o nivel de inglés nos colexios dende a base, ordenando e reforzando os esforzos dos centros por intensificar e mellorar a docencia nesta materia, pero como digo compete á administración educativa e estamos a falar de axudas municipais.

Como xa dixen, como xa tivemos a oportunidade de debater por tres veces, para que estas bolsas sexan realmente equitativas e non discriminatorias a combinación de rendemento académico dos alumnos e nivel de renda debe ser o prioritario, é dicir, temos que premiar ós nenos que garanten co seu traballo, co seu esforzo, un bo rendemento académico e a eses nenos que as súas familias non lles poden custear estes estudos privilexiados no estranxeiro.

A base das reclamacións do Partido Popular está na Constitución que no seu artigo 27.9 garante a educación como un dereito fundamental que non está suxeito a un modelo único como queren vostedes, senón plural e por iso se sosteñen con fondos

públicos centros públicos ou concertados que están a prestar un servizo de interese xeral e básico como é a educación.

A PRESIDENCIA: Moitas grazas a todos pola súa intervención. En todo caso quería dicirlle que, dado o nivel de incremento destas axudas por parte deste goberno, previsiblemente o próximo ano estaremos falando de 350 ou 400 bolsas, o que significa que con toda probabilidade todas as demandas de bolsas de centros públicos ou concertados van seren satisfeitas o próximo ano. Grazas pola súa presenza.

3.- (96).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 26 de abril e 31 de maio de 2010.

4.- (97).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS /AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de marzo e o 26 de abril de 2010.

5.- (98).- DAR CONTA DAS SEGUINTE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- a) De data 27.04.10 relativa ó réxime de dedicación dunha concelleira do Grupo municipal do PP.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 27 de abril de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

-----  
S.ordinaria 31.05.10



“Na sesión plenaria de data 26 de abril de 2010 tomou posesión como concelleira do Grupo Político Municipal do Partido Popular, D<sup>a</sup> Begoña Romero Rodríguez.

Mediante escrito de data 27.04.2010, o voceiro do Grupo Político Municipal do Partido Popular manifesta que trala súa toma de posesión a concelleira citada desempeñará as súas funcións en réxime de dedicación parcial de nove horas semanais.

En virtude dos antecedentes expostos e segundo o art. 75.5 da LBRL,

RESOLVO,

Primeiro.- D<sup>a</sup> BEGOÑA ROMERO RODRÍGUEZ, desempeñará as súas funcións en réxime de dedicación parcial de nove horas semanais con efectos dende a súa toma de posesión. As retribucións aboaranse en doce pagas e tales importes revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Segundo.- Non percibirá indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación nin dos organismos autónomos municipais, sen prexuízo das indemnizacións polos gastos ocasionados no exercizo do seu cargo.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución á interesada, á Unidade de Persoal, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de Editos do Concello.

Quinto.- Dar conta ó Pleno na próxima sesión que este órgano realice.”

- b) De data 30.04.10 relativa a delegación temporal de competencias no concelleiro Sr. López Font.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 30 de abril de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

Con motivo da ausencia da concelleira dona Laura López Atrio, dende o 3 de maio de 2010 ata o 10 de maio de 2010, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-presidencia no artigo 124,4 da Lei 7/1985, de conformidade do previsto no artigo 43 e ss do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña resolución do 05.07.2007, na concelleira dona Laura López Atrio delegada da Área de Educación.

-----  
S.ordinaria 31.05.10

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de dona Laura López Atrio no concelleiro don Carlos López Font, da Área de Xestión Municipal dende o 3 ó 10 de maio.

Terceiro.- Notificar esta resolución ós interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar decatada a mesma.”

- c) De data 18.05.10 relativa a nomeamento de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña secretaria xeral do Pleno, en réxime de prórroga de comisión de servizos.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 18 de maio de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Por decreto desta Alcaldía de data 18 de maio de 2009, nomeouse a dona María Concepción Campos Acuña, secretaria xeral do Pleno do Concello de Vigo, en réxime de comisión de servizos de carácter temporal, por un período máximo de un ano a contar dende a súa toma de posesión, que tivo lugar o 19 de maio de 2009.

Continuando vacante o posto de secretario xeral do Pleno, por continuar o seu titular como alto cargo da administración autonómica, e tendo sido autorizada a prórroga da comisión de servizos por resolución do director xeral de Administración Local, de data 18 de maio, a favor da funcionaria con habilitación de carácter estatal, dona M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña, secretaria xeral do Concello de Cangas, integrada na subescala de secretaría, clase superior.

Visto o preceptuado no decreto 49/2009, do 26 de febreiro, polo presente e no uso das facultades que a vixente lexislación en materia de réxime local lle confire a esta Alcaldía-presidencia segundo o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local.

RESOLVO:

Nomear a dona M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña secretaria xeral do Pleno do Concello de Vigo, en réxime de prórroga de comisión de servizos de carácter temporal, con

-----  
S.ordinaria 31.05.10

efectos do 19 de maio de 2010, por un período máximo de 1 ano.

Déase traslado da presente resolución ó Pleno do Concello na vindeira sesión que teña lugar.”

*Das anteriores resolucións a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.*

6.- (99).- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1278-110

ANTECEDENTES.- Preséntase a aprobación inicial o texto do regulamento orgánico do Pleno da Corporación co seguinte texto:

**MEMORIA DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO**

O Concello de Vigo conta, dende o ano 1988, cun regulamento orgánico municipal no que se trata unha regulación xenérica dos órganos colexiados municipais, promulgado nos albores da profusión legislativa estatal en materia de réxime local, coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da normativa legal vixente en materia de réxime local, Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. O dito regulamento recolle unha serie de peculiaridades organizativas e de funcionamento no Concello de Vigo.

Non obstante, o tempo transcorrido dende entón, coas sucesivas modificacións da normativa local, mesmo normativa propia autonómica constituída pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, especialmente Lei 11/1999 e Lei 57/2003, fixo que a regulación contida na norma municipal quedase claramente desfasada, especialmente trala aprobación da última das normas citadas que introduciu un novo Título X na Lei 7/1985 cunha innovadora regulación para os municipios de gran poboación, característica esta que resulta de aplicación ao Concello de Vigo por superar a barreira legal de poboación de 250.000 habitantes e que veu supoñer a ruptura do sistema uniformista existente ata ese momento no réxime local, coa única excepción do réxime de Concello Aberto. A dita norma vén presentar unha configuración do Pleno como un verdadeiro órgano de debate das grandes políticas locais que afectan ao municipio e de adopción das decisións estratéxicas, nunha nova perspectiva case parlamentaria.

Como consecuencia da concepción do Concello de Vigo como municipio de gran poboación, prodúcese un cambio no modelo organizativo municipal no que o Pleno, na liña xa apuntada, é despojado de gran parte de competencias de xestión, se ben segue mantendo unha parte destas, articulándose nunha dobre visión, como foro de debate e de control e fiscalización da acción do goberno. A nova organización municipal debe ser obxecto de regulación vía regulamento orgánico, na reserva que

a propia LRBR establece. Baixo a dita concepción e considerando o tempo transcorrido, os importantes cambios referidos fan necesario aprobar unha norma de carácter orgánico para regulamentar o funcionamento e organización do Pleno e as súas comisións, xunto coas demais cuestións inherentes a este, como é o estatuto dos membros da Corporación.

Dende esta perspectiva elaborouse un proxecto de regulamento optando por un instrumento diferenciado e específico para regular o Pleno, dada a especial natureza do dito órgano e a importancia que dentro da organización municipal adquire, como órgano de máxima representación política das e dos cidadáns no goberno municipal e estando integrado por todos os membros da Corporación. É esta a liña na que se prevé o desenvolvemento da nova normativa sobre a que se está a traballar dende o Ministerio de Política Territorial, tal e como manifestou o Vicepresidente Terceiro do Goberno e Ministro de Política Territorial na súa comparecencia perante a Comisión de Política Territorial do Congreso dos Deputados o pasado día 4 de marzo.

Trátase con este texto de conxugar os dereitos das e dos concelleiros coa eficacia do funcionamento do goberno e administración municipal e coa necesaria ordenación do funcionamento do Pleno e das súas comisións, adoptando así solucións análogas ás doutros municipios de gran poboación ou similares ás que se consideran propias nas normas parlamentarias tomadas como referentes. Así mesmo establécense con carácter regulamentario diversos usos e costumes que ordenan tradicionalmente o desenvolvemento das sesións plenarias.

O Regulamento estrutúrase nun Título preliminar e seis títulos, nos que é obxecto de regulación o Estatuto dos concelleiros, os grupos políticos, a organización do Pleno, distinguindo entre a Presidencia, o secretario/a do Pleno, Xunta de Voceiros e as comisións do Pleno; o funcionamento do Pleno, procedemento para a elaboración de aprobación de ordenanzas, regulamentos e ordenanzas, tres disposicións adicionais, unha Disposición derogatoria e unha Disposición final. Co dito contido preténdese, por unha banda dar cumprimento ás esixencias legais na materia, e por outra, fixar un marco normativo que se adapte ás novas realidades xurídicas, sociais e políticas.

## **REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO**

### **ÍNDICE**

- Artigo 1.-** Obxecto.  
**Artigo 2.-** Rango xerárquico e lexislación aplicable.

### **TÍTULO I.-DA CONSTITUCIÓN E DAS COMPETENCIAS DO PLENO**

- Artigo 3.-** O Pleno.  
**Artigo 4.-** Lugar, día e hora de constitución do Pleno.  
**Artigo 5.-** Actividades preliminares.  
**Artigo 6.-** Quórum da sesión de constitución.  
**Artigo 7.-** Mesa de Idade.  
**Artigo 8.-** Procedemento de constitución.  
**Artigo 9.-** Duración do mandato.  
**Artigo 10.-** Prórroga de funcións.

**Artigo 11.-** Competencias organizativas do Pleno.

**Artigo 12.-** Atribucións do Pleno.

## **TÍTULO II.-DO ESTATUTO DOS CONCELEIROS/AS**

**Artigo 13.-** Disposicións xerais.

**Artigo 14.-** Esixencia de responsabilidade.

### **Capítulo Primeiro.- Dos dereitos dos/as concelleiros/as**

**Artigo 15.-** Dereitos honoríficos.

**Artigo 16.-** Dereitos económicos.

**Artigo 17.-** Dereitos socio-laborais.

**Artigo 18.-** Dereito á permanencia no cargo.

**Artigo 19.-** Dereito a información.

**Artigo 20.-** Consulta de expedientes.

**Artigo 21.-** Dereito a obter copias dos documentos municipais.

**Artigo 22.-** Dereito de asistencia xurídica.

**Artigo 23.-** Rexistro de intereses e bens.

### **Capítulo segundo.- Dos deberes dos/as concelleiros/as.**

**Artigo 24.-** Deber de respectar o réxime de incompatibilidades.

**Artigo 25.-** Deber de abstención e recusación.

**Artigo 26.-** Deber de asistencia.

**Artigo 27.-** Deber de reserva de información.

## **TÍTULO III.-DOS GRUPOS POLÍTICOS**

**Artigo 28.-** Natureza xurídica.

**Artigo 29.-** Composición.

**Artigo 30.-** Constitución dos grupos.

**Artigo 31.-** Grupo Mixto.

**Artigo 32.-** Voceiro dos grupos.

**Artigo 33.-** Dereitos e deberes dos grupos políticos.

**Artigo 34.-** Concelleiros/as non adscritos.

## **TÍTULO IV.-DA ORGANIZACIÓN DO PLENO**

### **Capítulo primeiro.- Da Presidencia do Pleno.**

**Artigo 35.-** A Presidencia do Pleno.

**Artigo 36.-** Cumprimento do regulamento.

### **Capítulo segundo.- Do Secretario/a do Pleno e das actas.**

**Artigo 37.-** O/a secretario/a xeral do Pleno

**Artigo 38.-** Funcións do secretario/a xeral do Pleno.

**Artigo 39.-** O Rexistro da Secretaría Xeral.

**Artigo 40.-** Os libros de actas.

- Artigo 41.-** Custodia dos libros.  
**Artigo 42.-** Redacción da acta.  
**Artigo 43.-** Das certificacións dos acordos do Pleno.

### **Capítulo terceiro.- Da Xunta de Voceiros**

- Artigo 44.-** Natureza xurídica.  
**Artigo 45.-** Atribucións.  
**Artigo 46.-** Réxime xurídico e de funcionamento.

### **Capítulo cuarto.- Das comisións do Pleno.**

- Artigo 47.-** Natureza xurídica.  
**Artigo 48.-** Clases de comisións.  
**Artigo 49.-** Creación e composición das comisións.  
**Artigo 50.-** Comisións informativas.  
**Artigo 51.-** Comisións especiais.  
**Artigo 52.-** Normas de funcionamento das comisións.

### **Capítulo quinto.- Comisións permanentes.**

- Artigo 53.-** Comisión de Contas.  
**Artigo 54.-** A Comisión de Suxestións e Reclamacións.  
**Artigo 55.-** Comisión de Vixilancia da Contratación.  
**Artigo 56.-** Comisión de Seguimento.

## **TITULO V.-FUNCIONAMENTO DO PLENO**

### **Capítulo Primeiro.- Dos requisitos para a realización das sesións.**

- Artigo 57.-** Clases de sesións e lingua do Pleno.  
**Artigo 58.-** Sesións ordinarias.  
**Artigo 59.-** Sesións extraordinarias.  
**Artigo 60.-** Sesións extraordinarias e urxentes.  
**Artigo 61.-** Convocatoria das sesións plenarias.  
**Artigo 62.-** Convocatorias a instancia dos concelleiros/as.  
**Artigo 63.-** Nomenclatura.  
**Artigo 64.-** Orde do día das sesións plenarias.  
**Artigo 65.-** Estrutura da orde do día das sesións do Pleno.  
**Artigo 66.-** Expediente da sesión.  
**Artigo 67.-** Lugar de realización das sesións. Distribución escanos.  
**Artigo 68.-** Publicidade das sesións do Pleno.  
**Artigo 69.-** Quórum de constitución.

### **Capítulo segundo.- Dos debates.**

- Artigo 70.-** Apertura da sesión.  
**Artigo 71.-** Normas xerais sobre o desenvolvemento da sesión.  
**Artigo 72.-** Deliberación.  
**Artigo 73.-** Cuestións de orde e retirada de asuntos.

**Artigo 74.-** Chamada á cuestión e á orde.

### **Capítulo terceiro.- Da votación.**

**Artigo 75.-** Votación.

**Artigo 76.-** Sistemas de votación.

**Artigo 77.-** Quórum de votación.

### **Capítulo cuarto.- Do control e fiscalización do goberno polo Pleno.**

**Artigo 78.-** Parte de control.

**Artigo 79.-** Declaracións institucionais.

**Artigo 80.-** Toma de coñecemento de informes de control e fiscalización.

**Artigo 81.-** Comparecencia dun membro do equipo de Goberno.

**Artigo 82.-** Mocións.

**Artigo 83.-** Rogos.

**Artigo 84.-** Preguntas.

**Artigo 85.-** Debate sobre o estado da cidade.

**Artigo 86.-** Moción de censura.

**Artigo 87.-** Cuestión de confianza.

## **TITULO VI.- DO PROCEDEMENTO PARA A ELABORACIÓN E APROBACIÓN DE ORDENANZAS, REGULAMENTOS E ORZAMENTO.**

**Artigo 88.-**Da iniciativa regulamentaria.

### **Capítulo I.- Da iniciativa da Xunta de Goberno Local e do procedemento**

**Artigo 89.-** Documentación e aprobación do proxecto.

**Artigo 90.-** Presentación de emendas e ditame da comisión.

**Artigo 91.-** Debate no Pleno e aprobación inicial.

**Artigo 92.-** Información pública.

**Artigo 93.-** Aprobación definitiva en caso de alegacións.

**Artigo 94.-** Aprobación definitiva por falta de alegacións.

### **Capítulo Segundo.- Orzamentos.**

**Artigo 95.-** Réxime e preferencia.

**Artigo 96.-** Ámbito.

**Artigo 97.-** Calendario de tramitación.

**Artigo 98.-** Emendas

**Artigo 99.-** Aprobación inicial, información pública e aprobación definitiva

### **Capítulo Terceiro.- Da iniciativa regulamentaria do Pleno**

**Artigo 100.-**Da iniciativa regulamentaria do Pleno.

## **Capítulo Carto.- Da iniciativa regulamentaria das e dos veciños.**

**Artigo 101.-**Da iniciativa regulamentaria das e dos veciños.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**  
**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA**  
**DISPOSICIÓN DERROGATORIO**  
**DISPOSICIÓN FINAL**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Pleno do Concello de Vigo conta para a súa organización e funcionamento cun Regulamento orgánico que se aprobou en data 30 de xuño de 1988, ditado polo tanto nas inmediacións legislativas da configuración do réxime local, isto é, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, real decreto legislativo 781/1986, do 19 de abril e, especialmente o Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. O dito acervo normativo, completado posteriormente coa Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, foi afectado por diversas modificacións legislativas que foron axustando o réxime local á evolución dos tempos.

Das ditas modificacións normativas resulta especialmente relevante para o Concello de Vigo a efectuada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, medidas de modernización do goberno local, por canto dita norma, modificativa da Lei 7/1985, innova o mapa local configurado polas normas anteriormente referidas. Rompe esta Lei a tan tradicional e criticada uniformidade local, xa que a aplicación do mesmo esquema organizativo a todos os concellos con independencia da súa poboación, coa única excepción recollida na LRBRL para o réxime de Concello Aberto, e polo tanto da complexidade das estruturas político-administrativas implica un peso no desenvolvemento precisamente das entidades cun maior número de poboación.

De aí que a Lei 57/2003 incorpore á Lei 7/1985, un novo Título X coa denominación "Réxime de organización dos municipios de gran poboación", réxime que resulta directamente aplicable ó Concello de Vigo por contar cunha poboación superior ós 250.000 habitantes, en aplicación do disposto no artigo 121 LRBRL.

O dito réxime de organización implica unha nova estrutura dos órganos de goberno municipais, e polo tanto do Pleno da Corporación, que é obxecto dunha redistribución de competencias coa Xunta de Goberno Local que pasa a configurarse como o órgano executivo por excelencia dentro da xestión municipal. Así en palabras da Exposición de motivos da Lei 57/2003 "(...) vense configurar ó Pleno como un verdadeiro órgano de debate das grandes políticas locais que afectan ó municipio e de adopción das decisións estratéxicas", reproducindo o esquema parlamentario, tanto a nivel estatal, como autonómico, se ben mantén un reduto das denominadas competencias de xestión.



Así o artigo 122.1 relativo á organización do Pleno dispón que:

*O Pleno, formado polo alcalde e os/as concelleiros/as, é o órgano de máxima representación política dos e das cidadáns no goberno municipal"*

Para a continuación sinalar non seu apartado 3 que:

*"O Pleno dotarase do seu propio Regulamento, que terá a natureza de orgánico. Non obstante, a regulación da súa organización e funcionamento poderá conterse tamén no Regulamento orgánico municipal."*

A dita regulación debe completarse co disposto na Disposición transitoria primeira en relación á adecuación dos concellos ás previsións do título X da Lei 7/1985

*"Os Plenos dos concellos aos que resulte de aplicación o réxime previsto no Título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, introducido por esta lei, disporán dun prazo de seis meses dende a súa entrada en vigor para aprobar as normas orgánicas necesarias para a adaptación da súa organización ao previsto no dito título.*

*En tanto se aproban tales normas, continuarán en vigor as normas que regulen estas materias no momento de entrada en vigor desta Lei.*

Polo que, considerando que a entrada en vigor da dita norma tivo lugar o 1 de xaneiro de 2004, é máis que significativo o atraso acumulado na adecuación do funcionamento orgánico funcional dende o punto de vista regulamentario, procede iniciar o dito procedemento sen máis dilacións, optando por un enfoque individual do Regulamento do Pleno pola súa importancia dentro da vertebración da vida política municipal.

En relación co contido do Regulamento cómpre sinalar que está estruturado nun Título preliminar, seis títulos, disposicións adicionais, Disposición derogatoria e Disposición final.

O Título I, "Da constitución e das competencias do Pleno", límitase a reproducir parcialmente o regulado pola LOREX e LRBRL sobre as materias enunciadas, se ben introduce matices organizativos e dispositivos, ante determinadas ausencias normativas, que coadxuven ó complexo procedemento de constitución da Corporación.

O Título II "Do estatuto dos/das concelleiros/as" concreta o xenérico *ius in officium*, nunha serie de dereitos e deberes xa conformados pola doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo.

O Título III "Dos grupos políticos" aborda a regulación común destes, asemade recolle cuestións controvertidas na materia, como son o estatuto dos concelleiros/as non adscritos, regulación que positiviza a máxima legal de que non poidan ostentar máis dereitos que aqueles que lle tivesen correspondido como membros do grupo correspondente e ó tempo regula tamén as regras de composición e funcionamento do Grupo mixto.

O Título IV "Da organización do Pleno" ademais de regular o funcionamento do Pleno, régulanse tamén as coñecidas como comisións do Pleno, que, segundo o seu obxecto, terán as seguintes funcións:

- a) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno.
- b) O seguimento da xestión do alcalde e o seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ó Pleno.
- c) Aquelas que o Pleno lle delegue, de acordo co disposto na Lei 7/1985.

Así mesmo recolle como figura diferenciada a da Secretaría Xeral do Pleno e a Xunta de Voceiros, xa regulada esta última no vixente regulamento orgánico municipal.

O Título V "Funcionamento do Pleno" recolle por primeira vez a ordenación expresa do debate plenario, necesaria para a organización do funcionamento dun órgano da natureza e importancia como é o Pleno, na liña xa apuntada de situalo á altura dos réximes parlamentarios, todo iso sen prexuízo do papel que se lle outorga á Xunta de Voceiros para modular a dita ordenación en supostos especiais.

Establécese a estrutura do Pleno distinguindo entre a parte resolutiva, a de control e fiscalización da acción de goberno e a iniciativa regulamentaria, nas súas distintas versións, e garantindo neste último caso unha maior participación.

Incorpora así mesmo este regulamento novidades destacadas en relación co funcionamento actual, como é a inclusión das comparecencias por petición propia, o debate sobre o estado da cidade, a comisión de seguimento, etc

O Título VI "Do procedemento para a elaboración e aprobación de ordenanzas, regulamentos e orzamento", clarifica diversas cuestións interpretativas xurdidas sobre a iniciativa regulamentaria, así como sobre a tramitación dos instrumentos normativos e orzamentarios, como tradicionalmente ven sendo a presentación de emendas. Así mesmo contempla a dita iniciativa polo Pleno da Corporación remitindo a iniciativa veciñal ó disposto no Regulamento de participación.

Posibilitase vía Disposición adicional a xeneralización na aplicación do réxime contido neste regulamento a outros órganos do Concello, ó tempo que se establece seu o sistema interpretativo.

Finalmente recóllese a derogación dunha parte importante do Regulamento orgánico municipal de 1988, na regulación do estatuto dos concelleiros/as, Pleno, comisións informativas, Xunta de Voceiros e demais organización complementaria.

Polo tanto este regulamento resulta acado ás necesidades organizativas do Pleno do Concello de Vigo, no senso xa exposto de configurarse como órgano de debate político das grandes decisións e estratexias municipais, regulando por unha banda, como contido propio, sometido a reserva legal, a organización complementaria municipal e por outra, determinando as peculiaridades organizativas e de funcionamento sobre o marco legal fixado polo Estado e pola Comunidade Autónoma.

## **REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO**

### **TÍTULO PRELIMINAR**

#### **Artigo 1.- Obxecto.**

De conformidade coa potestade regulamentaria e de auto-organización a presente norma ten por obxecto establecer a organización e o funcionamento do Pleno do Concello de Vigo, das súas comisións e o estatuto dos/das membros da Corporación.

#### **Artigo 2.- Rango xerárquico e lexislación aplicable.**

1.- Este regulamento, a lexislación básica estatal na materia, e lexislación autonómica en materia de organización complementaria conforman as fontes normativas de organización e funcionamento do Pleno, das súas comisións e dos seus concelleiros/as.

2.- Teñen carácter supletorio en todo aquilo que non se opoña a esta regulación as normas non básicas ditadas ou que puidesen ser ditadas polas administracións estatal e autonómica.

### **TÍTULO I**

#### **DA CONSTITUCIÓN E DAS COMPETENCIAS DO PLENO**

#### **Artigo 3.-O Pleno.**

O Pleno é o órgano de máxima representación política da cidadanía no goberno municipal. Está integrado polos tenentes de alcalde, concelleiros/as e presidido pola Alcaldía, tenente de alcalde ou concelleiro/a no que delegue. Controla e fiscaliza ós órganos de goberno, exerce a potestade regulamentaria a orzamentaria e demais atribucións que lle outorgan as leis.

#### **Artigo 4.-Lugar, día e hora de constitución do Pleno.**

O Pleno constituirase en sesión pública extraordinaria ás 12 horas do vixésimo día posterior á realización das eleccións municipais agás recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros/as electos/as; neste suposto constituirase o cuadraxésimo posterior á mesma hora.

#### **Artigo 5.-Actividades preliminares.**

1.- Os concelleiros/as electo/as entregarán na Secretaría Xeral do Pleno as credenciais expedidas o seu favor pola Xunta Electoral de Zona.

2.- Os concelleiros/as electos formularán dúas declaracións, unha sobre causas de posible incompatibilidade e sobre actividades que lles proporcionen ou lles poidan proporcionar ingresos económicos, e outra dos seus bens patrimoniais. Formularanse nos termos previstos no regulamento municipal referente a esta materia.

3.- O secretario/a xeral do Pleno remitiralles escrito ós concelleiros/as, comunicándolles día, lugar e hora da sesión e facilitándolles os modelos de declaración.

4.- A Secretaría Xeral do Pleno e o órgano de xestión económica-financeira que corresponda adoptarán as medidas precisas para que o día da constitución exista acta de arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación depositados na caixa municipal ou en entidades financeiras así como a documentación relativa ó inventario do patrimonio municipal e o dos seus organismos autónomos.

#### **Artigo 6.-Quórum da sesión de constitución.**

Para a válida realización da sesión concorrerán a maioría absoluta dos concelleiros/as electos/as. Se o número fose inferior entenderanse convocados dous días naturais despois no mesmo lugar e hora.

#### **Artigo 7.-Mesa de Idade.**

1.- Para a constitución da Corporación formarase unha Mesa de Idade integrada polos electos/as de maior e menor idade presentes. Actuará como secretario/a o/a xeral do Pleno.

2.- O membro de maior idade ostentará a Presidencia e asumirá as competencias relativas á dirección do acto.

#### **Artigo 8.-Procedemento de constitución.**

A constitución do Pleno realizarase de acordo co procedemento establecido na lexislación electoral. Correspóndenlle á Mesa as seguintes competencias:

- a) Comprobación das credenciais dos concelleiros/as electos/as baseándose nas certificacións da Xunta Electoral de Zona.
- b) Comprobación da presentación das declaracións de bens e de actividades. De non as presentaren, non tomarán posesión do cargo.
- c) Formularán xuramento ou promesa do cargo os concelleiros/as electos/as de acordo coa seguinte fórmula:

*Xuro ou prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Vigo, con lealdade ó Rei e respectar e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.*

Realizarase o xuramento ou promesa por orde alfabética, a medida que se nomee a cada concelleiro/a electo/a. Comezarán coa formulación os membros da Mesa, en primeiro lugar o de maior idade.

- d) Efectuada a promesa ou xuramento, o/a presidente/a da Mesa declarará

constituída a nova Corporación.

2.- Os/as concelleiros/as electos/as que non concorran á sesión tomarán posesión en sesións plenarias posteriores, perante o Pleno tralo cumprimento das formalidades das letras a), b) e c).

### **Artigo 9.-Duración do mandato.**

O mandato dos membros da Corporación é de catro anos, remata o día anterior ó da realización das seguintes eleccións municipais.

### **Artigo 10.- Prórroga de funcións.**

1.- Rematado o mandato os concelleiros/as cesantes continuarán en funcións para asuntos de administración ordinaria ata a toma de posesión dos sucesores. Non adoptarán acordos para os que se requira maioría absoluta nin de administración extraordinaria.

O Goberno en funcións facilitará o normal desenvolvemento do proceso de formación do novo Goberno e o traspaso de poderes e limitará a súa xestión ó despacho ordinario dos asuntos públicos; absterase de adoptar, agás casos de urxencia debidamente acreditados ou por razóns de interese xeral cuxa acreditación expresa así o xustifique, calquera outras medidas.

2.- Son acordos de administración extraordinaria os que vinculen fondos de futuros exercicios económicos ou sexan susceptibles de comprometer a política xeral da nova Corporación, en todo caso, os seguintes:

- Os relativos á aprobación ou modificación de ordenanzas.
- Establecemento e modificación de tributos e prezos públicos.
- Creación de órganos desconcentrados ou descentralizados.
- Aprobación ou modificación do orzamento, agás derivada de execución de sentenza xudicial.
- Establecemento de novos servizos ou a modificación da xestión dos existentes.
- Aceptación de competencias delegadas doutras administracións.
- Formulación e aprobación de instrumentos de planeamento.
- Declaración de lesividade de actos municipais, a súa revogación ou revisión de oficio.
- Aprobación ou a modificación do cadro de persoal.
- Modificación do réxime e do número de persoal eventual.
- Modificación do réxime de dedicación e de retribución ou indemnización dos membros da Corporación.
- Calquera outros de natureza análoga.

3.- Exceptúanse os acordos que, non esixindo maioría absoluta, estean dirixidos ó cumprimento de prazos preclusivos impostos por disposicións administrativas ou normas procesais ou cando da súa inobservancia se deriven prexuízos para os intereses municipais.

4.- O terceiro día anterior á sesión constitutiva reunirase o Pleno para o só efecto

de aprobar a acta da última sesión.

### **Artigo 11.- Competencias organizativas do Pleno.**

Dentro dos trinta días hábiles seguintes á sesión constitutiva, o Pleno realizará unha ou varias sesións e adoptará os seguintes acordos:

- Establecemento da periodicidade das sesións ordinarias.
- Creación e composición das comisións do Pleno.
- Determinación do número, características e retribucións do persoal eventual.
- Dedicación, retribucións e indemnizacións dos cargos da Corporación.
- Nomeamento de representantes do concello en órganos colexiados.
- Coñecemento da constitución dos grupos políticos municipais e da designación dos respectivos voceiros/as.
- Coñecemento das resolucións organizativas da Alcaldía.
- Coñecemento da resolución da Alcaldía pola que se nomean ós membros da Xunta de Goberno Local.

### **Artigo 12.- Atribucións do Pleno.**

1.- Ó Pleno corresponderanlle as competencias que determina a lexislación básica estatal e as demais que expresamente lle confiren as leis.

2.- As competencias do Pleno só poderán delegarse nas comisións nos termos previstos na lexislación de réxime local.

## **TÍTULO II**

### **DO ESTATUTO DOS CONCELLEIROS/AS**

#### **Artigo 13.- Disposicións xerais.**

1.- O Estatuto dos concelleiros/as é o conxunto de dereitos e deberes que a Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia, a lexislación estatal e autonómica de réxime local e este Regulamento orgánico lles recoñecen.

2.- Os concelleiros/as están obrigados ó cumprimento dos deberes e obrigas inherentes ó cargo.

3.- A determinación do número de membros da Corporación, o procedemento para a súa elección, a duración do seu mandato e os supostos de inelixibilidade e incompatibilidade son os regulados na lexislación electoral.

#### **Artigo 14.- Esixencia de responsabilidade.**

1.- Os concelleiros/as están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do cargo. Esixirase perante os tribunais competentes polo procedemento ordinario aplicable.

2.- Son responsables dos acordos do Pleno os concelleiros/as que votasen favorablemente.

3.- O Pleno esixirá responsabilidade dos seus membros cando, por dolo ou culpa, causasen danos ou prexuízos ó Concello ou a terceiros se estes fosen indemnizados polo mesmo.

### **Capítulo primeiro.- Dos dereitos dos concelleiros/as**

#### **Artigo 15.- Dereitos honoríficos**

O/a alcalde/esa, tenentes de alcalde e concelleiros/as gozan dos honores, prerrogativas e distincións propios do cargo.

A Alcaldía ten o tratamento de Excelencia.

#### **Artigo 16.- Dereitos económicos.**

1.- Os concelleiros/as e os membros da Xunta de Goberno Local que non teñan esa condición percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial. Neste caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, a Corporación asumirá o pagamento das cotas empresariais.

2.- Salvo as excepcións da normativa aplicable a percepción de retribucións por dedicación exclusiva é incompatible co desenvolvemento doutras actividades e con calquera outra retribución con cargo ós orzamentos das administracións públicas e ós dos entes, organismos e empresas delas dependentes.

3.- Os concelleiros/as e membros da Xunta de Goberno Local percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo na contía e condicións que acorde o Pleno.

4.- Os concelleiros/as que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación na contía sinalada polo Pleno.

5.- Consignarase nos orzamentos as retribucións, indemnizacións ou asistencias.

6.- Considérase tempo indispensable para o desempeño do cargo o necesario para a asistencia ás sesións do Pleno, da Xunta de Goberno Local ou das comisións, así como o de atención ás delegacións ou cargos que desempeñen.

#### **Artigo 17.- Dereitos socio-laborais.**

1.- Os concelleiros/as quedan en situación de servizos especiais nos seguintes supostos:

a) Cando sexan funcionarios do Concello de Vigo.

b) Cando sexan funcionarios de carreira ou persoal estatutario doutras administracións públicas e desempeñen no Concello un cargo retribuído e de dedicación exclusiva.

2.- En ambos supostos, o Concello aboará as cotizacións das mutualidades obrigatorias correspondentes para aqueles funcionarios/as que deixan de prestar o servizo que motivaba a súa pertenza a elas e estenderase ás cotas de clases pasivas. Para o persoal laboral rexen idénticas regras de acordo co previsto na súa lexislación específica.

3.- Os concelleiros e concelleiras que non teñan dedicación exclusiva terán garantida, durante o seu mandato, a permanencia no centro ou centros de traballo no que estivesen prestando servizos no momento da elección sen que poidan ser trasladados ou obrigados a concursar a prazas vacantes noutros lugares.

#### **Artigo 18.- Dereito á permanencia no cargo.**

Os/as concelleiros/as teñen dereito á permanencia no cargo que perderán cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Resolución xudicial firme que anule a elección ou proclamación.
- b) Incapacitación declarada por resolución xudicial firme.
- c) Extinción do mandato.
- d) Renuncia presentada no Rexistro da Secretaria Xeral feita efectiva perante o Pleno.
- e) Incompatibilidade, nos supostos e condicións establecidas na lexislación electoral ou calquera outra aplicable.
- f) Perda da nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 13.2 da Constitución.

#### **Artigo 19.- Dereito á información**

1.- Os concelleiros/as, previa solicitude, obterán da Alcaldía, da Xunta de Goberno Local, dos/as presidentes das comisións, dos concelleiros/as delegados/as ou dos/as presidentes dos organismos municipais cantos antecedentes datos ou informacións obren en poder dos servizos e resulten precisos para o desenvolvemento da función.

2.- A solicitude será resolta motivadamente e notificada nos cinco días naturais seguintes ó da presentación. Entenderase autorizada por silencio se non se dita e notifica resolución no dito prazo.

3.- A denegación do acceso á documentación estará motivada nalgunha das seguintes causas:

- a) Cando o coñecemento ou a difusión da información poida vulnerar os dereitos fundamentais do art. 18 Constitución.
- b) Cando se trate de materias afectadas pola lexislación sobre segredos oficiais.
- c) Cando se trate de materias afectadas por segredo sumarial.

4.- Os servizos administrativos están obrigados a facilitar a información sen



necesidade de autorización nos seguintes casos:

- a) Cando ostentando responsabilidades de goberno exerzan competencias delegadas e a información se refira a asuntos da súa responsabilidade.
- b) Cando se trate de asuntos incluídos na orde do día das sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, sempre que fosen convocadas.
- c) Cando se trate da consulta dos libros de resolucións da Alcaldía, dos órganos unipersoais de goberno, dos organismos autónomos municipais, de actas do Pleno, da Xunta de Goberno Local, dos órganos colexiados dos organismos autónomos municipais e das xuntas xerais ou consellos de administración das sociedades mercantís de capital ou control municipal.
- d) Cando se trate de documentos ou arquivos de libre acceso público.

#### **Artigo 20.- Consulta de expedientes.**

1.- A consulta e exame dos expedientes, libros e documentación rexerese polas seguintes regras:

- a) A consulta de calquera expediente ou antecedente documental realizarase no Arquivo Xeral ou na dependencia onde se atope, mediante entrega do expediente ou mediante entrega de copia ó concelleiro/a interesado/a.
- b) En ningún caso os expedientes, libros ou documentación sairán das dependencias e oficinas locais.
- c) A consulta dos libros de actas e dos libros de resolucións do presidente efectuarase no Arquivo, na Secretaría Xeral do Pleno, na Secretaría de Goberno ou na Secretaría do organismo correspondente.
- d) O exame de expedientes sometidos a sesión farase no lugar en que se atopen de manifesto a partir da convocatoria.

2.- No suposto da entrega prevista no apartado a) a persoa interesada asinará acuse de recibo e terá a obriga de devolver o expediente en 48 horas ou antes, en función das necesidades do trámite do expediente.

3.- Os expedientes dos asuntos que trate a Xunta de Goberno Local estarán a disposición dos grupos municipais durante as 24 horas seguintes a súa finalización na Secretaría deste órgano.

4.- Os e as concelleiros/as disporán na Casa do Concello dunha caixa de correos para a correspondencia oficial interior e a de procedencia externa e terán dereito ó acceso por correo electrónico á documentación.

#### **Artigo 21.- Dereito a obter copias dos documentos municipais.**

1.- O dereito a acceder ós antecedentes, datos e documentos leva implícita a

obtención copias.

2.- Cando se trate de documentación que requira autorización a entrega de copias efectuarase trala solicitude escrita.

3.- A solicitude presentarase no Rexistro da Secretaría Xeral dirixida á Alcaldía, ós/ás Tenencias de Alcaldía, ás presidencias das comisións ou dos organismos autónomos Municipais, ou ós/as concelleiros/as delegados/as das respectivas áreas. Detallaranse os documentos dos que se solicita copia e motivarase a súa necesidade.

4.- As solicitudes serán resoltas no prazo de dez días mediante a súa entrega ou de forma expresa, mediante resolución e entrega. A persoa interesada asinará acuse de recibo da documentación sen prexuízo de que esta se lle facilite telematicamente cando sexa posible. Denegarase se son reiteradas dun mesmo documento, no caso de xenéricas ou indiscriminadas sobre unha materia ou conxunto de materias, ou no caso de que polo seu excesivo volume a súa materialización resulte gravosa. O dereito á información non implicará lesión da eficacia administrativa.

Se na petición se incluíse a de expedición de copias de documentación e o seu volume fose tal que a súa reprodución por medios mecánicos puidese entorpecer o normal funcionamento da unidade responsable da súa entrega, a dita documentación será posta de manifesto para a súa consulta por un período de dous días. Neste caso a petición de copias limitarase ós documentos concretos sobre os que se pretenda obter a información e a súa expedición non poderá superar o prazo de cinco días naturais que contará dende o momento no que se efectúe dita concreción.

No exercicio do seu dereito á información os e as concelleiros/as poderán estar representados polos conselleiros e asesores dos grupos políticos, debidamente acreditados.

5.- As/os concelleiros evitarán a reprodución da documentación entregada singularmente da que sirva de antecedente a decisións pendentes de adoptar.

#### **Artigo 22.- Dereito de asistencia xurídica.**

As/os concelleiras/os teñen dereito a solicitar da Alcaldía asistencia xurídica nos procedementos xudiciais que se sigan contra eles por razón de actos ou omisións relacionados directamente co exercicio do cargo sempre que non exista conflito de intereses.

Os gastos de asistencia xurídica non poderán ser superiores ós que para os mesmos procedementos teñan fixados, con carácter orientativo, os colexios de avogados e procuradores de Galicia. Os ditos gastos serán reintegrables no supostos de sentenza condenatoria.

#### **Artigo 23.- Rexistros de intereses e bens**

1.- Os rexistros xerarán dous libros que se elaborarán, con idénticos requisitos e formalidades cás dos libros oficiais, e que constituirán o Libro rexistro de actividades e o Libro rexistro de bens patrimoniais. Estes libros, que estarán foliados e encadernados, abriranse cunha dilixencia da Secretaría Xeral do Pleno e incorporarán

o texto das declaracións emitidas por cada concelleiro/a depositadas na Secretaría Xeral.

2.- A dirección e xestión dos rexistros corresponderá en exclusiva á Secretaría Xeral do Pleno, que elaborará e facilitará os modelos de declaracións de intereses aprobadas polo Pleno da Corporación e cuxo uso será obrigatorio para normalizar a documentación, agás aqueles membros da Corporación que tivesen formulado declaracións no Rexistro autonómico correspondente, por razóns de seguridade. Tales declaracións levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cesamento e ó final do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.

A cada concelleiro/a, asignaráselle un número de rexistro, por orde alfabética, que será invariable durante o período de mandato. Así mesmo deberán formular declaración os membros non electos da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo do establecido para os titulares dos órganos directivos, declaracións que se incorporarán ós correspondentes libros en apartados específicos segundo as normas de creación destes.

3.- Os rexistros de causas de posible incompatibilidade e de actividades, así como o de bens patrimoniais terán carácter público; deberá ser obxecto de publicación anual na páxina web oficial do Concello e, en todo caso, no momento de finalización do mandato. Para o seu acceso non será necesario acreditar a condición legal de interesado lexítimo directo, sen prexuízo da obrigada identificación persoal.

4.- O acceso ós rexistros de intereses efectuarase, cando se formule por escrito, trala petición na que se acreditará a identidade do/a solicitante, a identificación do/a concelleiro/a a quen se refire a información e os documentos concretos dos que se quere ter constancia, calquera que sexa a súa data e a Corporación á que se refiran.

## **Capítulo segundo.- Dos deberes das e dos concelleiros.**

### **Artigo 24.- Deber de respectar o réxime de incompatibilidades.**

1.- Os concelleiros/as observarán as normas sobre incompatibilidade e porán en coñecemento da Corporación os feitos que sexan a causa desta.

2.- Producida causa de incompatibilidade e declarada polo Pleno o/a afectado/a optará, no prazo dos dez días seguintes a súa notificación, entre a renuncia á condición de concelleiro/a ou o abandono da situación que dea orixe á referida incompatibilidade.

3.- Transcorrido o prazo sen ter exercitado a opción entenderase que o/a afectado/a renuncia ó posto de concelleiro/a. O Pleno declarará a vacante correspondente e porá o feito en coñecemento da administración electoral para os efectos previstos nesta lexislación.

### **Artigo 25.- Deber de abstención e recusación.**

1.- Sen prexuízo das causas de incompatibilidade, as e os concelleiros absteranse de participar na deliberación, votación, decisión e execución de todo asunto cando

concorra algunha das causas ás que se refire a lexislación de procedemento administrativo e de contratos das administracións públicas. Para estes afectos abandonarán o lugar onde se leve a cabo a reunión. A actuación dos membros en que concorran tales motivos implicará, cando fose determinante, a invalidez dos actos nos que interviñesen.

2.- As persoas interesadas poderán promover a recusación dos e das concelleiros cando estimen que concorre causa de abstención. Corresponderalle ó Pleno resolver as recusacións.

#### **Artigo 26.- Deber de asistencia.**

1.- As e os concelleiros teñen o dereito, tamén o deber, de asistir con voz e voto ás sesións do Pleno e ás daqueles outros órganos colexiados dos que formen parte agás xusta causa que llelo impida que comunicarán coa antelación necesaria á Alcaldía.

2.- As ausencias fóra do termo municipal que excedan de oito días poranse en coñecemento da Alcaldía mediante escrito.

3.- A Alcaldía poderá sancionar con multa de 300 € ás e ós concelleiros por falta non xustificada de asistencia ás sesións.

#### **Artigo 27.- Deber de reserva de información.**

Os concelleiros/as gardarán reserva das informacións que se lles facilite para o desenvolvemento da súa función, singularmente da que poida afectar ós dereitos e liberdades dos cidadáns e das que deben servir de antecedente para decisións pendentes de adopción.

### **TITULO III**

#### **DOS GRUPOS POLÍTICOS**

##### **Artigo 28.- Natureza xurídica.**

Os grupos políticos municipais son órganos colexiados e necesarios na organización municipal canalizan a actuación das e dos concelleiros, sen prexuízo das funcións e atribucións que a lexislación lles atribúa.

As/os concelleiros que fosen elixidos pola mesma candidatura electoral que non se integren no grupo político que constituía a formación pola que foron elixidos ou que posteriormente abandonen o seu grupo de procedencia terán a consideración de concelleiros/as non adscritos/as.

##### **Artigo 29.- Composición**

Constituiranse tantos grupos políticos municipais como listas electorais obtivesen unha representación mínima de dous concelleiros/as.

### **Artigo 30.- Constitución dos grupos.**

- 1.- Constituiranse mediante escrito dirixido á Alcaldía asinado por todos os membros da lista electoral que desexen constituílo, presentárase na Secretaría Xeral do Pleno dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.
- 2.- No escrito farase constar a denominación do grupo, as e os concelleiros que o integran e a designación do seu voceiro/a é requirirá a sinatura da maioría destes. Poderase nomear un voceiro/a adxunto/a que substituirá ó titular en caso de ausencia ou enfermidade. Do escrito daráselle conta ó Pleno.
- 3.- A denominación do grupo, como o seu voceiro/a, poderán ser variados mediante novo escrito que cumpran idénticos requisitos.
- 4.- Os membros da Corporación que adquiren a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva do Concello poderán incorporarse ó grupo correspondente a súa lista electoral mediante escrito dirixido á Alcaldía. Presentárase na Secretaría Xeral do Pleno dentro dos cinco días hábiles seguintes á toma de posesión do cargo.

### **Artigo 31.- Grupo Mixto.**

- 1.- Integraranse no Grupo Mixto os/as membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores que non obtivesen un mínimo de dous concelleiros/as. Participará nas actividades do Concello de forma análoga ó do resto dos grupos.
- 2.- Actuará como voceiro/a do Grupo Mixto o/a concelleiro/a designado/a pola maioría dos seus membros mediante escrito dirixido á Alcaldía presentado na Secretaría Xeral do Pleno. Non obstante o cargo de voceiro/a poderá exercerse por rotación segundo a orde que eles determinen.
- 3.- Agás acordo en contra dos seus membros, nos debates do Pleno o tempo que lle corresponda ó/á voceiro/a distribuirase en partes iguais entre os membros do grupo.

### **Artigo 32.- Voceiro/a dos grupos.**

Os grupos políticos municipais actuarán representados polo seu voceiro/a que, para estes efectos, subscribirá os documentos que emanen destes, emitirá a postura oficial do seu grupo nas sesións plenarias e recibirá as comunicacións que se dirixan ó grupo político ó que representa.

### **Artigo 33.- Dereitos e deberes dos grupos políticos.**

- 1.- O Pleno asignaralles ós grupos unha dotación económica. Contará cun compoñente fixo idéntico para todos e outro variable en función do número de membros sen que poida destinarse ó pagamento de remuneracións de persoal ou á adquisición de bens que constitúan activos fixos patrimoniais.
- 2.- Cando a maioría dos/das concelleiros/as dun grupo político municipal

abandonen a formación pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados dela, serán os/as concelleiros/as que permanezan na formación os integrantes do grupo. O/a secretario/a xeral do Pleno dirixirase ó/á representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura para os efectos da acreditación das circunstancias sinaladas.

3.- Os grupos políticos e os/as concelleiros/as non adscritos levarán unha contabilidade específica da dotación económica que se lles asigne que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o solicite.

4.- Os grupos políticos disporán na Casa do Concello dun local para reunirse e recibir visitas de cidadáns. O/a membro do goberno responsable da área de Réxime Interior porá á súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais.

5.- Os grupos políticos poderán facer uso dos locais da Casa do Concello para realizar reunións ou sesións de traballo con asociacións para a defensa dos intereses colectivos, xerais ou sectoriais da poboación.

6.- O/a membro do goberno responsable da Área de Réxime Interior establecerá o réxime concreto de utilización dos locais por parte dos grupos tendo en conta a necesaria coordinación funcional e de acordo cos niveis de representación política de cada un.

7.- Os grupos políticos disporán dunha caixa de correo electrónico para a recepción telemática da documentación interna, das comunicacións oficiais previstas neste regulamento e do correo electrónico procedente do exterior.

#### **Artigo 34.- Concelleiros/as non adscritos/as.**

1.- Os concelleiros/as que non se integren no grupo político da lista electoral pola que foron elixidos ou que deixen de pertencer á candidatura na que concorreron no proceso electoral ostentarán a condición de non adscritos. En calquera momento posterior poderán reintegrarse ou integrarse no grupo de orixe.

- Exercerá a súa representación política en todo momento a título individual, sen que poida durante o seu mandato integrarse nin constituír grupo mixto, nin en ningún outro grupo político municipal distinto á formación electoral coa que concorreu ás eleccións
- Como membro do Pleno manterá íntegros os seus deberes e dereitos e disporá para a súa participación nos debates do mesmo tempo que os diferentes grupos municipais; poderá presentar mocións, propostas, emendas, rogos, preguntas, etc., nos termos do presente regulamento
- Percibirá as asignacións que lle correspondan por asistencia ós órganos colexiados dos que forme parte e calquera outras que se deriven da súa condición de corporativo a título individual. Non terá dereito a percibir os derivados en exclusiva da pertenza a un grupo político municipal.

2.- As/os concelleiros non adscritos só terán os dereitos económicos e políticos que individualmente lle correspondan como membros da Corporación, sen que en ningún caso poidan ser superiores ós que lle corresponderían de permanecer no grupo de

procedencia.

3.- O disposto no apartado anterior non será de aplicación no caso de candidaturas presentadas como coalición electoral cando algún dos partidos políticos que a integran decida abandonala.

## **TITULO IV**

### **DA ORGANIZACIÓN DO PLENO**

#### **Capítulo primeiro.- Da Presidencia do Pleno.**

##### **Artigo 35.- A Presidencia do Pleno.**

1.- Pleno é convocado e presidido polo/a alcalde/esa que poderá delegar estas funcións en calquera concelleiro/a. Non é delegable o voto de calidade en caso de empate nas votacións.

2.- Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade o/a alcalde/esa será substituído/a na presidencia polo tenente de alcalde que lle corresponda pola orde de nomeamento.

##### **Artigo 36.- Cumprimento do Regulamento.**

Correspóndelle á Presidencia dirixir os debates, manter a orde neles, cumprir e facer cumprir o presente regulamento interpretándoo nos casos de dúbida, co auxilio do secretario/a xeral, e suplíndoo en casos de omisión.

#### **Capítulo segundo.- Do/a secretario/a do Pleno e das actas.**

##### **Artigo 37.- O secretario/a xeral do Pleno**

1.- As funcións do/a secretario/a xeral do Pleno están reservadas a funcionarios/as de Administración local con habilitación estatal, subescala Secretaría, categoría superior. O seu nomeamento correspóndelle á Alcaldía, tendo a consideración de órgano directivo. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade serán desempeñadas por funcionario/a de habilitación a quen corresponda por delegación ou substitución.

2.- A Secretaría, integrada polo seu titular e o persoal en que se estruturen as diferentes unidades e servizos dela dependentes, disporá dos medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento da súas funcións, especialmente de servizos administrativos e equipos técnicos de documentación e asesoramento.

##### **Artigo 38.- Funcións da ou do secretario xeral do Pleno.**

1.- A/o secretario/a xeral do Pleno desempeña a xefatura inmediata do persoal e dos servizos do Pleno; é o/a responsable da súa organización, estrutura e correcto funcionamento. Correspóndenlle as funcións de asistencia, apoio e asesoramento xurídico, técnico e administrativo do Pleno e das súas comisións, en concreto as

seguintes:

- a) Fe pública das actuacións do Pleno e das súas comisións, redacción e custodia das actas, supervisión e autorización destas e expedición, co visto e prace da ou do presidente, das certificacións dos acordos adoptados.
- b) Asistencia á Presidencia para asegurar a convocatoria das sesións, a orde nos debates e a correcta realización das votacións. A colaboración no desenvolvemento dos traballos do Pleno e das comisións.
- c) Custodiar, dende o momento da convocatoria, a documentación íntegra dos expedientes incluídos na orde do día do Pleno e comisións téndoos a disposición dos membros.
- d) Comunicación e publicación dos acordos plenarios.
- e) Remitirilles á Administración do Estado e á Autonómica, en prazo e forma, copia ou no seu caso extracto dos acordos do Pleno.
- f) Dispoñer que no taboleiro de anuncios se fixen os acordos do Pleno que sexan preceptivos certificando do seu resultado se fose preciso.
- g) Levar e custodiar o Rexistro de Intereses da Corporación.
- h) A dirección do funcionamento do Rexistro da Secretaría do Pleno.
- i) Cualificar, con arranxo ó presente Regulamento, os escritos e documentos de índole plenaria, propoñer a admisibilidade ou inadmisibilidade destes e decidir a súa tramitación.
- l) O asesoramento legal ó Pleno e ás comisións, que será preceptivo nos seguintes supostos:
  - 1º Cando o ordene o/a Presidente/a ou cando o solicite un terzo dos seus membros con antelación suficiente á realización da sesión no que o asunto deba tratarse.
  - 2º Asuntos sobre materias para as que se esixa maioría especial.
  - 3º Cando unha lei así o esixa nas materias da competencia plenaria.
  - 4º Cando, no exercicio da función de control e fiscalización dos órganos de goberno, o solicite a Presidencia do Pleno ou a cuarta parte dos concelleiros.
  - 5º No suposto do exercizo da iniciativa popular.
- m) Informar, nas sesións do Pleno e comisións cando medie requirimento expreso da Presidencia, acerca dos aspectos legais do asunto que se debata, co obxecto de colaborar na corrección xurídica da decisión que se haxa de adoptar. Se no debate se formulan cuestións das que poida dubidarse da súa legalidade solicitaralle á Presidencia o uso da palabra.
- n) As que a lexislación electoral asigna ós/as secretarios/as dos Concellos.

2.- O/a secretario/a xeral do Pleno exercerá as súas funcións con autonomía e, para o seu cumprimento, recabará dos órganos e servizos do Concello a información que considere necesaria; resultará obrigada por parte destes a debida colaboración para o desempeño das súas funcións.

### **Artigo 39.- O Rexistro da Secretaría Xeral.**

Da Secretaría Xeral do Pleno dependerá un rexistro diferenciado dedicado ó asento



das iniciativas e á entrada e saída dos documentos relacionados co Pleno e as súas comisións. En todo o non previsto no presente Regulamento, o réxime de presentación dos documentos será o establecido na lexislación sobre procedemento administrativo común.

#### **Artigo 40.- Os libros de actas.**

- 1.- As actas do Pleno e os seus libros son instrumentos públicos e solemnes.
- 2.- As actas rexistraranse en libros foliados e encadernados, legalizada cada folla coa rúbrica do/a Presidente/a e co selo da Corporación. Os libros, na súa primeira páxina, mediante dilixencia da ou do secretario, expresarán o número de folios, as súas series e a data na que se inicia a transcripción dos acordos.
- 3.- A transcripción das actas das sesións de Pleno efectuarase de acordo coas seguintes normas:
  - a) Ata tanto se proceda a súa encadernación, os libros de actas estarán compostos de follas móbiles; utilizarase papel timbrado destinado para o efecto.
  - b) Aprobada a acta, o/a secretario/a fará transcribirla sen emendas nin riscaduras ou salvando as que involuntariamente se producisen, a follas correlativas seguindo rigorosamente a súa orde e facendo constar ó final de cada acta, mediante dilixencia, o número e clase de todos e cada un dos folios timbrados en que quedou estendida.
  - c) Prohíbese alterar a orde numérica dos folios descritos na dilixencia de apertura, debendo salvarse por dilixencia os casos de erro na orde de transcripción.
  - d) Cando todos os folios reservados a un libro se atopen escritos ou anulados os últimos por dilixencia ó non ter cabida integramente a acta da sesión que corresponda transcribir, procederase a súa encadernación. En cada libro a ou o secretario estenderá dilixencia expresiva do número de actas que comprende.
- 4.- O Concello de Vigo porá á disposición da Secretaría Xeral todos medios materiais e persoais para posibilitar a confección do Libro de actas en formato electrónico.

#### **Artigo 41.- Custodia dos libros.**

- 1.- A ou o secretario xeral correspóndelle a custodia dos libros de actas, e non consentirá que saian da Casa do Concello baixo ningún pretexto.
- 2.- Estará obrigado a expedir certificacións ou testemuñas dos acordos, cando así o reclamen de oficio as autoridades competentes ou o soliciten por escrito os membros da Corporación, así como nos supostos recollidos no artigo 42 do presente regulamento.

#### **Artigo 42.- Redacción da acta.**

Durante cada sesión, a ou o secretario xeral, asistido polo funcionario que para o efecto designe, tomará as notas necesarias para redactar a acta na que se

consignarán necesariamente os seguintes datos:

- a) Lugar da reunión, con expresión do local en que se realiza.
- b) Día, mes e ano.
- c) Hora en que comeza.
- d) Nome e apelidos do presidente, tenentes de alcalde, concelleiros/as presentes, dos/as ausentes que se tiveran escusado e dos que falten sen escusa e nome dos membros non concelleiros/as da Xunta de Goberno Local que acudan á sesión.
- e) Carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se se realiza en primeira ou en segunda convocatoria.
- f) Asistencia da ou do Secretario ou de quen ostente as súas funcións, e presenza doutros funcionarios cando concorran.
- g) Intervencións completas dos concelleiros/as, manifestadas no debate.
- h) Asuntos que se examinen e parte expositiva e dispositiva dos acordos que recaían. Incluirase transcripción dos informes mais relevantes.
- i) Votacións que se verifiquen e relación ou lista das nominais, nas que se especificará o sentido en que cada concelleiro/a emite o seu voto.
- l) Cantos incidentes se produzan durante o acto e foran dignos de sinalarse a xuízo da ou do Secretario.
- m) Hora na que o/a presidente/a remata a sesión.

#### **Artigo 43.- Das certificacións dos acordos do Pleno.**

1.- Todos os cidadáns e cidadás teñen dereito a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos do Pleno.

2.- Estas certificacións poderán ser solicitadas mediante escrito presentado polas persoas a quen interesen e reclamadas de oficio polas autoridades, tribunais, organismos ou funcionarios públicos que tramiten expedientes ou actuacións en que deban producir efecto.

3.- As certificacións expediranse na súa integridade, con omisión do debate que se puidese ter producido.

4.- As certificacións expediranse por orde da Alcaldía e co seu "Visto e praxe", para significar que o/a Secretario/a que as expide e autoriza atópase no exercicio do cargo e a súa firma é auténtica. Irán rubricadas, na marxe, pola Xefatura do Negociado do Pleno, levarán o selo da Secretaría e reintegraranse conforme á respectiva ordenanza de exacción. Serán expedidas no tempo máximo de trinta días.

### **Capítulo terceiro.- Da Xunta de Voceiros**

#### **Artigo 44.- Natureza xurídica**

A Xunta de Voceiros é un órgano colexiado complementario da organización municipal de carácter deliberante, consultivo e non resolutorio, integrado polo alcalde ou alcaldesa e os voceiros/as dos grupos políticos municipais que poderán ser substituídos/as polo voceiro/a adxunto ou calquera outro membro do grupo. O/a Alcalde/sa poderá delegar a Presidencia nun membro da xunta. Actuará como

secretario/a o/a do Pleno.

#### **Artigo 45.- Atribucións.**

A Xunta de Voceiros ostenta as seguintes atribucións:

- 1.- Asesoramento da Presidencia na formación da orde do día das sesións de carácter ordinario. Poderá asesorar á Presidencia nas cuestións relativas ó desenvolvemento das sesións con fixación dos tempos de debate de determinados asuntos.
- 2.- Coñecemento previo dos asuntos de especial transcendencia para a Corporación e o municipio.
- 3.- Estudo, informe ou consulta dos asuntos que o Alcalde decida someter a súa consideración.
- 4.- Actuar como Comisión do Pleno, mediante voto ponderado, nos seguintes casos:
  - a) Asumir transitoriamente as funcións das comisións informativas se non fose posible a creación destas na primeira sesión que se realice despois da constitución da Corporación.
  - b) Respecto das sesións extraordinarias convocadas a iniciativa da Presidencia, substituír o ditame das comisións informativas.

#### **Artigo 46.- Réxime xurídico e de funcionamento.**

- 1.- Realizará sesións ordinarias entre o terceiro e sexto día inmediatamente anterior a cada sesión de carácter ordinario. Realizaranse sesións extraordinarias cando o decida a Alcaldía, por iniciativa propia ou por petición da metade dos membros.
- 2.- Realizará sesións entre o terceiro e sexto día anterior ás sesións extraordinarias que convoque a Presidencia, agás sesión urxente.
- 3.- As sesións convocaranse mediante citación da Secretaría do Pleno a través de calquera medio que permita ter constancia da súa notificación.
- 4.- Das sesións levantarase acta sucinta e breve.
- 5.- Para a válida constitución da Xunta de Voceiros será necesaria a asistencia do/a alcalde/esa ou tenente de alcalde ou concelleiro/a que o substitúa, e do/a Secretario/a ou funcionario/a en quen delegue. Excepcionalmente asistirán os membros e o persoal da Corporación que o alcalde considere conveniente co fin de informar sobre asuntos concretos.

#### **Capítulo cuarto.- Das comisións do Pleno.**

#### **Artigo 47.- Natureza xurídica.**

1.- As comisións do Pleno son órganos colexiados da organización municipal, integradas por concelleiros/as dos distintos grupos políticos municipais. Teñen carácter deliberante e non resolutorio, agás que exerzan competencias delegadas polo Pleno.

2.- Os ditames das comisións teñen carácter preceptivo e non vinculante, independentemente das facultades resolutorias que lles delegue o Pleno.

#### **Artigo 48.- Clases de comisións.**

Ademais das comisións mencionadas nos artigos 52, 53, 54 e 55 deste regulamento, que terán o carácter de permanentes, as comisións poden ser informativas e especiais.

#### **Artigo 49.- Creación e composición das comisións.**

1.- No acordo de creación das comisións determinarase a representación dos grupos municipais, tendo en conta as seguintes regras:

- a) O número de comisións, a súa denominación e composición, será fixada polo Pleno no acordo de creación.
- b) O/a alcalde/esa é o/a presidente/a nato de todas elas sen embargo a Presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro desta, por proposta da propia comisión, logo da correspondente elección. Poderase tamén elixir un vicepresidente/a. O/a secretario/a da comisión será o/a xeral do Pleno ou funcionario/a en quen delegue.
- c) Cada comisión, que coñecerá dos asuntos propios da súa competencia, estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente nos grupos políticos representados no Pleno. Calquera que sexa o número de membros do grupo, estes obterán representación nas comisións. As e os concelleiros non adscritos integraranse nelas con voz pero sen voto agás que actúen con competencias resolutorias delegadas polo Pleno.
- d) A adscrición a cada comisión dos/das concelleiros/as e dos/as suplentes que deban formar parte dela en representación de cada grupo realizárase mediante escrito do voceiro/a dirixido á Presidencia e presentado na Secretaría Xeral no prazo de dez días seguintes á realización da sesión plenaria de creación da comisión. Os grupos políticos poderán designar suplentes indistintos a un ou varios dos seus membros titulares polos suplentes, a comunicación desta circunstancia farase verbalmente á Presidencia que o/a admitirá como membro, disto quedará constancia na acta.

#### **Artigo 50.- Comisións informativas.**

1.- Son comisións informativas as que se constitúen con carácter xeral, distribuíndo entre elas, para o seu ditame, os asuntos que deben someterse ó Pleno. O seu número e denominación, así como calquera variación destas durante o mandato

decidirase mediante acordo do Pleno por proposta do da Alcaldía, procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das áreas nas que se estruturan os servizos administrativos.

2.- As comisións informativas terán as seguintes funcións:

- a) Estudo, informe, consulta ou ditame dos asuntos que han de ser sometidos a acordo ou decisión do Pleno.
- b) O seguimento da xestión da Alcaldía e do seu equipo de goberno respecto dos asuntos propios da súa competencia
- c) As funcións resolutorias que o Pleno lles delegue.

### **Artigo 51.- Comisións especiais.**

1.- Son comisións especiais as que o Pleno acorde constituír, en calquera momento, para un asunto concreto co fins de estudo, elaboración de propostas ou outros de natureza análoga, co ámbito de actuación que se estableza no seu acordo de creación.

2.- A súa composición rexerese, con carácter xeral, polo disposto para as comisións permanentes, sen prexuízo de acordar expresamente no acordo de creación a súa composición con base no sistema de representación ponderada. Extínguense automaticamente unha vez ditaminado ou informado o asunto que constitúe o seu obxecto, salvo que no seu acordo de creación se dispoña outra cousa; tamén se extinguirá co remate do mandato corporativo.

3.- Poderán crearse comisións especiais de investigación por proposta da Alcaldía ou dun grupo municipal. Requírese para a adopción do acordo o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros. As súas conclusións reflectiranse nun ditame que poderá que ser debatido e votado no Pleno.

### **Artigo 52.- Normas de funcionamento das comisións.**

1.- Serán de aplicación supletoria ás comisións as previsións contidas para o Pleno na lexislación de réxime local, en relación coas clases de sesións, a convocatoria, o quorum de asistencia e o funcionamento. As sesións non serán públicas a non ser que actúen por delegación do Pleno. No suposto que actúen con competencias resolutorias delegadas polo Pleno o voto será emitido polo/a voceiro/a e será ponderado en función da representatividade do grupo no Pleno. No suposto de que algún membro da comisión discrepara do voto do seu grupo, poderá emitir voto particular.

2.- Poderán asistir ás súas reunións os membros e o persoal do Concello que a Presidencia estime conveniente, ben por propia iniciativa, ben por proposta, non vinculante, dos vogais. Será necesaria a presenza do interventor/a na comisión que teña atribuída a competencia en materia de economía e facenda. A presenza de funcionarios realizarase para os efectos de que informen sobre asuntos relacionados coas súas áreas respectivas.

3.- Os membros do equipo de goberno poderán asistir a todas as sesións das

comisións podendo só votar naquelas das que formen parte.

4.- Nas comisións informativas comparecerán, por petición propia ou tralo acordo dos seus membros, as e os concelleiros con responsabilidades de goberno, as e os membros da Xunta de Goberno Local que non ostenten a condición de concelleiro/a, as e os titulares de órganos directivos e as e os xerentes das sociedades mercantís municipais.

5.- O ditame dos asuntos que deben ser elevados ó Pleno, tralo seu debate, limitarase a mostrar a súa conformidade ou desconformidade, informe favorable ou desfavorable, da proposta que constituía o seu obxecto, ou ben a formular unha alternativa, unha modificación da proposta. Recaido o ditame poderanse presentar emendas por escrito ante a Secretaría Xeral para o seu debate e consideración no Pleno.

6.- Das comisións redactarase acta que conterá unha relación moi sucinta dos asuntos debatidos, persoas intervinientes, incidencias producidas e acordos ou ditames adoptados.

#### **Capítulo quinto.- Comisións permanentes.**

##### **Artigo 53.- Comisión de contas.**

1.- De existencia preceptiva, a súa constitución, composición e funcionamento axústase ó establecido para as demais comisións.

2.- Correspóndelle o exame, estudo e informe de todas as contas, presupostarias ou extra-presupostarias, que deba aprobar o Pleno. Así mesmo corresponderalle o exame e informe da contabilidade dos grupos políticos municipais.

3.- A Comisión Especial de Contas integrarase na comisión do Pleno que teña atribuídas as competencias en materia de xestión económico-financeira que, para estes efectos, se constituirá como CE de Contas, tanto nas reunións preparatorias que se poidan convocar a instancias da Presidencia ou por petición da cuarta parte dos seus membros, como na reunión na que se renda definitivamente o seu informe. Actuará como comisión informativa nos asuntos da Área de Economía e Facenda.

##### **Artigo 54.- A Comisión de Suxestións e Reclamacións.**

Trátase dunha comisión especial de carácter necesario que ten por obxecto supervisar a actividade da administración municipal a través das suxestións e reclamacións que realicen as e os cidadáns, así como emitir informe anual das queixas presentadas e das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais. Para a defensa dos dereitos das e dos veciños perante a administración municipal existirá unha Comisión de Suxestións e Reclamacións.

O seu funcionamento establécese en norma regulamentaria de carácter orgánico.

##### **Artigo 55.- Comisión de Vixilancia da Contratación.**

- 1.- É o órgano de vixilancia da actividade contractual da administración municipal.
- 2.- O obxecto da comisión é garantir a aplicación efectiva dos principios de publicidade, libre concorrència, obxectividade, transparencia e eficacia na contratación pública.
- 3.- Nas demais cuestións rexeráse polo que determine o seu acordo de creación.

#### **Artigo 56.- Comisión de Seguimento.**

- 1.- Sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ó Pleno, existirá, de conformidade co sinalado na lexislación básica estatal, unha Comisión permanente de seguimento da xestión do/a alcalde/esa, da Xunta de Goberno Local e dos/as membros do equipo de goberno que ostenten delegacións.
- 2.- Realizará sesión ordinaria con periodicidade anual, avaliará a eficacia e a eficiencia das decisións do goberno municipal así como o cumprimento e a execución das mocións aprobadas polo Pleno por proposta dos grupos políticos municipais non integrados no equipo de goberno.
- 3.- Nas demais cuestións rexeráse polo que determine o seu acordo de creación.

## **TÍTULO V**

### **FUNCIONAMENTO DO PLENO**

#### **Capítulo primeiro.- Dos requisitos para a realización das sesións.**

#### **Artigo 57.- Clases de sesións e lingua do Pleno.**

- 1.- As sesións do Pleno poderán ser:
  - a) Ordinarias
  - b) Extraordinarias
  - c) Extraordinarias e urxentes.
- 2.- O galego, lingua de Galicia, é a do Pleno do Concello de Vigo. As convocatorias, ordes do día, mocións, propostas de acordo, ditames, emendas, actas, notificacións, recursos, comparecencias e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito no nome do Pleno redactaranse en lingua galega, agás aqueles que deban producir efectos fóra da nosa Comunidade Autónoma.

#### **Artigo 58.- Sesións ordinarias.**

- 1.- O Pleno realizará sesións ordinarias, con carácter mensual. Ó inicio do mandato estableceranse as datas e horario concreto.
- 2.- Non obstante o anterior, a Presidencia queda habilitada para suspender a

realización da sesión ordinaria correspondente ó mes de agosto, como consecuencia do período de vacacións, cando non se menoscabe a xestión dos asuntos municipais, así como para pospoñer ou adiantar a realización doutras sesións ordinarias, dentro do mesmo mes ou nos primeiros tres días do seguinte, cando o día fixado sexa festivo ou se atope dentro dun período de vacacións.

3.- Por causas extraordinarias, a Presidencia, dándolle conta disto á Xunta de Voceiros, poderá adiantar ou atrasar a sesión ata un máximo de 72 horas, aínda que non se dea a circunstancia prevista no parágrafo anterior.

### **Artigo 59.- Sesións extraordinarias.**

1.- O Pleno realizará sesións extraordinarias cando sexan convocadas con este carácter pola Presidencia, ben a iniciativa propia, ben a solicitude dunha cuarta parte do número legal de membros da Corporación. Neste caso a solicitude realizarase por escrito asinado polos concelleiros/as que a promovan no que se motivará a necesidade da sesión, os asuntos a incluír na orde do día e o texto das propostas dos acordos que se pretenden adoptar. O escrito presentarse no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno.

2.- Ningún concelleiro/a poderá subscribir máis de tres solicitudes desta natureza ó ano non se computarán, para estes efectos, as solicitudes que non se cheguen tramitar por falla dos requisitos de admisibilidade requiridos. Para estes efectos, o ano comezará o día seguinte á constitución da Corporación.

3.- A relación de asuntos propostos non afecta á competencia da Alcaldía para determinar a orde dos puntos que haxan de integrar a orde do día. A incorporación doutros requirirá a autorización expresa dos solicitantes. A exclusión dalgún terá que estar motivada na falla de competencia do Pleno para a adopción dos acordos propostos.

4.- Nas sesións extraordinarias non se adoptarán acordos sobre asuntos non incluídos na orde do día. Serán nulos os que contraveñan esta norma.

5.- Requirirán ditame da comisión correspondente os asuntos incluídos na orde do día das sesións extraordinarias que non teñan carácter urxente cando foran convocadas pola Presidencia.

### **Artigo 60.- Sesións extraordinarias e urxentes.**

O Pleno realizará sesións extraordinarias e urxentes cando sexan convocadas con tal carácter pola Presidencia, nos supostos en que, por razóns motivadas, non se poida convocar a sesión coa antelación requirida. Non será necesario que os asuntos sexan ditaminados polas comisións. O primeiro punto da orde do día será a ratificación da urxencia da sesión por maioría simple das e dos membros presentes.

### **Artigo 61.- Convocatoria das sesións plenarias.**

1.- As sesións plenarias requirirán a súa previa convocatoria pola Presidencia que, acompañada da orde do día expresiva dos asuntos para tratar, notificaráselle ós/ás



membros da Corporación na oficina municipal adscrita ó seu grupo político. Serán tamén notificados/as os/as membros da Xunta de Goberno Local que non ostenten a condición de concelleiros/as e ó funcionario/a titular da Intervención Xeral que asistirá ás sesións. A partir da convocatoria a documentación íntegra dos asuntos atoparase a disposición dos convocados na Secretaría Xeral do Pleno non podendo ser trasladada a outras dependencias para a súa consulta.

2.- A convocatoria notificarase con dous días hábiles de antelación á realización da sesión, non se computarán, para estes efectos, os días de notificación e de realización do Pleno. Non se requirirá a citada antelación para a realización de sesións extraordinarias de carácter urxente, neste caso poderase convocar a sesión en calquera momento que permita a notificación da convocatoria a todas e todos os concelleiros.

3.- Xunto coa convocatoria e a orde do día das sesións ordinarias do Pleno, acompañarase o borrador da acta ou actas das sesións que se sometan a aprobación. Os informes nos que conste a proposta de acordo que se propoña o Pleno e aqueles outros documentos de contido substancial remitiranse, sempre que iso sexa posible, dende a Secretaría Xeral do Pleno ao correo electrónico de cada grupo municipal.

4.- Cando se trate de sesións extraordinarias convocadas por iniciativa da Presidencia, terase que motivar na convocatoria a súa necesidade.

5.- A convocatoria poderase comunicar por medios telemáticos e entenderase realizada dende o momento en que estea dispoñible, en calquera medio que permita ter constancia da súa recepción para os membros da Corporación.

#### **Artigo 62.- Convocatorias extraordinarias por instancia dos concelleiros/as.**

1.- As sesións extraordinarias por instancia dos membros da Corporación convocaranse dentro dos catro días hábiles seguintes á data na que a petición tivese entrada no Rexistro da Secretaría Xeral. A súa realización non se demorará máis de quince días hábiles dende a solicitude.

2.- Se a Presidencia non convocase o Pleno extraordinario dentro do prazo de catro días quedará automaticamente convocado ás 12 horas do décimo día hábil seguinte ó da finalización do prazo de quince días referido no parágrafo anterior, agás que o escrito de petición non cumprise os requisitos sinalados no artigo 58 deste regulamento. Neste caso, dentro dos catro días hábiles seguintes ó da petición, a Presidencia ditará e notificaralles aos asinantes resolución motivada na que se denega a petición.

3.- Se se dese a circunstancia de que, dos asuntos propostos, soamente respecto dalgún ou algúns fose o Pleno incompetente, a Presidencia ditará resolución motivada que lles notificará ás e ós solicitantes con denegación da solicitude exclusivamente respecto deste extremo, e convocará o Pleno coa supresión destes estes asuntos da orde do día proposto.

4.- Se dentro do prazo dos catro días hábiles citados a Presidencia non dita

resolución pola que denega a convocatoria, nin efectúa esta, o/a secretario/a xeral do Pleno, tras comprobar que a solicitude cumpre os requisitos establecidos, notificaralles ás e ós membros da Corporación, ao día seguinte da finalización do prazo de catro días, que a sesión quedou automaticamente convocada. A notificación concretará o día e hora previstos para a súa realización, a orde do día e as e os concelleiros que promoven a sesión.

5.- Se a solicitude non cumprise cos requisitos esixidos o/a secretario/a xeral porá esta circunstancia en coñecemento da Presidencia por escrito e quedará exonerado de efectuar a notificación mencionada no parágrafo anterior.

6.- Efectuada a convocatoria, de forma expresa ou de forma automática, en ausencia da Presidencia ou dos/as tenentes de alcalde que a teñan que substituír, o Pleno quedará constituído coa asistencia dun terzo do seu número legal e do/da secretario/a xeral. Ostentará a Presidencia o/a membro da Corporación de maior idade presente.

### **Artigo 63.- Nomenclatura.**

Para os efectos do normal desenvolvemento das sesións e para definir o carácter das intervencións dos/as membros da Corporación, así como dos escritos que en relación cos asuntos se poidan presentar, utilizarase a seguinte nomenclatura:

#### **1. Proposición**

É a proposta que a Alcaldía somete ó Pleno sen ditame da respectiva comisión. Conterá unha parte expositiva ou xustificación e un acordo para adoptar.

#### **2. Ditame.**

É o informe favorable ou desfavorable formulado por unha comisión á proposta que conste nun expediente de tramitación ordinaria. O ditame poderá modificar a proposta e, neste suposto, ao igual que a proposta que modifica, exporá os antecedentes e fundamentos nos que se basea a modificación e unha parte resolutiva integrada por un ou varios acordos para adoptar.

#### **3. Emenda.**

É a proposta de modificación dun ditame, proposición ou moción presentada por calquera membro da Corporación, mediante escrito dirixido á Presidencia, a través da Secretaría Xeral, cando menos trinta minutos antes de se iniciar a sesión na que se teña de tratar o asunto.

Poderán ser á totalidade, alternativas ou parciais en función de que propoñan alteracións substanciais do texto, un texto alternativo que manteña a esencia e o espírito do orixinario ou modificacións, engadidos ou supresións puntuais do texto orixinario.

As emendas parciais de carácter transaccional poderanse presentar “*in voce*” na sesión, cando se debata o asunto.

En ningún caso se someterán a votación aquelas emendas que non fosen aceptadas polo proponente do asunto a debate.

#### **4. Declaracións institucionais**

Expoñen o posicionamento político ou social do Concello de Vigo respecto de calquera asunto de interese xeral.

#### **5.- Mocións.**

Os grupos políticos municipais poderán formularlle ó Pleno propostas de resolución para o debate e votación, que recibirán a denominación de mocións. As mocións deberán ser obxecto de presentación ante o Rexistro da Secretaría Xeral del Pleno, co obxecto de que poidan incluírse na orde do día da comisión correspondente que quedará enterada desta.

Terán ordinariamente por obxecto o pronunciamento do Pleno sobre a necesidade de iniciar actuacións cunha ou máis finalidades determinadas. Así mesmo, poderán utilizarse para que o Pleno, en representación do Concello ou da cidade, formule unha declaración de ideas ou de sentimentos, de contido meramente político, respecto a un problema que considere que lle afecta.

As mocións carecerán da eficacia precisa para a adopción inmediata de acordos que esixan informes técnicos, económicos ou xurídicos, necesarios para garantir a oportunidade, posibilidade ou legalidade dos pronunciamentos do acordo que adopte. Non responderán á tramitación ordinaria dun expediente, nin poderán recoller proposta de acordo administrativa

#### **6. Asuntos urxentes.**

É a proposta, referente a expedientes de tramitación ordinaria, ou moción; sométese directamente ó coñecemento do Pleno unha vez concluído o exame dos asuntos da parte resolutiva da orde do día e antes de pasar á parte de control. Para este efecto a Presidencia preguntará se algún grupo político ou concelleiro/a do equipo de goberno desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na parte resolutiva da orde do día.

Se así fose, o/a voceiro/a do grupo proponente ou concelleiro/a non adscrito/a xustificará a urxencia do asunto e o Pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. A urxencia será declarada cando sexa considerada pola maioría dos membros da Corporación.

#### **7. Comparecencias.**

É unha petición formulada por un/unha concelleiro/a con responsabilidade de goberno ou por un membro da Xunta de Goberno sobre a súa propia xestión ou por un grupo político municipal. Formúlase mediante escrito presentado no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno para os efectos da súa inclusión na parte de control da orde do día dos Plenos ordinarios e referente á comparecencia dun/ha determinado/a

membro do equipo de goberno que responderá sobre a xestión da súa área.

## **8. Rogo.**

É a proposta de actuación formulada no punto correspondente das sesións ordinarias do Pleno por un/unha concelleiro/a ou por un grupo político municipal, que se dirixe á Presidencia, á Xunta de Goberno Local ou ós membros da Corporación que ostenten competencias delegadas da Alcaldía.

## **9. Pregunta.**

É calquera cuestión presentada no punto correspondente das sesións ordinarias do Pleno, por un/unha concelleiro/a ou por un grupo político municipal, relativa á actividade municipal.

### **Artigo 64.- Orde do día das sesións plenarias.**

1.- A orde do día das sesións do Pleno será libremente fixado pola Alcaldía, sen prexuízo das limitacións establecidas para o efecto por este regulamento.

2.- Para a elaboración da orde do día das sesións ordinarias, seguirase o seguinte procedemento:

- a) Os/as secretarios/as delegados das comisións informativas remitirán ó Rexistro da Secretaría Xeral, con cinco días naturais de antelación ó da realización da sesión, a relación de asuntos ditaminados, e os expedientes completos.
- b) Examinados os expedientes pola ou polo secretario Xeral, formarase un proxecto da orde do día seguindo a estrutura sinalada no art. 65 deste Regulamento. O proxecto remitiráselle á Alcaldía que poderá introducir as modificacións que considere convenientes.
- c) A Presidencia someterá a orde do día á consideración da Xunta de Voceiros: escoitada esta, comunicaralla á ou ó secretario xeral, cunha antelación mínima de dous días hábiles á realización da sesión.

3.- Para a elaboración da orde do día das sesións extraordinarias, tanto se son a iniciativa da Presidencia como se son a iniciativa dos membros da Corporación, seguirase o procedemento seguinte:

- a) A Presidencia comunicaralle á ou ó secretario Xeral, coa antelación suficiente para poder convocar a sesión, o día e hora da súa realización e os asuntos que se terán que incluír na súa orde do día. No suposto de que se trate dunha iniciativa da Presidencia referida a un expediente de tramitación ordinaria a proposta estará ditaminada pola comisión correspondente ou, no caso previsto no penúltimo parágrafo do artigo 45.4 deste regulamento, pola Xunta de Voceiros.
- b) Tralo exame da comunicación anterior, a ou o secretario xeral do Pleno elaborará a convocatoria e a orde do día e, trala sinatura da Presidencia,

notificarállela ás e ós membros da Corporación.

4.- Elaborada a orde do día das sesións do Pleno, esta, a convocatoria e as actas que no seu caso se presenten para a súa aprobación fixaranse na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios ata o día da súa realización.

#### **Artigo 65.- Estrutura da orde do día das sesións do Pleno.**

A orde do día das sesións do Pleno de carácter ordinario estruturarase nas seguintes partes:

a) Parte resolutiva, incluirá pola orde que se cita os seguintes asuntos:

- 1.- Aprobación das actas das sesións anteriores.
- 2.- Declaracións institucionais
- 3.- Ditame das comisións informativas que se agruparán por áreas de goberno
- 4.- Proposicións mencionadas no artigo 63 deste regulamento.
- 5.- Mocións.
- 6.- Asuntos urxentes.

b) A parte de control incluirá, pola orde que se cita, os seguintes asuntos:

1. Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.
- 2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º deste regulamento.
- 3.- Comparecencias de membros do equipo de goberno.
- 4.- Mocións.
  - 4.a Mocións urxentes
- 5.- Formulación de rogos
  - 5.a Debate de rogos formulados na sesión anterior.
- 6.- Formulación de preguntas.
  - 6.a Contestación de preguntas formuladas na sesión anterior.

#### **Artigo 66.- Expediente da sesión.**

1.- A convocatoria de todas as sesións plenarias dará lugar á apertura do correspondente expediente pola Secretaria Xeral, no que constará:

- a) O proxecto de orde do día remitido á Presidencia.
- b) A convocatoria e a orde do día definitivos.
- c) Documento que acredite a notificación da convocatoria ás e ós concelleiros.
- d) Documento acreditativo da publicación da convocatoria no taboleiro.
- e) Borrador da acta da sesión que se realice.
- f) Documento acreditativo da publicación do borrador da acta no taboleiro.
- g) Copias dos escritos de remisión do borrador da acta da sesión á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

#### **Artigo 67.- Lugar de realización das sesións. Distribución escanos.**

1.- As sesións do Pleno terán lugar no Salón de Plenos, se por motivos excepcionais

ou de forza maior non fose posible realizarse, logo da consulta á Xunta de Voceiros, en calquera outro edificio municipal.

2.- Os concelleiros e concelleiras ocuparán no salón o escano que a tal efecto determine a Presidencia, trala consulta coa Xunta de Voceiros. A Presidencia procurará que os/as concelleiros/as ocupen estes de maneira que estean unidos ó seu grupo, dispoñendo en Xunta de Voceiros a situación das e dos concelleiros non adscritos.

3.- Os/as membros da Xunta de Goberno Local que non ostenten condición de concelleiros/as ocuparán escano contiguo ós do grupo ou grupos políticos que integren o goberno municipal.

#### **Artigo 68.- Publicidade das sesións do Pleno.**

1.- As sesións do Pleno son públicas sen prexuízo das invitacións de protocolo que poidan cursar os grupos políticos municipais que non superarán a quinta parte do aforo. O aforo do salón de sesións correspóndese cos acomodados dispoñibles. Non permitirá a Presidencia o acceso ó salón de sesións dun número superior ó seu aforo. A Policía Municipal controlará o acceso a través de medios que posibiliten a identificación. Facilitarase a presenza dos medios de comunicación social.

2.- O Pleno, tralo acordo da maioría absoluta do número legal dos seus membros adoptado por proposta de calquera deles, declarará segredo o debate e votación dos asuntos que sexan susceptibles de afectar ós dereitos fundamentais recoñecidos no art. 18.1 da Constitución.

3.- Logo da consulta, á Xunta de Voceiros a Presidencia acordará realizar as sesións a porta pechada ou noutro lugar da Casa do Concello cando motivadas razóns de orde público o aconsellen. En todo caso asistirán os medios de comunicación social.

4.- As intervencións das e dos concelleiros serán gravadas para os efectos de elaboración da acta. Os soportes custodiaranse na Secretaría Xeral do Pleno e destruíranse unha vez acordada a aprobación da acta.

5.- Permitirase o acceso dos medios de comunicación e poderán efectuar gravacións de imaxe mediante autorización da Presidencia que poderá outorgarse para todo o mandato. As gravacións da sesión plenaria permitiranse para os únicos efectos da súa difusión polos medios de comunicación social.

6.- A Presidencia velará polo mantemento da orde no salón. O público non poderá intervir, efectuar manifestacións de agrado ou desagrado, nin proferir comentarios que afecten ó devir da sesión, nin utilizar voces ou instrumentos que, polo seu contido, resulten ofensivas, distraian a atención de quen participa na sesión ou perturben o seu normal desenvolvemento.

#### **Artigo 69.- Quórum de constitución.**

1.- O Pleno constitúese validamente coa asistencia da presidencia ou de quen legalmente a substitúa e un terzo do número legal dos seus membros. Requírese a

presenza do/da secretario/a xeral do Pleno ou de quen legalmente a substitúa.

2.- O quórum manterase durante toda a sesión; esta suspenderase se nalgún momento non se conseguise. Se a suspensión se prolongase por máis de 30 minutos a Presidencia terá que rematar a sesión por falta de quórum de asistencia e posporá o estudo dos asuntos pendentes da orde do día para a primeira sesión que se realice con posterioridade.

3.- Se na primeira convocatoria non se acadase o quórum requirido e transcorridos 30 minutos tampouco se obtivese, entenderase convocada sesión de xeito automático 48 horas despois en segunda convocatoria.

4.- Se na segunda convocatoria non se acadase quórum a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria e posporá a orde do día para a primeira sesión que se realice. O/a secretario/a xeral substituirá a acta da sesión por dilixencia que estenderá no documento de convocatoria que transcribirá no libro de actas e fará constar esta circunstancia coa indicación do nome dos/das membros da Corporación que asistisen e de quen escusasen.

## **Capítulo segundo.- Dos debates.**

### **Artigo 70.- Apertura da sesión.**

1.- Comprobada a existencia de quórum polo/a secretario/a, a Presidencia iniciará a sesión e anunciará a súa audiencia pública.

2.- Iniciada a sesión, cando así figure na orde do día, a Presidencia someterá á consideración do Pleno a acta ou actas das sesións anteriores. Se ningún membro da Corporación realiza obxeccións entenderanse aprobadas por unanimidade. Se se producisen observacións debateranse e acordaranse as rectificacións que procedesen que, en ningún caso, implicarán modificacións do fondo dos acordos adoptados limitándose á corrección de erros de redacción e materiais dos acordos ou das intervencións consignadas.

### **Artigo 71.- Normas xerais sobre o desenvolvemento da sesión.**

1.- Corresponderalle á Presidencia a dirección da sesión, das distintas intervencións e o control da orde dos debates. Asegurar a boa marcha da sesión e acordará, no seu caso, as interrupcións que estime convenientes; dirixirá os debates, manterá a orde nestes e sinalará os tempos de intervención, nos termos sinalados no presente regulamento e segundo o acordado pola Xunta de Voceiros.

2.- Os asuntos da orde do día debateranse e votaranse pola orde que nela estean consignados sen prexuízo de que a Presidencia, por iniciativa propia ou por petición dos/as voceiros/as, o altere. En ningún caso os asuntos da parte de control precederán os da parte resolutiva.

3.- De cada punto da orde do día darase unha explicación detallada do seu contido polo/a concelleiro/a con competencias delegadas na materia ou polos/as voceiros/as dos grupos políticos municipais propoñentes, segundo os casos. Poderá tamén ser

exposto polos membros da Xunta de Goberno Local que non teñen a condición de concelleiros/as.

4.- A Presidencia, por iniciativa propia, sempre que non se opoña ningún grupo político, ou por petición destes, poderá decidir que non se expliquen determinadas propostas, proposicións ou mocións cando o seu contido sexa perfectamente coñecido polos membros da Corporación.

5.- A continuación de se explicar o ditame, proposición ou moción, leranse ou explicaranse as emendas que se tivesen presentado na Secretaría Xeral con antelación ó inicio da sesión. Para estes efectos, a Presidencia dará a palabra ás e ós concelleiros que as formulasen para que dean conta delas.

6.- Explicada a proposta, proposición ou moción e, no seu caso, as emendas formuladas, a Presidencia abrirá quenda de intervencións.

7.- Se ningún concelleiro ou concelleira solicita a palabra sobre o ditame, proposición ou moción e non houbese emendas, a Presidencia someterá a proposta, proposición ou moción a votación. No suposto de existencia de ditame modificativo da comisión á proposta de acordo que conste no expediente a Presidencia someterá a votación o ditame en vez da proposta.

8.- Se se presentasen emendas, trala súa aceptación polo grupo ou concelleiro/a propoñente, estas someteranse a votación en primeiro lugar. Se as emendas fosen á totalidade ou alternativas e prosperasen non haberá lugar á votación da proposta ou proposición que se entenderá rexeitada, se fosen parciais e tamén prosperasen entenderase que a posterior votación da proposta ou proposición inclúe a emenda aprobada. Non obstante, a Presidencia poderá someter a votación en primeiro lugar a proposta orixinal nos seus propios termos coa implicación da súa aprobación o rexeitamento de calquera emenda presentada.

## **Artigo 72.- Deliberación.**

Para os efectos das deliberacións debe establecerse a diferenza entre o tratamento das mocións e as propostas municipais

### **I.- Moción**

1.- Se unha vez explicada ou lida a moción polos propoñentes e as respectivas emendas por quen as presentasen, actuación para a que se disporá dun tempo máximo de cinco minutos, as e os membros da Corporación desexan facer uso da súa palabra promovendo debate a Presidencia ordenará as intervencións conforme ás seguintes regras:

- a) Só se poderá facer uso da palabra logo da petición e autorización da Presidencia.
- b) Intervirán, sucesivamente, o/a representante do goberno local que sexa competente por razón da materia obxecto de debate e a continuación os diferentes grupos políticos por orde de menor a maior, representatividade nunha primeira quenda de palabra que terá unha duración máxima de 5



minutos para cada un/unha dos/as intervinientes, con excepción, de ser o caso, dos grupos políticos que intervisen presentando a moción. As e os concelleiros non adscritos ou, no seu caso, o/a representante do Grupo Mixto, farán uso da palabra en primeiro lugar.

- c) Pechará a quenda, respondendo ás intervencións anteriores, o concelleiro/a proponente que ratificará ou modificará a súa proposta, cun tempo máximo de tres minutos.
- d) Se o solicitase o/a representante do goberno local, a Presidencia permitirá unha segunda quenda de palabra dunha duración máxima de tres minutos, unicamente para o/a representante do goberno local.
- e) Pechará a segunda quenda o/a concelleiro/a proponente que brevemente ratificará ou modificará a súa proposta nun tempo máximo de dous minutos.
- d) Rematada a segunda quenda, a Presidencia poderá realizar a súa intervención e declarará rematado o debate. Só por alusións, calquera concelleiro/a poderá solicitar da Presidencia a palabra. De serlle outorgada, fará uso desta de xeito moi breve e conciso, cunha duración máxima dun minuto.
- e) Concluído o debate someterase a moción a votación. De ser presentadas emendas actuarase segundo o previsto no último parágrafo do artigo anterior.
- h) Se o membro dalgún grupo que non participase no debate ou quen votasen no sentido contrario ó do seu grupo, solicitara o uso da palabra para explicación de voto disporá dun tempo máximo de dous minutos.

## **II.- Propostas municipais.**

1.- Se, explicada ou lida a proposta polo responsable, actuación para a que se disporá dun tempo máximo de cinco minutos, os membros da Corporación desexan facer uso da súa palabra promovendo debate, a Presidencia ordenará as intervencións conforme ás seguintes regras:

- a) Só se poderá facer uso da palabra trala petición e autorización da Presidencia.
- b) Intervirán, sucesivamente os diferentes Grupos Políticos por orde de menor a maior representatividade nunha primeira quenda de palabra que terá unha duración máxima de 5 minutos para cada un dos intervinientes, con excepción, no seu caso, dos grupos políticos que tivesen intervido presentado a proposta. Os/as concelleiros/as non adscritos/as ou, no seu caso, o/a representante do grupo mixto, farán uso da palabra en primeiro lugar.
- e) Pechará a quenda, respondendo ás intervencións anteriores, o/a concelleiro/a proponente que ratificará ou modificará a súa proposta, cun tempo máximo de tres minutos.
- d) Rematada a segunda quenda a Presidencia poderá realizar a súa intervención e declarará rematado o debate. Só por alusións, calquera concelleiro/a poderá solicitar da Presidencia a palabra. De serlle outorgada, fará uso desta de xeito moi breve e conciso, cunha duración máxima dun minuto.
- f) Concluído o debate someterase a proposta a votación. De ser presentadas emendas actuarase segundo o previsto no último parágrafo do artigo anterior.
- g) Se o membro dalgún grupo que non participase no debate ou os que tiveran votado no sentido contrario ó do seu grupo solicitara o uso da palabra para explicación de voto disporá dun tempo máximo de dous minutos.

2.- A Presidencia en función do contido do asunto que tratar, e especialmente dos

casos de exercicio da iniciativa orzamentaria, regulamentaria ou debate sobre o estado da cidade, por proposta da Xunta de Voceiros, poderá modificar o tempo máximo de uso da palabra nas distintas quendas.

3.- As intervencións do Grupo Mixto terán lugar a través dun só/a concelleiro/a, que poderá ser distinto/a en función do asunto que tratar, tralo acordo no seu seo adaptado para o efecto.

### **Artigo 73.- Cuestións de orde e retirada de asuntos.**

1.- Todos os membros da Corporación poderán, en calquera momento do debate, presentar unha cuestión de orde para o que invocarán a norma que a súa aplicación se reclama. Será resolta pola Presidencia trala consulta, no seu caso, coa Secretaría Xeral, sen que sobre a decisión proceda debate.

2.- Os concelleiros/as poderán solicitar durante o debate a retirada dun asunto incluído na orde do día a efectos de que se complete o expediente con novos documentos ou informes, ou pedir que quede sobre a mesa, aprazándose a discusión para a seguinte sesión, para o seu mellor estudo. Se o/a concelleiro/a ou grupo municipal propoñente acepta a proposta de retirada ou de deixar sobre a mesa o punto, así se procederá e continuarase coa orde do día fixada na orde de convocatoria.

### **Artigo 74.- Chamada á cuestión e á orde.**

1.- Durante o debate non se admitirán máis intervencións que as da Presidencia para chamar á cuestión debatida cando se desvíe o debate do asunto principal, cando se volva sobre cuestións xa deliberadas e votadas ou ben para chamar á orde e/ou advertir que se esgotou o tempo ou que se carece do uso da palabra. A Presidencia chamará a orde ó/a concelleiro/a que profira palabras ou conceptos ofensivos para a Corporación, para os seus membros, para institucións públicas ou para calquera outra persoa ou entidade.

2.- Se unha ou un concelleiro é chamado tres veces á orde nunha mesma sesión, a Presidencia, con advertencia na segunda das consecuencias, poderá expulsalo/a do Salón de Plenos.

3.- Se por calquera causa, durante a realización da sesión se producise unha alteración da orde pública que, a xuízo da Presidencia, impidise o normal desenvolvemento da sesión, poderá ordenar a súa suspensión polo prazo máximo de media hora. Se transcorrido este prazo, non se pode continuar normalmente, a Presidencia, trala consulta coa Xunta de Voceiros, optará por reanudala a porta pechada ou por levantala definitivamente. Neste caso os asuntos que queden pendentes terán que ser tratados noutra sesión que terá lugar dentro dos dez días hábiles seguintes co mesmo carácter que tivese a que se suspendeu.

## **Capítulo terceiro.- Da votación.**

### **Artigo 75.- Votación.**

1.- Cando a Presidencia considere suficientemente debatido o asunto de conformidade coas normas de deliberación recollidas no artigo 72, declarará rematado o debate e someterao a votación. Antes de comezar presentará clara e concisamente os termos desta.

2.- A votación dos asuntos de tramitación ordinaria será á totalidade do texto das propostas, emendas, ou proposicións e non se admitirán votacións parciais. A aprobación dunha emenda á totalidade ou alternativa impedirá a votación da proposta ou proposición. A aprobación dunha emenda parcial alterará a proposta ou proposición e a Presidencia concretará os termos exactos da proposta orixinaria.

3.- O voto emitirase en sentido positivo ou negativo sen prexuízo da abstención. Entenderase que os membros da Corporación que se ausenten do Salón de Plenos unha vez rematada a deliberación dun asunto se absteñen de votar se non están presentes no momento da votación.

4.- Os asuntos considéranse aprobados por asentimento e unanimidade se unha vez presentados no xeran debate nin oposición.

5.- Iniciada a votación non se poderá interromper por ningún motivo nin a Presidencia outorgará o uso da palabra. Non poderán os membros da Corporación, durante a votación, entrar no Salón de Plenos nin abandonalo. En primeiro lugar computaranse os votos negativos, despois as abstencións e finalmente os positivos.

6.- Nas votacións con resultado de empate efectuarase unha segunda votación, se persistise, decidirá o voto de calidade do/da Alcalde/sa.

7.- Concluída a votación a Presidencia proclamará o acordado coa indicación dos votos afirmativos, as abstencións e os negativos.

8.- Proclamado o acordo os grupos que non interviñesen no debate ou que despois deste modificaran o sentido do seu voto poderán solicitar da Presidencia unha quenda de explicación de voto que non excederá dun minuto. Igual dereito terán os/as concelleiros/as a título individual cando votasen en sentido diferente ós membros do seu grupo.

9.- Sen prexuízo do disposto anteriormente o Pleno poderá habilitar sistemas de videoconferencia ou outros sistemas técnicos axeitados para garantir o exercicio do voto no Pleno do Concello a aqueles/as concelleiros/as que, como consecuencia de atoparse en situación de permiso parental, adopción ou acollemento, non puidesen asistir de forma presencial á sesión plenaria.

#### **Artigo 76.- Sistemas de votación.**

1.- As votacións poden ter os seguintes sistemas:

- a) Ordinario: manifestaranse levantando a man.
- b) Nominais: mediante a chamada, por orde alfabética de apelidos, no último lugar, a Presidencia. Cada concelleiro/a ó ser nomeado/a polo/a secretario/a Xeral, responderá “si”, “non” ou “abstéñome”.

- c) Segredo: mediante papeleta depositada polos concelleiros e concelleiras nunha urna.
- d) Electrónico: poderá acordarse a utilización do sistema de voto electrónico, trala consulta favorable da Xunta de Voceiros, mediante o correspondente sistema tecnolóxico instalado no Salón de Plenos.

2.- O sistema normal de votación é o ordinario. A nominal utilizarase con carácter preceptivo cando se someta á consideración do Pleno unha cuestión de confianza, unha moción de censura, cando as leis así o impoñan ou cando o acorde o Pleno por maioría simple en votación ordinaria por proposta da Presidencia ou do/da voceiro/a dun grupo político.

3.- A votación segreda utilizarase para a elección ou destitución de persoas, cando o asunto afecte ós dereitos do artigo 18 da Constitución e cando o estableza a lei. Nos dous primeiros casos serán acordados polo Pleno por maioría absoluta en votación ordinaria por proposta da Presidencia ou do voceiro ou voceira dun grupo político.

#### **Artigo 77.- Quórum de votación.**

1.- Os acordos adóptanse por maioría simple dos membros presentes. Existe maioría simple cando os votos afirmativos superan os negativos.

2.- Adoptaranse por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación os acordos que de conformidade coas leis así o requiran.

### **Capítulo cuarto.- Do control e fiscalización do goberno polo Pleno.**

#### **Artigo 78.- Parte de control.**

Finalizados os asuntos da parte resolutiva da orde do día, iniciarase a parte de control nos termos previstos no artigo 65.b deste regulamento.

#### **Artigo 79.- Declaracións institucionais.**

Expresan o posicionamento político ou social do Concello de Vigo respecto de calquera asunto de interese xeral. Serán presentadas ante o Rexistro da Secretaría Xeral polos voceiros/as dos grupos políticos municipais para o seu consenso na Xunta de Voceiros. Serán elevadas ó Pleno como declaración da Corporación no suposto de que non susciten reparo ou emenda polos demais grupos. En ningún caso serán obxecto de debate e consideraranse aprobadas por asentimento e unanimidade trala súa lectura.

#### **Artigo 80.- Toma de coñecemento de informes de control e fiscalización.**

Dos informes que para o asesoramento do Pleno e para o control e fiscalización dos órganos de goberno emita a Secretaría Xeral do Pleno ou a Intervención Municipal en virtude do sinalado no artigo 38.2.m.4º deste Regulamento, darase conta individualizada ó Pleno. En ningún caso serán obxecto de debate.

## **Artigo 81.- Comparecencia dun/ha membro do equipo de Goberno.**

1.- Os concelleiros e concelleiras con responsabilidade de goberno e os/as membros da Xunta de Goberno Local que non ostenten a condición de concelleiro/a comparecerán ante o Pleno, ben por petición propia ou por iniciativa dun grupo político municipal, mediante escrito de petición de comparecencia presentado no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno. Na petición deberá concretarse o contido sobre o que versará a comparecencia, que ha ser sobre a avaliación da xestión xeral dun ou varios asuntos, tanto na súa condición de concelleiro/a delegado como, no seu caso, de membro da Xunta de Goberno Local, no caso de asuntos competencias dese órgano colexiado.

2.- Efectuada a petición, a Alcaldía a incluíraa, sen necesidade de pronunciamento plenario previo, na orde do día da seguinte sesión ordinaria sempre que transcorran dez días entre a petición e a convocatoria da sesión. En cada sesión ordinaria poderase substanciar, como máximo, unha solicitude de comparecencia por cada grupo político; non obstante, de haber máis solicitudes poderá convocarse a realización de Pleno extraordinario, no que non operará o límite sinalado.

3.- Na intervención fará uso da palabra polo prazo máximo de 10 minutos o/a concelleiro/a comparecente. Responderá no tempo de cinco minutos o/a voceiro/a do grupo ou grupos políticos municipais ós que pertencen as e os concelleiros asinantes da comparecencia. A Presidencia iniciará, se se lle solicita, unha quenda de intervencións para os demais grupos da Corporación por un tempo máximo de cinco minutos; pechará o debate o concelleiro/a comparecente cunha intervención máxima de cinco minutos.

4.- Concluído o debate o voceiro/a ou voceiros/as dos grupos proponentes poderán presentar unha moción na que o Pleno, mediante votación, manifeste a súa posición sobre a xestión do concelleiro ou concelleira.

5.- Ningún concelleiro/a poderá firmar durante o seu mandato máis de catro comparecencias referidas ó mesmo/a membro do equipo de goberno a non ser que varíe a súa área de responsabilidade.

## **Artigo 82 .- Mocións.**

A presentación de mocións súxéitase ás seguintes regras:

1.- Non se poderán incluír na orde do día máis de sete mocións en cada sesión ordinaria, sempre que se refiran a asuntos de interese municipal. Cada grupo poderá presentar, dentro do máximo de sete mocións, o número que lle corresponda proporcionalmente en función do número de concelleiros/as que teña. Para o caso de que algún dos grupos municipais non presentase o número máximo de mocións que lle corresponda, os demais poderán facer uso da súa cota, e para o suposto de que sexan varios os grupos que pretendan o consumo da dita cota, a inclusión dunhas ou outras mocións realizarase por proposta da Xunta de Voceiros.

O límite sinalado enténdese sen prexuízo de que pola concorrencia de circunstancias

especiais e trala consulta da Xunta de Voceiros, fose necesario incluír un número maior de mocións.

Os grupos poderán someter, respectivamente, á consideración do Pleno, unha soa moción por razóns de urxencia, que deberá ser entregada á Secretaría Xeral do Pleno polo menos con vintecatro horas de antelación á realización da sesión plenaria salvo no suposto excepcional de acontecementos relevantes e imprevisibles.

2.- Cando unha moción sexa tratada polo Pleno non se poderá presentar nova moción sobre o mesmo asunto no prazo dun ano.

3.- Se para a mesma sesión plenaria varios grupos presentan mocións sobre o mesmo ou similar asunto, só se incluírá na orde do día a primeira que tivese entrada no Rexistro Xeral da Secretaría sen prexuízo de que en Xunta de Voceiros tales grupos pacten un texto conxunto.

4.- A votación das mocións será á totalidade do texto, sen prexuízo da presentación de emendas. No caso de que as emendas sexan aceptadas expresamente polo proponente estas modificarán o texto e realizarase a votación sobre o texto modificado. Non se admitirán votacións parciais agás que o/a proponente o acepte.

#### **Artigo 83.- Rogos.**

1.- Os/as membros da Corporación poderán nas sesións ordinarias formular rogos segundo a definición que deste concepto sinala o artigo 63 deste regulamento.

2.- A formulación de rogos en cada sesión limitarase a un máximo de catro por cada grupo político municipal. As e os concelleiros non adscritos poderán formular un máximo dun rogo en cada sesión.

3.- Formularanse oralmente ou por escrito, neste último caso serán incluídos pola Alcaldía na orde do día da sesión no suposto que se presenten no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno cunha antelación de seis días naturais á súa realización.

4.- O tratamento do asunto limitarase exclusivamente a súa breve formulación polo/a proponente, sen realizar unha exposición para o debate, e a súa consideración polo concelleiro/a da área afectada que disporá para isto dun máximo de dous minutos.

5.- Non se admitirán rogos do exclusivo interese persoal de quen os formula ou de calquera outra persoa singularizada, os que supoñan consultas de índole estritamente xurídica nin os reiterativos doutros substanciados no mesmo ano.

#### **Artigo 84.- Preguntas.**

1.- Os membros da Corporación poderán formular preguntas nas sesións ordinarias segundo a definición que deste concepto establece o artigo 63 deste regulamento.

2.- A formulación de preguntas en cada sesión limitarase a un máximo de catro por

cada grupo político municipal que non forme parte do equipo de goberno, os/as concelleiros/as non adscritos/as poderán formular unha pregunta en cada sesión.

3.- Formularanse oralmente ou por escrito, neste último caso serán incluídos pola Alcaldía na orde do día da sesión no suposto de que se presenten no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno cunha antelación de seis días naturais á súa realización. Se fosen formulados oralmente poderán responderse na sesión. No caso contrario incluíranse para a súa resposta na seguinte ordinaria a non ser que quen a formula admita unha contestación escrita que en todo caso será realizado polo destinatario antes da seguinte sesión.

4.- A tramitación das preguntas limitarase exclusivamente a súa breve formulación polo/a propoñente, sen realizar unha exposición para o debate e a súa contestación polo/a concelleiro/a da área afectada por un tempo máximo de cinco minutos.

5.- Non se admitirán preguntas de exclusivo carácter persoal de quen as formula ou de calquera outra persoa singularizada, as que supoñan cuestións estritamente xurídicas nin as que sexan reiterativas doutras substanciadas no mesmo ano.

#### **Artigo 85.- Debate sobre o estado da cidade.**

1.- Con carácter anual, durante o primeiro semestre, realizarase unha sesión extraordinaria do Pleno dedicada ó debate do estado da cidade. A dita sesión non se realizará no ano en que se realicen eleccións municipais.

2.- Corresponderalle á Alcaldía, nunha primeira intervención, expoñer a situación xeral da cidade e as liñas mestras da súa acción de goberno. A continuación someterase a debate a intervención da Alcaldía e farán uso da palabra os/as voceiros/as dos grupos políticos.

3.- Finalizada a intervención das e dos voceiros haberá unha quenda de réplica a cargo do/a Alcalde/esa, finalizada a réplica concluirá a sesión. A duración das intervencións fixarase segundo o disposto no artigo 72.2 do presente regulamento.

#### **Artigo 86.- Moción de censura.**

O Pleno do Concello poderá esixir a responsabilidade política da Alcaldía mediante moción de censura, cuxa presentación, tramitación e votación rexerese polo previsto en cada momento pola normativa reguladora do Réxime electoral xeral.

#### **Artigo 87.- Cuestión de confianza.**

A Alcaldía poderá presentar ó Pleno unha cuestión de confianza. A súa presentación e efectos réxese polo previsto en cada momento pola normativa reguladora do Réxime electoral xeral.

### **TÍTULO VI**

#### **DO PROCEDIMENTO PARA A ELABORACIÓN E APROBACIÓN DE ORDENANZAS, REGULAMENTOS E ORZAMENTO.**

## **Artigo 88.- Da iniciativa regulamentaria.**

A iniciativa para lle propoñer ó Pleno a aprobación de ordenanzas, regulamentos e dos orzamentos municipais corresponderalle á Xunta de Goberno Local, ós/ás concelleiros/as e ós veciños/as.

### **Capítulo I.- Da iniciativa da Xunta de Goberno Local e do procedemento**

## **Artigo 89.- Documentación e aprobación do proxecto.**

1.- Sen prexuízo do que dispoñan as leis sectoriais en determinadas materias e agás os acordos relativos a instrumentos de ordenación urbanística, a elaboración de disposicións regulamentarias iníciarase mediante proposta razoada da Alcaldía, do concelleiro/a delegado/a da área de goberno correspondente en razón da materia ou da propia Xunta de Goberno Local que especificará a oportunidade de tal elaboración e designará ós/ás funcionarios/as titulares dos órganos ou unidades administrativas encargados da redacción técnica do proxecto.

2.- O proxecto, que irá precedido dunha exposición de motivos, someterase á aprobación da Xunta de Goberno Local acompañado dos informes técnicos e xurídicos que sobre este se emitisen, así como de cantos estudos e consultas se realizasen para garantir o seu acerto e legalidade. Existirá informe do/a secretario/a xeral do Pleno cando a norma requira para a súa aprobación o quorum da maioría absoluta; emitirá informe a Intervención Xeral cando afecte a dereitos ou obrigas de contido económico.

## **Artigo 90.- Presentación de emendas e ditame da comisión.**

1.- Aprobado o proxecto a Secretaría Xeral do Pleno remitiralle o expediente á comisión competente por razón da materia ó obxecto de que o seu presidente ou presidenta, a través da súa Secretaría, traslade copia ós/ás voceiros/as dos distintos grupos comunicando no mesmo acto a apertura dun prazo de seis días para a presentación de emendas ante a Secretaría da comisión. As emendas poderán ser á totalidade ou ó articulado. Este prazo non se abrirá cando exista acordo de todos os grupos respecto ó proxecto manifestado previamente ante a Secretaría da Comisión correspondente.

2.- Serán emendas á totalidade as que versen sobre a oportunidade ou o espírito do proxecto postulando a súa devolución á Xunta de Goberno Local ou as que propoñan un texto alternativo na súa integridade. As emendas ó articulado poderán ser de supresión, modificación ou adición dalgún precepto.

3.- Concluído o prazo de presentación de emendas o/a Presidente da comisión, sen prexuízo de poder solicitar respecto das formuladas ó articulado os correspondentes informes técnicos ou xurídicos, convocará sesión co obxecto de que se debatan as presentadas. Durante o debate poderanse admitir as emendas transaccionais ou as que teñan por finalidade subsanar erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais.



4.- Efectuados os debates a comisión emitirá ditame que será de devolución á Xunta de Goberno Local, no caso de que prosperen as emendas dese carácter, ou de proposta de aprobación ó Pleno do Concello que en todo caso incorporará o texto das emendas admitidas. No caso de devolución a Xunta de Goberno Local esta poderá, non obstante, elevar a súa proposta ó Pleno.

#### **Artigo 91.-Debate no Pleno e aprobación inicial.**

1.- Para a súa posterior defensa no Pleno no expediente constarán as emendas que, debatidas e votadas na comisión, non se incorporaran ó ditame.

2.- Na sesión plenaria non se admitirán novas emendas.

3.- O debate no Pleno comezará pola exposición que do proxecto efectúe un/ha membro do equipo de goberno. A continuación as e os concelleiros exporán e defenderán as emendas presentadas na comisión, tralo debate a Presidencia as someterá a votación.

A duración das intervencións fixarase segundo o disposto no artigo 72.2 do presente regulamento.

4.- Finalmente producirase votación sobre a totalidade do texto resultante que en todo caso será harmónico e congruente co obxecto da súa aprobación inicial ou rexeitamento.

#### **Artigo 92.-Información pública.**

1.- A aprobación inicial dará lugar a apertura dun período de información pública e audiencia das e dos interesados polo prazo fixado polo normativa de aplicación que, de non existir, será como mínimo de trinta días hábiles.

2.- Non se efectuará trámite específico de audiencia cando o obxecto do Regulamento sexa a regulación de órganos municipais ou disposicións que se refiran a organizacións dependentes ou adscritas á Administración municipal, por se tratar de normas de carácter interno.

3.- A información pública efectuarase mediante a publicación do correspondente edito no BOP, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, que advertirá da posta a disposición das e dos interesados do expediente completo, salvo disposición legal noutro senso.

#### **Artigo 93.-Aprobación definitiva en caso de alegacións.**

1.- No caso de que se tivesen presentado reclamacións ou suxestións a Xunta de Goberno procederá a valoralas, tralo informe técnico ou xurídico efectuado polos/as encargados/as da redacción técnica do proxecto e decidirá se, como consecuencia da dita valoración, modifica o proxecto ou mantén o inicial.

2.- Tanto se se modifica o texto inicial como se se mantén, a Xunta de Goberno remitirá á Secretaría Xeral o novo proxecto, acompañado dunha memoria que

conteña a valoración das alegacións para os efectos do trámite de aprobación definitiva polo Pleno, tralo ditame da comisión competente.

3.- No caso de que non se introducísen modificacións do texto inicial, non se presentarán emendas no trámite de comisión nin no do Pleno.

4.- No caso de que se introducísen modificacións do texto inicial, no trámite de comisión os seus membros disporán dun prazo de tres días para presentar emendas que versarán sobre as modificacións introducidas.

5.- Os grupos políticos, dentro dos dous días seguintes ó remate do ditame da comisión competente, deberán comunicar por escrito as emendas que, logo de seren debatidas e votadas na comisión e non incorporadas ó ditame, pretendan defender no Pleno.

#### **Artigo 94.-Aprobación definitiva por falta de alegacións.**

No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións, e así conste no expediente mediante certificación da ou do secretario/a xeral, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. No dito caso ditarase resolución de Alcaldía pola que se declara definitivo o acordo e a súa publicación nos termos legalmente establecidos. Da dita resolución darase conta ó Pleno na vindeira sesión deste órgano.

### **Capítulo segundo.- Orzamentos.**

#### **Artigo 95.-Réxime e preferencia.**

O proxecto de orzamento xeral municipal, integrado polo do propio Concello, os seus OOA e os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedade mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local, tramitarase polo procedemento común, segundo o disposto na normativa reguladora da materia, coas especialidades establecidas no presente capítulo. Gozará de preferencia na tramitación con respecto ós demais traballos do Pleno, para os efectos do cumprimento dos prazos legalmente establecidos na normativa vixente en cada momento.

#### **Artigo 96.- Ámbito.**

A tramitación do proxecto de orzamento xeral referirase ás bases de execución, ó estado de autorización de gastos e ó estado de previsión de ingresos, sen prexuízo do estudo dos documentos que deban acompañalo.

#### **Artigo 97.- Calendario de tramitación.**

O proxecto de orzamento xeral aprobado pola Xunta de Goberno Local remitirase á comisión do Pleno correspondente por razón da materia, que establecerá o calendario de tramitación do proxecto e acordará a apertura dun prazo de presentación de emendas.

## **Artigo 98.- Emendas**

1.- As emendas poderán ser ó articulado das bases de execución, ós estados de gastos ou ós estados de ingresos.

2.- As emendas de creación ou de incremento dos estados de gastos admitiranse a trámite se propoñen unha baixa por igual contía. As emendas de supresión ou minoración ós estados de gastos admitiranse se propoñen un incremento por igual contía.

3.- Non se admitirán emendas que supoñan incrementos ó estado de ingresos. As emendas ós estados de ingresos que supoñan minoración ou supresión dos previstos, requirirán, para a súa tramitación, a conformidade da Concellería Delegada de Economía e Facenda que manifestará a súa posición no prazo de tres días.

4.- As emendas ó articulado das bases de execución do orzamento que supoñan creación, supresión, incremento ou minoración dos créditos deberán de ter a súa correspondente emenda ós estados de gastos e aplicaráselles a regra referida no apartado 2. Non se admitirán emendas ó articulado que supoñan aumento dos ingresos, as que supoñan diminución tramitaranse conforme ó procedemento recollido no apartado 3.

A duración das intervencións fixarase segundo o disposto no artigo 72.2 do presente regulamento.

Unha vez incorporadas ás emendas ó expediente correspondente, a concellería dará traslado para informe preceptivo da intervención municipal.

5.- No trámite de aprobación definitiva, segundo o disposto na lexislación vixente, non resulta posible a presentación de emendas.

## **Artigo 99.- Aprobación inicial, información pública e aprobación definitiva**

A aprobación inicial a información pública e a aprobación definitiva do orzamento seguirá os trámites fixados pola normativa reguladora en materia de facendas locais coas especialidades sinaladas no Capítulo I deste título para as disposicións regulamentarias. En caso de elevación a definitiva do acordo provisional por falta de alegacións no período de exposición pública, ditarase resolución da Alcaldía na que se declara elevado e definitivo o acordo e a súa publicación nos termos legalmente establecidos. Da dita resolución darase conta ó Pleno na vindeira sesión deste órgano

### **Capítulo terceiro**

## **Artigo 100.- Da iniciativa regulamentaria do Pleno.**

1.- Os/as membros do Pleno, coa xustificación da súa oportunidade ou necesidade, poderán presentar proposicións de regulamentos ou ordenanzas que terán que ser incluídas na orde do día para a súa consideración cando veñan subscritos pola cuarta parte dos seus membros.

2.- Se o Pleno acordase por maioría simple a consideración da proposición presentada, ordenará respecto desta a incoación do correspondente expediente que seguirá os trámites do Capítulo Primeiro.

3.- Tralo período de audiencia e información pública, a Secretaría Xeral do Pleno remitirá as reclamacións e suxestións que se reciban á comisión competente, para os efectos de que proceda a súa valoración e elabore, no seu caso, un novo texto de iniciativa regulamentaria.

4.- A iniciativa regulamentaria do Pleno non poderá referirse ó proxecto de orzamento xeral.

### **Capítulo cuarto**

#### **Artigo 101.- Da iniciativa regulamentaria das e dos veciños.**

A iniciativa regulamentaria popular axustarase ó que dispoña o Regulamento orgánico de participación cidadá.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.**

Os preceptos deste regulamento, que por sistemática lexislativa incorporan aspectos da lexislación básica do Estado e aqueles nos que se fan remisións a preceptos desta, enténdense automaticamente modificados e/ou substituídos no momento en que se produza a revisión ou modificación desa lexislación agás que permitan unha interpretación harmónica coas novas previsións lexislativas.

As disposicións do presente regulamento serán de aplicación a calquera órgano colexiado, necesario, complementario ou instrumental de carácter administrativo, dependente do Concello de Vigo, que deban someterse ó réxime xurídico local, tralo acordo expreso de asunción ou adhesión adoptado polo órgano competente e que será inmediatamente executivo, sen prexuízo da súa comunicación á Corporación Municipal para a súa toma de coñecemento.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.**

Procederá á constitución do Rexistro Xeral da Secretaría do Pleno o mesmo día da entrada en vigor deste regulamento. A regulación e funcionamento do mesmo estableceráse vía instrución da Alcaldía.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA**

O presidente poderá ditar instrucións para a aplicación deste Regulamento, lofo so informe da Secretaría Xeral do Pleno, das que deberá dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se realice.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Queda derrogado o Regulamento orgánico do Concello de Vigo aprobado en sesión

plenaria de data 30 de xuño de 1988 e publicado no BOP do 26 de setembro do mesmo ano naqueles extremos afectados polo presente regulamento e, en concreto, o Título I, Título II, capítulo I e II, e Título III.

## **DISPOSICIÓN FINAL.**

Este regulamento entrará en vigor unha vez sexa publicado o texto íntegro no BOP e cando teña transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Con data 13 de abril de 2010 o concelleiro delegado de Xestión Municipal emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Secretaria Xeral do Pleno, na mesma data do 13 de abril, emite o seguinte informe ó abeiro do disposto no artigo 122.5 LRBRL:

### “LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- RD 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

En primeiro lugar imos abordar a proposta de aprobación do regulamento orgánico de Pleno dende un punto de vista formal. Neste senso sinalar que a regulamentación sobre o funcionamento deste órgano colexiado pode realizarse de xeito independente a través dunha pluralidade de regulamentos, tal e como se recolle no artigo 123 LRBRL, ou concentrar as distintas regulamentacións nun único instrumento. Neste caso a opción resulta ser unha pluralidade de regulamentos que xa tivo o seu inicio coa aprobación do regulamento da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, opción que parece a máis acada dada a pluralidade e heteroxeneidade de materias que han de ser obxecto de norma orgánica, e así xustifícase na memoria subscrita polo concelleiro delegado de Xestión Municipal.

Dentro tamén do ámbito formal, resulta necesario realizar unha reflexión sobre a suxeición a prazo da obriga da súa aprobación, pois a aprobación desta norma configúrase como unha obriga de corte legal por canto a Disposición Transitoria Primeira da Lei 57/2003, en relación coa adecuación dos municipios ás previsións do título X da LRBRL, dispoñía que os Plenos dos Concellos ós que resulte de aplicación

o réxime previsto no título X da LRBRL disporían dun prazo de seis meses dende a súa entrada en vigor para aprobar as normas orgánicas necesarias para a adaptación da súa organización ó previsto en dito título, prevendo que en tanto se aproben tales normas, continuarán en vigor as normas que regulen estas materias no momento de entrada en vigor desta Lei. Nesta liña hai que lembrar que o artigo 123.1.c) LRBRL somete a regulación por vía de instrumento de natureza orgánica non só ó Pleno da Corporación, senón tamén ó Consello Social da Cidade, Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, órganos complementarios e procedementos de participación cidadá, división do municipio en distritos e a determinación e regulación dos órganos dos distritos e das competencias dos seus órganos representativos e participativos, determinación dos niveis esenciais da organización municipal e a regulación do órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas, e ata a data tan só se teñen aprobado, adaptados á regulación da Lei 57/2003, os regulamentos orgánicos do Tribunal Económico-Administrativo e da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, polo que, dende esta Secretaría, resulta necesario lembrar a necesidade de proceder á elaboración e aprobación de ditos instrumentos normativos.

Dende un punto de vista material debemos dicir que a aprobación do regulamento ven supoñer a manifestación dunha serie de potestades legalmente atribuídas ós municipios, como son a potestade regulamentaria e de auto-organización (artigo 4 LRBRL, 6.1 LALG, 84.1 LBRL), esta última especialmente, por canto o regulamento se configura como un instrumento mediante o que o Concello ven a positivizar, dentro dos límites que de seguido se dirán, o modelo organizativo escollido, así en relación específica ó regulamento orgánico do Pleno o propio artigo 122.2 establece que o Pleno se dotará do seu propio regulamento.

Dada a transcendencia do Regulamento Orgánico do Pleno, como norma reguladora do órgano municipal que ten encomendada a máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal e que, na configuración dada ó mesmo pola Lei 57/2003 como órgano de debate parlamentario contén na propia exposición de motivos, rompendo deste xeito co tradicional uniformismo que o réxime local presentaba no noso Estado, ó establecer para os municipios de gran poboación un réxime organizativo específico.

Convén sinalar a diferenciación que xa na atribución de competencias efectúa entre os regulamentos municipais e os regulamentos orgánicos en canto que o lexislador leva a cabo unha reserva material a un tipo de fonte, é dicir, que tan só poden afectar a determinados ámbitos e só a eles, ámbitos de organización ou funcionamento do complexo institucional local.

#### NATUREZA DO REGULAMENTO ORGÁNICO.

Á hora de determinar a posición ordinamental que o regulamento vai ocupar no conxunto da normativa aplicable debemos lembrar o artigo 5 LRBRL declarado inconstitucional pola sentenza do Tribunal Constitucional, 214/1989, do 21 de decembro. Dito precepto incardinaba o regulamento orgánico municipal nunha posición xerárquica superior á normativa ditada na materia polas Comunidades Autónomas, fixando como límites materiais da potestade regulamentaria o principio de competencia e xerarquía normativa, sen prexuízo dos principios xerais do dereito,

especialmente os derivados do artigo 9.3 CE.

Dita ordenación da xerarquía normativa eliminouse pola referida sentenza que, no seu fundamento xurídico 6º, parágrafo 3, afirma: «En lo concerniente a la organización municipal, el orden constitucional de distribución de competencias se funda en el reconocimiento de tres ámbitos normativos correspondientes a la legislación básica del Estado (art. 149.1.18 CE), la legislación de desarrollo de las Comunidades Autónomas según los respectivos Estatutos y la potestad reglamentaria de los municipios, inherente esta última a la autonomía que la Constitución garantiza en su art. 140».

Deste xeito limitouse o papel a desenvolver polo regulamento orgánico municipal, ó fixarse como límites a normativa estatal e autonómica, fronte a un primeiro pronunciamento do lexislador que optara por fixar unicamente como límite a normativa básica da LRBRL. Non obstante, posteriormente o Tribunal Supremo foi delimitando o papel específico que se reservaba para o regulamento orgánico municipal, así en sentenza de data 11.05.98 sinalou que a potestade regulamentaria das EELL deberá realizarse "...dentro del marco que diseñan los principios de competencia, reserva de ley, legalidad y jerarquía normativa que articulan el carácter plural y complejo de nuestro ordenamiento".

Para continuar en sentenza de data 13.12.00 establecendo que "en modo alguno cabe desconocer la subordinación de dichos reglamentos orgánicos a las normas con carácter de ley del Estado y Comunidades Autónomas, sino que su eficacia con relación a la normativa meramente reglamentaria emanada de los mismos no puede describirse en términos de primacía o subordinación, sino que partiendo del modelo organizativo común delineado para las Entidades Locales por la normativa estatal, es innegable la facultar de que gozan estas últimas para dotarse de una organización complementaria, como consecuencia de su capacidad de auto-gobierno, que desarrollando el modelo antedicho les permita añadir, incluso, nuevas reglas que aclaren, desarrollen y completen el modelo diseñado, aunque sin alterarlo ni contradecirlo."

A estes límites fixados, primeiro xurisprudencialmente e posteriormente en virtude de lei, e que veñen dados pola normativa estatal na materia e autonómica en canto que á organización complementaria, debemos engadir un terceiro límite que ven constituído pola configuración do Tribunal Constitucional do *ius in officium*<sup>1</sup> dos membros electivos das Corporacións Locais, definido como o elenco dos dereitos concretos inherentes ó fiel desenvolvemento da súa misión constitucional que debe garantírselles ó abeiro do dereito xenérico consagrado no artigo 23 CE. Na liña de concretar o *ius in officium* a Carta Europea de Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985, ratificada polo noso Estado en instrumento do 20 de Janeiro de 1988, cando establece no seu artigo 7, en relación coas condicións do exercicio das responsabilidades a nivel local:

1. *El Estatuto de los representantes locales debe asegurar el libre ejercicio de su mandato.*
2. *Debe permitir la compensación financiera adecuada a los gastos causados con*

---

<sup>1</sup> Diccionario Enciclopédico El Consultor  
Enrique Sánchez-Goyanes. El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados

*motivo del ejercicio de su mandato, así como si llega el caso, la compensación financiera de los beneficios perdidos o una remuneración del trabajo desempeñado y la cobertura social correspondiente.*

3. *Las funciones y actividades incompatibles con el mandato del representante local no pueden ser fijadas más que por Ley o por principios jurídicos fundamentales.*

Unha vez respectados os límites legalmente establecidos o contido das prescricións regulamentarias ven dado por consideracións de conveniencia e oportunidade dentro do ámbito da discrecionalidade coa que o Pleno da Corporación pode autonormarse, en moitos casos, segundo se recolle na Memoria, recollendo normas que de feito se veñen aplicando como usos e costumes municipais, e sobre as que dada a natureza .

Así pois o ámbito material propio do Regulamento Orgánico circunscríbese propiamente á organización complementaria municipal, dentro dos límites fixados pola LRBRL e LALG, sen prexuízo de abordar cuestións organizativas propias dentro do ámbito sometido a reserva legal. Pola súa banda o TRRL e o ROF, en canto se refiren ó réxime de funcionamento das Corporacións locais, excepción feita dos preceptos básicos do primeiro e en canto ó ROF daqueles dos seus preceptos que reproduzan preceptos desta natureza, teñen a condición de dereito estatal supletorio e de vixencia transitoria conforme ao establecido na DT 1ª LRBRL.

#### CONTIDO DA PROPOSTA

Dito contido axústase ós mínimos xa establecidos polo grupo de traballo creado pola FEMP, no ano 2004 con ocasión da entrada en vigor da Lei 57/2003, para o estudo das cuestións que formula a elaboración do Regulamento Orgánico do Pleno e que se concretaba nos seguintes extremos:

- Estatuto do Concelleiro, incluída a regulación do dereito á información.
- Grupos políticos e figura do "membro non adscrito".
- Organización e funcionamento do Pleno.
- Articulación das iniciativas de control dos órganos de goberno.
- Procedemento de aprobación das normas e de adopción do resto dos acordos.
- Organización e funcionamento das Comisións do Pleno.

Precisamente pola especificidade do ámbito de aplicación non se aborda no presente texto o estatuto do membro da Xunta de Goberno Local que non sexa concelleiro, cuxos dereitos e obrigas deberán recollerse na regulación do Goberno, limitándose unicamente á súa asistencia ó Pleno e a súa intervención no mesmo, así como o feito de que será obxecto das mesmas iniciativas de control e fiscalización que os demais membros do equipo de goberno.

De seguido e sen ánimo de exhaustividade na análise do texto que se propón a aprobación, considerando dunha banda a reprodución de preceptos legais de obrigado cumprimento e doutra a natureza de cuestións de conveniencia e oportunidade sobre as que non procede a emisión de informe xurídico, analízanse os aspectos xerais da regulación que se contén,

#### TÍTULO PRELIMINAR



Limitase a constatar o obxecto do regulamento, así como a posición ordinal do mesmo na xerarquía normativa de aplicación

## TÍTULO I.- Da constitución e das competencias do Pleno

O contido do presente Título ven marcado principalmente por unha serie de normas, como son a LOREX, LRBRL e ROF, polo que o seu contido non innova substancialmente o disposto na materia, limitándose, por unha banda, a reproducir o contido normativo e por outra, a realizar unha serie de precisións específicas cuxa determinación resulta axeitada para facilitar o desenvolvemento administrativo do cambio de Corporación, como pode ser o contido recollido especificamente no artigo 10, prórroga de funcións.

## TÍTULO II.- Do Estatuto dos concelleiros/as

*Capítulo primeiro.- Dos dereitos dos concelleiros/as*

*Capítulo segundo.- Dos deberes dos concelleiros/as.*

Comeza este Título coa regulación do rexistro de intereses, incorporando formalmente a modificación que no artigo 75.5 LRBRL efectuouse pola Disposición Adicional 9ª da Lei 8/2007 do Solo, en canto que cambio o réxime de publicidade do Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais, dispoñendo non só o carácter público de ambos Rexistros, Actividades e Bens, senón tamén establecendo a obriga de publicación anual nos termos que se recollan no estatuto da Corporación, sendo o Regulamento Orgánico do Pleno o instrumento normativo axeitado para fixar a forma de publicidade, optando este, na liña da sociedade da información, pola publicidade a través da páxina web oficial do Concello.

Con carácter xeral o contido do Título II ven supoñer unha concreción ó dereito fundamental recollido no artigo 23.2 da Constitución, de participación nos asuntos públicos, concretando, ó abeiro da profusa doutrina constitucional existente na materia o exercicio dos dereitos inherentes ó mesmo, concretamente dereitos honoríficos, económicos e socio-laborais, dereito á permanencia no cargo, o tan controvertido dereito á información que se completa con dereito á consulta de expedientes e a obter copias dos documentos municipais, e por último o dereito de asistencia xurídica. No que se refire ó catálogo de deberes podemos distinguir o deber de respectar o réxime de incompatibilidades, de abstención e recusación, de asistencia e de reserva de información. Todo sen prexuízo, tanto no ámbito dos dereitos como dos deberes, de calquera outra prescrición legal na materia.

## TÍTULO III.- Dos Grupos Políticos

Abórdanse neste apartado unha serie de cuestións cuxa resolución compete ó Regulamento por canto a normativa local non contempla especificamente a súa formulación, como son a figura do concelleiro/a non adscrito/a e a situación daqueles concelleiros/as que non tendo a natureza de non adscrito pertencen a unha formación que tivera obtido unicamente un escano. Pois ben, esta última cuestión abórdase dende unha dobre perspectiva, por unha banda coa esixencia dun mínimo de concelleiros para proceder á constitución de Grupo Político Municipal, na liña xa

establecida de tempo polos regulamentos parlamentarios, e por outra coa previsión da integración no Grupo Mixto dos membros de partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores que non obtivesen un mínimo de dous concelleiros. Debe lembrarse que xa o Tribunal Supremo recoñeceu a potestade regulamentaria das Corporacións locais para fixar o número mínimo dos seus membros para poder formar Grupo, afirmando ó tempo que constitúe materia típica dos Regulamentos propios de cada Corporación a regulación da formación dos Grupos Políticos e a incorporación a eles dos concelleiros do Pleno (sentenza del Tribunal Supremo de 15 de setembro de 1995).

En relación co estatuto dos concelleiros non adscritos o propio artigo 73.3 LRBRL determina que os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos exerceranse na forma que determine o regulamento orgánico de cada Corporación, é dicir, atopámonos ante unha expresa remisión legal, polo que partindo da única premisa de regulación contida na lei "Los derechos económicos y políticos de los miembros no adscritos no podrán ser superiores a los que les hubiesen correspondido de permanecer en el grupo de procedencia" dáse cumprimento ó mandato legal de fixar no regulamento orgánico do Pleno o estatuto dos concelleiros non adscritos.

#### TITULO IV.- Da organización do Pleno

- *Capítulo primeiro.- Da Presidencia do Pleno.*
- *Capítulo segundo.- Do Secretario/a do Pleno e das actas.*
- *Capítulo terceiro.- Da Xunta de Voceiros*
- *Capítulo cuarto.- Das Comisións do Pleno.*
- *Capítulo quinto.- Comisións Permanentes.*

Debemos lembrar na liña xa indicada ó inicio do presente informe que a regulación dos órganos necesarios ven recollida, con carácter básico, pola LRBRL, razón pola que o contido do presente Título debe establecerse co respecto absoluto á lexislación básica estatal, regulando unicamente aquelas peculiaridades organizativas que non se atopan afectadas pola reserva legal.

Así, dentro da organización nunha triple estrutura, ó Pleno e as súas comisións e incluída a administrativa que ven referida á Secretaría Xeral do Pleno, engádese a Xunta de Voceiros, órgano de carácter non obrigatorio, figura xa recollida no actual regulamento municipal, sendo a normativa municipal o instrumento axeitado para establecer o seu funcionamento. Recóllese a creación do Rexistro do Pleno, pretendendo a súa configuración como único rexistro habilitado para a recepción das iniciativas e demais documentos dirixidos ó Pleno e ás súas comisións directamente relacionados coas súas competencias, e dependendo directamente da Secretaría Xeral do Pleno, na intención de configurar separadamente unha oficina "parlamentaria".

Non resulta obxecto de regulación específica a Comisión de Suxestións e Reclamacións, por ter sido obxecto de norma orgánica propia.

#### TITULO V.- Funcionamento do Pleno

- *Capítulo Primeiro.- Dos requisitos para a realización das sesións.*
- *Capítulo segundo.- Dos debates.*
- *Capítulo terceiro.- Da votación.*
- *Capítulo cuarto.- Do control e fiscalización do goberno polo Pleno.*

Especial importancia adquire a regulación deste Título, dada a materia recollida nos distintos capítulos, pois por unha banda a precisión legal resulta demasiado ambigua en canto ó funcionamento concreto do órgano colexiado, xa que a LRBRL e normativa autonómica recollen un escaso marxe regulatorio, sendo necesario precisamente pola súa natureza de órgano colexiado da existencia dunha serie de normas nas que o seus membros contén coas normas de desenvolvemento da sesión.

Regúlase neste Título o acto formal de realización da sesión, entendida como reunión dun órgano colexiado das EELL de conformidade a determinados requisitos de forma, lugar e tempo e asistencia cun fin concreto, cal é a manifestación da súa vontade (se é resolutivo) ou do seu ditame ou opinión (se é consultivo) segundo o canle legal correspondente (NÚÑEZ RUIZ)<sup>2</sup>, nas diferentes modalidades existentes, isto é, ordinaria, extraordinaria e extraordinaria e urxente, tanto na súa parte resolutiva como na de control e fiscalización da acción do goberno. Establécense así mesmo unha serie de normas para garantir a corrección no exame e deliberación dos asuntos a tratar, sen prexuízo da competencia para a súa aplicación pola Presidencia da sesión, a quen lle corresponde a dirección da sesión.

Así mesmo, e en execución do mandato establecido pola LRBRL, de diferenciación no desenvolvemento da sesión plenaria entre unha parte resolutiva e unha parte adicada a fiscalización e control da acción do goberno dispónse dita división, ó tempo que se leva a cabo unha regulación específica dos instrumentos de control.

Incorpórase como novidade o debate sobre o Estado da Cidade, na liña apuntada de parlamentarización do Pleno da Corporación.

#### TITULO VI.- Do procedemento para a elaboración e aprobación de ordenanzas, regulamentos e orzamento

- *Capítulo Primeiro.- Da iniciativa da Xunta de Goberno Local e do procedemento*
- *Capítulo Segundo.- Orzamentos.*
- *Capítulo Terceiro.- Da iniciativa regulamentaria do Pleno*
- *Capítulo Cuarto.- Da iniciativa regulamentaria dos veciños*

Como primeira cuestión resaltar a importancia que ten a regulación na clarificación da iniciativa regulamentaria, que segundo algunhas interpretacións estaría atribuída en exclusiva á Xunta de Goberno Local (coa excepción do regulamento orgánico do Pleno) en base á atribución competencial de aprobación dos proxectos normativos. Non obstante, a regulación contida no presente título posibilita distintas iniciativas en materia normativa, establecendo a diferenciación entre iniciativa e aprobación dos proxectos.

<sup>2</sup> El funcionamiento de los órganos colegiados de las Entidades Locales: sus sesiones  
Esteban Corral García. El Consultor de los Ayuntamientos y Juzgados. 2006

Sinalar en relación co enunciado do presente Título que o procedemento para a elaboración e aprobación de ordenanzas e regulamentos ven establecido polo artigo 49 LRBRL, non podendo ser obxecto máis que de precisións que incrementen as garantías establecidas en dito procedemento, e todo en atención á tradicional distinción entre regulamentos e ordenanzas como normas con efectos *ad intra* ou *ad extra*:

- Regulamentos: como disposicións de carácter xeral aprobadas polo Pleno do Concello en exercicio da potestade de auto-organización municipal, cuxas manifestacións principais son os regulamentos orgánico municipais, é dicir adscribíndolle as regulacións de carácter organizativo, coincidindo substancialmente coa distinción que, máis ambiguamente, contén a propia LRBRL.
- Ordenanzas: Trátase de disposicións que habitualmente non teñen carácter organizativo, senón que regulan sectores nos que concorren os intereses municipais e nos que se desenvolve a actividade dos cidadáns, ós que poden recoñecerse dereitos ou impoñerse obrigas a través desta clase de normas, como permite con carácter xeral o artigo 84 LRBRL.

A mesma puntualización, procedemento legalmente establecido pola normativa de aplicación, é necesario realizar sobre os orzamentos municipais, sobre a obriga de respectar o disposto nos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Sen ánimo de afondar en exceso no contido do Título VI, especialmente dada a discrecionalidade existente na regulación de moitas das cuestións que se abordan no mesmo, indicar a oportunidade de regular especificamente as emendas na tramitación dos instrumentos normativos e orzamentarios, sobre todo ante a controversia xurdida nese tema.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Sen prexuízo da harmonización normativa que contempla no seu primeiro apartado, recolle a posibilidade de que o réxime de funcionamento do Pleno como órgano colexiado contido no regulamento poida resultar de aplicación a outros órganos dependentes do Concello de Vigo.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAIS SEGUNDA E TERCEIRA

Ambas disposicións contemplan normas executivas do propio regulamento, con carácter xeral habilitando ó Presidente da Corporación para que, previo informe da Secretaría Xeral do Pleno, dite instrucións aplicativas, e por outra, en relación ó Rexistro do Pleno

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Contemplan a derogación específica que opera sobre o Regulamento Orgánico Municipal de 1988, así como calquera outra norma organizativa ditada polo Concello e cuxo ámbito de aplicación resulte coincidente. En canto ó efecto derogatorio sobre o Regulamento Orgánico Municipal, e considerando a estrutura do mesmo:

- Título I.- Estatuto dos concelleiros
- Título II.- Órganos de Goberno do Concello
- Capítulo I.- Do Alcalde
- Capítulo II.- Do Pleno
- Capítulo III.- Da Comisión de Goberno
- Título III.- Órganos complementarios
- Capítulo I.- Da Comisión Informativa
- Capítulo II.- Da Xunta de Voceiros
- Capítulo III.- Outros órganos complementarios
- Título IV.- Outras normas de organización e procedemento

A Disposición Derrogatoria non opera na totalidade do texto municipal, aínda que si sobre a maior parte do mesmo, derogando integramente o Título I e Título III, e Capítulos I e II do Título II, ó tempo que desaparece a figura do Consello de Goberno, creada mediante modificación do ROM, acordo plenario do 05.09.89 BOP 30.09.89, modificado por acordo plenario de data 28.09.95 BOP 07.11.95. Non obstante, como xa se sinalou ó inicio do presente informe os preceptos que manteñen a súa vixencia deben ser, polas razóns expostas na memoria do regulamento, obxecto de revisión e modificación incorporando á normativa municipal as novidades derivadas da Lei 57/2003.

#### DISPOSICIÓN FINAL

Recolle as normas relativas á publicación e entrada en vigor do texto regulamentario

#### CUESTIÓNS PROCEDEMENTAIS

##### I.- Órgano competente

Como xa se sinalou as EELL gozan de potestade regulamentaria, potestade que se atopa encomendada, en exclusiva ó Pleno da Corporación, con carácter xeral polo apartado d) do artigo 123.1, e con carácter específico para o caso que nos ocupa polo apartado c), e sen posibilidade de delegación, cando atribúe a competencia para a aprobación e modificación dos regulamentos de natureza orgánica, dispoñendo que en todo caso terán dita natureza, entre outros, o referido á regulación do Pleno. Dito acordo para a súa validez requirirá o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

##### II.- Procedemento de aprobación

O artigo 49 da LRBRL recolle o procedemento xeral para a aprobación de ordenanzas e regulamentos municipais, coas especialidades derivadas do Título X engadido pola Lei 57/2003, cando esixe unha maioría cualificada, maioría absoluta do número legal de membros, para a súa aprobación e informe preceptivo da Secretaría Xeral do Pleno, excepciónando o tratamento do presente proxecto da regra xeral fixada polo artigo 127.1 a) LRBRL, de atribuír á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, incluídos os orgánicos.

Así pois unha vez emitido o informe de Secretaría, e posteriormente da Intervención, pola esixencia de maioría cualificada para a súa aprobación, e dada a

excepcionalidade que marca o artigo 127.1 a) LRBRL por canto excepciona da norma xeral de aprobación pola XGL dos proxectos normativos, do Regulamento Orgánico do Pleno, coincide o procedemento para a súa aprobación que será o seguinte:

- a) Ditame pola Comisión do Pleno competente por razón da materia, que no caso que nos ocupa será a Comisión de Xestión Municipal, no exercicio da súa función de estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno.
- b) Aprobación inicial polo Pleno da Corporación co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros.
- c) Información pública e audiencia ós interesados por un prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante a inserción de anuncio indicativo no Boletín Oficial da Provincia.
- d) Resolución, no seu caso, de alegacións e aprobación definitiva polo Pleno.
- e) A aprobación inicial entenderase elevada a definitiva cando, no prazo sinalado, non se tivera presentado ningunha reclamación ou suxestión.

Resulta necesario precisar que a audiencia ós interesados, no caso que nos ocupa, céntrase nos Sres e Sras Concelleiras.

O acordo de aprobación definitiva, xunto co texto íntegro do regulamento deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como deberá remitirse comunicación do acordo á administración estatal e autonómica ex artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 LRBRL, a efectos do cómputo dos quince días para a súa entrada en vigor que se producirá, unha vez transcorrido dito prazo, ó día seguinte da súa publicación.

Non obstante, a entrada en vigor do presente regulamento está suxeita ó réxime xeral de publicidade das normas, réxime que se positiviza no eido local no art. 70.2 da Lei 7/1985 cando dispón:

*"Los acuerdos que adopten las Corporaciones Locales se publican o notifican en la forma prevista por la Ley. Las Ordenanzas, incluidos el articulado de las normas de los planes urbanísticos, así como los acuerdos correspondientes a éstos cuya aprobación definitiva sea competencia de los entes locales, se publican en el Boletín Oficial de la Provincia y no entran en vigor hasta que se haya publicado completamente su texto y haya transcurrido el plazo previsto en el artículo 65.2."*

En canto á súa natureza de disposición de carácter xeral resulta necesario sinalar que contra o acto de aprobación do Regulamento non cabe a interposición de recurso na vía administrativa, ex artigo 107.3 LRXAPePC, debendo ser obxecto de impugnación directa ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Polo exposto, dende esta Secretaría, emítase a seguinte

## CONCLUSIÓN

Infórmase de conformidade a proposta do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 13.04.10 de aprobación inicial do Regulamento Orgánico do Pleno coas precisións recollidas no presente informe."

-----  
S.ordinaria 31.05.10

Con data 15 de abril de 2010, a xefa do Servizo de Fiscalización, coa conformidade do interventor xeral, informa o que segue:

“O artigo 173 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , establece que será necesario o informe do Interventor para a adopción dos acordos sobre materias para as que se esixa unha maioría especial. Pola súa parte os artigos 47.3 en relación co artigo 123.2 da Lei de Bases de Réxime Local esixen voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para a validez do acordo de aprobación dun Regulamento Orgánico.

Consta o informe preceptivo favorable da Secretaria do Pleno de data 13 de abril de 2010.

Do seu contido esta Intervención quere resaltar e adherirse á reflexión realizada en relación ao incumprimento da previsión da Disposición Transitoria Primeira da Lei 57/2003, en relación coa adecuación dos municipios ás previsións do Título X da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, que dispoñía que os Plenos dos Concellos aos que resulte de aplicación o réxime previsto no Título X da LRBRL disporían dun prazo de seis meses dende a súa entrada en vigor para aprobar as normas orgánicas necesarias para adaptar a súa organización ao previsto en dito título, prevendo que en tanto se aproben tales normas, continuarían en vigor as normas que regulen estas materias no momento da entrada en vigor desta lei. O artigo 123.1c) da LRBRL require regulamentación a través de Regulamento Orgánico para o Pleno da Corporación, Consello Social da Cidade, Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, órganos complementarios e procedementos de participación cidadá, división do municipio en distritos e a determinación e regulación dos órganos dos distritos e das competencias dos seus órganos representativos e participativos, determinación dos niveis esenciais da organización municipal e a regulación do órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas.

Considerando que desta regulación tan só están aprobados os Regulamentos Orgánicos do Tribunal Económico-Administrativo e da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións cómpre recordar a necesidade de elaborar esta normativa por imperativo legal.

Ademais no citado informe realízase detallada análise da natureza do Regulamento orgánico, concluíndo que os límites fixados, primeiro xurisprudencialmente e posteriormente en virtude de lei, veñen dados pola normativa estatal na materia e autonómica en canto que á organización complementaria, engadindo un terceiro límite que ven constituído polo *ius in officium* configurado polo Tribunal Constitucional.

Para concluír este informe esta Intervención, pola especial vinculación coa materia, quere abordar en relación ao Capítulo Segundo do Título VI “ Do procedemento para a elaboración e aprobación de ordenanzas, regulamentos e orzamento”, a regulamentación legal das reclamacións ao orzamento e o procedemento plenario para a súa aprobación.

-----  
S.ordinaria 31.05.10

O artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, regula o réxime de reclamacións ao proxecto de orzamento das entidades locais, reclamacións que nalgúns aspectos poden resultar semellantes a un recurso de reposición por canto se interpoñen ante o Pleno que aprobou o expediente presupostario.

A lexitimación activa en vía administrativa para formular reclamacións á aprobación provisional do proxecto de orzamento contempla tres categorías de interesados: os habitantes no territorio da respectiva Entidade Local, entendendo por tales os habitantes de dereito, en segundo lugar os que resulten directamente afectados aínda que no habiten no territorio da entidade local, é dicir aqueles que puideran ser titulares dun interese propio particular distinto do de calquera outro cidadán e finalmente e en terceiro lugar unha serie de entidades (colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións,) que dende a súa condición pública ou privada poden defender intereses profesionais, económicos e/ou veciñais no ámbito do territorio municipal.

Por outra parte e de acordo co citado artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, artigo 22 do RD 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, enumera os motivos taxados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

Un primeiro motivo ven determinado por non se axustar a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio RD 2/2004, do 5 de marzo; con respecto a esta posibilidade debemos indicar que existe unha doutrina xurisprudencial a teor da cal a existencia de vicios formais na elaboración e aprobación do orzamento deben ser o suficientemente graves como para anulalo na súa integridade, xa que de apreciarse un vicio que determinase a súa anulabilidade e non a nulidade radical aplicaríase o “principio de conservación de actos”.

En segundo lugar a Lei impón ás Entidades Locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa de aquela, isto supón unha excepción ao efecto autorizante do orzamento, como consecuencia da preexistencia do recoñecemento obrigacional, sendo necesario que a obriga sexa esixible, isto é, que se perfeccionara mediante os actos necesarios para a súa efectividade. Como corolario desta esixencia o citado artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004, recolle un segundo suposto polo que se permite a impugnación dos orzamentos, por omisión de créditos para o cumprimento de obrigas cando estas son esixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

Por último o artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004 permite a reclamación contra un orzamento dunha Entidade Local pola insuficiencia dos ingresos en relación aos gastos presupostados, ou destes respecto ás necesidades derivadas do exercicio das competencias municipais. Agora ben, cómpre matizar que soamente cabe a citada reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas”, pois doutra maneira suporía acernar as facultade de decisión económico-financeiras que comporta o exercicio da autonomía local. Por outra parte, habería que distinguir entre os gastos de funcionamento dos servizos de carácter obrigatorio que serían os



servizos mínimos municipais do artigo 26 da Lei de Bases de Réxime Local e os de carácter potestativo dos que non cabe predicar a súa preceptividade.

Tras este análise da regulamentación das reclamacións ao orzamento tan só resta enunciar o procedemento establecido nos artigos 169 e 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004 para a aprobación do orzamento polo Pleno:

1. O Pleno dispón do prazo dun mes para resolver as reclamacións que se presenten contra o orzamento, contándose este prazo a partir do día seguinte ao de finalización da exposición ao público e considerándose as reclamacións denegadas, en calquera caso, se non se resolvesen expresamente no acto de aprobación definitiva (artigo 20.1 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril).
2. O quorum necesario é o mesmo que o requirido para a probación, isto é, con carácter xeral a maioría simple.
3. O orzamento xeral, definitivamente aprobado, debe ser inserido resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, como garantía do principio de seguridade xurídica do artigo 9.3 da Constitución.
4. Debe remitirse copia do orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma .
5. Copia do orzamento e das súas modificacións deberá estar a disposición do público a efectos informativos dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.
6. O orzamento entrará en vigor no exercicio correspondente unha vez publicado na forma referida anteriormente, é dicir se o edito anunciando a aprobación definitiva se publica no BOP antes de comezar o exercicio económico ao que se refire o orzamento, a entrada en vigor será o 1 de xaneiro seguinte; se a publicación se efectúa xa iniciado o exercicio o orzamento entrará en vigor o día da súa publicación.
7. Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.
8. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de abril de 2010, ditamina favorablemente a proposta do concelleiro delegado citada anteriormente.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: O Regulamento orgánico municipal vixente neste Concello aprobouse con data 30 de xuño de 1988. Vinte e dous anos despois, logo de teren esta Corporación seis alcaldes e tamén ducias de concelleiros que non acadaron modificar este regulamento e adaptalo ás novas circunstancias, este goberno ten a satisfacción de someter a aprobación, logo dun ano de conversas e negociacións entre os tres grupos desta Corporación, o texto que se somete a aprobación provisional.

Sometemos a aprobación provisional un Regulamento orgánico do Pleno e coido que

o traballo destes tres anos mereceu a pena. Dende aquí teño que facer o recoñecemento ós tres grupos polas dificultades que en ocasións tivemos; tamén lamentar a utilización que fixo o Partido Popular da inexistencia do regulamento do Pleno cando había unha norma que o regulaba e polo tanto todos nos tiñamos que adaptar a ela. Lamentar sobre todo unha utilización que se fixo logo que o goberno anterior da Sra. Porro durante tres anos e medio non foi quen de acadar a aprobación deste regulamento. Coa aprobación da Lei de grandes cidades, 57/2003, adaptalo convertíase nunha obriga legal para cidades de máis de 250.000 habitantes. Insisto en que dende a publicación desta lei non se acadou nesta Corporación a aprobación deste regulamento.

No texto que presentamos se aborda unha regulación xenérica dos órganos colexiados municipais dado que mesmo recolle normativa autonómica do ano 97 e por tanto estábamos diante dun importante desfase de vinte e dous anos, como dicía ó principio .

A normativa actual configura o Pleno deste Concello como un verdadeiro órgano de debate de grandes políticas municipais á vez que foro de adopción de decisións estratéxicas de política municipal nunha perspectiva case parlamentaria. Como gran cidade de máis de 250.000 habitantes, prodúcese un modelo de cambio organizativo municipal que ten unha dobre visión: que este Pleno sexa o foro de debate das políticas municipais e que á vez sexa o órgano de fiscalización do goberno. Era polo tanto imprescindible e máis urxente ca nunca que se aprobase unha norma de carácter orgánico. Tamén este regulamento recolle a liña de traballo do Ministerio de Política Territorial, sobre todo en relación coa comparecencia do vicepresidente terceiro do goberno o día 4 de marzo en sede parlamentaria.

Este regulamento comprende aspectos tan importantes nos seus títulos como os do Título I: "Constitución e competencias do Pleno", onde se recolle todo o relativo ó Pleno. Título II: "Estatuto dos concelleiros", onde se recoñecen dereitos e deberes dos concelleiros. Título III: "Dos grupos políticos", recóllese todo o relativo ós grupos que hoxe constitúen ou que poidan constituír esta Corporación. O Título IV: "A organización do Pleno". No Capítulo V recóllese a súa forma de funcionamento e no Capítulo VI recóllese tamén o procedemento para a elaboración e aprobación de ordenanzas, regulamentos e orzamento.

Coido polo tanto que estamos diante dun momento certamente importante para este Concello, adaptándonos á normativa como xa se debería ter feito con anterioridade,

se conseguimos aprobar este regulamento coa unanimidade dos tres grupos que coido que si. Sería un paso adiante porque estaríamos nun proceso de normalización e de modernización.

Tamén teño que dicir que na negociación que mantivemos os tres grupos deuse un alto grao de consenso. Este regulamento consta de 101 artigos e as alegacións e propostas do Partido Popular, que algunhas se recolleron por este goberno, só se circunscibiron a 7 artigos. Houbo polo tanto unha discrepancia de menos do 7% que coido que amosa o traballo que realizamos durante un ano e de como acercamos posicións os tres grupos.

As discrepancias, polo menos as inicialmente manifestadas polo Partido Popular, débense a dous temas concretos, un de política de carácter xeral xa suficientemente debatido neste Pleno coma é o tema da oficialidade do idioma galego, e o outro refírese máis que nada a un tema que eu circunscibiría a conxuntura política como é o número de mocións que se poden presentar a este Pleno. Neste intre do que se trata sinxelamente é de adaptar este regulamento á situación e composición actual deste Pleno.

Quero trasladar a miña satisfacción por poderen presentar a aprobación inicial este Regulamento orgánico do Pleno na confianza en que, agás pequenas matizacións, poida ser aprobado por unanimidade porque como dixen o anterior é de hai vinte e dous anos. Penso que o texto que propoñemos permanecerá seguramente no tempo, adaptado perfectamente á normativa e para o que eu desexo unha longa vida no que é a normalización legal de todo o relativo a Pleno, concelleiros, grupos políticos e elaboración de ordenanzas, regulamentos e orzamentos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Tal e como dicía o Sr. López Font, dende o ano 1998 está en vigor o actual Regulamento orgánico no que se recollen as peculiaridades organizativas e de funcionamento do Concello de Vigo.

Nos vinte e dous anos transcorridos dende a súa aprobación e coas sucesivas modificacións que se produciron de normativas locais e autonómicas, o Regulamento orgánico quedou desfasado. Especialmente dende a aprobación no ano 2004 da chamada Lei de grandes cidades que despoixaba ó Pleno de gran parte das súas competencias en xestión e limitouno á súa vez a seren un foro de debate dos asuntos importantes de política local; tamén o converteu no órgano de fiscalización e control do goberno.

Partindo destas premisas e de que o Regulamento do Pleno quedaba obsoleto, o BNG asumiu a súa parte de co-responsabilidade neste goberno e participou activamente na elaboración e discusión deste novo regulamento que hoxe traemos para a súa aprobación no Pleno.

A idea que moveu ó BNG foi a de elaborar un regulamento democrático, consensuado polas tres forzas políticas que hoxe formamos parte do Pleno e que foron elixidas pola cidadanía á que representan. Un regulamento que permitise a participación da cidadanía e onde non se excluise a ninguén á hora de exercer o dereito a participar na vida democrática do Concello a través das súas achegas e suxestións; regulamento no que á Xunta de Voceiros se lle dese un papel no control da Presidencia e na contra do presidencialismo; un regulamento, en definitiva, flexible pero á súa vez rigoroso para cumprir as regras de xogo democrático, tanto polos membros da Corporación, como pola cidadanía que asiste e participa nos Plenos.

Un ano e pico logo de iniciados os debates, temos que confesar que conseguimos case todo agás quizais o máis utópico: acadar o consenso por parte do Partido Popular, cousa que pensamos e intentaremos que se acade neste Pleno.

Temos que dicir que dende o comezo o PP púxolle moitas pedras no camiño a este regulamento. Dalgunha forma pretendía castigar a este goberno dicindo que non eramos quen de aprobar un regulamento e mentres verdadeiramente o que nós pensabamos era que a quen se castigaba era á cidadanía porque se lle estaba furtando Pleno tras Pleno a posibilidade de escoitar verdadeiros debates de política, desa política que lles interesa ós cidadáns e cidadás, esa que fala da crise, do paro, da sanidade, do tráfico, dos servizos sociais e de como acceder a unha vivenda digna. Repito que o PP lle estivo furtando á cidadanía a posibilidade de demostrar que son verdadeira oposición e que teñen iniciativas que poden mellorar as condicións de vida dos vigueses e viguesas.

Pero logo deste ano pódennos demostrar que si teñen iniciativas e que si queren contribuír á mellora da calidade de vida. Poden demostralo facendo propostas realistas que se poidan xestionar e asumibles por este goberno e non limitándose a faceren “guerra de guerrillas” nos Plenos convertendo estes en algo absolutamente tedioso onde nos arroxamos todo tipo de mesquindades. Polo menos así a cidadanía tería a oportunidade de sentirse orgullosa daqueles concelleiros e concelleiras ás que votaron, cada quen á súa opción. Probablemente durante este tempo o único que

conseguiu o PP foi incrementar o feito de que se nos valore mal ós políticos.

Eu teño que facer aquí mención a unha das cuestións pola que se atrasou a aprobación deste regulamento por este Pleno, precisamente un dos cabalos de batalla foi o debate do galego, o noso idioma, si, ese que non era conflito antes da “gloriosa campaña” do Partido Popular do 1 de marzo. Conflito con maiúsculas para a xente para a que antes non o era, para os pais, profesores, alumnado; en definitiva para a cidadanía en xeral. Ese conflito que ten nome de Decreto do galego, que está sendo demonizado porque pode incorrer en inconstitucionalidade por organismos como o Consello da Lingua, a Real Academia Galega ou outros destas características. Seguindo con esta teima anti-galega á que nos acostuma o Partido Popular o último ano, tamén o tentou no Concello de Vigo negando a súa propia historia pois hai vinte e un anos que existe a ordenanza de normalización lingüística que se aplica neste Concello e que lle sobreviviu, respectivamente, ós gobernos do Partido Popular, Partido Socialista e do BNG. Esta ordenanza de normalización lingüística que tamén lle serviu á Sra. Porro, sendo concelleiro de Normalización Lingüística o Sr. López-Chaves. Si, este que é precisamente quen agora está a presentar todo tipo de iniciativas e mocións na contra do galego.

Precisamente foi o artigo 56 un dos principais cabalos de batalla. Este artigo, nada máis nin nada menos é o que trae a normativa da ordenanza de normalización lingüística para que as mocións e todo o que se presente a este Pleno sexa en galego. Logo da aprobación deste regulamento confiamos en que o artigo 56 deixará de seren un cabalo de batalla e tamén en que o Partido Popular votará a favor este regulamento que nós queremos que sexa de consenso, democrático e participativo.

SR. CONDE GIL: Facer unha observación: É moi feo mentir, Sr. López Font. No pasado Pleno non veu o regulamento para aprobación inicial porque vostede dicía que se quería reunir co Partido Popular ó longo deste mes para tentar consensuar este texto polo que tivemos diversas reunións segundo recoñeceu vostede. Por outra banda a Sra. Méndez dicía que non era certo, que o que lle faltaba ó goberno eran os catorce votos necesarios para esta aprobación inicial, como así foi. Hoxe vexo a cadeira do Sr. Rivas e a este sentado nela polo que traen ó Pleno esta aprobación porque nestes momentos teñen eses catorce votos dos que daquela carecían. Polo tanto vostede mentiu e ademais porque ó longo deste mes nin nos chamaron, nin se reuniron con nós para absolutamente nada.

Pero á parte desa apreciación, en primeiro lugar vostede felicítase aquí, pero como non van ser todas felicitacións faino coa vara na man e tenta darnos con ela. Tenta manipular a historia do que aconteceu neste Concello, pero o certo é que efectivamente o regulamento actual, como ben dixo, é do ano 88 e, aínda que vostede relatou os alcaldes que pasaron por aquí, non facía falta modificalo porque sempre existiu un consenso e unha liberdade que rematou coa chegada de vostedes ó goberno no ano 2007 e os Plenos convertéronse en problemáticos por mor da súa actitude, da súa arrogancia (neste caso a do Sr. Alcalde), pola prepotencia, por tentar manipular a vontade da cidadanía. Pero ademais hai que seren claros porque a Lei de grandes cidades impón a modificación deste regulamento, é esta lei á que aludían vostede e máis a Sra. Méndez a que impón esta modificación.

Como ben saben vostedes o Partido Popular tiña un borrador de Regulamento orgánico no anterior mandato que se non se aprobou foi pola súa irresponsabilidade, porque intentaron afogar a un grupo municipal que se atopaba en minoría, porque vostedes, os que non foron quen de se poñer de acordo para manter un goberno e asistimos á existencia daquel breve mandato do Sr. Pérez-Mariño, intentaron afogar ó Partido Popular.

Respecto deste borrador o Partido Popular felicítase de seren o grupo que acadou que do borrador inicial do regulamento se retirara o intento de prohibición de que os veciños libremente poidan acceder ó Pleno, que mesmo poidan ser sancionados e iso dunha maneira un tanto torticeira porque non existía ningún tipo de procedemento legalmente establecido para esas sancións; mesmo que se lles puidese impedir durante algún tempo vir e asistir ás sesións plenarias porque a vostedes lles gusta que todo vaia a favor de obrar e no momento que non vai así se poñen nerviosos e cando pasa isto aplican o “rodillo” e intentan coartar a liberdade dos cidadáns.

Pero iso é pasado. Agora temos outro proxecto de regulamento do que din que nós presentamos un 7 ou un 10%. Non, Sr. López Font, non intente manipular e enganar novamente como fixo cando o mes pasado dixo que se ía reunir con nós, sabe que non é certo porque nun regulamento de cento un artigos, como din vostedes, hai moitos temas que veñen establecidos por lei, que non teñen ningún obxecto de discusión e polo tanto o Partido Popular non ten nada que dicir ó respecto porque somos un partido que ante todo cumpre coa lei, que respecta a lexislación vixente.

Respecto dos outros temas ós que aludían vostedes e ós que fixemos achegas, o Partido Popular ten un criterio diferente. No tema do idioma por exemplo, o Partido

Popular quere que se cumpra a lei. No borrador de regulamento que deixou o Partido Popular no ano 2007 cando deixou a Alcaldía, viña que en todo caso, á parte do galego, os concelleiros poderían realizar as súas actuacións en castelán e iso é precisamente o que pedimos nós nas nosas alegacións no que respecta ó artigo 56, apartado 2, que se engada: “Sen prexuízo do poder facer tamén na outra lingua oficial”, porque lembremos que o castelán é lingua cooficial, e que “nos debates poderase utilizar indistintamente a lingua galega ou a castelá”. A iso opóñense vostedes e ademais dun xeito que me fai moita gracia porque vostede, Sr. López Font, é o primeiro en falar sempre en castelán, dende a primeira sesión de constitución desta Corporación que lle asubiaron a vostede.

Nós pedimos que se respecte a lei e o artigo 3 da Constitución española, no seu apartado 1 di que o castelán é a lingua oficial do Estado e que todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala. Nós queremos que se nos recoñeza ese dereito porque se coñecen a pirámide Keynesiana da normativa saberán que a Constitución é a punta da pirámide da normativa española e polo tanto ningunha norma de rango inferior como é un regulamento dun Pleno pode ir na contra desa normativa. Ninguén nos pode impedir polo tanto utilizar o castelán, como por outra banda facemos e vostede principalmente, neste Pleno.

Por outra banda o apartado 2 do artigo 3 da Constitución española di que as demais linguas españolas, entre as que loxicamente está o galego, tamén serán oficiais nas súas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos. O artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, que o Partido Socialista e máis o Partido Popular aprobaron e xa sabemos que o Bloque Nacionalista Galego non apoiou no seu día o Estatuto de autonomía nin a Constitución, di que “Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito dos coñecer e dos usar”. Pedimos nada máis que se cumpra a lei. Pregúntome se vostedes non están en que se cumpra a lei. Pedimos que se cumpra a normativa vixente.

Respecto dos tempos xa dicía antes que durante moitos anos, dende que se aprobou o Regulamento do ano 87 e coido que mesmo antes, houbo unha paz neste Concello, a Xunta de Voceiros púñase de acordo, existían uns tempos, respectábanse, existía unha flexibilidade porque lembremos que coa Lei de grandes cidades este Pleno se converte no foro de debate político e, porque existía consenso e unha visión democrática da vida municipal, a ninguén se lle ocorreu poñer pegas. Aquí non sabemos a que nos ater.

No seu día na Xunta de Voceiros acordouse unha cousa, chegamos ó Pleno e modifícase arbitrariamente polo Sr. Alcalde quen, como a lei marca, ostenta a Presidencia pero o que non pode ser é que cada día fagamos algo distinto. Eses tempos que se establecen na aprobación inicial deste regulamento son un galimatías. Non sei se van facer unha corrección de erros como fixo o Sr. Rodríguez Zapatero co Real decreto porque aquí se utiliza calquera mecanismo para modificar a lei, pero é unha auténtica loucura. Queremos converter os Plenos do Concello de Vigo unha vez ó mes, non o esquezamos, agás que haxa circunstancias extraordinarias en “plenos-expreso”, semella que os políticos temos medo a traballar e iso é o que quizais nos critique a cidadanía, hai xente que está nunha cadea de montaxe ou nunha obra oito ou dez horas e non pasa nada e nós, que? Temos que discutir como nas xerencias de Urbanismo que tarda vostede máis en ler a delegación de competencias do Sr. Alcalde que en realizar a sesión. Quere que cheguemos a eses extremos? Afirmo rotundamente que o Partido Socialista, coa aquiescencia do BNG, quere chegar anular a vontade política dos cidadáns e quere que o grupo maioritario da Corporación, porque lles sacamos moitos votos e máis que lles imos sacar, estea calado.

Nós facemos unha proposta moi clara: Somos vinte e sete concelleiros, pois vinte e sete minutos para tratar unha moción ou unha proposta e que eses tempos se repartan proporcionalmente ó número de concelleiros. Que a vontade da xente da rúa se vexa reflectida aquí e que quen traballe máis e teña máis votos sexa beneficiado. Iso é democracia e liberdade, non igualitarismo que ó final conduce a que un grupo que ten un membro teña a mesma intervención que outro que ten trece como nós.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, o seu tempo rematou.

SR. CONDE GIL: Non vai haber ningunha intervención máis?

A PRESIDENCIA: Fixen unha proposta de dez minutos e ten que rematar. Remate xa.

SR. CONDE GIL: O outro tema era o número de mocións co que neste Concello non houbo nunca ningún problema, chegaronse tratar trece, catorce..., pero revise vostede como fixen eu as actas de moitos anos e verá como non houbo nunca



ningún problema. Vostedes agora as queren limitar a sete e ademais de interese municipal; quen vai decidir se é de interese municipal? Supoño que o alcalde porque a Xunta de Voceiros non vai dicir nada.

Nós faciamos unha proposta respecto das mocións e é que volva primar o que vota a cidadanía que ó final é o importante e dicíamos que cada dous concelleiros se presentase unha moción. Vostedes néganse a iso porque teñen menos votos e dálles medo este sistema. Gañen as eleccións que nós as gañamos e vostedes non e entón terán esa oportunidade.

O regulamento ten que ser unha circunstancia para perdurar e o Partido Popular vai votar que non a esta aprobación inicial porque este non nos parece un regulamento axeitado á cidade de Vigo, semella un regulamento feito “*ad hoc*”, a medida do traxe do Sr. alcalde que lembren que o vindeiro ano se ten que someter a un proceso electoral e como di o refrán “arrieiros somos e no camiño atoparémonos”.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Conde, en ocasións os seus discursos semellan anteriores á democracia, de verdade, é vostede un auténtico provocador neste Pleno, xa lle dicía o outro día que é vostede unha persoa que non respecta as regras democráticas e cada vez que temos un debate confírmao.

Nós non estamos anulando a vontade política dos cidadáns, moi pola contra estámola fornecendo día a día e son vostedes os que con manifestacións do estilo das que acaba de facer se afastan do verdadeiro espírito democrático. Lémbrolles a vostedes, señores concelleiros do Partido Popular, concretamente a vostede, que cando non lles interesan os debates neste Pleno o primeiro que fan é erguerse. Esa é a regra da democracia que vostede ten como básica? É o respecto que vostede lle ten a este Pleno e a estes cidadáns ós que di defender? Dende logo que se é esa a forma de fornecer a vontade política parece mentira que vostede o faga así.

Non vou caer en ningunha das súas provocacións. Vostede é unha persoa que só ten un discurso aquí que ten a denominación de mentira. Fale do que fale eu non lle escoitei ningunha intervención na que non lle chame mentireiro a alguén, isto é así por sistema. Pero cre vostede que estatisticamente van ser mentireiros todos eses dos que fala vostede? É esa unha parte do seu discurso político? Cre que lle fai gracia ós cidadáns? Os cidadáns están agardando que esta cidade avance, que progrese como o está a facer e o único atranco que hai ó progreso desta cidade son vostedes e especialmente vostede coas súas intervencións.

Este regulamento, Sr. Conde, non é ningún traxe á medida de ninguén. Neste Pleno o Alcalde deu todas as probas de democracia, flexibilidade e tolerancia coa oposición. A paz que había, a que debe haber e á que contribúen o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, é dicir, este goberno, os únicos que a alteran son vostedes. En primeiro lugar non teñen as máis mínimas normas de comportamento democrático neste Pleno; teñen desprezo permanente para concelleiros que fomos elixidos porque si é verdade que me asubiaron no Pleno de constitución deste Concello e é evidente que seguro que foron militantes do Partido Popular. Estamos aprobando unha norma que hai moito tempo que se tería que ter modificado e por iso dicía eu que estamos diante dun momento certamente importante, pero vostedes o primeiro que teñen que saber é que este regulamento se axusta á lei e o que non se pode facer é utilizalo para reabrir debates políticos e para crear problemas onde non os hai.

Non me quixen referir ó tema do idioma con tanta amplitude coma o fixo a Sra. Méndez porque está suficientemente debatido neste Pleno e son vostedes os que tratan de facer un problema onde non o hai. Este Concello, o seu alcalde e toda a Corporación cumpren e fan cumprir a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia. Pero iso non ten nada que ver, Sr. Conde, con que as cousas se redacten ó seu gusto, ó gusto dalgún dos concelleiros do Partido Popular. Non, Sr. Conde, redáctanse como están neste regulamento pero teña vostede a certeza de que a lei, Constitución e Estatuto de autonomía se cumpren e se fan cumprir.

Outra cuestión é que logo dun ano as achegas e as discrepancias do Partido Popular foron mínimas, non vale a escusa de que algúns artigos xa son norma legal. Que vostede e os concelleiros do Partido Popular falen de “plenos-expreso” resulta sorprendente cando pretendieron facer deste Pleno un auténtico circo presentando quince ou dezaseis mocións. Parece mentira que vostede non lea a prensa, que non se decate, porque se decataron todos os cidadáns de Vigo que por estaren aquí ata as 5 ou 6 da tarde somos o Pleno de toda Galicia no que se debate o maior número de mocións, no que a oposición ten o maior tempo para intervir e somos o lugar onde os Plenos se alongan moito máis, sendo sorprendente para outros concellos e dando certo rubor o comportamento do Partido Popular. Pero xa lle anticipo que aquí estaremos o tempo que sexa necesario.

Presentamos para aprobación un texto no que este goberno puxo moito da súa parte para que houbera un consenso. Como vostede acaba de manifestar non o conseguiu, pero eu si quero que os cidadáns saiban que vostedes votan que non a este

regulamento por unha cuestión de política, cuestión que semella que lles deu moito resultado nas eleccións galegas, e por outro motivo que é o número de mocións.

Quero reafirmar aquí que este é o Concello máis democrático de toda Galicia e que este regulamento se axusta perfectamente ó que debe ser un Pleno dunha gran cidade como é Vigo, aínda que vostedes segan sen se decatarse de que esta é unha gran cidade.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

**ACÓRDASE:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento Orgánico do Pleno da Corporación co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Someter dito acordo, mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a información pública e audiencia ós interesados por un prazo mínimo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- Resolución, no seu caso, de alegacións e aprobación definitiva polo Pleno.

Cuarto.- A aprobación inicial entenderase elevada a definitiva cando, no prazo sinalado de exposición pública, non se tivera presentado ningunha reclamación ou suxestión.

**7.- (100).- APROBACIÓN PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DE REEQUILIBRIO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO ANO 2009.**

**ANTECEDENTES.-** Con data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de abril de 2010, don José Antonio Pérez Torres presenta no Rexistro Xeral deste Concello, doc. Número 100055615, o documento no que consta o Plan económico financeiro de reequilibrio

-----  
S.ordinaria 31.05.10

da liquidación do orzamento xeral do ano 2009.

Con data 23 de abril, a concelleira delegada de Economía e Facenda formula o seguinte informe-proposta:

“De acordo co informe do cumprimento da estabilidade presupostaria emitido con data 2 de febreiro de 2010 polo Sr. Interventor Xeral Municipal, os recursos non financeiros non foron suficientes para dar cobertura á totalidade dos gastos non financeiros, acusándose un déficit en termos de estabilidade ou necesidade de financiamento de 15.355.004,25 euros.

Por conseguinte, a “Unidade Institucional”, integrada polo Concello de Vigo e os seus organismos autónomos de carácter administrativo, presenta en termos de estabilidade presupostaria un desequilibrio cifrado no déficit das operacións non financeiras, que ascende a 15.355.004,25 euros.

Información sobre os estados consolidados

Obrigas recoñecidas		Recadación de exercicio corrente		Recadación de exercicios pechados		Total	Axustes	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe	Capítulo	Importe	Importe	Maior déficit	Menor déficit
I	66.896.528,70	I	84.181.301,60	I	10.353.077,63	94.534.379,23	606.440,36	544.800,16
II	110.886.385,89	II	9.927.127,19	II	1.085.647,20	11.012.774,39	682.698,72	464.966,40
III	544.098,47	III	34.200.005,21	III	3.478.683,46	37.678.688,67		
IV	20.668.572,62	IV	74.659.367,37	IV	2.280.620,56	76.939.987,93	6.148.323,93	4.379.386,90
V		V	3.781.104,05	V	82.785,16	3.863.889,21		
VI	70.387.275,48	VI	313.432,55	VI		313.432,55		
VII	8.926.538,72	VII	40.044.125,90	VII	615.427,30	40.659.553,20		
TOTAL	278.309.399,88		247.106.463,87		17.896.241,31	265.002.705,18	7.437.463,01	5.389.153,46
Total Recadación de exercicio corrente e de pechados						265.002.705,18		
Resultado dos axustes							<b>2.048.309,55</b>	
<b>Necesidade de financiamento</b>						<b>15.355.004,25</b>		

-----  
S.ordinaria 31.05.10

Tendo en conta que a normativa prevé a posibilidade dunha aplicación flexible do principio de estabilidade, o Goberno acordou a flexibilización do principio de estabilidade da Lei de Estabilidade Presupostaria ás Entidades Locais, permitindo con carácter excepcional para o exercicio 2008, que se poida presentar un déficit non superior ao 4,81% dos seus ingresos non financeiros consolidados, é dicir, que as entidades locais que aínda presentando déficit na súa liquidación presupostaria non excedan o límite porcentual indicado quedan eximidas da presentación dun plan económico-financeiro de restablecemento do equilibrio. Esta medida alcanza tamén con carácter excepcional ás liquidacións presupostarias do ano 2009.

En relación co anterior, previa proposta do Ministerio de Economía e Facenda, a Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal, da Comisión Nacional de Administración Local, acordou fixar no 0,35 por 100 do PIB nacional 2009 o límite do déficit das Entidades Locais, dentro do cal estas non terán que preparar, aprobar e someter a aprobación plans económico-financeiros de reequilibrio como consecuencia da liquidación dos presupostos do ano 2009.

A porcentaxe anterior, supón que será asumible un déficit en termos de ingresos non financeiros consolidados do 5,17 por 100.

Aplicable esta porcentaxe aos estados consolidados que se derivan da liquidación dos presupostos do ano 2009, sería asumible un déficit de 15.047.754,50 euros, sendo este inferior que o desequilibrio que se produce na liquidación dos estados consolidados en 307.249,75 euros, o cal obriga a preparar, aprobar e someter a aprobación do Pleno un plan económico-financeiro de reequilibrio como consecuencia da liquidación dos presupostos do ano 2009.

Polo tanto, en aplicación do previsto no artigo 22 TRLGEP, o Concello de Vigo, ven obrigado a elaborar no prazo máximo de tres meses a partir do coñecemento polo Pleno da Corporación do déficit da liquidación, un plan económico-financeiro de corrección do desequilibrio producido (PEF), contados a partir do inicio do ano seguinte ao que se poña de manifesto o desequilibrio, por conseguinte 2011-2013.

O PEF que se presenta formula a corrección do desequilibrio na propia execución do presuposto do ano 2010, xa que practicamente a xustificación do desequilibrio está na diferenza entre as obrigas recoñecidas o os ingresos efectuados polo Fondo Estatal de Investimento Local no ano 2009, sendo esta diferenza de 14.237.326,89 (obrigas recoñecidas 47.733.727,30, ingresos efectuados, 33.496.400,41 euros), como se pode apreciar, a corrección é practicamente automática, xa que no ano 2010 executaranse 4.736.569,83 euros no remate do FEIL e percibiranse ingresos por 18.598.069,08 euros.”

Polo anteriormente exposto, a concelleira delegada emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Interventor Xeral, con data 18 de maio, informa o que segue:

“Con data do 22 de abril do ano en que andamos tivo entrada nesta Intervención Xeral, expediente comprensivo da documentación relativa o Plan Económico-

-----  
S.ordinaria 31.05.10

Financeiro elaborado como consecuencia de se ter deducido na liquidación dos orzamentos xerais desta administración municipal correspondentes ao exercicio económico do 2009 un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria.

Con data do 15 de marzo do 2010, o funcionario que subscribe, en cumprimento do do establecido no artigo 16 do Real decreto 1463/2007 do 2 de novembro, emitiu informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria con ocasión da liquidación dos orzamentos xerais deste Concello correspondentes ao exercicio de 2009, informe que con carácter independente debe incorporarse ao expediente relativo a dita liquidación orzamentaria.

No indicado informe deduciuse un déficit que se cuantificou en 15.355.004,25 euros, contía esta que determina a necesidade da elaboración e aprobación dun Plan Económico-Financeiro a un prazo máximo de tres anos, coa finalidade de corrixir o desequilibrio orzamentario producido, tal e como require a normativa reguladora da estabilidade orzamentaria.

As causas motivadoras de tal déficit tanto a nivel global, de grupo consolidado, como a nivel desagregado recóllanse no apartado de conclusións do mencionado informe, nos termos que se reproducen de seguido:

“(...)

**Primeiro.-**

*A nivel individual, infírese de forma razoada que o OO.AA. Escola Municipal de Artes e Oficios atópase en situación de superávit en termos de estabilidade.*

*Pola contra, os OO. AA. Instituto Municipal de Deportes, Parque das Ciencias Vigo-Zoo e Xerencia Municipal de Urbanismo, presentan un desequilibrio en termos de estabilidade presupostaria polas contías indicadas neste informe.*

*A orixe deste desequilibrio, nos tres casos, atópase na aplicación do remanente de Tesourería obtido na liquidación do exercicio anterior ao liquidado, isto é, o correspondente ao ano 2008 (concepto 870 do estado de ingresos do orzamento) como fonte de financiamento dos créditos do estado de gastos durante o exercicio 2008, por importes que para os tres entes se deixan indicados no presente informe.*

*En consecuencia, pode afirmarse que o “desequilibrio” ou “necesidade de financiamento” que se obtén dos cálculos e axustes efectuados en relación a estes tres organismos se debe exclusivamente á aplicación do remanente de Tesourería do exercicio 2008 para financiar novos gastos no exercicio ao que se refire a liquidación.*

*Por establecelo así a normativa reguladora da estabilidade presupostaria, o “desequilibrio” ou “necesidade de financiamento” indicado non requiriu no momento de tramitar o expediente de modificación presupostaria correspondente de ningún Plan económico de corrección por estar garantido o seu financiamento con “aforro”, recursos propios incondicionados ou “superávit” acumulado en exercicios anteriores, acreditado a 31 de decembro de 2008, a través da magnitude do remanente de*

*Tesourería dispoñible.*

*Con todo, a normativa citada considera o remanente de Tesourería coma un recurso financeiro que non ten a súa orixe no propio exercicio e por iso non admite que poida ser obxecto de axuste nas magnitudes presupostarias nos cálculos de estabilidade, exceptuando a necesidade de elaborar un plan económico-financiero a aquelas modificacións presupostarias que aínda incumprindo o obxectivo de estabilidade utilicen como medio de financiamento o remanente de Tesourería para gastos xerais; pero iso só ata a liquidación, pois no caso de que perdure o desequilibrio orixinado e non quede subsumido na propia execución presupostaria, e dos cálculos agregados dedúzase incumprimento xorde a esixencia da elaboración de tal plan.*

*Polo que se refire á entidade matriz ou Concello de Vigo, individualmente considerada, tamén arroxa un desequilibrio en termos de estabilidade, cifrado en 14.874.796,95 euros, o que determina unha necesidade de financiamento ou déficit de estabilidade polo indicado importe.*

*A orixe deste desequilibrio débese basicamente ao xa explicado neste informe respecto da transferencia derivada do Fondo Estatal de Investimento Local do ano 2008, executado no 2009. A cantidade que a 31 de decembro do exercicio se atopa pendente de xustificación nos termos previstos na normativa por parte do Concello e por conseguinte pendente de cobro ascende a 18,5 millóns de euros.*

*Como xa se expuxo son os criterios do Manual de Cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado á entidade local da IGAE e o Manual do SEC95 sobre o déficit público e a débeda pública do 30 de abril do 2002, publicado por EUROSTAT, os que determinan que non procede a realización dun axuste por esta situación xa que, como indicamos neste informe, o perceptor da transferencia, neste caso, o Concello de Vigo, debe rexistrala no momento en que se rexistra o gasto polo pagador, isto é, a Administración Central, e para esta instancia administrativa non é gasto en tanto non estea xustificada polo seu perceptor.*

### **Segundo.-**

*A normativa reguladora da estabilidade presupostaria establece que a verificación do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria debe realizarse a nivel agregado ou de grupo consolidado.*

*Dos cálculos efectuados a nivel de agregado no presente informe, infírese que o grupo consolidado presenta un déficit en termos de estabilidade presupostaria, isto é, un desequilibrio que se traduce nunha necesidade de financiamento por importe de 15.355.004,25 euros.*

*A orixe deste desequilibrio e as causas motivadoras do mesmo son as xa analizadas en parágrafos anteriores deste epígrafe de conclusións ao informe.*

*Por conseguinte, o grupo local Concello de Vigo, non alcanza o obxectivo de estabilidade presupostaria fixado para o período de referencia, e nesta fase en que se verifica a avaliación de tal cumprimento, que é a liquidación dos orzamentos*

xerais do exercicio económico do 2009, e por conseguinte deben adoptarse as medidas correctoras da situación de desequilibrio producida. Tal incumprimento verifícase no orzamento municipal, isto é, no correspondente á entidade matriz, pola marxe ou necesidade de financiamento en termos de SEC anteriormente, e nos OO.AA. Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo-Zoo e Xerencia Municipal de Urbanismo.

### **Terceiro.-**

Polo tanto, en aplicación do artigo 22 TRLGEP, o Concello de Vigo, vén obrigado a elaborar no prazo máximo de tres meses, un plan económico-financeiro de corrección do desequilibrio producido (PEF), contados a partir do inicio do ano seguinte ao que se poña de manifesto o desequilibrio, por conseguinte 2011-2013.

O PEF é un documento formal e numérico que incorporará un compromiso aprobado polo Pleno da Corporación, de non superar o déficit máximo que resulta das previsións presupostarias nos anos intermedios e de liquidar, polo menos, en equilibrio no último ano da súa vixencia que non poderá exceder, como deixamos indicado, de tres anos.

Neste plan recolleranse as actividades a realizar e as medidas a adoptar en relación coa regulación, execución e xestión dos gastos e dos ingresos, que permitan garantir o retorno a unha situación de estabilidade presupostaria, nos termos e co alcance previsto no artigo 20 do REL.

Unha vez aprobado o Plan, a verificación do seu cumprimento realizarase durante o prazo da súa vixencia con carácter anual, mediante informe relativo ao cumprimento a evacuar pola Intervención local, en cada unha das fases de aprobación, modificación e liquidación do orzamento, dándose coñecemento ao Pleno de devandito informe na sesión informativa correspondente.

Do devandito informe darase traslado pola Corporación, como xa se indicou anteriormente, ao órgano competente da CC.AA. de Galicia, no prazo, así mesmo sinalado.

O PEF quedará sen efecto por acordo do Pleno, cando se alcance o equilibrio en fase de liquidación, sen prexuízo de que transcorra o horizonte temporal para o cal foi inicialmente previsto.

Darase a estes plans a mesma publicidade, a efectos exclusivamente informativos, que a establecida polas leis para os orzamentos da entidade. (Artigo 23.3 TRLGEP Regulamento)

Aos mesmo efectos informativos unha copia do PEF deberá acharse a disposición do público desde a súa aprobación polo Pleno da Corporación e polo órgano autonómico, ata a finalización da vixencia do plan (artigo 26.2 Regulamento).

...

### **Quinto.-**



*En relación co informe sobre estabilidade presupostaria emitido con ocasión da aprobación provisional dos orzamentos xerais municipais do exercicio económico de 2010, xa se puxo de manifesto que os mesmos arroxaban un desequilibrio en termos de estabilidade e por conseguinte un incumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria, e por tal razón desencadeábase a situación descrita no apartado cuarto anterior destas conclusións respecto de a necesidade de elaborar un PEF.*

*Como queira que unha vez elaborado, aprobado e executivo o PEF, o obxectivo de estabilidade para a Corporación será o contido deste, todo o devandito no apartado anterior, debe entenderse referido, no seu caso, ao PEF que a Corporación elabore e/ou aprobe.*

Como consecuencia disto remítese a esta Intervención, como xa se indicou ao inicio do presente informe, documento de Plan Económico-Financeiro, acompañado de proposta para súa elevación ao Pleno da Corporación suscrita pola Sra. concelleira delegada de Economía e Facenda.

Polo que respecta aos aspectos formais e información mínima a recoller polos plans económico-financeiros, a teor do artigo 20 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se desenvolve a lei de estabilidade orzamentaria, sintetízase nos seguintes:

- Relación de entidades dependentes
- Informe de avaliación de incumprimento.
- Ingresos e gastos, por capítulos dea liquidación ao presuposto, en desequilibrio, e as proxeccións presupostarias no seu período de vixencia.
- As previsións de investimento e o seu financiamento.
- Memoria explicativa variacións interanuais.
- Explicación individual dos axustes SEC-95 en cada un dos anos.
- Plan consolidado e axustes consolidación.

Trátase do segundo PEF que se somete ao Concello Pleno, dado que recentemente aprobouse por este órgano colexiado un primeiro PEF derivado do desequilibrio deducido dos orzamentos xerais desta administración municipal para o ano en que andamos.

Este segundo PEF, que esta deseñado para un horizonte temporal dun só exercicio económico, nunha primeira parte recolle os cálculos para a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria na fase de liquidación do orzamento do exercicio 2009 e que é coincidente nas súas conclusións co xa emitido polo funcionario informante en data do 15 de marzo como se indicou anteriormente, para a continuación simular unha liquidación dos estados de gastos e ingresos do ano en que andamos tomando como referencia as porcentaxes de execución acadadas no exercicio precedente de 2009 para o orzamento corrente e minorados un 30% os de exercicios pechados, e acadando no horizonte temporal indicado, baixo tales hipóteses, o reequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de maio de 2010, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: O mes pasado presentábamnos diante deste Pleno a liquidación do ano 2009. Nela demostrábamnos a boa xestión deste goberno precisamente nun momento como o actual, xa que demostrábamnos que acadábamnos o maior orzamento da historia en Vigo con 324 millóns de euros, as maiores porcentaxes de execución orzamentaria próximas ó 100% nun momento no que outras cidades vían diminuídos os seus ingresos un 30 ou un 50%, presentábamnos uns remanentes de Tesourería por 95 millóns de euros que dobraban os do ano 2006, diminuíamos o endebedamento nun 35% con respecto ó ano 2006, situándonos así no 19% e sendo a nosa cidade a de menor nivel de endebedamento de toda España e presentábamnos uns fondos en Tesourería de 77 millóns de euros. Todo iso malia que a 31 de decembro aínda fallaba por ingresar o segundo pagamento do Plan ZP de 18.600.000 euros o que fixo que a 31 de decembro se pechase o ano contable cun desequilibrio de 15.350.000 euros.

O 13 de abril do ano 2010 fíxose público o nivel a partir do que un concello ten a obriga de presentar un plan económico-financeiro cando presente desequilibrios en termos de estabilidade. Ese nivel fixouse nun 5,17% dos ingresos financeiros consolidados e situou ó Concello de Vigo ó nivel de 15.047.000 euros. Como o desequilibrio que se presentou foi de 15.350.000 euros e o límite a partir do que é necesario presentar un plan económico-financeiro é de 15.050.000 euros, o Concello de Vigo está na obriga de restablecer o equilibrio e termos de estabilidade orzamentaria e polo tanto de presentar un plan económico-financeiro e iso é o que hoxe traemos a Pleno.

Hoxe traemos un plan económico-financeiro que consegue corrixir o desequilibrio presentado no ano 2009 e que amosa que no ano 2010 se vai pechar con superávit orzamentario. A razón é moi sinxela e aparece reflectida no plan. A razón do desequilibrio do ano 2009 foi o atraso no segundo pagamento do Plan ZP que se produciu con posterioridade ó 31 de decembro pero que aparece como ingreso recadado no ano 2010. Polo tanto no ano 2010 temos 18 millóns de euros máis do previsto e con este axuste demostramos que o ano 2010 mesmo pechará con superávit.

É un PEF que se elaborou con custe cero, non lle custou nin un só euro a este Concello. É un Plan económico-financeiro completamente diferente ó xa aprobado nos orzamentos que era un plan que contemplaba compromiso de investimento,

-----  
S.ordinaria 31.05.10

compromiso fiscal e que permite investir nesta cidade no ano 2010, 50 millóns de euros. O plan económico-financeiro que hoxe traemos a este Pleno é un plan diferente que xorde da liquidación do ano 2009 e que restablece o desequilibrio dese ano no ano 2010. Non afecta, nin se altera o Plan económico-financeiro xa aprobado nos orzamentos.

O que hoxe se trae a este Pleno é un documento estritamente técnico que indica o non ingresado polo Plan ZP no ano 2009 e si ingresado no ano 2010. Non hai nin modificacións, nin alteracións do plan económico-financeiro xa aprobado; son dous documentos completamente diferentes, con horizontes temporais distintos, metodoloxías e finalidades completamente diferentes. O plan económico-financeiro que hoxe traemos a Pleno sinxelamente recolle o desequilibrio do ano 2009, os ingresos recibidos no ano 2010 que se tiñan que recibir no ano 2009 e demostra que por este sinxelo feito o ano 2010 pechará con superávit orzamentario.

Isto pon de manifesto a boa saúde financeira e económica deste Concello, como tamén pon de manifesto a boa xestión deste goberno porque permite que os cidadáns poidan gozar dunha cidade transformada gracias precisamente ós seus orzamentos. Uns orzamentos sólidos, estables, cos niveis de endebedamento máis baixos de toda España e que dende o primeiro momento garantiron o investimento, a transformación da cidade, as humanizacións, o crecemento económico e a xeración de emprego, porque iso é o que nos demandan os cidadáns, é o noso compromiso: transformar a cidade, investir e xerar emprego. Niso traballamos estes tres anos e seguiremos traballando gústelle ou non ó Partido Popular.

SR. CONDE GIL: Isto é curioso, Sra. Díaz, porque vostede cada vez que ven aquí fai o mesmo discurso, presume do mesmo, fala do maior orzamento cando por outra banda o seu compañeiro de partido, o presidente do Goberno, tíralles das orellas e redúcense os orzamentos, vostedes sábeno. Que máis dá. Di que diminúe o endebedamento. Pero é que vostede xa non ten credibilidade porque, onde diminúe? Diminuirá en termos contables o endebedamento do ano 2009 pero o que está claro, e así o sinalan os informes, é que o Concello de Vigo ten máis de 15 millóns de déficit. Pode dar vostede as desculpas que queira pero o caso é que a contabilidade do Concello de Vigo ten máis de 15 millóns de euros de déficit.

Logo falou vostede do Plan ZP, dos 18 millóns, pero non se preocupe porque o Plan ZP xa o imos pagar todos, xa se ve como van as cousas e como seguirán indo.

Dixo que este era un plan económico-financeiro diferente do outro e que o outro non o van tocar. Xa veremos, maxino que nalgún momento falaremos dese tema porque van ter que modificar vostedes os orzamentos e ese plan económico-financeiro, sábeo tan ben coma eu. Coido que isto é insistir no mesmo pero como é vostede un pouco teimuda co tema tereino que facer.

Deu vostede unha desculpa, porque ó final non se trata máis que diso. Ninguén lle preguntou nada do tema pero xa na súa primeira intervención dixo que este plan económico-financeiro ten custe cero. Ninguén lle dixo nada, debeu ser porque non ten a conciencia tranquila. Contrata vostede novamente ó seu amigo, Sr. Pérez Torres, que non se confunda con Torres Pérez porque xa maxino que iso o dirá vostede na seguinte intervención e como eu xa non terei máis, que quede claro. A verdade é que pagar 20.764 euros polo primeiro Plan económico-financeiro, de teren un pouco de decoro tería que devolver os cartos porque a cantidade de erros, a gran previsión de endebedamento que ten ese Plan económico-financeiro, non é para menos que para devolver os cartos. Claro que tamén lles pagaron por un contrato menor para a asistencia técnica para a redacción do prego de condicións administrativas e técnicas para “Contrato de ordenación, mantemento, reposición e instalación de bancos e bebedeiros no Concello de Vigo”. Deben ser os bancos estes que agora teñen etiqueta. Eu estiven en moitos sitios e nunca mirei un banco con nome e apelidos. Pois este señor é quen decide onde se poñen. Pero a maiores fai un contrato menor de asistencia técnica para o estudo sobre o servizo prestado por “Vigo recicla”. Esta empresa vale para un roto e para un descosido.

Por certo, fixo vostede unha afirmación no anterior Pleno sobre a cantidade de plans económico-financeiros que fixo a empresa de estraño nome, “Consuljamel Galega, S.L.”, ó longo da súa actividade. Fixemos as indagacións e vimos as contas que non depositan no Rexistro Mercantil e o resultado foi de cero. Pero esta vez quen mentiu fun eu, Sr. López Font, porque fixo un e agora con este dous, do Concello de Vigo. Esa é a bagaxe desta empresa en canto a plans económico-financeiros.

Deu vostede a desculpa de que non vai custar nada pero eu xa lle digo que estaremos vixiantes por veren por onde lle pagan porque que eu saiba neste mundo ninguén traballa gratis.

Si quero felicitar a D. José Antonio Pérez Torres (o seu amigo), quen en representación da empresa Consujamel Galega fixo entrega do Plan económico-financeiro. Aquí polo menos xa pon que no Rexistro do Concello porque no anterior

plan puña que no Rexistro Mercantil. Polo menos xa sabe que os documentos municipais se presentan no Concello. O que non entendemos é o por que, porque na elaboración do anterior Plan económico-financeiro vostedes xa coñecían a existencia deste desfase, deste déficit no Concello de Vigo. Por que vostedes non incluíron mediante unha addenda, anexo ou como o queiran chamar, naquel momento esta circunstancia e así o aprobarían todo xunto?

Ademais é un Plan económico-financeiro deseñado a un só ano, en primeiro lugar recolle os cálculos para a valoración do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a fase de liquidación do orzamento que coincide co emitido polo interventor o 15 de marzo de 2010. Aquí polo menos parece que copiou ben, que fixo o corta e pega perfectamente porque como traballa abaixo maximo que ó utilizaren os ordenadores entrará e fará ese corta e pega. En segundo lugar simula unha liquidación do estado de gastos e ingresos do ano no que estamos tomando como referencia os tantos por cento de execución do ano 2009 para o orzamento corrente, minorándoo nun 30% dos exercicios pechados.

Insisto en que non entendo por que este informe non o fan os técnicos municipais e máis este que di vostede que só é unha cuestión técnica. Non debe ser tan técnica cando ten que recorrer ás amistades para a realizar. Por que non o fan os técnicos?

Dixo tamén que se ingresou o Plan E no 2010 pero acabo de ler o informe e non hai ningunha previsión ó respecto. Di que é unha simulación. Parece que agora simular é o que se leva.

Como ó final falou vostede do divino e do humano, vou dedicar eu tamén un minuto a falar diso porque vostede fai unha referencia ó Plan ZP, as beirarrúas e ó final descubriuse, porque os máis de 15.000 millóns investidos nesta cidade serviron para cambiar catro lousas, para xerar 350 empregos e por outra banda, iso si, xerar dende o ano 2007, 12.000 desempregados na cidade de Vigo. Ese é o haber de quen ía colgar o cartel do pleno emprego. Iso si, os amigos da Sra. Díaz si que teñen traballo e a custe cero. Vixiaremos porque non o acabo de crer.

Reflexione, Sra. Díaz, estamos en tempos de vacas fracas, nos tempos nos que xa non se lle está pedindo, senón impoñendo sacrificios á cidadanía, ós pensionistas, ós funcionarios e non é o tempo xa de vir presumir de que temos o maior orzamento da historia, Sra. Díaz; é o tempo de apertar o cinto e de actuar como persoas responsables.

Remato xa pedíndolles responsabilidade, Sra. Díaz, que non teñamos que vir o

próximo ano facer outro plan económico-financeiro porque non tiveron vostedes as previsións como non as tiveron este. Non endebeden á cidade que ó final o pagan os vigueses e as viguesas, pagámolo todos. Pedir 27 millóns este ano, tentar pedir outros 27 millóns o ano que ven que xa veremos o que pasa, e 11.900.000 o seguinte, a iso chámase ser irresponsable.

Nunha situación de crise como a que vivimos e con todos os parados que hai teremos beirarrúas moi bonitas para que paseen os parados, teremos uns bancos co logo da Alcaldía para que os parados se senten, pero non terán traballo. Iso si, os seus amigos si que o terán.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Non vou entrar nas súas provocacións, Sr. Conde. Tenta desviar novamente a atención deste debate con mentiras e falacias. Agora érguese. Non me importa. Está demostrado que quen si lles fixo contratos ós seus amigos foi o Partido Popular contratando a ex-concelleiros por valor de milleiros e milleiros de euros. Se vostede está insinuando ilegalidades, lémbrolle que os que están imputados por presuntas irregularidades son persoas do Partido Popular e polo tanto, señor, coidado coas súas palabras porque vostede é cativo das súas propias mentiras.

Si que presumo de orzamento, Sr. Conde. Presumimos de que este goberno ten tres orzamentos, algo que vostedes non tiveron porque non quixeron. Presumimos de orzamentos que dedican cartos a investimento, a educación, ó social.

Falou do endebedamento e eu quero presentar un gráfico deste. Vostede critica á cidade de Vigo polo seu endebedamento, pero lle mostro a gráfica que teño eu aquí onde se ve que a parte azul corresponde ó endebedamento da Deputación e o que está en vermello é o endebedamento de Vigo. Nesta gráfica vese a cidade “tan caótica” que estamos a gobernar.

Dixo tamén que temos que modificar o Plan económico-financeiro, que o hai que ver. Pero eu pregunto: que van facer co Plan económico-financeiro da Deputación? Porque tamén ten previsións de endebedamento para o ano 2011 e para o ano 2012. Eu na miña vida mirei tanto anti-viguismo. En canto hai unha pequena nova de que tal vez teremos problemas para investir, o Partido Popular aplaude de que non se poida investir en Vigo, fai iso en canto aparece a máis mínima sospeita de que imos ter problemas en troques de dicir que hai que seguir traballando para que se invista en Vigo.

Con respecto ó Plan Zapatero teno na rúa, está por toda a cidade, por todos os

barrios e por todas as parroquias cunha cidade transformada que xa lles gustaría a vostede facelo como o fixemos nós. Iso é o que lles doe, dóelles que nós estamos tomando as rendas desta cidade, conseguindo proxectos para ela e as únicas administracións que non están investindo nesta cidade son a Xunta de Galicia e a Deputación.

Si temos 2.000 parados, ogallá fosen menos pero se conseguirían menos parados se a Xunta e a Deputación estiveran agora investindo en Vigo, así é como habería menos parados en Vigo. Onde están os investimentos en emprego da Deputación? Onde están os investimentos en Vigo? Canto investiu en Vigo? Cero. Onde están os investimentos da Xunta en Vigo? Son cero. O único que fixo a Xunta en Vigo foi precisamente o comprometido polo Sr. Touriño. Están desaparecidas a Xunta e a Deputación e quen está traballando polo emprego na cidade de Vigo é precisamente o alcalde, Sr. Caballero, é o único que se move xunto co Sr. Rodríguez Zapatero que nos trouxo dous Plans Zapatero, dous fondos de investimento que lle deron a esta cidade o maior volume de investimento..

Onde están os seus investimentos, os investimentos do Partido Popular da Xunta e da Deputación? Nada, están agochados porque o Partido Popular é nesta cidade o máis anti-viguista que coñecín.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- En cumprimento do regulamentado no art. 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria (agora Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2007), aprobar o Plan Económico-Financeiro de reequilibrio da liquidación do presuposto do ano 2009

-----  
S.ordinaria 31.05.10

para o período 2010, prevéndose de acordo ás hipóteses de traballo formuladas a consecución do equilibrio no ano 2010.

Segundo.- En cumprimento do previsto no art. 22 del RD 1463/2007, remitir o Plan Económico-Financeiro á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, por seren esta a que ostenta a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días a partir da súa aprobación.

Terceiro.- A verificación do cumprimento do Plan Económico-Financeiro aprobado efectuarase pola Entidade Local, a tal efecto o Sr. Interventor Xeral Municipal emitirá informe relativo ao cumprimento do mesmo nas diferentes fases de aprobación, execución ou liquidación do presuposto que se porá en coñecemento do Pleno da Corporación. Do devandito informe, unha vez que sexa coñecido polo Pleno, trasladarase ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Cuarto.- O Pleno da Corporación deixará sen efecto o Plan Económico-Financeiro que alcanzase o equilibrio en fase de liquidación, que no caso que nos ocupa, corresponderase coa liquidación do presuposto do ano 2010.

8.- (101).- ADDENDA Ó CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA E PRESUPOSTOS (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E O CONCELLO DE VIGO, DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL. EXPTE. 1033/500.

ANTECEDENTES.- Con data 22 de abril de 2010, a directora de Ingresos, coa conformidade da concelleira-delegada de Economía e Facenda, emite o seguinte informe-proposta:

“A Dirección de Ingresos presenta ao Excmo. Concello Pleno, coa conformidade da Sra. concelleira delegada de Economía e Facenda, previo-los trámites e informes procedentes, o presente expediente de *“Addenda ao Convenio entre a Secretaría do Estado de Facenda e Presupostos (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Vigo, de Colaboración en materia de Xestión Catastral”* cuxo texto se transcribe a continuación.

O documento, remitido pola Dirección Xeral do Catastro ao Concello de Vigo, dá satisfacción á petición formulada pola Sra. concelleira de Economía e Facenda con data 4 de xullo de 2008. Na solicitude do Concello instábase á modificación do Convenio de Colaboración vixente asinado o 20.12.2001, substituíndo o *“Régime de Prestación de Servizos”* regulado no artigo 8 do RD 1390/1990 de 2 de novembro

-----  
S.ordinaria 31.05.10



para tramitación de expedientes de transmisión de dominio (901), que consta na cláusula 2ª do Convenio; por un *“Régime de Delegación de Competencias”* para tramitación e resolución deste tipo de expedientes.

A cláusula 2ª da Addenda constitúe o núcleo da modificación do Convenio: “deléganse as competencias de tramitación e aprobación dos expedientes de alteracións catastrais de orde xurídica, transmisións de dominio que se formalicen en modelo 901N...”. As restantes cláusulas da Addenda comprenden adaptacións do Convenio vixente derivadas das modificacións de índoles legal e técnica acaecidas na Xestión Catastral dende o ano 2001 no que se formalizou o Convenio vixente.

A asunción por parte do Concello de Vigo das competencias de aprobación de expedientes de transmisións de dominio, amais das competencias de trámite que actualmente realiza, non comportará un maior custe nin maior complexidade na xestión destes expedientes, senón ao contrario, suporá unha minoración no tempo de tramitación e, consecuentemente, un mellor servizo aos titulares catastrais. Igualmente, constituirá unha maior eficiencia na xestión dos tributos asociados ao inmovible que cambia a súa titularidade, sincronizando o cambio de titularidade cos cambios de suxeito pasivo no Imposto de Bens Inmóbeles e na Taxa de Lixo.

O Concello dispón dos medios necesarios, tanto humanos como técnicos, para o desenvolvemento das competencias que se delegan. Acompáñase a este Informe-Proposta, memoria de medios humanos e técnicos que, directa e indirectamente se aplican ao cumprimento do Convenio.

En relación ás expectativas de calidade na resolución dos expedientes obxecto da delegación, cómpre dicir que o Concello está en condicións óptimas para a súa consecución. A través do aplicativo de xestión de expedientes municipal, o servizo de Xestión Catastral Delegada do Concello (Unidade 503) ten acceso electrónico a múltiple e variada información relevante: documentos notariais que constan na Unidade do Imposto de Plusvalía, expedientes urbanísticos tales como segregacións parcelamentos, agrupacións, licenzas, datos identificativos dos titulares catastrais que obran no Servizo de Estatística, expedientes do departamento de Patrimonio Municipal, datos fiscais que obra na Axencia Tributaria aos que se accede mediante o Convenio de Intercambio Telemático de Datos aprobado en sesión plenaria de 25.04.2005...

Acompáñase informe da Dirección de Ingresos de data 20 de abril de 2010 comprensivo das funcións catastrais mais relevantes que realiza, na actualidade, o Servizo de Xestión Catastral Delegada do Concello.

Acompáñase informe favorable da Asesoría Xurídica de data 12 de xuño de 2009, así como o texto da ADDENDA visado con esa mesma data e documento orixinal do convenio asinado con data 20 de decembro de 2001 que resultará modificado pola presente ADDENDA.

Por último, subliñar que a información gráfica e alfanumérica da Base de Datos Catastral do municipio constitúe un medio/ferramenta imprescindible para a aplicación dun Sistema de Información Xeográfica (SIX) á xestión municipal. O Servizo de Administración Electrónica do Concello, pilota na actualidade este

ambicioso proxecto, resultándolle necesaria unha boa información catastral tanto alfanumérica como gráfica. As utilidades do “módulo catastro” para o sistema LOCALGIS quedan reflectidas no informe do Xefe de Servizo de Administración Electrónica de data 22 de abril de 2010, que obra no presente expediente.”  
...)

A seguir a directora de Ingresos propón a aprobación polo Concello Pleno da addenda ao convenio entre a Secretaría de Estado, Facenda e Presupostos (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Vigo que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figuran os informes favorables da secretaria xeral do Pleno e do interventor xeral de datas 4 e 18 de maio de 2010, respectivamente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de maio de 2010, ditamina favorablemente a proposta da directora de Ingresos que figura nos antecedentes.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

**ACÓRDASE:**

Aprobar a addenda ao Convenio entre a Secretaría de Estado, Facenda e Presupostos (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Vigo, de colaboración en materia de Xestión Catastral, vixente dende o vinte de decembro de dous mil un co seguinte texto:

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA ADENDA**

É obxecto da presente addenda a colaboración entre a Dirección Xeral do Catastro, a través da Subxerencia Territorial do Catastro de Vigo (en adiante Subxerencia), e o Concello de Vigo para os exercicios das funcións de xestión catastral cuxo contido e réxime xurídico figuran especificados nas cláusulas seguintes, sen prexuízo da titularidade das competencias que, na materia obxecto da addenda, corresponden á Dirección Xeral do Catastro.

### **SEGUNDA.- TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE TRANSMISIÓNS DE DOMINIO**

Deléganse as competencias de tramitación e aprobación dos expedientes de alteracións catastrais de orden xurídico -transmisións de dominio- relativos a bens inmobles urbanos que se formalicen no modelo 901N aprobado por Orde do Ministerio de Economía e Facenda, de data 19 de outubro de 2006 (BOE nº 273, do 15 de novembro), sempre que a transmisión de dominio non se formalizara en escritura pública o solicitado a súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo de dous meses dende o acto ou negocio de

-----  
S.ordinaria 31.05.10

que se trate o, téndose formalizado a escritura ou solicitada a inscrición, non se teña dado cumprimento á obriga establecida no artigo 38 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Así mesmo, serán obxecto de delegación as competencias de tramitación e aprobación dos expedientes de alteracións catastrais de orde xurídico relativos a inmobles rústicos, cando teñan sido declaradas conxuntamente con outros bens inmobles urbanos por terse producido a transmisión no mesmo acto ou negocio xurídico.

Dita delegación comprenderá as seguintes actuacións:

a) Recepción da documentación e asistencia ao contribuínte no cumprimento das declaracións de alteracións catastrais concernentes a bens inmobles urbanos (modelo 901 N), salvo naqueles supostos no que se teñan cumprido as formalidades establecidas no artigo 14a) do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, en cuxo caso o Concello deberá advertir ao interesado de que non ten obriga de presentar dita declaración.

b) Formalización dos requirimentos que fosen precisos para o cumprimento das funcións delegadas e instrución dos procedementos sancionadores que se deriven da falta de atención de ditos requirimentos.

c) Rectificación de erros materiais que o Concello puidera acordar no exercicio das facultades delegadas.

d) Adopción dos acordos de cambio de titular catastral que se produzan con ocasión da tramitación dos citados expedientes, indicando expresamente que os mesmos dítanse por delegación da Xerencia.

e) Notificación aos interesados dos acordos de cambio de titularidade adoptados.

f) Resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados polo Concello no exercicio das competencias delegadas e o exercicio das facultades e obrigas establecidas no artigo 235.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e no Real Decreto 520/2005, do 13 de maio, que desenvolve dito texto legal, en relación coa presentación e tramitación das reclamacións económico-administrativas interpostas contra estes actos.

Así mesmo, exercerá as facultades de anulación que o citado artigo 235.3 da Lei xeral Tributaria atribúe ao órgano administrativo que ditou o acto por delegación mediante o presente convenio.

g) Remisión á Xerencia das modificacións dos datos xurídicos. Ditas modificacións efectuaranse na base de datos catastral utilizando un dos seguintes medios:

O Concello remitirá á Xerencia, cunha periodicidade mensual e en soporte magnético, toda a información relativa ás transmisións de dominio por el tramitadas, aos efectos da súa incorporación á base de datos catastral. A tal efecto, entregará as cintas VARPAD, comprensivas das modificacións de datos xurídicos realizadas ao abeiro das competencias delegadas, segundo formato establecido por Resolución do 31 de xullo de 2006 (BOE do 11 de setembro) da

Dirección Xeral do Catastro, pola que se aproba a forma de remisión e a estrutura, contido, especificacións técnicas e formato informático dos ficheiros de intercambio de información catastral alfanumérica e gráfica FIN, VARPAD, FICC Y FXCC, o no formato que se puidera establecer na súa substitución.

- O Concello efectuará de forma continuada as modificacións de datos xurídicos a través do servizo de modificación de titularidade dispoñible na Oficina Virtual do Catastro.
  - Calquera outro medio que poida establecer a Dirección Xeneral do Catastro.
- h) Recepción de alegacións, solicitudes e recursos, en materia catastral, alleos ao presente convenio.
- i) Actuacións de información e asistencia ao contribuínte en relación coas materias referidas nos apartados anteriores.

A delegación contida na presente cláusula terá o seguinte alcance:

- a) Será en todo caso de aplicación a normativa contida no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a Lei xeral tributaria e demais disposicións complementarias, especialmente o Real Decreto 417/2006, do 7 de abril. Isto non obstante, a tramitación das actuacións obxecto de delegación, levarase a cabo conforme coas normas orgánicas e procedimentais propias do Concello
- b) Os actos ditados polo Concello no exercicio da competencias delegadas, incluso a resolución dos recursos de reposición que se puideran ter interposto, serán recorribles na vía económico-administrativa, debendo así indicarse expresamente aos interesados en cantos actos e resolucións se realicen ao amparo do presente convenio polo Concello.
- c) Para a tramitación das alteracións de orden xurídico -transmisións de dominio-, o Concello instalará nas súas oficinas os medios necesarios e, en particular, os equipos informáticos que posibiliten o desempeño da devandita función.
- d) En ningún caso entenderanse comprendidos na delegación obxecto do presente convenio, os actos encamiñados á fixación, revisión ou modificación dos valores catastrais, nos términos previstos no texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.
- e) O Concello en ningún momento poderá delegar, a súa vez, noutra entidade as funcións que lle teñen sido delegadas en virtude do presente convenio.

### **TERCEIRA.- COLABORACIÓN NA RECEPCIÓN DA DOCUMENTACIÓN**

En relación coas declaracións de alteracións catastrais que se presenten no Concello, en virtude do establecido no Real Decreto 417/2006, dita entidade comprométese a colaborar nas seguintes actuacións:

- a) Asistir aos contribuíntes no cumprimento das declaracións de alteracións catastrais.
- b) Remitir á Subxerencia toda a documentación precisa para a tramitación das alteracións

#### **CUARTA.- CARTA DE SERVICIOS DO CATASTRO**

O Concello adoptará as medidas que considere necesarias para a correcta realización das funcións de xestión catastral, cuxo contido e réxime xurídico figuran especificados na presente addenda, de acordo cos compromisos de calidade contidos na carta de servizos do Catastro. En especial, deberá establecer un servizo de recepción e atención das queixas e suxestións que se puideran presentar polos cidadáns ante o Concello con motivo dos compromisos asumidos na presente addenda, debendo dar traslado das mesmas á Subxerencia a efectos informativos.

Así mesmo, o Concello adecuará as súas actuacións, en aplicación do previsto na addenda, as distintas cartas de servizos do Catastro que puideran ser aprobadas polo Ministerio de Economía e Facenda durante a vixencia do mesmo.

#### **QUINTA.- PLAN DE OBXECTIVOS E DE ACTUACIÓNS DO CATASTRO**

En virtude do establecido no artigo 64.5 do Real Decreto 417/2006, a actuación do Concello axustarase á programación do Plan de Obxectivos e de Actuacións da Dirección Xeral do Catastro.

#### **SEXTA.- ACTUACIÓNS FORMATIVAS**

A Subxerencia comprométese a realizar aquelas actuacións formativas que, no marco da comisión mixta de vixilancia e control, se consideren necesarias para que o Concello poida desempeñar as funcións previstas na presente addenda.

En todo caso, con carácter anual levaranse a cabo unhas xornadas de actualización normativa e unificación de criterios destinadas aos funcionarios o empregados públicos do Concello responsables da xestión da addenda.

#### **SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

O Concello, no exercicio das funcións previstas na presente addenda, adecuará as súas actuacións á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, ao Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, ao texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e ao Real Decreto 417/2006.

O Concello terá a consideración de "encargado do tratamento" e o acceso á información catastral de carácter persoal necesaria para a prestación dos servizos obxecto desta addenda non suporá "comunicación de datos", a efectos do disposto na citada Lei Orgánica 15/1999.

O tratamento da referida información será realizado unicamente polo persoal do Concello debidamente autorizado polo mesmo, sen prexuízo da posibilidade de contratación dos traballos obxecto da addenda con empresas especializadas, en cuxo caso, o Concello fará constar expresamente no contrato suscrito a estes efectos que a empresa contratista se debe axustar ao mesmo réxime de garantías e esixencia de responsabilidade que a propia entidade colaboradora encargada do tratamento dos datos.

En todo caso, o Concello asume as seguintes obrigas:

- a) No tratamento dos datos, o Concello actuará conforme ás instrucións da Subxerencia, responsable do ficheiro.
- b) O Concello adoptará todas aquelas medidas de índole técnica e organizativa que resulten necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ao acceso non autorizado.
- c) O Concello non aplicará nin utilizará os datos de carácter persoal con fines distintos aos que figuran nesta addenda, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.
- d) O Concello está obrigado a gardar o secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal tratados, aínda despois da extinción da presente addenda.
- e) A denuncia da addenda por algunha das partes ou o exercicio das facultades de advocación das competencias delegadas a que se refire o Real Decreto 417/2006, suporá a devolución á Subxerencia de todos os documentos ou soportes informáticos nos que puidera constar algún dato de carácter persoal, no prazo de 15 días dende que resulte efectiva a denuncia da addenda ou a advocación das competencias delegadas.
- f) No caso de que o Concello destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as estipulacións desta addenda ou as obrigas establecidas no Real Decreto 417/2006, será considerado tamén responsable do tratamento, respondendo das infraccións nas que tivera incorrido persoalmente.

#### **OITAVA.- ACTUACIÓNS DE PROCEDEMENTO.**

- a) O Concello aterase no exercicio das funcións convidas, ás normas técnicas que puidera impartir a Dirección Xeneral do Catastro.

En todo caso, cando o Concello decida contratar con algunha empresa especializada as actuacións derivadas da presente addenda, deberá utilizar os pregos de prescricións técnicas que, para os distintos traballos catastrais, teña establecidos a Dirección Xeral do Catastro e levar a cabo controles periódicos dos traballos realizados por estas empresas para garantir un adecuado control de calidade. A omisión de ditos controis poderá supoñer o rexeitamento dos traballos que se pretendan entregar na Subxerencia en execución desta addenda.

- b) O Concello poderá elaborar os seus propios impresos para a formalización das declaracións catastrais, sempre que os mesmos se axusten á estrutura e contido dos modelos aprobados na Orden do Ministerio de Economía e Facenda, de data 19 de outubro de 2006 (BOE nº 273, do 15 de novembro), cuxa utilización requirirá autorización expresa da Delegación de Economía e Facenda.
- c) A Subxerencia remitirá ao Concello coa periodicidade que determine a comisión mixta de vixilancia e control todas as declaracións correspondentes a alteracións catastrais obxecto da addenda que se reciban nela.

d) Con independencia do uso preferente da oficina virtual do Catastro, a Subxerencia remitirá gratuitamente ao Concello, cando así o solicite e como máximo cunha periodicidade anual, a información catastral urbana do municipio nos formatos deseñados ao efecto pola Dirección Xeral do Catastro, que deberá ser utilizada para os fins da presente addenda, sen prexuízo da súa utilización, así mesmo, para o exercicio das súas competencias.

e) O Concello remitirá á Subxerencia no prazo de 10 días todas as declaracións ou documentos que se refiran a outros tipos de alteracións non contemplados no obxecto da presente addenda e que se presenten nas súas oficinas.

f) A comisión mixta de vixilancia e control dará previamente a súa conformidade aos impresos que o Concello utilice nos requirimentos ou notificacións relativos ás funcións pactadas neste documento, nos que deberá facerse referencia expresa á addenda en virtude do cal exércense as indicadas funcións.

g) Tanto o Concello como a Dirección Xeral do Catastro adoptarán cantas medidas estimen oportunas, encamiñadas a poñer en coñecemento do público o contido da presente addenda, evitando en todo caso duplicidade de actuacións ou trámites innecesarios.

h) En relación coas materias obxecto da presente addenda, a Dirección Xeral do Catastro e o Concello estarán reciprocamente obrigados a admitir e remitir ao órgano competente cantos documentos presenten os administrados.

i) O intercambio de información derivado do exercicio das facultades encomendadas en esta addenda realizarase utilizando medios telemáticos, a través dos mecanismos que estableza a Dirección Xeral do Catastro, que garantirán a autenticidade, integridade, confidencialidade e no repudio dos envíos. En todo caso, a información recibida por la Subxerencia será obxecto do oportuno control de validación, especialmente naqueles que impliquen unha modificación da valoración catastral.

No suposto de que se modifiquen pola Dirección Xeral do Catastro os formatos de intercambio de información establecerase un período transitorio para que a entidade colaboradora poida adaptarse a estes novos formatos, co informe previo da comisión técnica de Cooperación Catastral, órgano colexiado de natureza administrativa dependente do citado centro directivo.

## **NOVENA.- RÉXIME XURÍDICO**

a) A presente addenda subscríbese ao abeiro do establecido no artigo 4 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, así como nos artigos 62 e seguintes do Real Decreto 417/2006, polo que se desenvolve dito texto legal.

b) A presente addenda, en virtude do disposto no artigo 4.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do sector público, réxese, en todo o non disposto nela, polos principios derivados desta Lei, para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar, así como as demais disposicións que resulten de aplicación.

Para resolver os litixios que puideran xurdir sobre a súa interpretación, cumprimento,

extinción, resolución e efectos serán competentes os Tribunais de orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

c) A realización das funcións obxecto da addenda non implica a transferencia de medios materiais e persoais, nin comportará contraprestación económica ningunha por parte da Dirección Xeral do Catastro ao Concello, segundo establece o artigo 64.2 do Real Decreto 417/2006.

d) Sen prexuízo das facultades de organización de seus propios servizos, o Concello deberá exercer ditas funcións con estrito cumprimento dos extremos expostos neste documento e en ningún caso poderá delegar ou encomendar noutra entidade as funcións de colaboración asumidas neste documento.

#### **DÉCIMA.- COMISIÓN MIXTA DE VIXILANCIA E CONTROL.**

Constituirase unha comisión mixta de vixilancia e control nos mesmos termos establecidos na cláusula décimo cuarta do convenio de colaboración en materia de xestión catastral do que esta addenda é complemento, suscrito o 20 de decembro de 2001 entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Vigo.

Especialmente, deberá informar previamente as condicións de contratación con empresas que poida realizar o Concello de conformidade co sinalado no apartado a) da cláusula oitava. Igualmente, informará as distintas ofertas recibidas por aquel, con anterioridade á adxudicación do contrato.

A comisión mixta de vixilancia e control deberá constituírse formalmente nun prazo máximo dun mes dende a formalización da presente addenda. Dita comisión realizará cantas sesións extraordinarias sexan necesarias para o cumprimento dos seus fins, previa convocatoria ao efecto do seu presidente, de propia iniciativa ou tendo en conta as peticións dos demais membros. En todo caso, esta comisión reunirse ordinariamente unha vez ao ano, a fin de verificar e comprobar o resultado das obrigas contraídas establecendo as directrices e instrucións que considere oportunas.

Esta comisión axustará a súa actuación ás disposicións contidas no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **UNDÉCIMA.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.**

A presente addenda entrará en vigor o día da súa sinatura e conservará a súa vixencia mentres continúe en vigor o convenio de colaboración en materia de xestión catastral do que é complemento, suscrito o 20 de decembro de 2001 entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Vigo, nos termos establecidos na cláusula décimo quinta de dito convenio.

#### **CLÁUSULA ADICIONAL**

Con carácter complementario ás obrigas establecidas na presente addenda, o Concello comprométese a entregar á Subxerencia, a efectos estatísticos, os datos resultantes da xestión tributaría do imposto sobre bens inmobles e os establecidos no artigo 69 do Real



Decreto 417/2006.

E en proba de conformidade, subscriben a presente addenda en duplicado exemplar no lugar e data anteriormente indicados.

9.- (102).- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DA MESTRA DE DEBUXO DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS D<sup>a</sup> RUT MARTÍNEZ LÓPEZ DE CASTRO. EXPTE. 209/13.

ANTECEDENTES.- Con data 10 de maio de 2010, o xefe do Servizo de Educación e máis o secretario do organismo autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios, coa conformidade da presidenta do devandito organismo, emiten o seguinte informe-proposta:

“Con data 16/04/2010 remitiuse ao secretario da comisión informativa da Xestión Municipal para “a súa inclusión, se procede, na orde do día do vindeiro Pleno Municipal”, o expediente 209/13, incorporando o informe que literalmente deseguido se transcribe, asinado polo Xefe do Servizo de Educación e Supervisor da Escola Municipal de Artes e Oficios e polo Secretario do organismo autónomo:

*“Antecedentes.- O Pleno do Concello de Vigo de 22/03/2010, acordou retirar “...para mellor estudo”, por “...mor dun informe da Secretaria xeral do Pleno” o expediente de referencia. Con posterioridade a ese acordo de retirada, tiveron entrada no rexistro xeral do Concello outros escritos en relación co expediente, que tamén son obxecto de consideración no presente informe.*

*En consecuencia, visto o informe citado da Secretaria Xeral e a documentación que de seguido se cita, en cumprimento da resolución plenaria, redáctase o presente informe:*

- *Documentación obrante no expediente 209/13*
- *Informes do supervisor da EMAO de data 20/03/2010*
- *Informe da Secretaria xeral do Pleno de data 22 de marzo de 2010*
- *Certificación de data 07/04/2010, do Pleno do 22/03/2010 co acordo de retirada da orde do día do expediente de referencia “para mellor estudo”, “por mor dun informe da Secretaria xeral do Pleno”.*
- *Escritos da interesada Rut Martínez López de Castro de datas 31/03/2010 (núm. rexistro 100043173), 25/03/2010 (núm. 100041120) nos que, tras diversas consideracións sobre os informes obrantes no expediente, solicita a resolución da solicitude de compatibilidade obxecto do presente expediente,*
- *Escrito da interesada do 13/04/2010 (núm. 100048462), polo que se informa dun posible novo horario do posto de traballo na USC.*

—  
INFORME

-----  
S.ordinaria 31.05.10

Tal e como se recolle no informe do supervisor de data 20/03/2010, o horario contido no escrito da USC de data 01/03/2010 (nº 16 USC-Dpto. de didáctica da Expresión Plástica e Musical -páxina 31 do expediente de referencia), establece unha actividade docente continuada na Universidade de Santiago de Compostela os luns e martes entre as 9 e as 14 horas, coincidente -nos martes- co horario expresamente liberado á mestra de Debuxo (Curso de Perfeccionamento II A) para o coidado do menor. En consecuencia e á vista dos informes do secretario do organismo autónomo obrantes no expediente e do informe citado da Secretaria xeral do Pleno de data 22/03/2010, débese manter a proposta de denegación da compatibilidade recollida no noso informe proposta de data 24/02/2010 (páx. 47 expte 209-13).

- Verbo do escrito presentado pola interesada en 13/04/2010 (nº 100048462), no que se deduce a posible modificación do horario comunicado pola Universidade no escrito do 01/03/2010 (páxina 31 do expediente de referencia), considérase o seguinte:

A Sra. Martínez López “envía” no apartado 3 deste escrito “una nueva propuesta de horario docente en la Universidad de Santiago”, literalmente encabezado como “Horario en la USC (segundo semestre) fecha 1,03-2010”, que segundo expresa está “asumido por el área de Expresión Plástica de la Universidad de Santiago” e “tiene como principal característica que no es coincidente con mi docencia en la EMAO ni el horario reducido para la guardia legal de mi hija menor”. Tal “novo horario”:

- 1.- Non se acredita con documentación fidedigna da USC
- 2.- Non se corresponde co recollido no escrito repetidamente citado da USC do 01/03/2010 pola Universidade desa mesma data (?)

Con independencia do anterior, e aos sós efectos de aclarar, máis se cabe, a dispoñibilidade horaria do posto de traballo da interesada na Escola Municipal de Artes e Oficios, aínda no caso de confirmarse oficialmente polo órgano competente da USC este “novo horario”, estaríamos outra volta na situación inicial de incompatibilidade nos mércores, xa que, tal e como xa se recolleu no informe desfavorable (páxs. 7 e 8 do expte.) á primeira solicitude de compatibilidade: “3. Á vista destes horarios xerais [-refírese ao horario inicial certificado polo Departamento de Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal da USC (data 08/01/2010, páxinas 4 e 5 do expediente de referencia)], a concesión da compatibilidade no horario solicitado os luns mércores e venres, imposibilitaría a realización de actividades en común, concretamente claustros e comisións de traballo, con cargo ás horas de libre disposición do centro. O caso dos claustros é especialmente significativo, pois os horarios de todo o corpo docente establecéronse deixando sempre libre as mañás dos mércores, de xeito que se puidese asegurar nese día a dispoñibilidade, sen outras interferencias, da totalidade dos profesores.”

Habida conta da reiteración e cambios continuos de horarios que a interesada achega en distintas datas, de distintas formas e con distintas acreditacións -de xeito que se dificulta enormemente a finalización do expediente por parte desta Administración-, e coa finalidade de que se aprecie graficamente a dispoñibilidade horaria inicial da profesora (sen ter en conta a xornada reducida por custodia da

menor), apórtase o seguinte cadro de dispoñibilidade semanal real (\*) (terceiro trimestre, xa que non consta o horario de impartición da complementaria "Historia da arte" desenvolvida no 2º trimestre): [Márcanse con "X" as horas nas que se pode producir compatibilidade]:

Horas\días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08,00-10,00	X	X	X	X	X
10,00-11,00	X	PERF. II A	CLAUSTRO/REUNIÓN EQUIPO DOCENTE	PERF. II A	Departamtº
11,00-12,00	X	PERF. II A	CLAUSTRO/REUNIÓN EQUIPO DOCENTE	PERF. II A	Departamtº
12,00-13,00	X	X	CLAUSTRO/REUNIÓN EQUIPO DOCENTE	X	X
13,00-15,00	X	X	X	X	X
16,00-18,30	PERF. I A	PERF. II B	PERF. IA	PERF. II B	TITORÍA/Act. Extr./AA (**)
18,30-21,00	PERF. IB	INIC.	PERF. IB	INIC.	X

(\*) Deberase ter en conta que o posto de traballo na USC, desenvólvese fisicamente na cidade de Santiago de Compostela, polo que se deberán ter en conta os tempos de desprazamento

(\*\*) 16 a 18 horas

En relación co escrito formulado pola interesada con data 31 de marzo de 2010, indicar soamente que a norma esixe como presuposto legal que a redución de xornada veña determinada por «razón de garda legal», é dicir, que o menor esixa coidados do funcionario (pai, nai ou mesmo titor non proxenitor) ou persoa que teña unha obriga de coidar directamente o menor derivada da Lei, que fagan difícil conciliar a vida laboral e familiar.

A tese da interesada suporía desvincular a redución de xornada da finalidade que a xustifica, efecto que non se desprende da normativa vixente.

Unha cousa é que a Administración non se inmiscía nos coidados que a interesada vai prestar ao menor e outra moi distinta que autorice a esta a realizar unha segunda actividade profesional que nada ten que ver co coidado do menor e que non podería levar a cabo sen a redución de xornada.

Por tal razón procede manter os argumentos expostos en anteriores informes e, consecuentemente, ratificarse na proposta de desestimación da compatibilidade solicitada.

Noutra orde de cousas recordase que, de conformidade co disposto no artigo 42 da Lei 30/1992 a Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos."

Sen embargo, o expediente remitido non foi tratado na comisión informativa citada e devolveuse á Oficina Administrativa da Escola de Artes e Oficios o día 22/04/10 con dilixencia da Secretaria xeral do Pleno na que se indica que " devólvese o

-----  
S.ordinaria 31.05.10

expediente co fin de que elaboren proposta e se someta o acordo á Xunta Reitora de dita Escola.”

Novamente temos que reiterar a sucesión de “novos horarios” que propón a interesada, que se inclúen sinteticamente no cadro-resume que se incorpora como anexo a este informe. Todos eles, como se vén reiterando nos informes deste Servizo incorporados ao expediente, resultan incompatibles co horario completo da interesada na Escola Municipal de Artes e Oficios. Verbo da adaptación dos horarios da USC ao horario reducido, remitímonos aos informes do Secretario do Organismo Autónomo e da Secretaria xeral do Pleno, en relación coa posibilidade de utilizar como horario docente na USC o horario liberado para a custodia da menor.”

DATA PRES.	HORARIO SOLICITADO	ASINADO POR	OBSERVACIÓN S
01/12/10	PRIMEIRO CUADRIMESTRE : Titorías : Luns e Mércores de 9 a 12 h. Docencia : Luns e Mércores de 12 a 14 h. e Venres 12,30 a 14,30 h. SEGUNDO CUADRIMESTRE: Titorías : Luns de 9 a 12 h; Mércores de 9 a 11h e Venres 12,30 a 13,30 Docencia: Luns de 12 a 14h; Mércores de 11 a 14h. Venres 13,30 a 14,30h	Vicerreitor de profesorado e Organización académica da USC	Horario inicial solicitado pola interesada <u>ache</u> gando <u>cer</u> tificación da USC
28/01/10	A interesada remite escrito da USC de 26/01/2010, no que o Decanato da Facultade de Ciencias da Educación acepta a proposta da área de Expresión plástica na que esta “se compromete a cubrir a docencia da profesora Rut Martínez López de Castro, no caso de que precise acudir a algunha reunión na Escola de Artes e Oficios de Vigo” (...) “sempre que quede cuberta a docencia de dita profesora”	A interesada que aporta escrito asinado pola Vicedecana, Elena Fernández Rey.	Informe do Supervisor do 01-02-2010 no que se mantén a proposta <u>des</u> favorable á compatibilidade e en aplicación do artigo 3.1. da Lei 53/1984 de incompatibilidades
11/02/10	Novo horario remitido por Fax pola USC Luns de 12 a 14 h. Martes de 11 a 13 h. Xoves de 9 a 12h.	A Secretaria do departamento de Didáctica da Expresión Musical Carol Guillanders	
12/02/10	Novo horario comunicado por e-mail con sinatura dixital pola USC (indica que houbo erro no enviado por fax) Luns de 12 a 14 . Martes de 11 a 13h. Practicas escolares os luns “en horario de tarde”	Coordinadora area didactica expresión plástica: Carmen Franco Vázquez	Corrixe o anterior
26/02/10	Decreto da Presidenta do Organismo Autónomo polo que se concede, a petición da interesada, horario		Notificado á interesada o 26-02-2010

	reducido para garda legal dunha menor e se concreta o novo cadro horario na EMAO, aceptado expresamente pola interesada. Efectos do horario reducido 01/03/2010		
01/03/10	Novo horario comunicado por fax pola USC Didáctica da Educación visual e Plástica: Luns de 12 a 14h. Martes de 11 a 13h. Titorías : Luns de 9 a 12h. Martes de 9 a 11h e de 13 a 14h.	Secretaria da Área Carol Jean Gillanders Vª Pr. da Directora Mª Jesús Agra Pardiñas	
13/04/10	Escrito de 10/04/2010 da interesada con "Nueva propuesta de horario docente en la Universidad de Santiago. Horario en la USC (segundo semestre), fecha 1/03/2010 (horario "asumido por el área de Expresión Plástica de la Universidad de Santiago"): Didáctica da educación visual e plástica: Luns de 12 a 14h; Mércores 12 a 14h Titorías : Luns de 9 a 12 h e Mércores de 9 a 11h e 13 a 14h	A interesada	Volve remitir copia do fax da USC do 26-01-2010 xa referido de "flexibilización" horaria por parte da USC

Polo todo o anteriormente exposto os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, na súa sesión do 18 de maio, acordou aprobar a devandita proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 24 de maio, ditaminou favorablemente.

INTERVENCIÓN DA SRA. LÓPEZ ATRIO: Manifiestar que dadas as circunstancias non foi posible a concesión por razóns administrativas.

VOTACIÓN E ACORDO: Con nove votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e dezaioito abstencións dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García

Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, ACÓRDASE:

Denegar a autorización de compatibilidade a dona. Rut Martínez López de Castro, mestra de formación de Debuxo interina na Escola Municipal de Artes e Oficios, para o desempeño doutro posto de traballo como profesora asociada do Departamento de Didáctica da expresión musical, plástica e corporal da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

Explicación de voto da concelleira do Grupo do BNG, Sra. Veloso Ríos:

Dende o Bloque Nacionalista Galego queremos facer unha explicación de voto para dicir por que nos abtemos neste punto.

Como ben explicou o alcalde e a concelleira, neste caso estamos votando unha proposta negativa, a proposta de non concesión de compatibilidade dunha traballadora da Escola de Artes e Oficios, unha profesora que solicitou a compatibilidade para poder exercer como profesora asociada na Universidade de Santiago de Compostela con dedicación parcial e polo tanto non había posibilidade de votar se se lle concedía ou non a compatibilidade, senón que hai un informe técnico que indica que non é posible concederlla.

Nós entendemos que non é a nosa competencia cuestionar un informe técnico, pero a verdade é que este expediente se prolongou durante moitos meses, se non me equivoco leva aberto dende novembro do ano pasado e ó longo de toda a tramitación atopamos distintos informes técnicos nos que hai múltiples exemplos de valoracións subxectivas moi discutibles, nalgúns casos poderíamos dicir que mesmo claramente discriminatorias, como o feito de responsabilizar a unha traballadora das inevitables repercusións negativas sobre o alumnado da súa redución de xornada laboral por coidado dun fillo menor.

Estas cuestións fóronse discutindo e debatendo na Xunta Reitora da Escola de Artes e Oficios, tamén na comisión informativa correspondente deste Pleno e a verdade é que nós entendemos que, independentemente de todas as valoracións técnicas, non houbo realmente unha vontade política de atender da mellor maneira posible, cos esforzos que corresponden a calquera empregado responsable e máis aínda a aquel que funciona con recursos públicos, a demanda lexítima dunha traballadora de se

promocionar na súa carreira profesional, algo que entendemos que beneficia obviamente á traballadora pero tamén á escola na que imparte docencia.

Realmente calquera outra valoración sobre esta situación pensamos que demostra pouca visión sobre a importancia que ten algo así para unha traballadora dun centro público como é a Escola de Artes e Oficios.

Cónstanos tamén que a traballadora ten o apoio de distintos valedores e no caso de que decida emprender accións legais, quen corresponda terá que determinar ata onde chegan as responsabilidades neste caso.

Entendemos que se podería ter feito algo máis para solucionar esta situación.

#### Explicación de voto da concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira:

Estando de acordo en todo o que xa explicou e expuxo a concelleira, Sra. Veloso, querería engadir algo máis. Os docentes que están na sala e os que nos poden escoitar saben que a calidade dun centro educativo mídese pola calidade do persoal docente. Estamos a falar dunha escola municipal de ensino non regulado e que polo tanto debería ser un orgullo para nós, como Corporación municipal, e para a cidade que unha profesora traballadora dunha escola municipal que como digo é de ensino non regulado sexa contratada pola universidade como profesora asociada.

Estamos seguros de que esta colaboración das escolas municipais coas universidades son pontes de enlace entre as institucións das que dende logo se beneficiará en moito a Escola Municipal de Artes e Oficios.

O prestixio da nosa Escola de Artes e Oficios pasa pola consideración que a sociedade e outras instancias educativas, como é a universidade, e sociais lle dean ó profesorado que imparte clases na escola. Entendemos por iso que os responsables deberan protexer e potenciar esta colaboración.

Lamentamos polo tanto que os responsables da escola, en primeira instancia, e o goberno que é quen ten finalmente que decidir sobre este tema, non foran quen de chegar a un acordo coa profesora para facer posible esta compatibilidade.

**INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA:** Eu debo dicir que a política deste goberno é a de conceder todas as compatibilidades que se presenten para favorecer as carreiras profesionais. Pero lle debo lembrar a este Pleno que trae informes técnicos negativos e trae un informe de que esta solicitude non se axusta á normativa e polo tanto este Pleno ten que atender ós informes legais que se fan pola banda dos funcionarios e da

secretaria. Isto é o que motivou o posicionamento do Grupo socialista dentro do goberno.

Debo dicir que nada nos gustaría máis que votar a favor e propoñer unha resposta favorable como sempre fixemos con todas as opcións de continuidade de carreira profesional.

#### 10.- (103). SOLICITUDE DESCATALOGACIÓN DE CAMIÑO “MONTE VELLO” EN BEMBRIVE. RECLAMACIÓN PREVIA. EXPTES. 18640-18647-18648/240.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de abril de 2010, o xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e do concelleiro-delegado de Patrimonio, emite o seguinte informe-proposta:

“Primeiro.- D. Manuel Pérez Roman e outros, solicitan na súa condición de propietarios de fincas afectadas, sexa descatalogado o camiño coñecido como Monte Vello que parte da estrada Viña Grande ao non ser un camiño veciñal nin propiedade pública, senón entrada de servizo á fincas e montes que alí hai, corrixindo a súa inclusión no inventario municipal de bens deste Concello.

Segundo.- Na instrución do expediente leváronse a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta administración, constanding os seguintes:

- Informe do arquitecto municipal da Unidade de Patrimonio, de data 15.04.2009.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 08.06.2009.
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 04.06.2009.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 28.09.2009.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, coa denominación de CÑ MONTE VELLO, ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal, con orixe na Rúa Viña Grande e remate na Rúa Xestoso, na parroquia de Bembrive.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do R-8 camiño Freiría. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó

-----  
S.ordinaria 31.05.10



uso xeral ou ao servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso á que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo secretario da Corporación local, co visto e prace do presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo aprobouse definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiuuse o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso, c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. Non entanto, é de sinalar que durante o período de información pública non consta que se formulase ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, os ramais R-4-1 e R-4-2 da rúa Redondo consideráronse vías públicas de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ao uso público.

Tras o acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto á cuestión da desafectación e rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ao seu uso público, ou, no caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ao corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil.

Neste senso, a controversia céntrase na configuración ou non dese camiño como

público en virtude da súa afectación ao uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. No presente caso, pódese sinalar que se trata dun camiño que figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, estando atribuída pacificamente a este a condición de vía de uso público afectos á rede viaria municipal, como parte integrante da mesma, comunicando outras vías municipais, e conseguintemente vinculada ao uso común e xeral de todos os veciños indistintamente, sen que o uso duns imposibilite o dos demais (art. 75.1 RBEL), atopándose reflectido como tal nos planos do catastro.

Os solicitantes presentan unha desafectación de ditos camiños baseada nunha reclamación sobre a titularidade dos terreos. A desafectación ou alteración da natureza xurídica dos bens demaniais supón partir da consideración de ditos bens como integrantes do demanio público municipal, pola súa titularidade pública e afectación ou destino a un uso ou servizo público (art. 5.1 LPAP). O cambio na súa natureza xurídica demanial incide sobre esta derradeira característica da súa vinculación ou non á un uso ou servizo público, podendo dar lugar, de concorrer os presupostos legais esixidos na normativa reguladora do patrimonio das AAPP, a desvinculación de ditos bens ao uso público e polo tanto a súa saída do dominio público, manténdose en todo caso a titularidade municipal dos bens, ao non incidir nin ser obxecto de dito procedemento as cuestións de propiedade cuxo coñecemento e resolución como queda dito está reservado á xurisdición ordinaria.

Conseguintemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico recoñécelle ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); que o devandito camiño do Monte Vello ven destinándose ao uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal; e que non se aprecia unha alteración ou modificación das circunstancias de afectación ao uso público destes, podemos concluír a improcedencia dunha desafectación por falta de causa que a motive, así como da rectificación inventarial solicitada, posto que, *prima facie*, estes forman parte do demanio público municipal e polo tanto concorre a obriga, como administración pública, de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ao exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera administración pública, agás nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais da orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por analogía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).”

De seguido o xefe de Patrimonio formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Réxime Interior en sesión de data 24 de maio ditamina favorablemente a proposta de acordo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. Manuel Pérez Roman e outros ao non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a desafectación e rectificación inventarial solicitada respecto do Camiño Monte Vello, na parroquia de Bembrive.

#### 11.- (104).- PROPOSTA DE CAMBIO DE REPRESENTANTES DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NOS DISTINTOS ÓRGANOS COLEXIADOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de maio de 2010, número 100072836, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular propón ós membros do seu grupo que pertencerán ás distintas comisións informativas, organismos autónomos e outros entes municipais logo da toma de posesión do concelleiro don Pablo Beiro Diz e da concelleira dona Begoña Romero Rodríguez.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 24 de maio ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear ós seguintes concelleiros/as pertencentes ó Grupo municipal do Partido Popular como vocais para formar parte das distintas comisións informativas, organismos autónomos e outros entes municipais:

-----  
S.ordinaria 31.05.10

CI XESTIÓN MUNICIPAL:

Mantense sen cambios polo que formaran parte:

- D. Ignacio López-Chaves Castro (presidente)
- D<sup>a</sup> Elvira Larriba Leira (vicepresidenta)
- D. José Manuel Figueroa Vila
- D. Antonio Martiño Gómez
- D. Jorge Conde Gil

CI SERVIZOS XERAIS

- D. José Manuel Figueroa Vila
- D. Carlos Comesaña Abalde
- D. Antonio Coello Bufill
- D<sup>a</sup> Carlota Muñoz Posse
- D. Ignacio López-Chaves Castro

CI EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno
- D. Miguel Fidalgo Iglesias
- D. Jorge Conde Gil
- D. Ignacio López-Chaves Castro
- D<sup>a</sup> Begoña Romero Rodríguez

CI MEDIO AMBIENTE:

- D. José Manuel Figueroa Vila
- D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno
- D. Miguel Fidalgo Iglesias
- D<sup>a</sup> Carlota Muñoz Posse
- D. Ignacio López Chaves-Castro

CI MOBILIDADE

- D. José Manuel Figueroa Vila
- D<sup>a</sup> Elvira Larriba Leira
- D. Antonio Coello Bufill
- D. Ignacio López-Chaves Castro
- D. Pablo Beiro Diz

CI CULTURA, INDUSTRIA, TURISMO E PATRIMONIO HISTÓRICO:

- D<sup>a</sup> Elvira Larriba Leira
- D. Miguel Fidalgo Iglesias
- D<sup>a</sup> María Ángeles García Míguez
- D. Ignacio López-Chaves Castro
- D. Pablo Beiro Diz

CI ASUNTOS SOCIAIS:

- D. José Manuel Figueroa Vila
- D<sup>a</sup> María Ángeles García Míguez
- D. Ignacio López-Chaves Castro
- D. Pablo Beiro Diz
- D<sup>a</sup> Begoña Romero Rodríguez

XUNTA REITORA DO IMD:  
D. Antonio Martiño Gómez  
D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno  
D. Miguel Fidalgo Iglesias  
D<sup>a</sup> Carlota Muñoz Posse  
D. Pablo Beiro Diz

Vocais Veciñais:

D. Alejandro Pérez Davila, DNI 36151748A  
D. Juan Carlos Padín Nieto  
D<sup>a</sup> Carolina Páramos Domínguez

XUNTA REITORA DO PARQUE DAS CIENCIAS VIGO-ZOO

D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Ángeles García Míguez  
D<sup>a</sup> Begoña Romero Rodríguez

MESA DE CONTRATACIÓN DO PARQUE DAS CIENCIAS VIGO-ZOO

Titular: D. Carlos Comesaña Abalde  
Suplente: D. Antonio Coello Bufill

XUNTA REITORA DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS:

D<sup>a</sup> Elvira Larriba Leira  
D. Jorge Conde Gil  
D<sup>a</sup> María Ángeles García Míguez  
D<sup>a</sup> Carlota Muñoz Posse  
D<sup>a</sup> Begoña Romero Rodríguez

COMISIÓN PARITARIA DE FORMACIÓN:

Titular: D. Antonio Martiño Gómez  
Suplente: D. Jorge Conde Gil

CONSELLO SOCIAL DE ACCESIBILIDADE:

Titulares: D<sup>a</sup> María Ángeles García Míguez  
D. Pablo Beiro Diz

Suplentes: D. Carlos Comesaña Abalde  
D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno

12.- (105).- APROBACIÓN INICIAL DA DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA PARA REGULACIÓN DE QUENDAS DE DESCANSO NO SECTOR DE AUTOTAXI DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 78050/210.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 20 de maio pola

-----  
S.ordinaria 31.05.10

xefa do Servizo de Transportes, coa conformidade do concelleiro delegado:

“Na data 16 de marzo de 2010 D. José Eladio Viso Veloso, como presidente da Sociedade Cooperativa Galega, da Asociación de Taxis de Vigo e provincia de Pontevedra e da Sociedade Cooperativa Galega Central Radio Taxi 47, presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello no que expón que como resultado da mingua no número de clientes e servizos no sector, realizaron unha reunión para o colectivo de auto-patróns de taxis o 6 de marzo nas instalacións do IFEVI onde se adoptou a resolución de implantar no citado sector *o descanso durante un período de proba de tres meses* e solicitan que, á vista da decisión maioritaria do sector, polo Concello se adopten as medidas necesarias para implantar esta medida.

Propoñen o descanso de 92 taxis por día de forma rotatoria de luns a domingo e de 00.00 a 24.00 horas, con excepción da quenda de aeroporto e dos eurotaxis que soamente poderán recoller persoas en cadeira de rodas nos días de descanso.

Achegan documentos individuais orixinais asinados polos titulares de licenzas que avalan o citado acordo e que foron revisados por este servizo. Dun total de 553 licenzas 344 titulares votaron a favor desta medida; 41 titulares en contra; 1 abstención; e os 167 restantes non votaron.

Ante a solicitude presentada, convocouse reunión cos solicitantes e os representantes da Asociación Profesional Provincial de Auto-taxis de Pontevedra na Concellería na que se mostrou a proposta.

Na data 31 de marzo de 2010 D. Laureano Herrera Moldes, como presidente da Asociación Profesional Provincial de Auto-taxis de Pontevedra, presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello no que manifesta que na asemblea xeral da Asociación aproban rexeitar a pretensión do Concello de establecer a obrigatoriedade do descanso semanal de auto-taxis .

Ao non se tratar dunha pretensión do Concello senón dunha solicitude formulada por unha representación maioritaria dos titulares de licenzas, foron ditadas instrucións polo concelleiro-delegado para a iniciación do procedemento legal para a implantación do descanso por un período de proba de tres meses.

#### RÉXIME LEGAL:

De conformidade co disposto no artigo 2 da ordenanza municipal reguladora do Servizo de Auto-taxi da cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 26 de maio de 1994, o Concello intervirá no servizo de auto-taxi entre outros medios a través de disposicións complementarias para a prestación do servizo, engadindo no artigo 3 que as disposicións complementarias referiranse entre outras materias a nº 2: “*quendas de descanso*”, atribuíndo no artigo 5 do citado texto legal a competencia para aprobar as disposicións complementarias da prestación do servizo ao Pleno da Corporación.

Ao se tratar dunha disposición complementaria da ordenanza reguladora do servizo, considérase que a tramitación da mesma deberá facerse ao amparo do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local.”

Polo anteriormente a xefa do Servizo de Transportes emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Mobilidade, na súa sesión do 24 de maio, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Hoxe é un bo día para o sector do taxi e por suposto tamén para a cidade. Por proposta da maioría do sector, unha maioría moi contundente, practicamente o 60% dos que votaron, 330 taxistas están de acordo con esta regulación dun día de descanso que fará que 92 taxis descansen de forma rotatoria do luns ó domingo e, de teren en conta ós que participaron na votación, un número moi elevado, esa porcentaxe favorable elévase ó 88,7%, o que quere dicir que é algo que o sector está demandando, é un pedimento do propio sector, pero dende o Concello vemos con absoluta lelicia que por fin en Vigo se poida dar esta medida que vai supoñer unha mellora da calidade de vida dos propios taxistas e ademais un mellor funcionamento do servizo, porque nesta aprobación inicial na que se vai facer un período de 3 meses de proba por veren como funciona este sistema rotatorio de descanso, obviamente o que se vai conseguir, entre outras cousas, é que haxa menos problemas nas paradas de taxi que, como eles mesmos veñen dicindo, diante da diminución do número de servizos, do número de clientes polos problemas que todos coñecemos, fan que en ocasións teñamos problemas de alta presenza de taxis nas paradas, cousa que tamén é un problema para o tráfico.

É indubidable que estamos diante dun pedimento que vai mellorar o propio funcionamento do servizo porque se prevé para este período de proba que se algunha razón aconsellara que se suspendera ese descanso, porque o detecten os servizos municipais, porque se produza algún acontecemento na cidade que o aconselle, está na proposta claramente que a Xunta de Goberno Local pode acordar a suspensión temporal desta medida os días que sexa necesario.

Cremos polo tanto que é unha boa nova para a cidade e para o sector do taxi. Queremos felicitar ás asociacións, á maioritaria e á Sociedade Cooperativa Galega e á Sociedade Cooperativa Galega Central-Radio Taxi 47, por este pedimento que di moito do seu bo funcionamento no sector malia que haxa un pequeno grupo que en efecto non está de acordo, pero é obvio que son as maiorías ás que hai que ter en conta e sobre todo para un tema que vai beneficiar ó propio sector e por suposto á

cidade.

SR. COELLO BUFILL: Vanme permitir unha licencia retrospectiva no tempo porque o 30 de xaneiro de 1992, presidindo o Sr. Alcalde, D. Carlos González Príncipe, e asistindo a maioría de todos os concelleiros daquela, producíase un debate no punto 14 daquela orde do día sobre unha proposta de resolución definitiva da ampliación de licenzas do auto-taxi. Aquela proposta saíu por maioría, 14 votos a favor e 11 en contra do Partido Popular. Non me podo subtraer a unhas palabras do daquela voceiro do Partido Popular polas que se dicía que esa ampliación de licenzas haberíaa que facer con certa orde, con prudencia, no sentido de que calquera decisión nese aspecto podería traer serias consecuencias para a cidade.

Esas consecuencias vímolos recentemente con Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do ano 2003 e en Recurso de casación diante do Contencioso, na Sección sexta do Tribunal Supremo que ratifica a decisión. Dalgún xeito na Sentenza se explica a responsabilidade do Concello de Vigo por ampliar esas licenzas, condenando ó Concello á preceptiva indemnización de máis dun millón de euros que evidentemente nestes días se lles satisfixo ós interesados.

O Sr. Pérez dicía: “Todos servimos para gobernar se estamos adornados da virtude da prudencia”, unha cita de Cicerón. Eu coido que daquela, hai dezaoito anos, o Sr. Calviño estaba sentado aquí e non foron o suficientemente cautos e prudentes porque as consecuencias económicas foron para todos os vigueses e viguesas de máis dun millón de euros que pagamos todos. É dicir, de determinadas frivolidades pásase á realidade.

Agora trae unha decisión e quere que todos os corporativos apoiemos. Sr. Calviño, evidentemente non vou cuestionar en absoluto o tema desa consulta que realizaron os propios cooperativistas das asociacións, neste caso da Cooperativa. Non é o meu estilo, pero si vou cuestionar a forma.

Dende entón vostede para min non é crible, non é fiable porque a súa política non é eficaz. Onde está a eficiencia, o rigor, a prudencia que nesa cita nos invocaban os clásicos? Pola súa improvisación, pola súa falla de seriedade en abordar os problemas estamos hoxe en algo que dalgún xeito ten que ver, pero non ten que ver e por iso o saquei a colación. Como vostedes saben o taxi é un magnífico servizo público que outorgan as autoridades públicas e como tal concesión dese servizo público é a primeira imaxe que se lles dá ós cidadáns cando se desprazan de fóra

-----  
S.ordinaria 31.05.10



dos nosos contornos a outras cidades limítrofes ou fóra do ámbito xeográfico. É unha imaxe que transmite a cidade, é o pulso vivo da cidade e evidentemente en Vigo utilízase moito o taxi, probablemente máis que noutras cidades do noso contorno sinxelamente porque o noso límite xeográfico é de máis de 1.200 km<sup>2</sup> e a nosa poboación é dispersa e dá personalidade a esta cidade.

Que fixo vostede por esta cidade, Sr. Calviño? De momento e que eu saiba ó sector do taxi suprimiulle o carril-bus. Nós fixéramos unha aposta moi forte por el e vostede suprimiunos.

Eu dígolle que o procedemento non me gustou. Trouxo unha proposta de resolución que vostede adorna cun número dun 60 ou un 40, pero se está fracturando ese sector. Esa proposta chega cunha clara división e eu creo que iso é moi malo. Se xa temos moitos problemas na vida cotiá que ese sector chegue aquí dividido, uns a favor e outros en contra, coido que é moi malo.

Eu respecto o pedimento que fixo a asociación pero pregunto, que é o que fixo vostede? Vostede buscou puntos de encontro, buscou a negociación? Voulle dicir que faría eu e contestareille. Eu convocaría a todo o sector, a todas as asociacións, por separado, por xunto despois, reuniríame cunhas, logo con outras ou con todas á vez. En segundo lugar, abordaría un calendario de negociación. En terceiro lugar pediría propostas. Solicitaría estudos e informes técnicos sobre a mobilidade do taxi en cuarto lugar. Quinto: analizaría cos técnicos, eses técnicos que son o mellor deste Concello, as posibles saídas. Sexto, convocaría a Mesa pola Mobilidade, o resultado trasladaríallo ós grupos para que eles tamén opinaran, negociaríase unha resolución consensuada, acordada por todas as partes, por todos os grupos e parando o reloxo de seren necesario.

Que fixo vostede? Trae un sinxelo expediente de folla e media no que fai a proposta. Iso é nada. Novamente como naquel ano 92 a improvisación, as présas, a falla de rigor lévano cometer erros que estamos a pagar por millóns. Aí están galopando desbocados os catro xinetes da Apocalipse que non son nestes momentos as enfermidades porque temos unha magnífica sanidade pública, pero a min non me fai ningunha gracia falar das cifras do paro e non me vou referir a esta localidade á que tanto queremos, senón a toda España; non as vou mencionar porque están na mente de todos. A débeda tamén a coñecemos todos, como outras cifras que son froito do dispendio e da dilapidación.

Sr. Calviño, ó final os experimentos en mobilidade deben ser os mínimos porque o

transporte é moi importante. Xa non entro no que son os auto-padróns dos taxis, nin no Estatuto dos Traballadores, nin na liberdade de empresa; si entro na capacidade que deben ter os responsables políticos de outorgar as licenzas que nestes momentos dalgún xeito queremos nós cuestionar con algún ordenamento que coido que é negativo para o sector, sobre todo porque ese sector ven claramente dividido tal e como vostede así o dixo.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Por suposto que non vou entrar nunha decisión do ano 92 no que eu orgullosamente era concelleiro de Educación do goberno daquela, coido que foi unha decisión obviamente equivocada como todos vimos e dende que teño absoluta responsabilidade na área de Mobilidade, Seguridade e Transporte teño moi claro que foi unha decisión no seu momento errónea e por iso sempre estou a defender o que os taxistas lle chaman cunha palabra horrorosa: “a *continxenciación*” que é que o número de taxis en Vigo é axeitado, 553 taxis é unha cantidade perfectamente valedoira para un bo funcionamento como así amosa o servizo.

Precisamente por esa razón, porque é suficiente e porque nestes momentos de crise é máis que suficiente, é polo que o propio sector moi maioritariamente está presentando esta proposta que dende logo non supón improvisación, nin falla de seriedade do propio sector e non digamos do concelleiro que lles fala. As porcentaxes están aí nun expediente que non é só de dous folios, é un expediente moi claro. De todo o sector votaron 372 e non votaron 181; dos que votaron 330 fixérono a favor deste descanso semanal fronte a 42, é dicir, 88,7%. Isto quere dicir que nese sector se avanza claramente cara posicións que lle van permitir que funcione moito mellor.

Coido que as porcentaxes son absolutamente claras e polo tanto non cabe outra opción para este goberno, quen ademais é firme partidario dese descanso semanal, como é obrigado para todos os traballadores ter días de descanso, precisamente por iso é polo que fixen os maiores esforzos. Se vostede mirou o expediente con claridade puido decatarse de que o pedimento ven dos primeiros días de marzo.

Aclárolle que evidentemente partía do sector maioritario, de tres organizacións, unha delas como representante dos auto-padróns e obviamente reunín, falei e tratei ter o maior número de reunións; non sei se me reunín tres ou catro veces con todos os representantes do sector e particularmente co sector minoritario que eu entendo que está nunha posición errada respecto dese servizo.

Por suposto que isto está ben valorado, valorado a fondo polos técnicos do Concello e

hai unha unanimidade total pola súa parte ó respecto da boa medida que se está a tomar. Dígolle polo tanto que nada de improvisación ou falla de rigor. Evidentemente vostede sempre solta o seu discurso de que non é crible, de que se improvisa, pero dende logo que se nunha medida hai unha clara dose de prudencia é nesta porque lle lembro, por se o esqueceu, que o que estamos a aprobar aquí, que é unha aprobación inicial que vai ter o seu período de alegacións e na que todo o mundo pode dar a súa opinión, vai volver este Pleno para aprobación definitiva.

Non é a organización do día de descanso para toda a vida, é a proba, a experiencia, por veren se funciona o sistema dese descanso durante tres meses, así que fíxese vostede se hai improvisación nesta medida. Estamos probando por tres meses se funciona, se mellora o servizo e se mellora a calidade de vida deses taxistas, o que é evidente, cousa que redundará nun mellor servizo. É dicir, de experimento absolutamente nada, pode ter a completa seguridade de que isto está moi meditado. Xa sei que a vostede lle gustaría que en Mobilidade estivéramos parados pero non o estaremos, seguiremonos movendo para beneficio da mobilidade do tráfico e do transporte nesta cidade.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Alcalde, só facer unha petición. Sinxelamente pediríalles a todos os grupos e en especial ó Sr. Calviño, a retirada da proposta e ofrézome a unha negociación para que a proposta veña consensuada por todos os grupos. Iso cando queira o Sr. Calviño. De mo aceptaren non terían máis que dicir sobre ese pedimento.

*Durante o transcurso do debate o Sr. Coello Bufill solicita a retirada deste asunto*

VOTACIÓN DA SOLICITUDE DE RETIRADA FORMULADA POLO SR. COELLO BUFILL: Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, acórdase rexeitar

a solicitude de retirada do Sr. Coello Bufill.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a disposición complementaria da ordenanza reguladora do servizo de auto-taxi da cidade de Vigo pola que se establecen quendas de descanso no sector nas seguintes condicións :

- 1) Establecer o descanso obrigatorio de auto-taxis durante un período de proba de tres meses .
- 2) Fixar o descanso de 92 taxis por día de forma rotatoria de luns a domingo de 00.00 a 24.00 horas, iniciándose o cómputo pola licenza nº 1.
- 3) Excluír da obrigatorialidade do descanso obrigatorio ás licenzas que presten servizo no aeroporto de Vigo de conformidade co réxime específico ditado pola Xunta de Galicia.
- 4) Excluír da obrigatorialidade do descanso obrigatorio ás licenzas de eurotaxi que soamente poderán prestar servizo nos citados días ás persoas de mobilidade reducida en atención ás necesidades dese colectivo.
- 5) Se durante o período de proba variasen as condicións polas que se solicita a implantación do descanso, se detectase polos servizos municipais falta de servizo ou se producise algún acontecemento na cidade que así o aconsellase, por acordo da Xunta de Goberno local poderase deixar en suspenso a medida adoptada.
- 6) Se finalizado o período de proba de tres meses, o resultado fose satisfactorio para o sector e o solicitase unha representación maioritaria do mesmo, por acordo do Pleno da Corporación poderá prorrogarse o descanso obrigatorio.
- 7) En tanto se manteña o descanso obrigatorio, o Concello comprométese a

-----  
S.ordinaria 31.05.10

manter o nº de licenzas actuais, e dicir, 553.

Segundo.- Someter a información pública o texto da disposición complementaria pola que se aproba o descanso no sector de auto-taxi da cidade de Vigo e conceder trámite de audiencia ás asociacións interesadas do sector, durante un prazo de 30 días, contados a partir da publicación da aprobación inicial, para a presentación de reclamacións e suxestións, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei reguladora das Bases de Réxime Local.

Pasado o citado prazo sen que se presentasen alegacións ou suxestións, entenderase aprobado definitivamente o acordo ata a data provisional.

13.- (106).- CREACIÓN DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS” E SOLICITUDE DE CONVENIO COA XUNTA DE GALICIA PARA A SÚA INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA. (EXPTE. 12123-331).

ANTECEDENTES.- Con data 12 de marzo de 2010, o xefe do departamento de Cultura e Bibliotecas, coa conformidade do concelleiro delegado, emite o seguinte informe:

“Ao concelleiro-delegado da Área, de acordo coas competencias delegadas da Alcaldía do 15 de xullo de 2007, correspóndelle o fomento e xestión dos servizos bibliotecarios municipais, así como determinar os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento do equipamento, servizo e programas; resolver normas de funcionamento e calquera outras actuacións que permitan unha adecuada prestación do servizo; sen prexuízo do establecido nas competencias dos outros órganos de goberno do Concello.

En virtude desta competencia a concellería de Cultura e Animación Sociocultural promove o proceso de creación dunha biblioteca pública municipal na avda. Martínez Garrido, nº 21, da cidade de Vigo, para o que, por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de decembro de 2008, se ten adquirido un local contiguo a outros dous de titularidade municipal.

Con data 21 de xaneiro de 2009 a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de adaptación de locais para biblioteca pública na rúa Martínez Garrido, redactado polo arquitecto José Carlos Rodríguez Otero, que foi incluído nas solicitudes do Concello con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local de 2009. A Xunta de Goberno Local, de data 18 de marzo de 2009, adxudicou á empresa Oreco a realización da citada obra que supón a utilización de tres locais municipais da Avda. Martínez Garrido 21, na denominada urbanización de Rivera Atienza. Con data 23 de decembro de 2009 subscribiuse a acta de recepción de obra por parte do Concello de

Vigo.

No presuposto municipal de 2010, aprobado inicialmente na Xunta de Goberno Local do 2 de febreiro e Pleno da Corporación municipal do 11 de febreiro de 2009, o Concello de Vigo ten consignadas as seguintes partidas que permitirán atender os gastos derivados do funcionamento da biblioteca pública municipal da avda. Martínez Garrido 21:

- 3340.227.99.10 "Funcionamento da biblioteca Martínez Garrido": 50.000 €
- 3340.227.99.11 "Biblioteca programa de actividades": 35.000 €
- 3340.227.99.14 "Serv. de atención ao público en dependencias culturais". 191.953,21 €
- 3320.226.09.00 "Rede salas de estudo": 30.000 €

En canto aos investimentos, as partidas relacionada coa biblioteca consignadas nos presupostos do Concello de Vigo son as seguintes:

- 3340.629.00.00 "Adquisición material audiovisual": 196.958,47 €, que inclúe os seguintes proxectos:
  - Adquisición de fondos e proceso técnico: 134.458,47 €
  - Equipamento audiovisual: 17.000 €
  - Instalación de son: 20.000 €
  - Punto de información automatizado: 8.500 €
  - Sistema de seguridade (contapersoas, arco antifurto, etc): 9.000 €
  - Equipamento ofimático: 8.000 €
- 3340.626.00.00 "Equi. Infort. Programa axencias de lectura": 56.000 €, que inclúe os seguintes proxectos:
  - Equipamento informático biblioteca municipal: 26.000 € (equipamento usuarios e persoal técnico: 19.000 €, subministro e instalación de rack-sai: 7.000 €).
  - Sistema automatizado de préstamo: 30.000 €

En sucesivos exercicios presupostarios o Concello de Vigo consignará as partidas necesarias que permitan o funcionamento da nova biblioteca pública municipal "Xosé Neira Vilas.

A normativa bibliotecaria de Galicia, concretamente a lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas, e o decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición de normativa en materia de bibliotecas, establecen que a Xunta de Galicia establecerá convenios cos concellos para crear e manter servizos bibliotecarios e bibliotecas públicas suficientes e determinan os mecanismos de creación de bibliotecas públicas municipais e a súa integración na Rede de Bibliotecas de Galicia. A colaboración da Xunta de Galicia produciríase a través dun convenio que require un acordo formal previo do Concello de creación da biblioteca, a asignación de partidas presupostarias específicas, dotación de persoal e asunción de outras obrigas."

Polo anteriormente exposto, o xefe do departamento de Bibliotecas emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

-----  
S.ordinaria 31.05.10

Con data 14 de maio o titular da Asesoría Xurídica do Concello emite informe favorable.

Con data 18 de maio a xefa do Servizo de Fiscalización, coa conformidade do interventor xeral manifesta que non é preciso o informe da Intervención ó non conlevar a proposta obrigas económicas concretas para o Concello e sinala que nos sucesivos expedientes que desenvolvan a posta en marcha da Biblioteca e que conleven autorización de gasto deberán ser obxecto da correspondente fiscalización por parte da Intervención.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 24 de maio, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. LÓPEZ CARREIRA: Hoxe estamos a dar realmente un paso importante en Vigo con esta proposta de posta en marcha da primeira biblioteca de proximidade e da primeira dunha rede de bibliotecas municipais que remata coa vergoñosa situación bibliotecaria que presenta a nosa cidade, unha cidade que a día de hoxe só conta cunha biblioteca pública e que sitúa a Vigo, en canto a infraestruturas bibliotecarias á cola do noso país e do Estado español.

Vai ser a primeira dunha rede de bibliotecas dependentes da Biblioteca central situada no Casco Vello que darán servizo ás veciñas e veciños que viven nos barrios e nas parroquias da nosa cidade. Cidade que se caracteriza pola súa poli-centricidade e desta forma contribúese a rematar coa idea de cidadáns e cidadás de primeira e de segunda en función das infraestruturas e servizos ós que teñen acceso, pois tan vigués e tan viguesa é un veciño ou unha veciña do Calvario, de Teis, de Beade, coma outro que vive no centro da cidade.

É esta unha biblioteca que estrutura as súas funcións en torno a seis eixos. En primeiro lugar contribuír á democratización da cultura e do saber, ser un centro de información básica, un centro de formación permanente e de auto-aprendizaxe, de promoción da lectura, de encontro cultural e finalmente ser tamén un centro de lecer.

Ademais propoñemos que esta biblioteca situada na rúa Martínez Garrido, en Rivera Atienza, que dará servizo ós veciños e veciñas da zona cunha situación estratéxica que cobre O Calvario, A Doblada e tamén Lavadores, leve o nome dun dos escritores máis importantes da nosa literatura: Xosé Neiras Vilas, quen coas súas “Memorias dun neno labrego” contribuíu de forma determinante a introducir a milleiros de nenos

e nenas no marabilloso mundo da lectura.

SRA. LARRIBA LEIRA: Efectivamente é unha alegría ver que finalmente, dende o ano 2008 en que se falou dende o goberno da creación dunha rede de bibliotecas municipais, parece que xa estamos próximos a inaugurar a que será a primeira biblioteca de proximidade.

En moitas ocasións falouse neste Pleno por parte do Grupo municipal do Partido Popular do interese nas bibliotecas da cidade, tanto as que supostamente imos ter a nivel estatal, como as municipais. Pero penso que é oportuno indicar aquí tamén cal vai ser o compromiso da Xunta de Galicia na consecución desta primeira biblioteca municipal de barrio.

Como dicía, a Xunta vai asumir investimentos importantes nesta biblioteca como é en primeiro lugar a dotación de mobiliario e equipamento para as diversas seccións, tanto as destinadas ó servizo público, como as destinadas a traballo técnico, cun importe que poderá chegar ós 165.000 euros. Tamén hai que engadir un lote fundacional de fondos bibliotecarios composto por obras de referencia, fondo xeral infantil e xuvenil suficiente como para poñer en marcha os correspondentes servizos do centro e este lote incluírá unha parte de fondos en galego. O valor dos libros e outros materiais a entregar supera os 70.000 euros.

Engadir tamén un software de xestión bibliotecaria, soporte técnico que se calcula que terá un valor de 20.000 euros. Tamén equipamento informático que está pendente da elaboración dun estudo de necesidades pero que se estima que roldaría os 15.000 euros. Isto faría un total, aínda pendente de concreción, de aproximadamente 270.000 euros que supón, polos datos que a propia concellería responsable facilitou, un 60% do orzamento da obra.

Pero tamén temos que engadir o compromiso da Xunta unha vez inaugurada esta biblioteca porque ten previsto asumir os seguintes gastos: Poñer en marcha o programa “Letras vivas” dirixido a propiciar o uso das bibliotecas públicas integradas na rede de bibliotecas de Galicia que contén unha programación de actividades estables a prol do fomento da lectura e da promoción dos creadores. Tamén continuará coas axudas para adquisición de fondos, actualizando as coleccións bibliotecarias da rede cun programa de co-financiamento para adquisición de fondos bibliotecarios. Por último farase un reparto de fondos de promoción do libro en galego.



Parecíame oportuno destacar aquí o interese da Xunta de Galicia, en concreto da Consellería de Cultura e Turismo, porque tamén entende que é de interese prioritario para Vigo, para que Vigo poda subsanar a grave carencia de infraestrutura bibliotecaria da cidade.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Crear a Biblioteca Pública Municipal, coa denominación “Xosé Neira Vilas”, nos locais de titularidade municipal da avda. Martínez Garrido 21 de Vigo, con referencias catastrais 4852501NG2745S0006Q, 4852501NG2745S0007WD e 4852501NG2745S0003ZO, rehabilitados para biblioteca de acordo co proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local do 21 de xaneiro de 2009.

Segundo.- EncadRAR o novo servizo de biblioteca pública municipal “Xosé Neira Vilas” na unidade orgánica de Cultura e Bibliotecas e adscribilo á concellería delegada da Área de Cultura e Animación sociocultural, así como facultar ao concelleiro-delegado da Área de Cultura para establecer as directrices xerais do funcionamento e recursos do servizo sen prexuízo do establecido nas competencias dos outros órganos de goberno do Concello.

Determinar a prestación do servizo de biblioteca mediante a forma de xestión directa polo propio Concello de Vigo, sen prexuízo dos contratos de servizos ou subministros que se precisen para o seu mellor funcionamento.

Terceiro.- Adscribir, provisionalmente, un posto e praza de técnico/a medio de bibliotecas do cadro de persoal vixente do Concello de Vigo ao novo servizo bibliotecario (biblioteca “Xosé Neira Vilas”), sen prexuízo das novas incorporacións ao cadro orzamentario de persoal que poidan acordar os órganos de goberno do Concello de Vigo.

Cuarto.- Servizos da biblioteca “Xosé Neira Vilas”. Establecer, inicialmente, os seguintes servizos a prestar na biblioteca pública municipal “Xosé Neira Vilas”:

- 1.- Información e préstamo: Servizo de atención ao usuario e servizo de consulta dos fondos da biblioteca.
- 2.- Fondos xerais: Servizo de consulta de fondos de información, coñecemento e ficción: narrativa, poesía, teatro e outros xéneros.
- 3.- Prensa, revistas e referencia: Servizo de lectura e consulta de prensa e revistas, presencial e en liña; servizo de lectura e consulta de bases de datos, enciclopedias, presencial e en liña.
- 4.- Espazo multimedia: Servizo de alfabetización dixital e servizo de acceso público

-----  
S.ordinaria 31.05.10

- a internet e ofimática.
- 5.- Espazo xuvenil: Servizo lectura de cómics e ficción; servizo de música, imaxe e xogos.
  - 6.- Infantil: de 0 a 14 anos: Servizo de fondos infantís: coñecementos, ficción e cómics; servizo de acceso a internet e ofimática; servizo de xogos electrónicos educativos.
  - 7.- Área de traballo: xestión, dirección, proceso físico e técnico dos fondos; preparación de actividades, etc.
  - 8.- Espazo wifi: servizo de conexión wifi, espazo provisto con tomas eléctricas.
- Superficie útil e usuarios: 389 m2 e 74 postos de usuario.
  - O organigrama de servizos da biblioteca pública municipal “Xosé Neira Vilas” inclúe os servizos e seccións previstas na normativa de bibliotecas de Galicia.
  - Fondos.- A capacidade máxima dos fondos da biblioteca prevista no plan funcional da biblioteca para o fondo xeral e infantil (coñecementos, ficción, música e imaxe, etc.) podería chegar aos 11.000 exemplares.
  - Horario de apertura.- O horario de apertura da biblioteca “Xosé Neira Vilas” prevese para unha apertura inicial de 35 horas semanais, a determinar polo servizo de Cultura e Bibliotecas e a concellería-delegada en función dos recursos finais dispoñibles.
  - O concelleiro-delegado con competencias de Cultura queda facultado para organizar os servizos e recursos da biblioteca.

Quinto.- Solicitar á Xunta de Galicia, de acordo co previsto na lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas e no decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición de normativa en materia de bibliotecas:

- a) A creación da biblioteca pública municipal “Xosé Neira Vilas” de acordo coas características descritas neste acordo
- b) A inscrición da biblioteca no rexistro de bibliotecas de Galicia e a súa integración na rede de bibliotecas de Galicia.
- c) A sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Xunta de Galicia.

14.- (107).- PROPOSTA DE IRMANDAMENTO VIGO-LAS PALMAS DE GRAN CANARIA.  
EXPTE. 6671/101.

ANTECEDENTES.- Con data 20 de maio de 2010, o técnico de Administración Xeral e xefe de RRPP e Protocolo, coa conformidade do alcalde-presidente, informa o que segue:

-----  
S.ordinaria 31.05.10

“O irmandamento de cidades é un concepto polo que pobos ou cidades de distintas zonas xeográficas e políticas emparéllanse para fomentar o contacto humano e os enlaces culturais e sociais. É hábito irmandarse con cidades no estranxeiro, cidades de características similares, pero é tamén frecuente irmandarse con cidades do mesmo país, con peculiaridades semellantes.

Non existindo lexislación aplicable, os irmandamentos rexeranse polos acordos que as Corporacións adopten, previos os contactos dos seus representantes municipais, fixando nos mesmos o obxectivo común.

Por isto,

- Establecidos os contactos cos representantes municipais da cidade das Palmas (achegados no presente expediente), procederá o acordo do Pleno da Corporación, previa remisión á Comisión de Cultura.
- Unha vez ditaminado por esta remitirase o expediente ó Pleno da Corporación.
- Posteriormente determinarase as datas do irmandamento incluíndo necesariamente no mesmo a sinatura protocolaria e se creará un comité que fará o seguimento do mesmo e marcará as actuacións conxuntas a desenvolver.”

De seguido o xefe de RRPP e Protocolo formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico ditamina favorablemente a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Recollendo o sentir das cidades de Vigo e Las Palmas, co gallo de favorecer os intercambios sociais e culturais de ambas cidades e co respecto ós principios da Carta de Cidades irmandadas, declarar solemnemente o irmandamento das cidades de Vigo e Las Palmas de Gran Canaria para desenvolver o respecto mutuo, a comprensión e a colaboración.

Explicación de voto da concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira:

Estamos totalmente encantados de que sexa o Concello das Palmas de Gran Canaria quen solicite, ou propoña este irmandamento coa cidade de Vigo, pero en todo caso queríamos sinxelamente apuntar que ó noso entender isto deberíase facer sen

-----  
S.ordinaria 31.05.10

ningún custe para o Concello. Pensamos que é o momento de nos abster de gastos superfluos.

A PRESIDENCIA: Como é natural así está contemplado. Para dicir toda a información prodúcese por pedimento da Sociedade galega das Palmas. Son grupos de galegos alí organizados os que lle propoñen ó alcalde das Palmas que á súa vez propoña ó alcalde de Vigo este irmandamento que non é máis que salienta a enorme relación comercial en canto á pesca e outras actividades que hai entre as dúas cidades. Terá custe cero. Moitas gracias.

15.- (108).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DO ACTOR LUIS TOSAR COMO EMBAIXADOR HONORÍFICO DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 12247/331.

ANTECEDENTES.- O xefe do departamento de Cultura, o 14 de maio de 2010, emite o seguinte informe:

“Con data 15 de abril de 2010 o tenente alcalde e concelleiro-delegado de Turismo e Cascos Históricos, xunto co concelleiro-delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural subscriben unha resolución para que se inicie o expediente para nomeamento do actor Luis Tosar como embaixador honorífico do Casco Vello de Vigo, polo Pleno da Corporación municipal e que polo departamento de Cultura se realice un informe.

A este respecto o vixente regulamento de honras e distincións do Concello de Vigo establece dúas honras e distincións que son a Medalla da Cidade e a inclusión no rueiro da cidade das persoas físicas ou xurídicas que acrediten méritos suficientes para eses recoñecementos.

Con independencia deste regulamento de honras e distincións os órganos de goberno local veñen outorgando recoñecementos que non están contemplados nesta norma como podería ser o caso dos nomeamentos de “Vigueses Distinguidos”.

A proposta da Tenencia de Alcaldía e da Concellería de Cultura ten como obxecto contribuír á promoción do Casco Vello de Vigo, a través do recoñecemento da figura dun actor relevante de Galicia con ampla proxección mediática, social e cultural; mesmo internacionalmente.

Enténdese que este recoñecemento honorífico é gratuíto e non supón ningún gasto para o Concello polo feito de realizalo e parece discreción dos órganos de goberno do Concello; se ben cumpriría que previamente á adopción do acordo o interesado

-----  
S.ordinaria 31.05.10

manifestase a súa conformidade.

A aceptación do nomeamento suporía a vontade de Luis Tosar de referirse ás virtualidades do Casco Vello de Vigo nas súas intervencións públicas cando o considerase adecuado, sen prexuízo de colaboracións concretas co Concello de Vigo que se poderían formalizar en futuros acordos axustados ás normas procedementais ou contractuais que lles foran de aplicación.

O tenente alcalde e o concelleiro téñense reunido con Luis Tosar para lle realizar a proposta de nomeamento de embaixador honorífico do Casco Vello ao que ten manifestado a súa aceptación.”

Coa mesma data, o concelleiro-delegado de Cultura fai ó Pleno da Corporación a proposta que se atopa na parte dispositiva deste acordo.

Figuran no expediente os informes da Secretaría Xeral do Pleno e da Intervención Xeral, ambos de data 21 de maio de 2010.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 24 de maio, ditamina favorablemente o presente asunto.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Gustaríame deixar constancia pública neste Pleno para que ademais así conste en acta, coido que todos nos imos adherir, o agradecemento que esta cidade ten que ter para co actor Luis Tosar, habida conta de que acepta este nomeamento sen custe ningún para o Concello e que xa expresou que a partir de agora vai ser unha persoa que, coa súa traxectoria e transcendencia tanto a nivel nacional coma internacional, naqueles actos nos que estea presente, naquelas presentacións que faga e segundo poida por motivos de axenda, coido que estamos diante do nomeamento dunha persoa moi coñecida internacionalmente e sen ningunha dúbida lle vai dar tanto ó Casco Vello como a Vigo esa promoción que tanto precisamos.

Quero que conste a felicitación a Luis Tosar porque dende o primeiro momento, cando tanto o concelleiro de Cultura como eu mesmo, presentámoslle esta posibilidade aceptou repito que de xeito totalmente desinteresado e sen ningún custe para o Concello.

SRA. LARRIBA LEIRA: Votaremos a favor da proposta de nomear a calquera persoa de prestixio profesional e coñecida pola cidadanía, como é o caso do actor Luis Tosar, porque pensamos que se pode facer eco da nosa cidade no exterior e isto é un recurso e un motivo de satisfacción. En todo caso queremos facer un prego e unha

suxestión ó nomeamento.

O prego xa o fixemos a través da emenda que presentamos na correspondente comisión onde faciamos constar que queremos que este nomeamento, polo seu propio carácter honorífico, se faga sen ningún custe para as arcas municipais. O Sr. Tenente de alcalde confírmao neste Pleno e agardamos que así sexa. Pero tamén queremos facer unha suxestión porque sendo o BNG un partido que sempre puxo como prioritaria a consulta e a proximidade coa cidadanía, rechama poderosamente que os colectivos do Casco Vello descoñeceran calquera extremo deste nomeamento e falamos con moitos deles, non só coa asociación veciñal senón con comerciantes e outros veciños que non sabían nada deste nomeamento. Parécenos que dado que vai ser o embaixador do Casco Vello sería bo que en adiante tamén se falara cos colectivos antes de facer estas propostas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Aceptar esa suxestión e reafirmar que este nomeamento ten custe cero.

Cando se lle propón a unha persoa un título honorífico, quen primeiro ten que aceptar é a persoa e loxicamente por respecto a ela eu non lles podó dicir ós colectivos se imos ou deixamos de nomear porque o primeiro é o respecto cara á persoa.

Independentemente de que isto se faga así, non hai ningún colectivo no Casco Vello que nestes momentos estea en contra de que Luis Tosar sexa embaixador do Casco Vello, nin un só colectivo en contra.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear ao actor Luis Tosar como embaixador honorífico do Casco Vello de Vigo, para contribuír á promoción do noso barrio histórico a través do apoio que se pode prestar polo seu recoñecemento, mesmo internacional, no sector das artes visuais e escénicas. Este nomeamento honorífico, polo seu propio carácter, prodúcese sen custo económico para as arcas municipais.

16.- (109).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 1/2010,

-----  
S.ordinaria 31.05.10

CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA A URBANIZACIÓN DO CAMIÑO  
ARIEIRO. EXPTE. 4380/407.

ANTECEDENTES.- Con data 26 de febreiro o delegado de Urbanismo, Sr. Mariño Mendoza, ditou a seguinte resolución:

“En virtude do protocolo de colaboración asinado no ano 2000 pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a posta en funcionamento dunha residencia asistida para maiores no termo municipal de Vigo, o Concello cedeu gratuitamente á Xunta de Galicia unha finca no camiño Arieiro-Bembrive e comprometeuse a urbanizar a zona na que esta se empraza.

Ao obxecto de levar a cumprimento dito protocolo, o Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión do 7 de agosto de 2003, aprobou o proxecto de mellora de pavimento do camiño do Arieiro-Bembrive.

A execución de dito proxecto implicou a ocupación de 485 m<sup>2</sup> de superficie dunha parcela propiedade da mercantil “Gestiones y Promociones de Compostela, S.R.L.”, lindeira co camiño e situada fronte á residencia asistida alí construída.

O 12 de febreiro de 2004 asinouse coa citada entidade convenio urbanístico para a cesión da parcela, obrigándose á mercantil “Gestiones y Promociones de Compostela, S.R.L.” a efectuar pola súa conta as obras de acondicionamento dos terreos cedidos e que complementaban as que levaba a cabo o Concello para o acceso á residencia asistida para maiores.

A urxencia da apertura da residencia promovida pola Xunta de Galicia para dar cumprimento ao protocolo de colaboración asinado polo Concello e a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, implicou a execución inmediata das obras de urbanización do vial.

A entidade “Gestiones y Promociones de Compostela, S.R.L.” fixo efectivo o pagamento á empresa construtora do importe de 77.040,58 euros, correspondente ás obras que os propios servizos técnicos municipais atribuíron ao seu cargo.

O 7 de outubro de 2008, a entidade “Construcciones Crespo, S.A.” emite factura nº 162, serie FE08 por importe de 61.755,97 euros, correspondente á participación municipal naquelas obras de urbanización.

Polo tanto, procede incoar expediente de modificación orzamentaria mediante a creación dunha partida de gastos, “*Obra Camiño Arieiro-Bembrive, recoñecemento de crédito*”, cun crédito de 61.755,97 euros.

O financiamento desta modificación presupostaria será, de conformidade co previsto polo artigo 177.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo) mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións estímense reducibles sen perturbación do servizo. En concreto, as partidas nas que

se producirán as baixas de créditos son as de retribucións básicas e complementarias (4320.1200000 e 4320.1210000), por un importe total de 61.755,97 euros.

Por todo o exposto e de conformidade co artigo 177.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 (Texto Refundido da Lei de Facendas Locais) e a delegación da Xunta de Goberno Local do 16 de xullo de 2007, resolvo incoar expediente de concesión de crédito extraordinario por importe global de 61.755,97 euros.”

Con data 9 de abril o xefe dos Servizos Centrais da Xerencia, coa conformidade da Xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta:

“Visto o Decreto do Delegado de Urbanismo do 26 de febreiro de 2010, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítense o seguinte informe:

1.- O gasto que se pretende incluír no orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da Entidade, por ser urxente e de necesaria realización.

2.- O importe de 61.755,97 euros destínase a seguinte partida:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito inicial</u>	<u>Alta</u>
4320.6010000	Urbanización camiño Arieiro	0,00 €	61.755,97 €

3.- A presente modificación supón un crédito extraordinario de 61.755,97 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do orzamento.

4.- O financiamento desta modificación realizarse mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxa dotación estímase reducible sen perturbación do servizo:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito inicial</u>	<u>Baixa</u>
4320.1200000	Retribucións básicas	1.035.863,36 €	24.076,48 €
4320.1210000	Retribucións complementarias	1.621.117,94 €	37.679,49 €
...			

Visto o anterior, o xefe dos Servizos Centrais emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral, en data 14 de abril, informa o que segue:

-----  
S.ordinaria 31.05.10



“Incoado por Resolución da Concellaría Delegada de Urbanismo de data 26 de febreiro do ano en curso, tivo entrada nesta Intervención Xeral, expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 1/2010, que se financia con cargo a baixas de créditos de gastos de partidas do orzamento vixente, e presentada a proposta de modificación acompañada da memoria xustificativa que se inclúe na propia resolución de incoación, o funcionario que subscribe, en cumprimento do ordenado polos artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 37.3 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril e 4.1.g) do Real Decreto 1174/87, do 18 de setembro, de réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (na actualidade estatal), emítense o seguinte informe:

1.- Lexislación aplicable.

O expediente que se tramita contén un crédito extraordinario por importe de 61.755,97 euros.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non se pode demorar ata o exercicio seguinte, e para o que non existe crédito.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulada nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRHL) e 34 e 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como na base 8ª das de execución do orzamento vixente. As baixas por anulación que por importe equivalente ao crédito extraordinario a habilitar de 61.755,97 euros se propón como medio de financiamento neste expediente atopan a súa regulamentación no artigo 177.4 TRLRHL e artigos 36.1.c) e 49 a 51 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril

2.- Descrición da modificación de crédito proposta.

A normativa que se ven citando, esixe unha serie de requisitos que deben reunir os gastos para os que se proxecta este tipo de modificación de créditos.

En síntese, tales requisitos concrépanse en que os gastos deberán ter carácter específico e determinado, non podéndose demorar para o exercicio seguinte.

Así mesmo, debe cumprirse a premisa da non existencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado á finalidade específica á que se orienta o gasto a realizar no nivel establecido na vinculación xurídica (bolsa de crédito), non podendo ser obxecto de ampliación.

Pois ben, a resolución da Concellaría delegada de Urbanismo que ordena a instrución do expediente que se informa, inclúe a partida orzamentaria a crear ex novo (“créditos extraordinarios”), facendo referencia ás necesidades que se proxecta atender coa modificación que se propón.

En concreto, o crédito extraordinario por importe de 61.755,97 euros, ten como finalidade o recoñecemento da débeda orixinada pola realización do gasto por dito importe de: "Urbanización camiño de Arieiro". Gasto que segundo se deduce da documentación que conforma o expediente, realizouse sen control de fiscalización previa, con defectos de natureza administrativa consistentes na omisión de expediente administrativo e xerándose, ademais, obrigas que se contraeron sen a existencia de crédito adecuado e suficiente no momento en que se efectuou o gasto en cuestión. Isto determina, en definitiva, que nos atopemos ante obrigas con vicio de nulidade radical ou de pleno dereito.

Trátase de supostos de obrigas non esixibles, na medida en que a regra xeral é que se require a existencia de crédito como requisito para que calquera obriga poida ser satisfeita.

Non obstante, este requisito non afecta á validez de dita obriga e á posibilidade de que o terceiro de boa fe reclame ante a administración municipal se acredita que incorreu en gastos en aplicación da regra do servizo prestado, en base a unha acción de enriquecemento inxusto.

En calquera caso, trátase de actuacións que vulneran o establecido no artigo 173.5 TRLRHL e 25.2 do RD 500/90. Estes preceptos sancionan con nulidade de pleno dereito todo acto administrativo, resolución ou acordo que supoña compromiso de gasto por contía superior aos créditos consignados no estado de gastos, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

As actuacións que incorpora o expediente que se informa van encamiñadas cara á instrumentación dun expediente de recoñecemento de obrigas por recoñecemento extraxudicial de créditos que posibilite o recoñecemento da obriga e o pagamento.

O recoñecemento extraxudicial de créditos constitúe unha excepción ao principio orzamentario de temporalidade dos créditos. A este principio alude o artigo 176 TRLRHL desenvolvido polo artigo 26 RD 500/90, ao establecer que as obrigas orzamentarias recoñécense no mesmo exercicio en que se realizan os gastos que as orixinan. Non obstante isto, este principio ten excepcións, entre outras, a prevista no apartado segundo do propio artigo 26 RD 500/90, que trata de "*as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do presente Real Decreto*", este último precepto reza así:

*"Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito, ou concesión de quita e espera".*

En todo caso, polo que atinxe ao concepto, natureza e efectos desta figura do recoñecemento extraxudicial de créditos remítome ao informe emitido por quen subscribe de data 15 de xullo de 2009, en relación co expediente de modificación de créditos número 75/2009, aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión realizada o día 27 de xullo de 2009, e publicada a aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia número 183 de 22 de setembro.

3.- Recurso financeiro empregado.

-----  
S.ordinaria 31.05.10

Proponse como medio de financiamento deste expediente de modificación orzamentaria, a minoración dos créditos das partidas 4320.1200000 “Retribucións básicas” e 4320.1210000 “Retribucións complementarias”, do orzamento vixente da XMU, por importes de 24.076,48 euros e 37.679,49 euros, respectivamente.

As baixas por anulación como medio de financiamento admítense nesta modalidade de modificacións orzamentarias, suplementos e habilitación de créditos extraordinarios, polos artigos xa citados 177.4 TRLRHL e 36.1.c) e 49 a 51 Real Decreto 500/90, do 20 de abril, así como na base 12ª das de execución dos orzamentos municipais vixentes.

En observancia de tales preceptos podemos sinalar que se cumpre o requisito requirido por esta normativa de que se xustifique polo servizo que a anulación ou baixa, en este caso parcial, do crédito orzamentario, ao indicarse de forma expresa que é factible a anulación sen que isto ocasione perturbación no funcionamento operativo do servizo ao que se atopa adscrita a dotación a dar de baixa; non se fai mención no expediente de forma expresa ao segundo requisito que establece a normativa para que a utilización deste recurso sexa factible, isto é, que os créditos a dar de baixa non se atopen comprometidos. Tal omisión válidase neste informe ao comprobarse que efectivamente os créditos a dar de baixa non se atopan nesta fase de execución de gasto.

Polo demais, de acordo co artigo 49 do Real Decreto 500/90, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación das baixas por anulación de créditos, polo que a proposta de acordo que se eleve ao órgano colexiado debe recoller expresamente esta previsión.

Doutra banda, tendo en conta que os importes da modificación de créditos proposta e o dos recursos financeiros empregados son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

#### 4.- Estabilidade orzamentaria.

En canto á incidencia que produce o expediente que se informa sobre os orzamentos municipais por aplicación do Real Decreto Lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria, informamos que de conformidade co artigo 3.1 de dita norma legal, as entidades locais que produzan bens ou presten servizos que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais suxeitaranse ao principio de estabilidade en termos previstos no artigo 19 da propia Lei, establecendo este último precepto que por estabilidade orzamentaria se entende a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

En igual sentido o artigo 4 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais, no seu artigo 4 dispón que o grupo de entidades locais mencionados anteriormente aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade

orzamentaria.

En canto ás consecuencias do incumprimento deste principio de estabilidade orzamentaria, recóllense no artigo 22 da Lei e consisten, de non alcanzarse tal obxectivo, na obriga de aprobación polo Pleno da Corporación, no prazo de tres meses, dun plan económico-financeiro de reequilibrio a un prazo de tres anos. En igual sentido o artigo 19 do Real Decreto 1463/2007.

Tendo en conta a natureza de gasto non financeiro do crédito extraordinario que se propón habilitar e a análoga natureza do gasto correspondente aos créditos cuxa baixa parcial se propón, o efecto deste expediente de modificación orzamentaria en termos de estabilidade é inocuo.

#### 5.- Tramitación e aprobación do expediente.

Segundo os artigos 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación aos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos aplicables aos orzamentos, é dicir:

- 1.- Proposta con memoria xustificativa do presidente.
- 2.- Informe preceptivo do interventor.
- 3.- Ditame da comisión informativa competente, preceptivo a teor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.
- 4.- Aprobación provisional polo Pleno Corporativo.
- 5.- Non se atopando previsto ningún quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos, será suficiente a maioría simple dos votos a favor (artigo 47 da Lei 7/1985).
- 6.- Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante dito prazo ante o Pleno.
- 7.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para as resolver, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva.
- 8.- O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no "Boletín Oficial" da Provincia, ademais de no taboleiro de anuncios da Corporación.
- 9.- Da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito definitivamente aprobada remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao "Boletín Oficial" a que se refire o apartado anterior.
- 10.- Contra a aprobación definitiva da concesión de créditos extraordinarios e

suplementos de crédito poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición, se ben a interposición do recurso non suspenderá por si soa a aplicación do crédito extraordinario e suplemento de crédito.

A modificación entrará en vigor unha vez se produza a publicación indicada no apartado 8 anterior, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación.

Conforme á base 8ª das de execución do orzamento municipal vixente, os compromisos de créditos deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRHL, unha copia do orzamento e de todas as súas modificacións debe permanecer a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.”

O consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 29 de abril de 2010, ditamina favorablemente a proposta do xefe dos Servizos Centrais de Urbanismo citada anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar o crédito extraordinario por importe de 61.755,97 euros (modificación nº 1/2010 do vixente orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, conforme ao expresado nos antecedentes deste acordo.

17.- (110).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 1 DO PXOM-AA 01, SUBESTACIÓN DE BALAÍDOS. EXPTE. 11471/411.

-----  
S.ordinaria 31.05.10

ANTECEDENTES.- Con data 12 de marzo o técnico de administración xeral, Sr. Rodríguez Bartol, coa conformidade do arquitecto-director da oficina de Planeamento e Xestión e máis da Xerente Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe:

“1.- Mediante Resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do 05.03.2009 foi incoado procedemento administrativo para a tramitación da modificación puntual nº 1 do PXOM de Vigo, instada o 26.11.2008 (Doc. nº 80150640) por “Unión Fenosa Distribución, S.A.”, coa finalidade de corrixir o erro detectado na documentación gráfica do Plan Xeral relativa á actuación illada AA 01 «Subestación de Balaídos».

2.- Redactado de oficio pola Oficina de Planeamento-Xestión da XMU, en marzo de 2009, o documento de inicio correspondente á avaliación ambiental estratéxica (AAE) da «Modificación puntual nº 1 da AA-01 do PXOM Vigo», remitiuse á Dirección Xeral de Desenvolvemento sostible da CMATI da Xunta de Galicia a fin de instar a tramitación da consulta previa prevista no art. 4 da L.9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, por tratarse dun suposto de modificación menor dos recollidos no seu art. 3.3.b), que podería exceptuarse do procedemento de AAE, como, en efecto, así se declarou por decisión do 26.06.2009 da Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental (DOG nº 155, do 10.08.2009).

3.- En cumprimento do establecido no art. 85.1 da LOUGA solicitouse da CMATI o informe previo á aprobación inicial desta modificación puntual, para o que se lles remitiu copia do expediente administrativo tramitado e do documento técnico elaborado tamén por esta Oficina de Planeamento-Xestión. Tal informe, emitido en sentido favorable, asinouse en data 01.03.2010 pola Secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e recibido no Rexistro xeral da XMU o 08.03.2010 (Doc. nº 100032615).

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- a) TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- b) LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- c) L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- d) L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
  - LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
  - LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
  - RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
  - RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
  - RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
  - RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
  - Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP

-----  
S.ordinaria 31.05.10

04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).

- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

### III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

1.- O erro detectado na documentación do PXOM que motivou a tramitación deste procedemento de modificación puntual consistiu en que, nos respectivos planos de ordenación, a trama de sistema xeral de equipamentos, identificada cun cuadrículado diagonal sobre o que se rotularon as siglas "SXE", non cobre a totalidade da superficie necesaria para a subestación, quedando unha parte, no sur, sen ningunha trama nin cualificación, presentándose deste xeito a dúbida de se pertence ou non á zona de sistema xeral de equipamentos e á propia AA 01.

2.- O art. 1.0.10 das NNUU do vixente PXOM contén unhas normas interpretativas do planeamento aplicables no casos de contradición entre os documentos do Plan ou de existencia de conceptos dubidosos. Establece tamén o presuposto para a apreciar a concorrencia dun "*erro material*" e o procedemento para a súa subsanación (art. 1.0.12):

«1. Cando a base cartográfica que serve de base ó grafismo da ordenación non coincida coa situación real de edificacións ou viario existente, a súa corrección, así como a do grafismo de ordenación baseada na mesma, será considerada corrección material de erro, e poderá corrixirse por aprobación do Pleno municipal. 2. O mesmo precepto aplicarase cando se detecten contradicións no texto ou nos planos. 3. Unha vez aprobada polo Pleno remitirase ó órgano autonómico responsable para que referende a corrección do erro material».

3.- O art. 105.2 da LRX-PAC dispón que as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Trátase dunha facultade atribuída á Admón. para poder corrixir ou rectificar, sen ningunha prema temporal, os erros materiais apreciados nun acto administrativo, coa exclusiva finalidade de impedir que un simple erro desa natureza poida pervivir ou producir efectos desorbitados, como os que suporía acudir ós trámites do procedemento de revisión.

4.- Con todo, esa simple e directa rectificación ex art. 105.2 LRX-PAC, sen máis trámites que a súa aprobación polo Pleno e posterior remisión ó órgano autonómico competente, será sempre de aplicación restritiva e terá que limitarse a aqueles concretos supostos nos que o propio acto administrativo sexa revelador dunha equivocación manifesta e evidente por si mesma, sen afectar á idéntica pervivencia do mesmo (SSTS do 20.07.1984, 27.02.1990 e 21.09.1998, entre outras).

Polo tanto, non podería cualificarse como "*erro material*" aquela rectificación que implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica, ou cando represente claramente unha alteración do sentido do acto, ou en caso de dúbida, ou cando a comprobación do erro esixa acudir a datos dos que non exista

constancia no expediente.

En efecto, a rectificación material de erros de feito ou aritméticos ten como única finalidade a de eliminar os posibles erros na transcripción ou de simple conta e deben diferenciarse estes supostos daquelas rectificacións de maior transcendencia, non autorizadas polo precepto indicado, afirmándose unicamente daqueles erros ostensibles, manifestos, indiscutibles e evidentes por si mesmos, sen necesidade de maiores razoamentos.

Noutro caso, de resultar preciso recorrer a criterios interpretativos para a cualificación dunha posible anomalía ou para resolver unha posible contradición, desvirtuaríase o xenuíno significado da rectificación de erros materiais ou de feito, para internarse no ámbito da revisión das disposicións e actos administrativos sen respectar o procedemento legalmente establecido.

5.- No suposto presente, aínda tratándose dun erro na representación gráfica no Plan Xeral da AA 01 que podería parecer evidente, considerouse que a súa corrección si precisaría dalgún labor de tipo interpretativo; o que aconsellou, para maior seguridade, subsanalalo a través do procedemento de modificación puntual do PXOM.

Así pois, esta modificación terá por obxecto, exclusivamente, corrixir o erro padecido na grafía da trama do sistema xeral da rede eléctrica AA 01, axustándoa ó espazo total situado entre o vial paralelo ó muro do Cemiterio de Pereiró e o recinto da factoría PSA-Citroën.

6.- Dispón o art. 93 da LOUGA que a alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que os constitúan. Nun e noutro caso, tales modificacións suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación; o que nos remite ó procedemento previsto nos arts. 85 e ss. da LOUGA.

7.- En calquera caso, toda modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas encamiñadas á mellora substancial da ordenación urbanística vixente, ó desconxestionamento urbano, á mellora da articulación dos espazos libres públicos e dos volumes construídos, á eliminación de usos non desexables ou á incorporación doutros necesarios, á creación de novas dotacións urbanísticas públicas, á resolución de problemas de circulación e a outros fins públicos.

O interese público da modificación que se está a tramitar neste procedemento resulta debidamente acreditada na documentación integrante do expediente, no que consta o documento técnico da «MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DA AA-01 DO PXOM VIGO», redactado polos arquitectos da Oficina de Planeamento-Xestión con data novembro de 2009, que inclúe un detallado anexo xustificativo da modificación proposta.

Ademais, no propio informe da secretaria xeral de Ordenación do territorio e urbanismo da CMATI do 01.03.2010 maniféstase que a finalidade pretendida con esta modificación *“pode incluírse entre as sinaladas no art. 94.1 da LOUG e fundamentar*

-----  
S.ordinaria 31.05.10



o interese público” e que “a documentación é axeitada para o alcance e finalidade da Modificación Puntual”.

8.- Tal documentación técnica está integrada por:

- Documento nº 1: Memoria informativa e xustificativa.
- Documento nº 2: Anexos. Anexo 1: Modificación da documentación (Memoria xustificativa e documento de xestión e execución). Anexo 2: Memoria xustificativa. Anexo 3: Documento de xestión e execución do PXOM. Ficha do sistema xeral de infraestruturas de servizos urbanos do PXOM. Anexo 4: Documento de inicio de avaliación ambiental estratéxica. Anexo 5: Decisión do 26 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI de non someter a modificación puntual nº 1 ó procedemento de AAE.
- Documento nº 3: Documentación gráfica. Anexo 6: planos da modificación. Anexo 7: Planos orixinais e modificación.

9.- Tocante ó procedemento administrativo aplicable, e unha vez recabado da CMATI o informe previo requirido polo art. 85.1 da LOUGA, procedería aprobar inicialmente a modificación puntual e continuar a súa tramitación segundo o disposto no Art. 85 da LOUGA.

10.- A competencia para aprobar inicialmente esta modificación corresponderá ó Pleno da Corporación (art. 127.1.d] LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local (art. 127.1.c] LRBRL) e por proposta do Consello de Xerencia da XMU (Arts. 8.m] e 3.b] Estatutos).”

Polo anteriormente exposto, o informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

No expediente figuran informes favorables da secretaria xeral do Pleno, de data 14 de abril, e máis do interventor xeral de data 15 de abril.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 23 de abril acordou aprobar o proxecto da presente modificación puntual.

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 6 de maio, ditaminou favorablemente a proposta emitida polo técnico informante citada anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias

-----  
S.ordinaria 31.05.10

Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a «Modificación puntual nº 1 da AA-01 do PXOM Vigo-Subestación de Balaídos», instada pola mercantil “Unión Fenosa Distribución, S.A.” e redactada pola Oficina de Planeamento-Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo con data novembro de 2009, coa finalidade de corrixir o erro padecido na grafía da trama do sistema xeral da rede eléctrica AA-01, axustándoa ó espazo total situado entre o vial paralelo ó muro do Cemiterio de Pereiró e o recinto da factoría PSA-Citroën.

Segundo.- Abrir un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a publicación de anuncios no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, darase audiencia ós municipios limítrofes e, de ser o caso, recabaranse das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten precisos.

Terceiro.- Notificar este acordo a “Unión Fenosa Distribución, S.A.”, coa indicación de que non é susceptible de recurso ningún por tratarse dun mero acto de trámite.

18.- (111).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 7/2010. CRÉDITO EXTRAORDINARIO. EXPTE. 4406/407.

ANTECEDENTES.- Con data 22 de abril o delegado de Urbanismo, Sr. Mariño Mendoza, ditou a seguinte resolución:

“Unha vez aprobado o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, considerouse necesario acometer a ordenación do ámbito comprendido no contorno da Praza do Rei.

En 2009 o Concello de Vigo encargou ao arquitecto, D. José Rafael Moneo Vallés, a realización dos traballos previos para a ordenación da Praza do Rei e do seu contorno dende a faldra do Castro ata o castelo de San Sebastián.

Dito encargo tivo como resultado a elaboración dun exhaustivo estudo e a realización de dúas maquetas que permaneceron expostas ao público na Casa do Concello.

Posteriormente, as entidades responsables de ditos traballos presentaron as

-----  
S.ordinaria 31.05.10

seguintes facturas:

O taller de maquetas "Juan de Dios Hernández & Jesús Rey, S.L." emite o 24 de setembro de 2009 factura nº 63709 por importe de 46.400,00 euros, correspondente á realización de dúas maquetas a escala 1/500 do Concello de Vigo na Praza do Rei.

O arquitecto José Rafael Moneo Vallés emite o 1 de outubro de 2009 factura nº 32/09 por importe de 69.600,00 euros, polos honorarios correspondentes aos traballos de estudos previos para a ordenación do contorno da Praza do Rei de Vigo.

Polo tanto, procede incoar expediente de modificación orzamentaria que recoñeza esta débeda, mediante a creación dunha partida de gastos, "Estudos previos ordenación do contorno da Praza do REI", cun crédito de 116.000,00 euros. A nivel funcional, considerouse adecuado imputar o custo ó Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, por se tratar da ordenación dun ámbito determinado no vixente Plan Xeral.

O financiamento desta modificación presupostaria será, de conformidade co previsto polo artigo 177.4, do Texto refundido da Lei de facendas locais (aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo) mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do rozamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións estímense reducibles sen perturbación do servizo. En concreto, as partidas nas que se producirán as baixas de créditos son as de retribucións básicas e complemento específico (1510.1200000 e 1510.1210100), por un importe total de 116.000,00 euros.

Por todo o exposto e de conformidade co artigo 177.1 do Real decreto legislativo 2/2004 (Texto refundido da Lei de facendas locais) e a delegación da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, resolvo incoar expediente de concesión de crédito extraordinario por importe global de 116.000,00 euros."

Con data 11 de maio a xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta:

"Visto o Decreto do Delegado de Urbanismo do 22 de abril de 2010, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítense o seguinte informe:

1.- O gasto que se pretende incluír no orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da entidade, por ser urxente e de necesaria realización.

2.- O importe de 116.000,00 euros destínase a seguinte partida:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito inicial</u>	<u>Alta</u>
1510.2270601	Estudos previos ordenación entorno praza do Rei	0,00€	116.000,00€

3.- A presente modificación supón un crédito extraordinario de 116.000,00 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co

-----  
S.ordinaria 31.05.10

establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do orzamento.

4.- O financiamento desta modificación realizarase mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxa dotación se estima reducible sen perturbación do servizo:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito inicial</u>	<u>Baixa</u>
1510.1200000	Retribucións básicas	1.119.912,62 €	53.695,36 €
1510.1210100	Complemento específico	1.299.474,34 €	62.304,64 €
TOTAL			116.000,00 €

Con data 3 de maio de 2010 o interventor xeral municipal emite o seguinte informe:

“Incoado por Resolución da Concellaría Delegada de Urbanismo de data 22 de abril do ano en curso, tivo entrada nesta Intervención Xeral, expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 7/2010, que se financia con cargo a baixas de créditos de gastos de partidas do orzamento vixente, e presentada a proposta de modificación acompañada da memoria xustificativa que se inclúe na propia resolución de incoación, o funcionario que subscribe, en cumprimento do ordenado polos artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, 37.3 do real decreto 500/90, do 20 de abril e 4.1.g) do Real decreto 1174/87, do 18 de setembro, de Réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional (na actualidade estatal), emítense o seguinte informe:

1.- Lexislación aplicable.

O expediente que se tramita contén un crédito extraordinario por importe de 116.000,00 euros.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulada nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRHL) e 34 e 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, así como na base 8ª das de execución do orzamento vixente. As baixas por anulación que por importe equivalente ao crédito extraordinario a habilitar de 116.000,00 euros se propoñen como medio de financiamento neste expediente atopan a súa regulamentación no artigo 177.4 TRLRHL e artigos 36.1.c) e 49 a 51 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril

2.- Descrición da modificación de crédito proposta.

-----  
S.ordinaria 31.05.10

A normativa que se ven citando, esixe unha serie de requisitos que deben reunir os gastos para os que se proxecta este tipo de modificación de créditos.

En síntese, tales requisitos concrépanse en que os gastos deberán ter carácter específico e determinado, non podéndose demorar para o exercicio seguinte.

Así mesmo, debe cumprirse a premisa da non existencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado á finalidade específica á que se orienta o gasto a realizar no nivel establecido na vinculación xurídica (bolsa de crédito), non podendo ser obxecto de ampliación.

Pois ben, a resolución da Concellaría Delegada de Urbanismo que ordena a instrución do expediente que se informa, inclúe a partida orzamentaria a crear ex novo ("estudos previa ordenación do contorno da Praza do Rei"), facendo referencia ás necesidades que se proxecta atender coa modificación que se propón.

En concreto, o crédito extraordinario por importe de 116.000,00 euros, ten como finalidade o recoñecemento da débeda en favor de José Rafael Moneo Vallés por importe de 69.600 euros e de "Juan de Dios Hernández & Jesús Rey, S.L." por importe de 46.400 euros, orixinada pola realización dos seguintes gastos, respectivamente: "Traballos de estudos previos para a ordenación do contorno da Praza do Rei" e "Dúas maquetas a escala 1/500 do Concello de Vigo na Praza do Rei". Gasto que segundo se deduce da documentación que conforma o expediente, realizouse sen control de fiscalización previa, con defectos de natureza administrativa consistentes na omisión de expediente administrativo e xerándose, ademais, obrigas que se contraeron sen a existencia de crédito adecuado e suficiente no momento en que se efectuou o gasto en cuestión. Isto determina, en definitiva, que nos atopemos ante obrigas con vicio de nulidade radical ou de pleno dereito.

Trátase de supostos de obrigas non esixibles, na medida en que a regra xeral é que se require a existencia de crédito como requisito para que calquera obriga poida ser satisfeita.

Non obstante, este requisito non afecta á validez de dita obriga e á posibilidade de que o terceiro de boa fe reclame ante a administración municipal acredítase que incorreu en gastos en aplicación da regra do servizo prestado, en base a unha acción de enriquecemento inxusto.

En calquera caso, trátase de actuacións que vulneran o establecido no artigo 173.5 TRLRHL e 25.2 do RD 500/90. Estes preceptos sancionan con nulidade de pleno dereito todo acto administrativo, resolución ou acordo que supoña compromiso de gasto por contía superior aos créditos consignados no estado de gastos, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

As actuacións que incorpora o expediente que se informa van encamiñadas cara á instrumentación dun expediente de recoñecemento de obrigas por recoñecemento extraxudicial de créditos que posibilite o recoñecemento da obriga e o pagamento.

O recoñecemento extraxudicial de créditos constitúe unha excepción ao principio orzamentario de temporalidade dos créditos. A este principio alude o artigo 176

TRLRHL desenvolvido polo artigo 26 RD 500/90, ao establecer que as obrigas orzamentarias recoñécense no mesmo exercicio en que se realizan os gastos que as orixinan. Non obstante isto, este principio ten excepcións, entre outras, a prevista no apartado segundo do propio artigo 26 RD 500/90, que trata de *“as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do presente Real Decreto”*, este último precepto reza así:

*“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria, operacións especiais de crédito, ou concesión de quita e espera”.*

En todo caso, polo que atinxe ao concepto, natureza e efectos desta figura do recoñecemento extraxudicial de créditos remítome ao informe emitido por quen subscribe de data 15 de xullo de 2009, en relación co expediente de modificación de créditos número 75/2009, aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión realizada o día 27 de xullo de 2009, e publicada a aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia número 183 do 22 de setembro.

### 3.- Recurso financeiro empregado.

Proponse como medio de financiamento deste expediente de modificación orzamentaria, a minoración dos créditos das partidas 1510.1200000 “Retribucións básicas” e 1510.1210100 “Complemento específico”, do orzamento vixente da XMU, por importes de 53.695,36 euros e 62.304,64 euros, respectivamente.

As baixas por anulación como medio de financiamento admítense nesta modalidade de modificacións orzamentarias, suplementos e habilitación de créditos extraordinarios, polos artigos xa citados 177.4 TRLRHL e 36.1.c) e 49 a 51 Real Decreto 500/90, do 20 de abril, así como na base 12ª das de execución dos orzamentos municipais vixentes.

En observancia de tales preceptos podemos sinalar que se cumpre o requisito requirido por esta normativa de que se xustifique polo servizo que a anulación ou baixa, en este caso parcial, do crédito orzamentario, ao indicarse de forma expresa que é factible a anulación sen que elo ocasione perturbación no funcionamento operativo do servizo ao que se atopa adscrita a dotación a dar de baixa; non se fai mención no expediente de forma expresa ao segundo requisito que establece a normativa para que a utilización deste recurso sexa factible, isto é, que os créditos a dar de baixa non se atopen comprometidos. Tal omisión válidase neste informe ao comprobarse que efectivamente os créditos a dar de baixa non se atopan nesta fase de execución de gasto.

Polo demais, de acordo co artigo 49 do Real Decreto 500/90, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación das baixas por anulación de créditos, polo que a proposta de acordo que se eleve ao órgano colexiado debe recoller expresamente esta previsión.

Doutra banda, tendo en conta que os importes da modificación de créditos proposta e o dos recursos financeiros empregados son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

#### 4.- Estabilidade orzamentaria.

En canto á incidencia que produce o expediente que se informa sobre os orzamentos municipais por aplicación do Real Decreto Lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria, informamos que de conformidade co artigo 3.1 de dita norma legal, as entidades locais que produzan bens ou presten servizos que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais suxeitaranse ao principio de estabilidade en termos previstos no artigo 19 da propia Lei, establecendo este último precepto que por estabilidade orzamentaria se entende a situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

En igual sentido o artigo 4 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, no seu artigo 4 dispón que o grupo de entidades locais mencionados anteriormente aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

En canto ás consecuencias do incumprimento deste principio de estabilidade orzamentaria, recóllense no artigo 22 da Lei e consisten, de non se alcanzar tal obxectivo, na obriga de aprobación polo Pleno da Corporación, no prazo de tres meses, dun plan económico-financieiro de reequilibrio a un prazo de tres anos. En igual sentido o artigo 19 do Real Decreto 1463/2007.

Tendo en conta a natureza de gasto non financeiro do crédito extraordinario que se propón habilitar e a análoga natureza do gasto correspondente aos créditos cuxa baixa parcial se propón, o efecto deste expediente de modificación orzamentaria en termos de estabilidade é inocuo.

#### 5.- Tramitación e aprobación do expediente.

Segundo os artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación aos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos aplicables aos orzamentos, é dicir:

- 1.- Proposta con memoria xustificativa do presidente.
- 2.- Informe preceptivo do interventor.
- 3.- Ditame da comisión informativa competente, preceptivo a tenor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.
- 4.- Aprobación provisional polo Pleno Corporativo.
- 5.- Non se atopando previsto ningún quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos, será suficiente a maioría simple dos votos a favor (artigo 47 da Lei 7/1985).

- 6.- Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante dito prazo ante o Pleno.
- 7.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva.
- 8.- O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no “Boletín Oficial da Provincia”, ademais de no taboleiro de anuncios da Corporación.
- 9.- Da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito definitivamente aprobada remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao “Boletín Oficial” a que se refire o apartado anterior.
- 10.- Contra a aprobación definitiva da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición, se ben a interposición do recurso non suspenderá por si soa a aplicación do crédito extraordinario e suplemento de crédito.

A modificación entrará en vigor unha vez se produza a publicación indicada no apartado 8 anterior, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación.

Conforme á base 8ª das de execución do orzamento municipal vixente, os compromisos de créditos deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRHL, unha copia do orzamento e de todas as súas modificacións debe permanecer a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.”

O consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 20 de maio de 2010, ditamina favorablemente a proposta da xerente da XMU de data 11 de maio de 2010.

DEBATE.- SR. MARIÑO MENDOZA: En primeiro lugar gustárame amosar o sincero agradecemento de toda esta Corporación ó arquitecto, D. Rafael Moneo, por colaborar con esta cidade. Coido que é coñecido polos aquí presentes e por todos os cidadáns que é un arquitecto de talla mundial e polo tanto é unha honra contar con el para recuperar un espazo que xamais se debeu perder.

Nos anos 70 a unión entre o castelo de San Sebastián e O Castro sufriu unha grave fenda que a día de hoxe se consegue recuperar. Coidamos que é unha proposta que



os cidadáns levan agardando moitos anos, todos sabemos cal é o funcionamento da praza deste Concello nos últimos 40 anos. Vigo precisa o que teñen todas as grandes cidades, unha praza de concello que amose os valores máis positivos e verdadeiros dunha cidade e esta proposta si o fai, recupera esa unión entre a nosa marabillosa ría de Vigo e o monte do Castro. É unha proposta que recupera e rexenera un espazo urbano para todos os cidadáns.

Este proxecto estivo exposto a toda a cidade e a verdade é que é fantástico ver como non se produciu nin unha soa crítica á proposta de remodelación da praza do Concello.

Agardamos polo tanto que todos os grupos estean a favor deste proxecto, como así o manifestaron noutras ocasións, valorando esta gran proposta que se fai para Vigo, este proxecto que nos situará a nivel mundial.

Tamén deixar claro que esta nova proposta que se presentou terá un custe cero para todos os cidadáns desta cidade e que estamos traballando para que poida ver a luz o máis axiña posible.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Quedo pampo coa intervención do Sr. Mariño porque di que todo o mundo estamos agardando por iso, pero toda a cidadanía está a agardar por outra cousa, agarda por un posto de traballo.

O dispendio por parte do Sr. Caballero é moi grande neste Concello de Vigo, chega ata o extremo co recoñecemento de crédito desta factura de 116.000 euros que son os que lle van custar ós cidadáns de Vigo a foto co Sr. Moneo. Non sei ó que se estaba a referir ó falaren de custe cero porque esta factura é de 116.000 euros.

Diciánnos que esta factura non estaba gardada, dicíao o Sr. López Font na prensa, pero de súpeto nos decatamos que ten data do 1 de outubro de 2009. Sr. López Font, acusaba vostede antes ó meu compañeiro de mentir pero o máis mentireiro de aquí foi vostede porque di que non tiña agochada a factura pero está aquí dende outubro, ten data de 1 de outubro de 2009 e remítome só ó propio expediente.

O dispendio en época de crise é grande, Sr. Mariño, e pola contra a cidadanía non quere que se gaste en proxectos mega-fantásticos como os que nos ten acostumados o Sr. Caballero no Porto: a piscina olímpica, a torre de Babel, a noria..., todos eses que nos mostra en maquetas que custan moitos cartos pero que ó final tristemente acaban nos caixóns porque son inviables. A realidade é que todos os concursos de ideas e os estudos que se encargan de futuras obras teñen un custe de milleiros de

euros.

Di vostede que a cidadanía está a reclamar que se remodele este Concello pero, como dixen antes, realmente o que está a reclamar é que o alcalde reduza o número de desempregados desta cidade porque dende que chegou a este goberno o paro aumentou en 12.000 persoas e isto quere dicir que hai 12.000 familias que teñen un problema para manter ós seus.

Sería polo tanto unha irresponsabilidade facer isto que vostede di que tanto agarda a cidadanía. Se vostede lles preguntase máis ós cidadáns decatárase que non queren que se constrúan novas dependencias deste Concello, senón que se reparen as actuais, porque estas mesmas familias non se están a facer novas casas, están a reparar as deficiencias para vivir nelas. Pero nós non, nós tiramos o edificio e facemos un novo.

Vostedes queren un miradoiro cara á ría pero eu o que lles digo é que elaboren programas para que os cidadáns de Vigo consigan un posto de traballo porque seguramente lles interesará máis que o seu miradoiro sexa cara un posto de traballo e non cara á nosa gran ría que todo o mundo coñece. Lémbrolle que hai 12.000 parados máis cando nós gastamos 116.000 euros nunhas fotografía nas que aparece o Sr. Alcalde co Sr. Moneo. Ó Sr. Caballero vincúlasele co dispendio deses 116.000 euros que nos custou esa foto xunto cunhas maquetas deterioradas que se atopan na lonxa do Concello. A realidade é que nestes momentos non hai nada do proxecto mega-fantástico, só existe un gasto para as arcas municipais pero nada cuantificable para a cidadanía de Vigo, só foi un gasto para unha foto.

É un insulto á intelixencia dos cidadáns que non se fagan nada máis que proxectos faraónicos que van custar milleiros de euros mentres que lles lembro que en Vigo hai 12.000 parados máis e familias con dificultades que teñen que pechar os seus locais. Sr. Caballero, deixe de facerse fotos e dedíquese a gobernar ós vigueses que nestes momentos non precisan proxectos mega-fantásticos, senón o que vostede lles prometeu en campaña electoral: pleno emprego. Nestes momentos temos 12.000 parados máis e os vigueses o que precisan é un traballo para lles dar de comer ás súas familias porque nestes momentos atopámonos con que ambos cónxuxes de moitas familias non traballan.

O Sr. Mariño fala da melloras no Concello cando o que se precisa son traballos, non fotos e gástanse 116.000 euros nunhas fotos co Sr. Moneo.

SR. MARIÑO MENDOZA: Xa que o Sr. Martiño se dedicou a falar de practicamente calquera cousa menos deste punto, eu vou facer exactamente o mesmo.

Sr. Martiño, os membros do Partido Popular non entenden o que significa custe cero, se non hai modificados como o "Palma-Arena" parece que a obra non é viable, o custe cero para vostede non pode existir. Que é custe cero? De onde sacamos logo se o custe é cero? É un problema serio e por iso non entende o que é custe cero. Coido que fun moi claro: custe cero.

Quero deixar moi claro unha vez máis o agradecemento a este arquitecto, Sr. Moneo, porque se vostedes calculasen os seus honorarios por tarifa colexial verían que son inferiores. Se valorasen as maquetas que están abaixo e as comparasen coas que fixo o Sr. Figueroa co Plan Xeral verían a barbaridade que pagou o Sr. Figueroa por esas maquetas. Supoñemos que eran polas maquetas do Plan Xeral.

Pero xa que se pode falar de todo, falemos de D. Manuel Pérez quen encargou o pazo de congresos para Samil. Vaia proxecto. O 1 de xaneiro chamamos a D. Álvaro Siza, un dos mellores arquitectos do mundo, que o que fixo foi traballar para nos entregar o proxecto uns meses despois. O que se fixo dende este Concello foi non lle pagar. Non lle pagamos a un dos mellores arquitectos do mundo, pero el si que presentou unha factura. Digan de canto é esa factura e comparen con esta. Este o cumprimento da lei do que falaba antes o Sr. Conde, dicía que o Partido Popular sempre cumpría a lei, pero vostede ri porque non pagaron. Esa é a súa maneira de actuar.

Pero a cousa mellorou porque todos vimos aquelas infografías presentadas en outubro daquel ano, pero unha semana despois o concelleiro de Deportes, fíxense que era o Sr. Figueroa, dixo que para que se ía facer caso do proxecto que se encargara e ocorréselle un que se chamaba "*platillo volante*", así aparece nos medios de comunicación. En só unha semana o Sr. Figueroa dixo que el era mellor arquitecto que o que contrataran e que deseñaba el. Supoño que o Sr. Figueroa e a Sra. Porro que daquela formaban parte da Corporación, xa tiñan visións do "Palma-Arena" de Vigo. Dende logo o que está claro é que ese "*platillo volante*" tamén voou. A cousa aínda mellorou porque logo se anunciou a "colina encantada". Que lles quedou ben pero aínda ninguén sabe onde está. Quedoulles moi ben, os cidadáns non tiveron molestias, pero o certo é que aínda non sabemos por onde se entra pero, claro, é unha "colina encantada".

En canto ó custe da foto eu amósolle a que teño aquí onde está a Sra. Porro no despacho do Areal e, saben canto nos custou? 2.000.000 de euros. Falou da foto máis

cara, pero é esta.

Estamos a falar dun proxecto cidadán. Vostede non dixo nada. O proxecto estivo exposto ó público, é un proxecto moi grande para esta cidade cun custe cero que vostedes non entende e pregúntase entón de onde o sacamos.

Tamén dixo que non se fixo nada pero se estudase minimamente o proxecto de D. Rafael Moneo verá que haberá que facer axustes no Plan Xeral, axustes que se están a facer. A Sra. Porro seguro que a iso o chamaría “centro da Nasa espacial” e xa o podería facer, seguro porque o está a facer todos os días no Porto e por iso está imputada, porque se salta constantemente a normativa urbanística.

Esa é a diferenza. Nós temos un gran deseño para esta cidade e faremos os axustes precisos no Plan Xeral para poder situalo, non nos saltamos as normas urbanísticas.

O Sr. Conde dicía na súa primeira intervención que o Partido Popular sempre cumpre a lei. En Palma, Valencia, no Porto de Vigo? Onde? En que sitio cumpre a lei? Vostedes son xuristas, deberían saber do que están a falar pero o único que fan é saltarse as normativas unha e outra vez. Eu teño aquí a foto máis cara do Concello, a de 2.000.000 de euros para se facer un despacho.

Dixo vostede que os funcionarios non necesitan nada máis pero á Sra. Porro non lle serviu o seu despacho, fíxose un novo, non lle parecía suficientemente digno pero iso si, o resto de funcionarios e o resto de cidadáns que usan este Concello dábanlle exactamente igual. Esa é a diferenza, Sr. Martiño, aínda lembro as palabras do Sr. Figueroa que dicía que ía invitar a un churrasco cando comezaran a funcionar as tuneladoras pero eu aínda estou agardando polo seu proxecto de ascensor para o AVE. Non teñen visión de gran cidade, Sr. Martiño, a gran diferenza é que non entenden o que significa o que é custe cero, porque se é custe cero a cousa se empeza a complicar, verdade, Sr. Martiño?

Pero nós si somos coherentes e agora o que estamos a facer é adaptar este Plan Xeral para que se poida incluír este proxecto, cousa que vostedes onde gobernan e onde están non fan.

Lémbrolle que a presidenta do seu partido, da Autoridade Portuaria e candidata a este Concello está imputada por prevaricación, por se saltar as normativas urbanísticas constantemente.

*Neste intre se oen aplausos do público presente no salón de Plenos, pregando a Presidencia que se absteñan de calquera tipo de manifestación.*

SR. LÓPEZ FONT: Por alusións do Sr. Martiño.

A PRESIDENCIA: Non houbo alusións, houbo citas que poderá vostede desmentir noutro momento.

SR. LÓPEZ FONT: Por acusacións en datas.

A PRESIDENCIA: Pode dar un rolda de prensa e aclaralo. O debate está rematado.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar o crédito extraordinario por importe de 116.000,00 euros (modificación nº 7/2010 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, para recoñecer a débeda por importe de 69.600 euros a favor de José Rafael Moneo Valles e por importe de 46.400 euros a favor de “Juan de Dios Hernández & Jesús Rey, S.L.”, conforme ó expresado no informe-proposta da xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 11 de maio de 2010.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación Municipal e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.*

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Temos por diante nove mocións na orde do día, máis unha moción por trámite de urxencia que presenta o BNG. Son as 11,30, nos

-----  
S.ordinaria 31.05.10

tempos normais destas mocións significaría que temos por riba das catro horas de debate e significa polo tanto que nos imos ir por diante dos tempos razoables para xantar. Isto quere dicir que, dependendo da velocidade na que vaian as mocións, contemplo a posibilidade de suspender o Pleno ás 14,00 horas e retomalo ás 16,30 horas.

19.- (112).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO SE INSTE Á XUNTA DE GALICIA -Á SINATURA DUN CONVENIO DE COFINANCIAMENTO PARA DAR CONTINUIDADE ÁS ACTIVIDADES EN CEDRO, ASÍ MESMO A CONTINUIDADE DAS SUBVENCÍONS ÁS ASOCIACIÓNS QUE TRABALLAN NO ÁMBITO DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS. DOC. 100071547.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20.05.2010, documento núm. 100071547, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“Desde o ano 1985 contamos neste Concello cun servizo público municipal para a atención ás persoas con drogodependencias e outras adiccións -UAD CEDRO-, que está integrado na rede de atención do Plan de Galicia sobre drogodependencias da Consellería de Sanidade. Esta UAD atendeu no ano 2009 a 1.323 usuarios/as. Nesta UAD non só se presta atención sanitaria, senón que se desenvolven labores de prevención e de inserción social.

Actualmente estamos vendo con enorme preocupación a situación actual deste servizo do noso Concello: o Plan de Galicia sobre drogodependencias e outras adiccións 2006-2009 foi prorrogado ata o ano 2010 e o actual Goberno da Xunta, xa despois dun ano de goberno, no foi quen de dar continuidade a este plan que contemplaba a integración no SERGAS das actuais UADS.

O orzamento de CEDRO acadou no ano 2009 1.353.380€ que proviñan tanto da Xunta como do Concello, a través dun convenio de cofinanciamento do 50%. A piques de rematar no vindeiro mes de xuño os convenios anuais de prevención e asistencia que a Xunta asina con este concello, aínda non nos foron comunicadas as formas de financiamento do novo convenio, o que mantén en precario a continuidade deste servizo así como dos seus 38 traballadores e de todos os usuarios que nel son atendidos.

Así mesmo tampouco foi convocada a orde de subvencións para as diferentes asociacións que traballan neste sector, tanto en prevención como en inserción social, e parécenos de extrema gravidade posto que en gran parte o seu funcionamento

-----  
S.ordinaria 31.05.10

depende destas subvencións.

Para o BNG é fundamental que a Consellería de Sanidade se comprometa a aprobar os orzamentos necesarios para continuar co financiamento directo deste servizo a través dun convenio entre o concello e a Consellería de Sanidade e tamén que se aseguren as subvencións necesarias para que as asociacións que traballan neste campo poidan continuar exercendo este importante labor.”

A seguir, a Sra. Méndez Piñeiro, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión ordinaria de data 24 de maio de 2010, ditamina favorablemente a moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Vou facer unha pequena historia do Plan de Galicia sobre drogas e do que implica para este Concello.

O Plan de Galicia sobre drogas non é de agora, ven de anos atrás e o último estivo en vigor dende 2006 ó 2009, sendo prorrogado por un ano máis cando chegou o novo goberno da Xunta ó poder. Efectivamente déuselle continuidade ata o ano 2010, pero a estas alturas estamos sen Plan de Galicia sobre drogodependencias e outras adicións. Malia o compromiso do Partido Popular en varios plenos do Parlamento Galego, este plan segue sen se poñer en marcha. Poderíase pensar que isto non ten repercusións pero lonxe diso si que ten unha gran repercusión tanto a nivel de concellos como de asociacións que dende hai anos vimos loitando contra as drogodependencias e outras adicións e traballando a prol deste tema.

Dende o ano 1975 contamos neste Concello cun servizo público municipal para dar asistencia a persoas con drogodependencias, falamos da UAD Cedro que á súa vez está integrada nese Plan de Galicia sobre drogodependencias.

Non só contamos con Cedro para dar asistencias ás vítimas destas adicións, senón que tamén contamos cun plan e cunha política de prevención que prestamos dende esta concellería de Benestar social, é dicir, a asistencia e a prevención van cada unha polo seu lado pero sempre coordinadas.

O ano pasado o orzamento de Cedro foi de 1.353.380 euros que son para asistencia; estes cartos están co-financiados 50% Xunta e 50% Concello. En canto a eses seiscentos e pico mil euros que aporta o Concello normalmente se asinaba un convenio a 30 de decembro que entraba en vigor durante todo o ano. A estas alturas o convenio anterior rematou o 31 de decembro e non sabemos que vai pasar co

novo. Dende o Concello estanse achegando os correspondentes cartos, tanto os da Xunta como os propios do Concello. É dicir, é este Concello quen está a financiar neste momento toda a asistencia ás persoas con algún tipo de adición. Isto non é sostible e demostra a pouca sensibilidade que ten a Consellería de Sanidade cun tema tan serio e grave como é o das drogodependencias.

Por outra banda dicir que hai 34 persoas que traballan en Cedro e que dependen de se se lle dá continuidade ó Plan de drogodependencias ou de se se crea outro. Estas persoas están moi inquedas porque de non se lle dar continuidade, este Concello veríase obrigado a prescindir de algo tan importante e clave nesta cidade como é Cedro.

O BNG cre que é fundamental que a Consellería de Sanidade se comprometa a aprobar os orzamentos necesarios e a elaborar os convenios que ata agora viñan financiando a asistencia e a prevención.

Polo de agora non falei de prevención pero en políticas de prevención de drogodependencias hai un convenio coa Xunta do bipartito que o incrementou notablemente xa que a Xunta puxo 112.000 euros e este Concello achegou 60.000 euros. Este convenio tamén remata este mes de xuño que comeza mañá e seguimos sen ter novas de que pasa con el.

Como ven a política de sensibilidade da actual Xunta de Galicia a respecto dun grave problema como é o das drogodependencias é nula.

Neste ano fíxose política de prevención en case todos os colexios e institucións desta cidade, fíxose coa Policía Local, con diferentes colectivos de pais e nais, de educadores e educadoras e por iso chegar onde estamos non foi banal, houbo vinte e cinco anos de esforzo pola parte de profesionais cualificados, vinte e cinco anos ademais de traballo de asociacións que forman parte do Plan local de drogodependencias, asociacións coma Érguete, Alborada, Madro, Plan Comunitario de Teis, etc. (se me queda algunha por nomear que me escusen porque somos bastantes as que estamos a traballar). Estas asociacións nestes momentos tampouco saben a que se ater porque a Xunta non só non asinou os convenios con nós, senón que tampouco asinou as subvencións nin os convenios con estas asociacións. É dicir, está todo “manga por ombro” e nestes momentos algunha asociación pioneira na loita contra as drogodependencias nesta cidade está pensándose que facer porque non lle dan máis créditos as institucións bancarias e a Xunta de Galicia segue sen lles dar subvencións.



Repito que pola parte da Xunta de Galicia isto non é prevención; é non ter ningún tipo de sensibilidade e ademais demostran ser fundamente anti-demócratas posto que levamos un ano e pico dende que se instalou no poder o goberno do Sr. Núñez Feijóo e aínda non tiveron a ben entrevistarse con ningún dos concellos para tratar este tema tan delicado que é o Plan de Galicia sobre drogas e como lle dar continuidade a estes convenios.

Polo anterior, o Grupo municipal do BNG propón para a súa aprobación no Pleno o seguinte acordo: Instar á Xunta de Galicia a que garanta o mantemento dos recursos a través dun convenio directo de co-financiamento entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo que deberá ser asinado de forma urxente para dar así continuidade ás actividades que se estaban desenvolvendo dende a UAD Cedro e a través do convenio de prevención. Instar á Xunta de Galicia a que se lles dea continuidade ás subvencións e convenios que viña mantendo con todas as asociacións que traballan no ámbito das drogodependencias e outras adicións.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: O que lles queremos trasladar, tanto ás asociacións como ó centro de drogodependencias municipal, é a tranquilidade de que si van recibir o financiamento. A Xunta de Galicia púxose en contacto con todas e cada unha das asociacións para lles afirmar que os convenios se van asinar ó longo desta semana, a primeiros de xuño como lles prometeran.

Maxino que a Sra. Méndez saberá desta situación e polo tanto non entendemos moi ben o alarmismo, pero de todos os xeitos están nas partidas orzamentarias do ano 2010 da Consellería de Sanidade os convenios con todas as asociacións e exactamente igual os das corporacións locais. Polo tanto si que podemos entender a preocupación porque mañá é día 1 de xuño, pero dende logo que se lles transmitiu ás asociacións que ó longo da primeira semana de xuño se van asinar os convenios e eu falei persoalmente con algunha delas.

De todos os xeitos comunícolle que non imos apoiar a súa moción porque vostede solicita que a Xunta garanta o mantemento dos recursos entre a Consellería e o Concello e xa lle informo agora que iso é imposible porque agora os convenios cos concellos vanse facer a través da FEGAMP e iso é por mor dunha mala xestión da anterior Xunta, non é unha decisión aleatoria da Xunta actual.

Cando chegou o Partido Popular á Xunta de Galicia atopouse con que na Consellería de Sanidade o Plan de drogas 2007-2009 non cubría os convenios cos concellos e a

revisión previa para elaborar o novo Plan 2010-2012 nin sequera estaba feita, polo que se optou por dar prioridade ós convenios bianuais. Non se podía elaborar un novo plan 2010-2012 porque a prioridade era precisamente atender ás asociacións e ós centros municipais de drogodependencias. Así, dende a Xunta de Galicia decidiron prorrogar o actual Plan para lle dar a cobertura legal que non tiña. Fíxose en decembro de 2009 polo Consello da Xunta. Este ano e mentres non haxa novo plan, asinarase un convenio coa FEGAMP para asegurar a continuidade dos traballos das unidades de drogodependencias municipais que cubrirá dende xuño, data na que rematan os actuais convenios, ata decembro. O compromiso coas asociacións e os concellos reflíctese nos orzamentos do 2010.

Polo tanto si hai un compromiso e si pode haber unha tranquilidade con respecto a este tema. Non se vai abandonar en materia de drogodependencias nin ós concellos nin ás asociacións.

Este cofinanciamento en materia de drogodependencias entre Xunta, concellos e FEGAMP vai axilizar a tramitación e garantirá a aplicación da Lei de transparencia e boas prácticas da administración pública galega. Por certo, unha lei implantada polo goberno da anterior Xunta. Ata o de agora a tramitación era moi complexa entre concellos e Xunta de Galicia. Agora mesmo a través da FEGAMP esta tramitación vaise axilizar e vaise garantir esta lei de transparencia.

Con respecto á integración das unidades de atención a drogodependencias no SERGAS, este foi un exemplo máis da súa filosofía política de vender a pel do oso antes do cazar. Propuxeron no Plan autonómico de drogas 2007-2009 nunha primeira fase a adscrición funcional e nunha segunda a administrativa, pero xa no ano 86, no Plan autonómico de drogas establecíanse os criterios de planificación orientados a esa adscrición funcional. A integración funcional non a levou a cabo o bipartito no 2007 como prometía, senón que xa se contemplaba no Plan do ano 86 e xa se estaba levando á práctica.

No mes de maio de 2009 falei persoalmente co ex-subdirector de Saúde Mental e Drogas, D. Víctor Pedreira, quen me comentou que non se levara a cabo a adscrición administrativa dos centros de drogodependencias ó SERGAS, algo imposible de levar á práctica obedecendo á Lei xeral de sanidade do 86 e á Lei de saúde de Galicia de 2008. Isto é como se a Consellería de Educación lle prometese a todos os colexios privados e concertados que de súpeto todo o seu persoal vai pasar seren persoal funcionario e dependente da Xunta de Galicia; esta foi a promesa do bipartito a

-----  
S.ordinaria 31.05.10

todos os centros privados e dependentes dos concellos con respecto ás drogodependencias, algo imposible de levar á práctica por lei.

A tramitación a través da FEGAMP é a liña que vai seguir a Xunta de Galicia e pensamos que agora mesmo é a máis axeitada debido á incapacidade legal na que a deixou o goberno anterior e así dalgunha forma axilizaranse estes convenios porque xa urxe levalos á práctica.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Alégrome desta intervención da Sra. García porque me dá a oportunidade de falar do que fixo ou deixou de facer o goberno bipartito e tamén do que fixo e está deixando de facer o goberno actual da Xunta.

Efectivamente, por parte do goberno actual da Xunta dende que accederon ó poder en marzo do 2009 hai un manifesto deixamento de funcións e unha manifesta idea de rematar co que tantos anos de traballo custou poñer en marcha que é o Plan de Galicia sobre drogodependencias. Pero non só se manifesta niso senón que tamén noutras alternativas que puxo en marcha o goberno bipartito.

No caso do Plan sobre drogodependencias foi precisamente o goberno do Sr. Fraga quen puxo en marcha este Plan de Galicia sobre drogas. Gobernaron durante dezaseis anos neste país e nese tempo ás veces fixeron cousas que non estaban mal, entre elas poñer en marcha o Plan de Galicia sobre drogodependencias, seguindo tamén o plan estatal que foi realmente o que comezou no Estado. Pero resulta que agora lle están botando a culpa ó goberno bipartito de deixar mal as cousas.

Ata o ano 2005 negociábase perfectamente concello por concello o convenio de asistencia e o de prevención pero dende que chegou o goberno do Sr. Núñez Feijóo iso aínda non se fixo. Levan no goberno un ano e tres meses, Sra. García, non lle boten a culpa ó goberno bipartito porque fíxese que dende hai moitos anos, cando vostedes eran oposición, dende todos os grupos políticos demandouse que a asistencia ás persoas con drogodependencias e outras adicións fose asumida polo SERGAS. Sra. García, este concello está poñendo neste convenio 630.000 euros por asistencia a unhas persoas que teñen unha enfermidade que debería ser tratada como calquera outra a través do SERGAS. Pero non foron quen durante dezaseis anos, nin tampouco na etapa do goberno bipartito para que se integrasen as disposicións e a asistencia se dese a través do SERGAS. Dende a Dirección de Saúde Mental e Drogodependencias o ano pasado negociouse con todos os concellos e con

todos os centros que levaban tamén drogodependencias a posibilidade de facer esta asistencia a través do SERGAS. Xa estaban postos os ladrillos para iniciar ese proceso, proceso que vostedes paralizaron e que está traendo un custe para as arcas municipais.

Din vostedes que non se pode facer a nivel administrativo. Efectivamente se iniciaba o proceso de integración funcional que como vostede di xa se contemplaba no 86, pero neses dezaseis anos que vostedes gobernaron non foron quen do facer. Ademais non é certo que non se poida facer porque, que pasou coas fundacións de sanidade? Cos hospitais que fixeron como fundacións? O bipartito foi quen de integralos na rede pública? Si, o bipartito foi quen dos integrar na rede pública e o mesmo se pode facer con isto, o que non nega que efectivamente sexa custoso e leve un tempo. Por iso ó bipartito non lle deu tempo.

Esta é a realidade, non enganen, nin mintan. Neste momento en Galicia hai 437 profesionais traballando na Rede de drogodependencias, trece concellos e catro unidades que non pertencen a concellos e vostedes téñenos paralizados sen sinaturas de convenios e repito que o de asistencia rematámolo o 31 de decembro de 2009 e o de prevención en xuño deste ano.

Que pensan facer vostedes? Esiximos que se cumpra o que se adoitaba facer.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Evidentemente que vostede pretende que nun ano que leva gobernando o Partido Popular na Xunta de Galicia propoña unha adscrición coa que estaría incorrendo nunha situación ilegal porque vostedes en catro anos de goberno non foron quen do facer. Pretende que nun ano nós fagamos algo que non se corresponde coa lexislación vixente e que estaríamos incumprindo a lei. Infórmolle que iso non se vai levar á práctica, a adscrición funcional xa estaba feita no 86, non a levaron a cabo vostedes e dende logo a administrativa non se pode levar a cabo. De todos os xeitos vaise seguir traballando a través de convenios.

Sorpréndenos moito que vostede estea criticando os convenios da Xunta de Galicia, que xa lle digo que se van asinar a próxima semana porque xa se puxeron en contacto coas asociacións e con todas as unidades de drogodependencias dos concellos, xa que estamos vendo polo Estudo epidemiolóxico da Consellería de Sanidade do ano 2009, un estudo que se fai de forma bianual, que na nosa cidade multiplicouse por tres o consumo de cocaína sendo dentro da área de Galicia a de máis alto consumo. Estamos mirando cara á Xunta de Galicia cando no Concello de

Vigo estamos abandonando completamente os programas de prevención e a atención ás drogodependencias.

Dende o ano 2002 non se producía neste concello un incremento tan elevado no número total de intervencións, sendo no 2007 de -1,5 para pasar ó 17,4% o número de intervencións con persoas drogodependentes. O número de usuarios incrementouse por primeira vez dende o ano 2001 un 0,5%. Esta é a prevención e o traballo que se está facendo no Concello de Vigo en materia de drogodependencias.

Nos anos 2006-2008 púxose en marcha cun goberno do Partido Popular no Concello de Vigo unha oficina técnica para o Plan local de drogas, cunha coordinadora e unha psicóloga que cubrían as necesidades de coordinación, xestión, promoción da saúde e prevención do plan. Actualmente xa non están traballando estas dúas profesionais e son os propios funcionarios de CEDRO quen están levando a cabo esas funcións no Plan local de drogas, sobrecargando o seu traballo con esta situación de aumento do consumo.

Os medios de comunicación denuncian o desmantelamento progresivo das unidades de drogodependencias, advirten que o Plan local de drogas se está sobrecargando sobre o persoal do Concello de Vigo. O que é curioso é que o orzamento para o Plan local de drogas do ano 2008 era de 68.800 euros; nos anos 2009 e 2010, cando D<sup>a</sup> Marta Iglesias puxo en funcionamento esa oficina técnica, eses 68.800 euros tiñan unha razón de ser porque había que pagar a ese persoal. Pero actualmente, o ano pasado e este con 48.800 euros, en que se están investindo eses cartos cando o persoal xa é funcionario deste Concello? Non entendemos moi ben a que se están dedicando.

A páxina web do Concello relativa ó plan está sen actualizar dende hai dous anos. Este é o gran interese que amosa este Concello porque aínda figuran as técnicas que traballaron no ano 2008. Pero ademais diso con respecto a Cedro investiron máis en publicidade que nos talleres de actividades, que na educación de rúa, que nos programas de autoaxuda para as persoas con SIDA, que nos convenios de exclusión. Está criticando á Xunta de Galicia cando aínda falta un día para que remate o prazo de sinatura dos convenios cando vostede se gasta máis en publicidade que en todas aquelas persoas e en todas aquelas actividades, talleres, educación, programaS ou convenios de exclusión. Non entendemos moi ben a súa idea de traballo con respecto ás drogodependencias. Ríase pero cremos que é unha situación preocupante que se multiplique por tres no noso Concello o consumo de drogas. Isto

demostra unha mala xestión e un desinterese absoluto en materia de drogodependencias.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Efectivamente a Xunta de Galicia como sempre pretende eliminar ós concellos da xestión que lles corresponde e da corresponsabilidade e diálogo directo que debe manter coa Xunta de Galicia como sempre se fixo. Pretende deixar nas mans da FEGAMP algo como son os convenios, tanto de prevención como de asistencia, que se viñan asinando concello por concello con diálogo directo. Ó mellor o que pretende facer a Xunta de Galicia e o mesmo do Plan de inmigración, que fixo táboa rasa e rebaixoulle a este Concello 20.000 euros repartíndoos no resto dos concellos. Ó mellor o que pretende a Xunta de Galicia é seguir discriminando ós concellos que non son da súa cor política. É moi fácil asinar un convenio coa FEGAMP e que logo se reparta. Como se vai repartir iso? Que nos vai tocar ás grandes cidades onde temos máis drogodependentes? É o mesmo que pretenden facer co Consorcio e coa Axencia Galega de Servizos Sociais?

É alucinante o que acaba de dicir a Sra. García, mentira e demagogia é o que fai o Partido Popular. Dicir que se incrementou por tres é unha absoluta mentira. É certo que este ano está a haber un aumento do consumo doutro tipo de drogas pero precisamente por iso estamos actuando como o debe facer unha administración, con responsabilidade e por iso suprimimos unha oficina técnica na que cada dous anos tiñamos que botar ás técnicas á rúa e iniciar de novo outra contratación para dedicar exclusivamente dúas funcionarias unicamente a prevención. Sinto que non estean aquí as ANPAS porque están moi agradecidas e mesmo nos mandaron unha carta de agradecemento, nin representantes dos centros escolares porque de estaren aquí darían fe de onde se está a chegar con esa prevención, nunca houbo tanta xente, máis de 15.000 persoas foron este ano ós cursos de prevención. Xamais se fixera tal esforzo pola parte deste Concello.

Non é certo que se dedicaran menos cartos. Ese orzamento baixouse e dedicouse plenamente ó que se ten que dedicar: prevención e inclusión social. Iso é o que fixo e o que ten que facer este Concello que puxo dúas funcionarias con dedicación única e exclusiva para traballar a prol do que se ten que traballar, na prevención e na inclusión social.

Déixense de facer demagogias, de mentir e dedíquense ó que teñen que facer que é colaborar con este goberno e dicirlles ós seus que gobernan na Xunta de Galicia que

non vaian contra Vigo, que non sexan anti-vigueses. Asinen os convenios que tanto necesita este Concello e todas as ONGs que están a traballar a prol da prevención. Asinen os convenios porque a día de hoxe nin eu nin o Sr. Alcalde sabemos nada do que vai pasar co convenio que rematou o 31 de decembro e co que vai rematar o 30 de xuño.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a que garanta o mantemento dos recursos a través dun convenio directo de cofinanciamento entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo que se deberá asinar de forma urxente para dar así continuidade ás actividades que se estaban desenvolvendo dende UAD de CEDRO.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a que lles dea continuidade ás subvencións e convenios que viña mantendo con todas as asociacións que traballan no ámbito das drogodependencias e outras adiccións.

20.- (113).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO SE ESIXA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL QUE INVISTA O 35% DOS SEUS ORZAMENTOS DE INVESTIMENTO NA CIDADE. DOC. 100052571.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20.04.2010, documento núm. 100052571, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“A situación das rúas baixo a competencia da Deputación de Pontevedra atópase nun

-----  
S.ordinaria 31.05.10

estado de conservación pésimo, presentando o maior deterioro de toda a rede viaria de Vigo, ocasionando un trastorno no desenvolvemento das actividades cotiás dos cidadáns, como é acudir aos seus lugares de traballo, levar aos nenos ao colexio ou os seus desprazamentos privados.

As ditas rúas son as que seguen,

- PO 7001 Vigo-A Garrida
- PO 7002 Rúa Ramiro Pascual
- PO 7003 Coruxo-Canido
- PO 7004 Estrada Provincial
- PO 7005 Meixoeiro-CUVI

A cidade de Vigo representa o 35% da poboación da provincia de Pontevedra, contando ademais co maior volume de tecido económico xa non só desta provincia, senón de toda Galicia.

Nos orzamentos de 2010-2011 da Deputación de Pontevedra contémpanse 200 millóns de euros para investimentos. A distribución desta partida na provincia exclúe a Vigo na súa totalidade. Deste modo, nin un só euro é investido en Vigo.

Nos 70 millóns de euros do chamado plan anticrise, que non é máis que a suma de todos os plans que xa tiña a Deputación de Pontevedra e dos que o seu presidente se reserva o 20% para investir segundo o seu criterio, a cidade de Vigo tampouco se ve reflectida.”

A seguir, o Sr. López Font, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 24 de maio de 2010, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Non quería traer outra volta esta moción que xa se presentou coido que dúas veces neste Concello, presentouse na Deputación en Pontevedra, fixéronse diversas preguntas, pero como seguimos exactamente no mesmo non queda máis remedio.

Antes de meterme no fondo da moción si me gustaría, vaimo permitir ademais o vicepresidente da Deputación, que lle faga unha invitación expresa como deputada e xa que os Plenos son públicos, ó Sr. Conde para que asista a un Pleno da Deputación e logo por si mesmo poida falar do que é unha administración máis ou menos democrática. Cando teña eses elementos de xuízo poderá utilizar termos como os que utilizou porque falou de “*rodillo* coartando a liberdade dos cidadáns”. Vai polo Sr. Conde.



A PRESIDENCIA: Sra. Abelairas, non aluda ó Sr. Conde porque senón terá que lle responder. Faga o favor, Sra. Abelairas.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: O Sr. Conde necesita saber determinadas cousas. É unha frustración tremenda para esta concelleira presentar unha moción na Deputación de Pontevedra e cun xeito totalmente condescendente co que me sentín ofendida, mirándome como dicindo de que vou, presente eu unha moción solicitando o arranxo da Estrada Provincial, admítese a moción e díseme que non se sabe de que vou porque xa está presupostado. Diso hai tres anos e aínda está sen arranxar. Pasa o mesmo co da Estrada Provincial como coa estrada Vigo-A Garrida, Ramiro Pascual, Coruxo-Canido, O Meixoeiro-Couto.

A cidade de Vigo representa o 35% da poboación da provincia de Pontevedra. Nos orzamentos da Deputación de máis de 200 millóns de euros para investimentos, nin un só euro se inviste en Vigo. A Deputación de Pontevedra habilita un crédito extraordinario de preto de 80 millóns de euros e chámalle “Plan anti-crise” con investimentos para 2009, 2010 e 2011 e nel aparecen: Concello da Cañiza, da Estrada, A Golada, A Guarda, A Lama, Arbo, Baiona, Barro, etc., por orde alfabético chegamos á “v” onde debería estar Vigo e aí aparecen Valga, Vila de Cruces, Vilagarcía e Vilanova de Arousa. Curiosamente eu andei cunha lupa buscando, fixen fotocopias en grande, dixen para min que se esqueceran e volvíñ mirar pero absolutamente nada.

Pero miren que política que en Mos, no Porriño e en Gondomar aparece o seguinte: Mos, humanización da estrada Pozas-Porteliña por 129.000 euros no 2009; saneamento Barrio das Cortiñas por 79.000 no 2010; en Pereiras 198.000 euros e máis 21.000 euros no 2010; no colexio Castro 231.919 euros; saneamento e Amierolongo por 96.000 euros. No 2010 aparecen para Tameiga 94.000 euros, saneamento en Breacotiño por 18.000 e no 2011 xa presupostamos 48.000 máis 62.000 euros, agás dun crédito extraordinario por valor de 800.000 euros para o arranxo dun polideportivo. No Porriño pasa tres cuartos do mesmo e en Gondomar tamén.

Poño estes exemplos de concellos porque coido que neles houbo unha moción de censura e digo eu que algo haberá que pagar.

Eu preguntome e neste caso preguntolle ó Sr. Vicepresidente da Deputación se os

cidadáns de Vigo merecen algún castigo por parte da Deputación de Pontevedra porque preto do 72% dos ingresos que recibe a Deputación son do Estado e os cidadáns coido que teñen exactamente ou cando menos os mesmos dereitos que os cidadáns da provincia de Pontevedra, cando no momento que había unha alcaldesa do Partido Popular atendeuse e investiuse nesta cidade o que ela pediu e necesitou. Por certo, vou dicir dúas cousas porque xa é candidata e pódoo facer. O outro día saíu criticando as humanizacións que fai o Concello de Vigo e chamounas “cutres”. Non vindeiro Pleno eu traerilles un informe polo que se demostrará que a rúa Carral ou a de Marqués de Valladares estanse a afundir porque o firme que lle puxeron por embaixo foi “de quita e pon”.

Por isto solicitamos ó Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo: “Esixirlle á Deputación de Pontevedra que contemple o 35% do investimento dos seus orzamentos na cidade de Vigo en relación ó seu peso demográfico e que aplique un índice corrector para subsanar a falla de investimentos dos últimos anos”.

Como coido que non esgotei os dez minutos e sei por onde me vai saír o Sr. Figueroa, téñolle que dicir que non me veña agora contando a cantidade de cartos que vostedes lles están dando ós cidadáns de Vigo a través das subvencións porque en algo terían que estar traballando no “chiringuito” que montaron no Areal, algo terán que xustificar, algo terán que facer.

Pódeme falar, Sr. Figueroa, dos seus investimentos. Si, foron no campo de fútbol, na subvención a non sei que banda de música, mesmo unha subvención por 100 euros que coido que algúns se negan a ir recibila porque non querer pasar por esa peaxe.

SR. ALONSO PÉREZ: Sorprendeume a facilidade coa que o Partido Popular fala e fala sobre a crise e sobre o paro, acotío estanos a falar aquí sobre a crise e o paro pero resulta que cando goberna en institucións que poden tomar medidas o que fan é pasar, mirar cara outro lado.

O pasado 25 de maio o deputado do BNG, D. Alfredo Suárez Canal, defendeu unha proposición de lei nacionalista para modificar a Lei de bases de réxime local convencido de que a súa aprobación suporía superar uns organismos, as deputacións, totalmente anacrónicos e trasladar unha mensaxe á cidadanía de aforro económico e de recursos da administración ó introduciren racionalidade fronte á actual duplicidade.

D. Alfredo Suárez-Canal afirmou que se trata polo tanto de abordar unha reforma

administrativa que xunte racionalidade e austeridade do gasto público ó posibilitaren o traslado dalgunhas das funcións e servizos das corporacións provinciais a outras administracións locais ou autonómicas cun custe menor para os administrados. O deputado nacionalista lembrou que ademais as deputacións son organismos que gastan e non ingresan e o reparto do gasto faise dunha maneira discrecional e caciquil.

Esta si sería unha medida realmente efectiva para paliar a crise e os cidadáns aplaudirían que non houbera un gasto dobrado porque hoxe a Deputación é anacrónica e cando realmente se trata de tomar medidas efectivas logo de tanto falar da crise resulta que mira cara outro lado. Iso é o que fai o Partido Popular cando hai que tomar medidas.

Efectivamente na moción que presenta o Partido Socialista dise que nos orzamentos 2010 e 2011 dos douscentos millóns de investimentos, a Vigo cero; ademais dos 70 millóns do plan anti-crise, en Vigo non hai crise porque deses 70 millóns a Vigo cero euros. Pero aínda é moito máis grave porque deses 70 millóns o presidente da Deputación resérvase o 20%, catorce millóns de euros, para investilos discrecionalmente onde el decida. Como se chama iso? Que nome ten que o presidente da Deputación poida investir catorce millóns onde el decida? Iso chámase caciquismo, sabémolo todos. É un xeito caciquil de proceder.

Vou rematar con algo que é práctica do Partido Popular. O 9 de xaneiro de 2009 o Partido Popular anunciounos a bombo e prato que por fin van investir 25 millóns de euros en infraestruturas deportivas na cidade de Vigo. Eu pensei que ían rectificar e que ó final ían investir algo nesta cidade. O 20 de xaneiro, como responsable da Concellería de Deportes envieille un escrito ó presidente da Deputación para colaborar coma é normal entre administracións para ver a posibilidade da sinatura dun protocolo conxunto para decidir en que infraestruturas investíamos. Pasou máis dun ano. Viron vostedes algunha iniciativa para facer esa sinatura dun convenio? Non.

Antes si se facía porque antes había unha alcaldesa do Partido Popular nesta Corporación e entón si se facían convenios; agora que esa persoa, que non ten interese ningún por esta Corporación porque marchou, non foi quen de rematar a lexislatura porque non lle interesaba estar onde a deixaron os cidadáns que era na oposición e tivo que marchar porque non aguantou o que tiña que facer de quedar aquí e facer propostas, pois agora non.

Agora con este concelleiro de Deportes non se fai ningún convenio e os 25 millóns foron pura propaganda. No Concello de Vigo temos que facer esforzos para que se siga a investir en infraestruturas deportivas. Por iso xa está ben que o Partido Popular nos fale de crise, de paro e logo cero euros a Vigo en investimentos para paliar a crise, para infraestruturas deportivas e cero euros a Vigo e a Galicia para que dunha vez desaparezan as Deputacións que é o que hai que facer. Son anacrónicas, non serven, son caciquís e teñen que desaparecer.

SR. FIGUEROA VILA: O obxectivo desta moción non é o investimento en Vigo. O obxectivo por parte do Partido Socialista é tapar a desfeita que teñen na Deputación, un grupo totalmente desunido no que o seu voceiro presentou a dimisión hai uns días porque non ten o apoio do resto do grupo socialista, que está totalmente perdido porque cría que podería conseguir a Deputación e ve que cada día afástase máis. Podo afirmarlle que vai haber dous deputados máis na Deputación de Pontevedra do Partido Popular nas próximas eleccións municipais. De 14 imos pasar a 16.

É a descomposición do Partido Socialista na Deputación, xa non ten voceiros, xa non sabemos a quen acudir. O Sr. González presentou a dimisión logo de trinta anos e resulta que ante unha dimisión obrigada, coido que premida polo Partido Socialista, non foron quen de poñer un substituto. Que saiban os veciños de Vigo que hoxe na Deputación de Pontevedra non se sabe quen é o voceiro do Partido Socialista.

Sra. Abelairas, o problema é que vostede non le o presuposto, non ten nin idea do presuposto da Deputación. Hai unha partida específica para Vigo e Pontevedra onde hai 5.300.000 euros contemplados. A día de hoxe aínda estamos a esperar que nos remitan o proxecto do colexio Alemán porque aínda non o fixeron. Teño aquí un escrito da asociación dicindo que está pendente dunha modificación do Plan Xeral que é certo que se empezou tramitar pero a día de hoxe na Deputación non hai ningún documento oficial do Concello de Vigo que nos remita un proxecto do Colexio Alemán con tres millóns de euros.

Vostede dá unha relación de concellos; fale de Redondela, diga canto é o investimento de Redondela; fale do Concello de Cangas, de Pontevedra ou de calquera outro. Fale de concellos onde non governe o Partido Popular. Vostede non está a dicir a verdade.

Esa é a situación e vostede sábeo, Sra. Abelairas. Na Deputación Provincial están en absoluta descomposición, non teñen rigor, non teñen orde e non teñen

absolutamente nada e por iso vostede hoxe quere descualificar.

Voulle falar dos investimentos e voulle dar un dato. Neste mandato contemplado e aprobado nos presupostos só a Vigo están destinados 16.939.619 euros. A maiores o Colexio Alemán, que non está previsto porque vostedes non o cederon, catro campos de fútbol que están en marcha nestes momentos, arranxar o campo federativo de Coia que van ser outros dous millóns de euros, máis 25 millóns de euros que si é certo que nós temos contemplado para a cidade de Vigo e que fixemos unha proposta ó alcalde para facer un complexo que ía crear postos de traballo no PAU de Navia. Iso sábeo a opinión pública e sábeno todos os cidadáns. Vostedes rexeitarono.

Coido que o problema que teñen vostedes é que están a poñer obstáculos na roda permanentemente para que non se fagan investimentos nesta cidade. Onde non goberna o Partido Popular vostedes non queren que invistamos. Está a pasar co porto exactamente igual, o obxectivo único é a Sra. Porro. Están demasiado obsesionados con ela. O problema é que vostedes saben que dentro dun ano vai estar sentada aí.

Non vou entrar na trampa que vostedes tentan porque todo o mundo sabe que o que se está a facer no porto é polo ben da cidade porque se necesita ampliación, porque o peirao de cruceiros é necesario, necesítase ampliación e necesítase conformar un proxecto para o porto e para a cidade de Vigo. Sábeno toda a cidadanía, non hai dúbida.

O Sr. Concelleiro de Deportes fáleme das Deputacións pero, que fan vostedes en Coruña e Lugo? Iso é un cinismo político que vostedes fan. Por que forman parte deses gobernos se non cren nas deputacións? Só para cobrar? Por que non se van das deputacións de A Coruña e Lugo? Hipocrisía política.

O problema que teñen vostedes é que xa gobernaron na Xunta de Galicia e acabóuselle toda a formalidade da que falaban de pulcritude porque vostedes eran máis sectarios que ninguén. Lembran vostedes a quen lles daban as subvencións? Quere que lles saque as relacións que teño dos concellos que primaban vostedes?

Que fan vostedes nas Deputacións de A Coruña e Lugo? Votar, levantar a man? Non, dánlles gobernos ó Partido Socialista. Utilízannos e por riba critican ás deputacións pero cobran e ben que cobran, teñen asesores e un bo número deles. Pregunten ós de Coruña e de Lugo que son deputacións gobernadas por vostedes, con representación, coches oficiais, etc. Se din que non queren as Deputacións, por que non se baixan deles e se pasan á oposición? Porque son uns hipócritas políticos, porque cando gobernan din unha cousa e cando están na oposición din todo o

contrario.

Ese é o problema que ten o Bloque Nacionalista Galego pero xa se lle acabou a posibilidade de mentir e enganar porque xa sabemos o que fixeron cando gobernaron: nada, desfeita, *chiringuitos* por todos os lados. Deixaron cantidade de *chiringuitos* e colocados os seus amigos por todos os lados polo tanto estean calados. Se non asuman as súas responsabilidade como gobernos nas Deputacións de A Coruña e de Lugo.

Con respecto ós investimentos para a cidade de Vigo repito que no que vai de mandato 17 millóns de euros, máis tres millóns de euros pendentes por falla de xestión do Concello de Vigo que nos ten que remitir os documentos a asociación de veciños de Coia porque o Concello non remitiu nin un só documento a día de hoxe. A asociación no seu documento dinos que hai tres millóns e pico de euros que é o que custa ese proxecto e a maiores di que está pendente da modificación do Plan Xeral.

En calquera caso o problema é que nós temos un modelo de xestión completamente distinto ó de seu. Vostedes van utilizar quince mil millóns das antigas pesetas en cambios de lousas e esa primeira fase do Plan E só deu traballo a 366 persoas que é o que contemplan as mesas de contratación. O dato obxectivo que non é opinable é que na cidade de Vigo, dende que a goberna o Sr. Caballero, hai 12.000 parados máis. O Plan E era un obxectivo para crear emprego e resulta que hai 12.000 parados máis polo tanto coincidirán connosco que o obxectivo fundamental fracasou.

Vostedes fan investimentos que non son produtivos, non teñen retorno no emprego. Fracasaron e agora estamos inmersos nunha crise que o Partido Socialista negou. Hai dous anos e medio mentiuse á poboación, enganouse á opinión pública, os cidadáns de a pé pensamos que toda a situación era máis ou menos normal e ocultárono, enganáronnos para acadar uns votos de cara ás eleccións. Resulta que agora os culpables son os pensionistas, os cidadáns de a pé, os funcionarios, etc.

O Sr. Caballero cando chegou a esta cidade dicía pleno emprego. Onde está? Son 12.000 parados máis. Ese é o seu modelo de xestión e nós non queremos ese modelo que vostedes propugnan e que está claro que fracasou.

Consideramos que ten que haber investimentos produtivos e por iso propuxemos un complexo en Navia cun investimento de 25 millóns de euros porque criamos que ese complexo ía xerar aproximadamente entre 70 e 80 postos de traballo e vostede sábeo, Sr. Domínguez Olveira, porque nós deixamos dúas piscinas adxudicadas na Florida e Barreiro e vanse beneficiar vostedes desa xestión política pero o importante

é que son para todos os veciños. Fíxose un investimento de máis de 40 millóns de euros con custo cero para as arcas municipais e aí imos ter a posibilidade de que se xeren entre 90 e 100 postos de traballo nesas dúas instalacións deportivas e iso con cero euros das institucións públicas.

As dúas piscinas de Lavadores e da Florida que deixou adxudicadas ese goberno tan malo da alcaldesa Sra. Porro vailles dar a vostedes cen postos de traballo para cincuenta anos e coa vantaxe de que non quitamos nin un só euro do Concello, nin da Deputación, nin da Xunta de Galicia, nin do goberno do Estado. Pregúntenlle ó Sr. Domínguez Olveira que fixo cando foi candidato á Alcalde de Vigo. Dende onde viu o Sr. Domínguez como candidato? Teñen unha hipocrisía moi grande. Con todo o respecto para o Sr. Domínguez Olveira porque fixo o que el considerou politicamente, foise á Xunta de Galicia e durante os anos que foi director xeral na cidade de Vigo investiu cero euros. Que me diga unha soa obra na que investiu.

O Sr. Domínguez Olveira foi candidato dende a Xunta de Galicia e o Sr. Caballero dende o Porto de Vigo. Teñen bastante que agochar como para darnos leccións.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: O Sr. Figueroa di tantas incongruencias que é imposible tomar nota pero vou empezar polo de que non xeramos postos de traballo, nin riqueza, que o Plan E unha falacia, díxoo vostede no ano 2005. Nese ano dixo: “Sen o granito non se entendería a paisaxe nin a identidade de Galicia”. Logo fala de xerar riqueza, etc. Pois xa o dixo vostede.

Da Deputación non ten nin idea. Quen está desfeita? Rajoy, Esperanza Aguirre, Camps anda a buscar os traxes, os bolsos, o Palma Arena... Se o voceiro dun grupo por calquera circunstancia non está, iso está regulado, vai o vice-voceiro ou vice-voceira. Se presenta a dimisión polas razóns que sexa iso é cousa del pero sempre queda substituto. Iso na Deputación de Pontevedra, en Ourense ou onde queira.

Fala vostede das deputacións. Ten razón, vostedes son moito máis listos que os socialistas, os do BNG e que toda a esquerda xunta. Vostedes ós seus asesores fanos directamente funcionarios; ou persoal laboral ou persoal funcionario. Pregúntelle ó presidente de Ourense que por riba lles impón o candidato. Viva a democracia.

Ten razón nunha cousa e llo teño que recoñecer. O Concello de Vigo fai unhas propostas de investimento á Deputación de Pontevedra e vostedes non as aceptan. Por certo, lembrarlle que os documentos do Colexio Alemán téñoos presentados dende xaneiro, respondan. Estamos esperando a resposta e se contestan mañá

mesmo llo entregamos.

Repítolle que douscentos millóns de euros de investimento na Deputación e cero para Vigo; 70 millóns de euros no plan anti-crixe e cero para Vigo; 14 millóns de euros para segundo se levante o Sr. Louzán pola mañá ou mellor a quen lle interese.

Falaba da descomposición e de que nós poñemos atrancos. Atrancos ás ilegalidades, non ás legalidades. Pero si é importante que os cidadáns de Vigo saiban unha cousa: as obras que vostedes fan con estes 200 millóns do plan de investimentos as propoñen os concellos pero quen as licita é a Deputación. Para vostedes é normal, para nós cando menos non é moi razoable.

Cando vostedes están a darnos leccións eu preguntome os empregos que se crearon dende que está o presidente Feijóo. Quere facernos comungar con rodas de muíño de que non ten responsabilidade a Xunta de Galicia? O Estado ten transferidas todas as competencias na Xunta de Galicia e a día de hoxe os cidadáns de Vigo facemos unha enquisa e preguntamos quen ven sendo o conselleiro ou conselleira de Traballo porque eu non sei quen é nin cantos empregos creou. Absolutamente ningún.

Agora quere botar vostede a culpa a non sei quen porque se están a destruír postos de traballo? Terán algo que ver esas políticas neoliberais que un señor sentado enriba da mesa e cos pes enriba da outra, en plan intimidade e a través dunha fundación di que os mercados regúlanse a si mesmos? E logo hai que chamar a papá Estado? Ó mellor hai que volver para atrás.

Eu son funcionaria e quen me tivo conxeadada toda a vida a punto de me asfixiar? Rajoy. Quen tivo que vir a actualizar todas as medidas de protección social foi un goberno de esquerdas e iso por moito que lles doa non podemos facer nada. Sr. Figueroa, o problema é que estamos nunha situación complicada e o Sr. Rajoy non é quen de remontar. Ou cambian de cabalo ou hai que parar a carreira.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias



Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Esixir que a Deputación de Pontevedra contemple o 35% de investimento dos seus orzamentos na cidade de Vigo en relación ao seu peso demográfico e que aplique un índice corrector para subsanar a falta de investimento dos últimos anos.

21.- (114).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO SE INSTE Á XUNTA DE GALICIA A DOTAR DE BANDA ANCHA A TODOS OS CENTROS PÚBLICOS E Á PREPARACIÓN DO PROFESORADO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data do 24.05.2010, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. López Atrio, formula a seguinte moción:

“Non hai outra maneira de ver o reparto de ordenadores nos centros educativos que non sexa un agravio, nin tan sequera serve a argumentación utilizada pola Xunta para xustificar a súa decisión.

Non parece axeitado que o goberno galego se esforce en sinalar as deficiencias que posúen os colexios públicos para a implantación deste programa, que aspira a colocar un ordenador en cada aula. É a súa obriga tratar de melloralas para que todos os alumnos posúan os equipamentos informáticos. “Non podes dicir os males que teñen para logo non facer cousas, terás que corraxir os males”.

Os colexios non son dos profesores, nin dos alumnos, nin das asociacións de pais e nais, os colexios son da administración educativa, entón para poder levar a cabo un programa como é Abalar primeiro se terá que dotar ós colexios públicos cos medios que se necesitan.

As argumentacións utilizadas pola Xunta serven tamén como exemplo do “preocupante” que é a situación da educación pública actualmente. Os dous impedimentos son consecuencia do que ten que facer a Consellería de Educación, se non o fai é unha mostra máis do abandono que está a sufrir a escola pública en Galicia.

O agravio que se denuncia haio que estender a outras cuestións, non só ós ordenadores. O criterio para elixir máis centros concertados, segundo o delegado da provincia da Coruña, foi porque están mellor preparados e que o seu profesorado amosou maior interese, aínda que os directivos dos colexios públicos manifestan que a Consellería nunca lles preguntou se desexaban recibir formación informática.

Acordo: O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a que se dote a todos os

-----  
S.ordinaria 31.05.10

centros públicos de banda ancha para a conexión a Internet e proceda á preparación do profesorado.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria realizada o 24 de maio de 2010, ditamina favorablemente esta moción.

DEBATE.- SRA. LÓPEZ ATRIO: Esta petición ven a conto logo do Pleno de hoxe con tantas peticións pola banda do Partido Popular en relación cos colexios públicos e concertados. Se vostedes din que nós somos proclives ó ensino público está claro que no que se está a facer actualmente parece que hai unha clara preferencia polo ensino concertado.

Quero recordarlles que o ensino concertado recibe por lei o módulo económico por unidade escolar que deberá ter unha contía que asegure o ensino que se imparta en condicións de gratuidade. Nel se diferencian tres grandes apartados: as cantidades correspondentes ós salarios do persoal docente, incluídas as cotizacións pola cota patronal á Seguridade Social. É dicir, os concertados reciben completamente o soldo do profesorado. Reciben ademais cantidades por outros gastos que son criterios análogos ós dos centros públicos e comprenden persoal de administración e servizos, de mantemento, de conservación e reposición dos investimentos reais e tamén as derivadas do exercizo da función directiva non docente, iso tamén o cobra. Tamén as cantidades para atender ó pagamento por conceptos de antigüidade, persoal docente e xente que teña que substituír ó profesorado, tamén da función directiva e do pagamento das obrigas derivadas da relación de traballo.

Quero que quede claro como se financia o ensino concertado. O que xa non vemos tan claro é como financia a Xunta de Galicia o ensino público porque dende que está o Partido Popular no goberno vemos reducións por todas partes. A última ven dada polas noticias referidas ó reparto de ordenadores nos centros educativos que son un agravio comparativo entre o concertado e o público e ademais coa desculpa de que os centros concertados están mellor preparados e o profesorado está máis disposto. A responsabilidade da preparación dos centros públicos é xustamente do goberno, nin dos veciños, dos pais, dos profesores, nin dos alumnos, polo tanto quen ten que reparar os centros para que estean nas condicións axeitadas é o goberno da Xunta de Galicia.

Falo do reparto nas cidades porque fóra das grandes cidades hai moi poucos centros concertados. En Ourense dásele os portátiles de forma prioritaria a nove

-----  
S.ordinaria 31.05.10

concertados e a tres públicos; en Lugo a nove concertados e a catro públicos; en Coruña once concertados e un público; en Pontevedra un concertado e un público e en Vigo catorce concertados e cinco públicos. Está clara a diferenza de trato que esta consellería de Educación está a dar entre o ensino público e concertado.

Os cartos que se destinan ó ensino concertado son 259 millóns de euros anuais. No primeiro ano que pola parte do goberno bipartito se suspendera a concesión do concerto a centros que diferenciaban o ensino por razón de sexo, colleron 90 millóns de euros para completalo e agora teñen ademais destinados 177 millóns de euros para cando se presenten ás eleccións. Ese ano terán a maiores 177 millóns. Todo isto do que protestabamos das distintas posicións da xestión que facemos resulta que miren como se veñen abaixo as propostas.

Coa aclaración de que é obriga por parte da Xunta de Galicia atender de forma prioritaria ós centros públicos, non pode facer desleixo en favor dos centros concertados porque ademais de recibir todos os cartos para os gastos que se orixinan, cobran ós alumnos asistentes unhas cantidades que figuran como voluntarias pero que de feito non queda máis remedio que achegar, queiran ou non os alumnos se non se queren ver discriminados.

Coido que procede que lle pidamos á Consellería de Educación da Xunta de Galicia, que ten un comportamento estraño cando recibe cinco millóns de euros do goberno central e ten que poñer outros cinco para facer todo isto, que dote a todos os centros públicos, que son da súa responsabilidade, de banda larga se é que aínda non a teñen, que non foron convocados para participar neste proxecto, que o profesorado está preparado pero tampouco o convocaron, para poñer toda a banda larga que precisen para conectar a Internet. Por suposto que se o profesorado non estivera suficientemente preparado que o preparen cos cartos que lle corresponde.

Inicialmente e principalmente a responsabilidade está nos centros públicos.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Quero comezar dicindo que para o grupo municipal do BNG parécenos moi acada esta moción presentada pola Sra. López Atrio do Grupo Socialista porque non fai senón que evidenciar de novo os continuos ataques que dende a Xunta de Galicia estanse a levar a cabo contra o ensino público para convertelo nun ensino residual, un ensino subsidiario como xa dixen antes. Por iso non é casualidade que levemos xa varios Plenos continuados desta Corporación nos que o debate se vai repetindo.

Sempre é o mesmo, posturas defendidas polo Grupo municipal do Partido Popular na mesma dirección: ataque á liña de flotación do ensino público con propostas sempre favorecedoras ó ensino privado. En tan só un ano de desgobierno da Xunta de Galicia as medidas son clarificadoras: redución dos orzamentos adicados ó funcionamento dos centros públicos; eliminación do sistema universal de gratuidade de libros de texto; redución do profesorado dos centros públicos de primaria e secundaria; redución dos orzamentos das universidades; redución do orzamento adicado a bibliotecas escolares; redución das bolsas para os estudantes universitarios; redución do investimento en formación do profesorado; redución de comedores escolares dos centros públicos.

Pola contra, onde si aumentan o orzamento é nos concertos co ensino privado. Mil millóns de euros que se adican a estes concertos, un aumento dun 1,1% máis de cartos públicos cando no ensino público o que se fai é reducir.

Agora un novo ataque en forma de proxecto Abalar, un programa que nace para a integración plena das tecnoloxías de información e da comunicación nos centros de ensino e que se resolve cunha nova volta de torca para afogar ó ensino público dunha vez. Cos datos actuais realmente é fácil demostralo, deullos hai un momento a concelleira Sra. López Atrio pero podo completalos.

En educación primaria os centros privados concertados en Galicia son o 14% nada máis e sendo só esa porcentaxe adícaselle o 45% destes proxectos. A Sra. Atrio deu os datos da cidade de Vigo pero tamén podo dar os do Concello de Vigo, un concello que é rural e que realmente favorece teoricamente ós números do ensino privado porque practicamente non o hai centros privados no rural. En Vigo concédeselle este programa a 16 centros privados e só a 7 públicos e entre os centros privados ós que se lle concede hai un centro que segrega ó alumnado por sexo, non cumprindo nin a LOE, nin sequera a orde vixente de admisión de alumnado. Como sempre o PP sáltase continua e premeditadamente a lexislación vixente.

Os prexudicados os de sempre, o alumnado da pública, en especial o alumnado do rural, o alumnado máis necesitado deste tipo de axudas. Que os centros concertados leven a maioría dos ordenadores afondará sen ningunha dúbida a brecha social deixando fóra ós que máis o precisan, ademais de agrandar tamén a brecha entre o rural e as cidades.

Ademais o xustifican con declaracións absolutamente falsas, insidiosas, que están recollidas na argumentación desta moción e que deixan absolutamente claro cal é o

posicionamento do Partido Popular na contra do ensino público e que só son merecedoras da inmediata destitución de quen as fixo.

Por todo isto o BNG vai apoiar esta moción pero quixera propoñer unha emenda ó texto da proposta que sería engadir un segundo punto que diría: Que se revisen as decisións adoptadas no Proxecto Abalar e se tomen as medidas necesarias para potenciar o acceso dos centros públicos.

Chegado a este punto quixera que os concelleiros do Partido Popular me explicaran algo que non acabo de ver: vostedes eliminaron o sistema universal de gratuidade de libros de texto e substituírono por un sistema que vostedes chaman “de gratuidade solidaria” que acolle unicamente ós máis necesitados, dicindo algo así como que os que poden, os que teñen, que compren os libros. Agora nos presentan un programa de dotación de ordenadores ós alumnos no que sae claramente beneficiado o alumnado da concertada, centros en xeral situados nas cidades, moitos deles mellor dotados cos da pública e onde o alumnado maioritariamente é dunha procedencia media-alta.

Agora xa non din iso de quen pode, quen teñen que merquen os ordenadores. Aquí nin se lembran dos que non poden. Como se entende isto? Case lles aforro o bochorno e vou contestar eu por vostedes. Libros gratuítos para os que menos recursos teñen e ordenadores gratuítos para as familias con máis recursos. Esa é a súa forma de entender a xustiza social, de entender a política educativa.

SRA. LARRIBA LEIRA: Asistimos unha vez máis a un discurso manipulador e tendencioso que verte sobre o Partido Popular as cousas que os partidos políticos que representan non foron quen de facer durante o goberno bipartito na Xunta. Pero tanto a nivel autonómico coma estatal, non hai máis que botar unha ollada ós niveis da ensinanza pública recollidos nos informes de PISA, ensinanza que está nas súas mans dende hai moitos anos.

Eu voume centrar na moción que se presenta hoxe e ei de dicir que certamente o xeito da redacción faina un pouco trapalleira, non se entende moi ben que é o que quere expresar pero vou ir á parte deliberativa da súa moción na que se insta á Xunta de Galicia a dotar a todos os centros públicos de banda larga para conexión a Internet.

En calquera caso penso que é razoable que neste Pleno da Corporación de Vigo fagamos un debate sobre Vigo e non sobre o que acontece noutras provincias e

tampouco estendernos moito no que é o programa a nivel galego. Neste sentido voume centrar no que afecta explicitamente á cidade de Vigo.

Na súa parte deliberativa non podemos estar de acordo porque o que piden en primeiro lugar é que todos os centros públicos teñan banda larga para conexión a Internet. Pois eu teño aquí unha relación de todos os centros públicos de Vigo-cidade e pódese ver que todos excepto un, o CEIP Igrexa-Candeán, teñen banda larga dun mega e un mega é o que o Ministerio de Industria do Sr. San Sebastián considera que é banda larga. Por isto eu pódolle dicir que absolutamente todos os colexios de Vigo teñen banda larga polo que non estou de acordo con que vostede formule isto aquí.

En canto ó que di que é preciso que se proceda á preparación do profesorado paréceme ben pero volvo facer referencia ó que non fixo o goberno bipartito coa infraestrutura tecnolóxica coa que dotou ós centros de ensino e que non preparou ó profesorado. Pregunte vostede a calquera centro da cidade que rendibilidade se fixo por exemplo cos encerados dixitais, coas aulas informáticas que moitas delas están sen estrear. O que fixo o goberno bipartito foi dotarlles de material pero non formou ó profesorado.

Vostedes non o fixeron en toda a lexislatura e agora, no primeiro ano, todo o que non fixeron durante catro anos estano a reclamar ó goberno do Partido Popular. Iso é manipulación descarada e tendenciosa.

Imos ir ós datos concretos. Estamos a falar dun programa que o que fixo o goberno bipartito durante eses catro anos foi recoller unha serie de investimentos, moitos deles procedentes do Ministerio de Industria e Tecnoloxía, pero todas as actuacións que se fixeron, non só dende o goberno da Xunta senón tamén dende as deputacións, non estiveron coordinadas e de feito agora estamos a sufrir unha desigualdade tremenda dos sistemas técnicos empregados por uns e por outros, o que dificulta moito a implantación dun plan.

Pero tamén é bo salientar aquí o investimento que se fixo dende as deputacións provinciais, vostedes que están agora a poñer en tea de xuízo ó que fixeron as deputacións. Dos 2,5 millóns de euros que investiu a Deputación de Ourense e 1,2 millóns da Deputación de Lugo, a Deputación provincial de Pontevedra investiu case 7 millóns de euros para despregar unha rede de wimax que leve a banda larga para as zonas máis illadas da provincia pois estamos a falar tamén do desequilibrio territorial. A Deputación Provincial inviste sete millóns de euros, máis do triplo do que fan outras deputacións provinciais de Galicia.

Con este programa de extensión da banda larga ás zonas do rural van ter cobertura 55 concellos dos 62 que ten a provincia.

Estes son os investimentos a nivel deputación; falaremos dos da Xunta pero antes diso eu quería saber que fixo este Concello con cargo ó Plan E 2010. Quérolle lembrar que para o Plan FEIL 2010 os programas que se presenten deben estar vinculados coa lei de dependencia e coas infraestruturas e equipamento tecnolóxico. Que propostas presentou o programa FEIL 2010 ó Concello de Vigo? Non hai nada para educación, o que aparece neste programa é un investimento para a plataforma informática de xestión documental dos servizos deportivos e outro para a plataforma tecnolóxica para xestión documental, etc., para o pequeno e mediano comercio. Nada para educación.

Estamos a falar de solidariedade ou de sensibilidade de non sei que administración. Eu poño sobre a mesa a sensibilidade do Concello de Vigo que non foi quen de presentar nin unha soa mellora en materia educativa en relación coas novas tecnoloxías para este Concello.

Imos falar entón do programa da Xunta que como digo ten a intención de coordinar o que xa se fixo en materia de investimentos en novas tecnoloxías e tamén o que ven determinado polo investimento estatal do que se chama Escola 2.0. Con eses investimentos o que se propón é facer un plan global que corrixa o desequilibrio territorial porque como saben a banda larga está moito máis implantada e estendida nas provincias de A Coruña e Pontevedra e moito máis nas cidades do litoral con respecto ás do interior, entón isto si que é un obxectivo prioritario do programa, facer que se produza ese equilibrio en todo o mapa galego.

O que se pretende é facer un modelo de cooperación que é o que non se fixo ata o de agora. O plan esténdese dende o ano 2010 ao 2013 e pretende a modernización de todos os servizos públicos a todos os niveis, pero aquí estamos a falar do ámbito educativo.

Con este plan co que a Xunta de Galicia vai investir 232 millóns de euros, vanse facer unha serie de actuacións como é mellorar e potenciar o operador público con máis medios e capacidade, proporcionar unha banda longa de calidade en toda a xeografía galega, esta banda longa estenderase mediante unha rede sen fíos para completar a cobertura ós lugares nos que é difícil estender a rede de fibra óptica. En concreto, na provincia de Pontevedra con este plan que propón o goberno do Sr. Feijóo vaise pasar do 78% de cobertura que había antes ó 96,5%. O que queda, un

3,5%, poderá acceder mediante satélite. A cobertura será total.

Penso que me da a oportunidade de falar deste programa. Logo se quere podemos entrar en máis detalles pero a súa proposta de banda larga coido que non a podemos apoiar porque xa está feito, é un plan para chegar ó cen por cen.

SRA. LÓPEZ ATRIO: O xeito que teñen vostedes de botar o peso sobre os demais é extraordinario pero non se pode liberar. A responsabilidade do funcionamento correcto dos centros públicos de ensino correspóndelle á Xunta de Galicia, nin ó goberno central, nin a este Concello, nin sequera á Deputación. Corresponde á Xunta de Galicia na súa consellería de Educación e non hai máis volta.

Vostedes poderán facer a banda larga de toda Galicia pero se non poñen os medios dentro dos centros para que se poidan conectar é inútil porque non é posible. Quen ten que facer os arranxos correspondentes é a Xunta de Galicia, Consellería de Educación e o seu conselleiro. Non é de recibo que vostedes eliminen a responsabilidade de quen a ten.

Non busquen ningún programa porque xustamente é a Consellería de Educación quen ten que responder. Para iso responde tamén con moitas ganas e moito pracer ós centros concertados. Aí non anda vostede a buscar se llo dá a Deputación ou outra historia. Non poden xustificar que os centros públicos non teñan as debidas condicións, cousa que é un pretexto, non é unha realidade.

Efectivamente temos banda larga pero iso non quere dicir que os centros estean axeitados para poder conectarse. Algúns están xa conectados e teñen premios nacionais no seu funcionamento; outros non o terán pero a obriga é da Consellería de Educación, non lle dea máis voltas e non as desculpe coa nosa sensibilidade que a temos é moita, non só iso senón noutros temas dos que lle vou falar na próxima moción.

Vostedes dan longas respostas pero solucións ningunhas e buscan que o tempo pase para que as cousas queden e para que vostedes as resolvan cando lles conveña. Esta é a posición. Non hai desculpa, Sra. Larriba, non lle dea máis voltas. Ademais da proposta que fixo o grupo do BNG, queremos que reconsideren o que están a facer no reparto dos ordenadores. Non hai dereito. Tanto entre os centros públicos e os concertados como nas provincias máis deterioradas en todas as conexións, así que fagan o favor do asumir.

Deben pedir dende este Concello, non é que se poñan vostedes de conselleiros, é



que teñen que pedir á consellería que faga o que ten que facer e non a nós.

*A seguir a Alcaldía-Presidencia procede a ler o texto da emenda presentada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. López Carreira durante o curso do debate, que se transcribe a continuación.*

Emenda formulada por escrito de data 31 de maio polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. López Carreira:

Engadir á anterior moción un novo apartado co seguinte texto:

“Segundo.- Que se revisen as decisións adoptadas no Proxecto Avalar e se tomen as medidas necesarias para potenciar o acceso dos centros públicos”.

(No momento desta votación está ausente o Sr. Rivas González)

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO SR. LÓPEZ CARREIRA: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade e acórdase aprobar a emenda de engadido formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill,

Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Que se dote a todos os centros públicos de banda ancha para a conexión a internet e proceda á preparación do profesorado.

Segundo.- Que se revisen as decisións adoptadas no Proxecto Avalar e se tomen as medidas necesarias para potenciar o acceso dos centros públicos.

SR. FIGUEROA VILA: Cuestión de orde. Non nos preocupa pero non vaia ser que alguén recorra esta votación. Ó non estaren o Sr. Rivas e coma é unha continuación da votación, coido que sería bo que o dixese a secretaria.

A PRESIDENCIA: Pode ser interpretable. En todo caso queda constancia que o voto da Presidencia desfaría o empate.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que sería mellor pero que o diga a secretaria.

A PRESIDENCIA: Anúlase o voto do Sr. Rivas e procédese a unha nova votación.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade e

ACÓRDASE:

Primeiro.- Que se dote a todos os centros públicos de banda ancha para a conexión a internet e proceda á preparación do profesorado.

Segundo.- Que se revisen as decisións adoptadas no proxecto Avalar e se tomen as medidas necesarias para potenciar o acceso dos centros públicos.

22.- (115).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO INSTAR Á XUNTA DE GALICIA O INVESTIMENTO NECESARIO PARA REPARACIÓNS DE DISTINTAS INSTALACIÓNS DE CENTROS ESCOLARES.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 24 de maio de 2010, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. López Atrio, formula a seguinte moción:

“Lamentamos que a estas alturas do curso escolar 2009-2010 e superado un ano de goberno do PP na xunta de Galicia, aínda non teñamos coñecemento das obras imprescindibles a realizar nos colexios públicos de Vigo.

Malia dispoñer dun estudo detallado, feito pola concellería de Educación desta cidade, e que está en poder da Delegación Provincial de Pontevedra e da Xunta de Galicia, así como dun documento, que tamén se lle entregou, no que se presentan as actuacións de carácter urxente que se deben levar adiante, aínda non temos ningunha comunicación nin coñecemento do que se vai facer nesta cidade no ámbito educativo.

Este descoñecemento impide que por parte desta Concellería se poidan realizar actuacións nos centros na medida que nos corresponde ou na medida en que puideramos facelo, ante a reiterada negativa de dar conta das actuacións previstas pola Consellería de Educación, a través da súa Delegación.

Manifestamos tamén a obrigatoriedade que ten a Consellería de Educación de atender debidamente as necesidades dos comedores escolares dos centros públicos desta cidade, dado que, en xeral, non reúnen as condicións mínimas para un aceptable funcionamento.”

Polo exposto, a Sra. López Atrio, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 24 de maio, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SRA. LÓPEZ ATRIO: Esta é outra das peticións que por terceira ou cuarta vez estou presentando neste Concello para solicitar á Consellería de Educación que responda positivamente ás necesidades que ten a cidade de Vigo nos seus centros educativos.

Lamentamos que a estas alturas do curso escolar e superado un ano de goberno do PP na Xunta de Galicia, aínda non teñamos coñecemento das obras imprescindibles a realizar nos colexios públicos de Vigo. Isto a pesar de que esta concelleira e máis o Sr. Alcalde presentamos ó conselleiro de Educación unha documentación detallada das necesidades dos centros públicos de Vigo, levámola e entregámola persoalmente. Tamén ó delegado desta provincia e ó xefe territorial de Educación levamos outro documento completo para atender ás urxencias de seis meses que os centros educativos públicos precisaban de actuacións rápidas.

A resposta logo dun ano e tres meses segue a ser o descoñecemento do que pensa facer en Vigo. Temos problemas con moitas cousas, entre eles está o CEIP Pombal que din que o van arranxar pero de momento non fixeron nada a pesar de que xa estaba planificado do goberno anterior. Temos o CEIP Vicente Risco totalmente esquecido, pedimos reiteradamente que sexa atendido e segue esquecido nesta situación.

Temos ademais o colexio Altamar que estamos no momento oportuno para o traer. O que di a Consellería de Educación, a delegación e mesmo a delegada territorial, é que non se pode construír na parcela na que está actualmente o colexio. Si se pode. Eu prometín pescudar se isto podería ser factible e dende Urbanismo respondéronme que si, que se pode ampliar e duplicar a capacidade deste centro educativo.

O que hai que facer é o mesmo que se fixo co colexio Fleming, desfíxose o antigo centro e construíuse un novo. Isto é o que queremos nós, que se desfagan deste centro e constrúan un novo. Teñen bastante capacidade para que o centro reúna todas as condicións que esixe o decreto de novas construcións para ensino infantil e de primaria.

Agora non hai desculpa, se non o queren facer non é porque non poidan, é porque non queren. Poñer como pretexto que ten que ser construído noutro espazo, no centro da cidade de Vigo non hai outro espazo. O que non se pode facer de ningún modo e esnaquizar un parque que supón cincuenta ou cen anos para a súa consecución e poñer un edificio porque dentro dos parques non se constrúe, non se fan edificios de ningún tipo. As cidades teñen que respectar e recuperar os espazos onde se poida ter un momento de lecer, respirar, eses espazos verdes tan necesarios e imprescindibles que dan calidade de vida ás cidades.

Por outra banda tamén temos a construción de comedores escolares. Din que van facer comedores pero se son sincera dígolles que non lles creo, ata que o vexa non o

creo. Moito prometer pero á hora de facer penso que van dar longas ata que remate o período e pasen as eleccións. Supoño que ó mellor entón o consideran, pero antes dubido moito da súa palabra.

En Vigo temos unha chea de comedores escolares que non reúnen as mínimas condicións para poder comer neles. Se houberse unha inspección de sanidade coido que pecharían uns cantos. Temos 1.371 prazas de comedor, 1.884 comensais, é dicir, 500 ou 600 rapaces máis que prazas, teñen que comer en dúas quendas en cinco colexios e en tres quendas nun máis. Dada a urxencia desas tres quendas dende o Concello tivemos que facer un comedor escolar pola vía de urxencia no colexio Escultor Acuña.

Hai bolsas para un total 462 alumnos que reciben integramente a bolsa, por unha parte participa Benestar Social e pola outra Educación con 226.000 euros para os comedores escolares de 31 colexios, aínda así quedaron 223 en lista de espera para as bolsas que non teñen posibilidade de asistir a comer porque non hai prazas, non é posible. Necesítase a urxente ampliación dos comedores pero ademais mesmo de nova construción, por exemplo no Illas Cíes hai que construír un novo, non hai remendos que facer. Ó Monte da Guía pásalle o mesmo, os nenos están comendo no corredor en dous quendas.

O colexio Canicouba precisa carpintería nova, ampliación do comedor, renovación de canos e accesos. O Vicente Risco non reúne as condicións mínimas para seguir funcionando, teñen a información na Xunta de Galicia comunicando a situación deste centro. En Navia necesítase xa a ampliación do colexio Daniel Rodríguez Castelao porque xa hai vinte tantos nenos que non entran no primeiro curso de infantil e téñense que repartir por outros centros en transporte escolar. No Valle Inclán necesitaríase que se puxesen carpinterías, igual que no de Balaídos, para que a calefacción fose recollida polos nenos e non polo medio ambiente, que por máis que funcionen as calefaccións non é posible que sexa o suficiente para ter quentes ós rapaces.

Hai que pedir á Xunta de Galicia que se adique a ver todas as necesidades dos colexios públicos de Vigo que as ten moi claras e ben postas na súa man dadas por este Concello de Vigo, por esta concellería.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Só me queda felicitar á Sra. López Atrio pola defensa que fixo das necesidades que existen neste intre nos colexios de Vigo a respecto das

-----  
S.ordinaria 31.05.10

múltiples deficiencias que acumularon ó longo de tantos anos sen remodelar, sen refacer ou sen buscar terreos para novos.

Neste sentido había un compromiso do anterior goberno da Xunta de Galicia que, como tantos outros, incumpriu o goberno actual da Xunta. Íanse comezar corrixir todas estas deficiencias nos colexios de primaria e a estas alturas, logo dun ano e pico como ben dicía a Sra. López Atrio, aínda non sabemos que vai pasar con todos os colexios.

No que a min respecta, dende a Consellería de Benestar Social que me toca dirixir estamos moi preocupados porque nestes momentos temos exactamente 2.000 solicitudes de pais para becas de comedores. Quero dicir que o ano pasado tivemos 1.600 solicitudes. As solicitudes non son o mesmo que o número de alumnos porque moitos pais teñen dous e tres fillos e iso quere dicir que á hora da verdade nos atopemos con que temos 2.400 ou 2.500 peticións para entrar nos comedores. Se calculamos máis ou menos que un X%, que soen ser 300 solicitudes, quedan desbotadas porque non cumpren as características que se piden nas bases para lles dar a bolsa, atoparémonos con 2.200 solicitudes que cumpren e ás que temos que dar bolsa.

Dende a concellería de benestar social incrementáronse un 23% as becas durante este ano. Hai 625.000 euros para becas de comedor pero nos imos atopar igual que o ano pasado. Só unha pequena aclaración á Sra. López Atrio: ó final de curso non quedaron 200 persoas sen dar bolsa; só nos quedaron 90 persoas porque sacamos doutras partidas para dar esas becas pero é verdade que moitas delas non puideron comer porque non había lugar nos comedores e ademais en moitos casos comen nunha condicións penosas que non pasarían ningún tipo de inspección.

Por iso clama ó ceo que a Consellería de Educación gaste os cartos en cousas tan importantes como preguntarlle ós pais e nais que queren de lingua para os seus fillos, en facer publicidade de determinado tipo de programas educativos e pola contra non vexa as necesidades que teñen aqueles nenos, tanto deste concello como supoño que tamén doutros, que en moitos casos se non teñen bolsa de comedor ou non poden facer uso dela porque non poden comer nestes comedores por falta de espazo ou do mesmo comedor, veranse obrigados en moitos casos, non digo pasar fame porque estamos no primeiro mundo, pero si pasalo mal e ter unha nutrición deficiente. Iso si que é seguro.

Por todo isto apelamos á responsabilidade e a que o Partido Popular faga menos

demagogia, dea menos ordenadores ós centros concertados e si aposte polas verdadeiras necesidades que hoxe existen. Que non faga nin fenda dixital nin fenda social, como dicía o concelleiro de Cultura na anterior moción.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Como dicía Frei Luís de León a Sra. Concelleira di e non dan razón do que di.

O que hai aquí en primeiro lugar é unha relación de todo o que deixou sen facer o goberno bipartito e entendo a súa incredulidade. Logo de ver o que fixo o bipartito en materia de educación en Vigo non me estraña que non crea á Xunta pero vaise converter e vai crer. Non cre porque viu o que pasou durante os últimos catro anos.

Sres. do BNG, compromisos sen orzamento é engano. A Xunta anterior deixou todo comprometido e non había un euro para nada. De gastar cartos poderíamos falar do que fixo a Xunta anterior e non quero referirme a eles porque o coñecemos ben.

Esta moción o que cobre á parte desa falla de investimentos durante os catro anos de goberno da Xunta anterior, é a ineficacia do goberno municipal e é unha queixa da concelleira de Educación da pouca atención que se lle deu á educación dende o punto de vista do orzamento municipal. Millóns e millóns de euros do orzamento, milleiros de millóns de pesetas e nada ou case nada en materia de educación.

Imos referirnos ó tema dos investimentos da Xunta porque para falar dun investimento hai que velo dende o punto de vista da cantidade absoluta e en termos comparativos porque se é moito ou pouco é comparándoo con algo. Datos de orzamento da Xunta de Galicia, ficha de investimentos obtida dos orzamentos da Xunta: no 2006, 2007, 2008 e 2009 presupostábase menos para Vigo que no ano 2010 do Partido Popular. En catro anos menos que nun ano do Partido Popular, iso si que era desatención.

En canto á construción de novos centros de primaria e secundaria, cantos fixo o goberno do bipartito en catro anos? Cero. Agora están en marcha dous, Virxe do Rocío e Altamar do que logo falarei porque de aí partían os presupostos para el.

En canto ó que se vai gastar este ano xa anunciou a Xunta de Galicia que 4,2 millóns de euros na cidade de Vigo en primaria e secundaria, algo que nunca fixo o goberno bipartito. Si hai moitas necesidades porque catro anos de abandono non se corríxen nun, pero si se inviste en Vigo nos orzamentos da Xunta máis que nos catro anos do goberno bipartito. Sen cartos non existe nada, son só enganos.

En canto ós comedores anunciou a delegada da Xunta en Vigo que se van investir

820.000, o que nunca fixo o bipartito porque as necesidades dos comedores existen dende hai tempo. Foampas, ano 2006, cantos comedores tiñan dobre quenda gobernando o bipartito? Seis e agora segue a haber seis, non fixo nada antes o goberno bipartito da Xunta e agora si vai facer o goberno do Partido Popular. En canto ó número de comensais hai 50 máis que no ano 2006 polo tanto as necesidades existían, vostedes estiveron calados e a Xunta do bipartito non fixo nada para investir.

Respecto á situación económica tamén hai que dicir que cando o goberno da Xunta chegou á Consellería de Educación atopouse cun pufo de 4,5 millóns de euros en comedores. Non había cartos para pagar o último trimestre de comedores en Galicia porque o gastaran sen presuposto. Insisto en que prometer ou gastar sen presuposto é un engano. Dentro dese gran buraco que deixaron de 1.200 millóns de euros na Xunta e os 2.000 millóns que lle debe o goberno da Xunta de Galicia a Zapatero polo malgasto do goberno anterior

O que fixo o goberno municipal foi: xullo de 2009 “O alcalde di que asume as ampliacións dos comedores”. Repíteo o 15 de agosto, o 3 de setembro, 17 de setembro, 29 de setembro do mesmo ano e insiste en que o Concello asumiría esa ampliación.

A diferenza da Xunta anterior esta Xunta si está actuando. Dende logo que hai necesidades porque catro anos de abandono non se corríxen nuns meses pero agora se van investir máis de 800.000 euros en comedores, algo que a Xunta bipartita co seu silencio e máis o silencio deste goberno nunca fixo.

Tamén hai outro tema importante. Hai unha partida no presuposto da Xunta de 400.000 euros para un centro educativo en Vigo. Por que o alcalde non quere que a Xunta invista en Vigo? A única obriga do Concello é poñer os terreos. Niso, na Cidade da Xustiza, na Biblioteca Pública do Estado e no Colexio Altamar. Non é un problema de centro, de ineficacia na procura de solo para facer dotacións públicas; é en xeral a eficacia do alcalde para obter eses solos e vemos que nin na Cidade da Xustiza os pon a disposición da Xunta, nin na Biblioteca Pública do Estado os pon a disposición do Ministerio de Cultura, nin no caso do Colexio Altamar.

Para construír fan falla terreos, só as fantasías e as maquetas fanse no ar. Agora vostedes din que non os hai, están a recoñecer o fracaso do Plan Xeral. A todas as unidades de actuación do arredor, que lles pasa? Miren o que dicía o Sr. Alcalde no ano 2008 reunido coa anterior delegado da Xunta de Galicia: “O novo Plan Xeral xa



contempla unha reserva de solo para o colexio Altamar". Isto é un documento do Concello de Vigo, había reserva de solo. Onde está esa reserva? Por que non a poñen a disposición da Xunta para que invista? Por que non o fixo?

Continuamente está a cambiar de opinión para non cumprir. "A comunidade educativa e o Colexio Altamar piden a Caballero que non poña máis escusas". 14 de maio: "O novo Plan Xeral xa contempla unha reserva de solo para o colexio Altamar"; febreiro de 2010: "O alcalde di que hai unha parcela no Museo Liste"; 20 de maio de 2010: "Caballero propón a construción no Museo Liste"; posteriormente di que "Propón á Xunta derrubar o Colexio Altamar e construír outro cunha planta máis alta". "Profesores e pais de Altamar negan un acordo co alcalde". O alcalde cando se lle pregunta di o primeiro que se lle ocorre, di que ten un acordo e os pais e profesores négano, fan quedar de mentireiro ó alcalde. Os pais do colexio Altamar esixen a Abel Caballero que deixe de mentir, Sr. Alcalde. "Os pais do Colexio Altamar acusan ó alcalde de poñer en perigo a construción dun novo colexio". E Caballero di que "Educación acepta construílo cunha planta máis". Logo ven a consellería de Educación en di: "Técnicos da Xunta descartan ampliar o colexio Altamar como propón o Concello".

Era unha chafallada, Sr. Alcalde, e sabíao dende o ano 2008 cando a anterior Xunta bipartita lle dixo que non servía. Os colexios agora non son como hai corenta anos, hai uns decretos de mínimos para os colexios e se vostede non os coñece díggollo. Real decreto do 12.02.10, BOE do 12.03.10, sabemos que ultimamente o BOE non o estuda moito. Este decreto establece os mínimos que non os cumpre ese solar. Vostede pode facer unha argucia xurídica e dicir que non é un colexio novo que é a reedificación dun colexio. A educación non é só as aulas, é moito máis e esixe 900 metros cadrados de espazos, un patio pechado, un ximnasio e á parte, se tamén ten infantil, 150 metros máis separados.

As normas están para as cumprir e non vai vostede pedir que os padres do Colexio Altamar se atopen cun colexio que non cumpre as condicións. É a súa obriga ceder os terreos. Cando dixo o de engadir unha planta, urbanisticamente é posible pero no ámbito da educación, cumprimos o decreto de mínimos? De acordo con iso como modifiquemos as normas enchemos de colexios as torres. O colexio é algo máis. É certo que hai sesenta anos había colexios nos pisos e xogaban nas escaleiras pero iso xa non é así, Sr. Alcalde.

Sr. alcalde cando lle pregunten coñeza do que fala porque quen fala do que non

sabe, responde e di o que non debe. Hai un decreto de mínimos que non se cumpre. No ano 2009 o BNG nesta actuación parece a ONU, nin é goberno nin é oposición. Sendo tenente de alcalde en Vigo e gobernando na Xunta chega o Sr. Domínguez e di: “O tenente de alcalde explicou que hai varias administracións que están implicadas e que vai ser importante chegar a acordos”. ¡Pero se el é o responsable dunha administración nun lado e noutro! Non pode chegar como Hamlet e ser ou non ser. Son goberno, non se decatan, non poden ser goberno pola mañá e oposición pola tarde, no medio non están. Son tenentes de alcalde nun goberno, usan vehículos oficiais e polo tanto teñen que resolver. Con esa actuación parecen a ONU, un órgano intermedio.

Que fixeron vostedes pola educación nestes castro anos? Coñecemos ben os millóns de euros que supuxo o Plan E, chamado agora Plan ZP. Un cambio de lousas. En investimento educativo que se fixo no ano 2009? O cambio de lousas sería para crear emprego? Non, 366 contratados e isto é un tema moi serio, Sr. Font. Por certo, dende hai un ano pedímoslle a relación nominal deses contratados e non a entregan. Por que non aparece a relación con nome e apelidos de todos os contratados co Plan E? Milleiros de millóns de euros e o paro dispárase en Vigo.

Crecemento do paro co Plan E: Vigo, a cidade con maior paro de toda Galicia a pesar dos millóns de euros e por riba veñen as declaracións do alcalde: “O paro será historia”.

A PRESIDENCIA: O seu tempo rematou, Sr. López-Chaves.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Pero tamén había outras declaracións polo pleno emprego. Isto son dous socialistas, dúas declaracións e dous enganos: “O paro será historia en Vigo” e “Polo pleno emprego en España”. Sr. Mariño, esqueceuse dunha foto. Esta foto tamén está aí pero a diferenza da que estaba antes no mesmo despacho, quen está aquí perdeu as eleccións, a que estaba antes as ganara. Por certo, que perdeu estas eleccións, as outras, ata as que se presentou para decano de Económicas que tamén as perdera. Perdeunas no ano 82 co Sr. Beiras.

*O Sr. López-Chaves Castro é cominado pola Presidencia para acabar a súa intervención por ter rematado o seu tempo.*

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Os excesos, 13.000 millóns foron o Plan E, 15.000 millóns foron os recortes e por tanto o Plan E, as lousas, vano pagar os xubilados, os funcionarios que lles van baixar o soldo e vano pagar as nais que van ter niños que non van cobrar ese cheque bebé porque 13.000 millóns o Plan E, 15.000 millóns recortes.

*Durante a intervención do Sr. López-Chaves Castro producíronse diversas intervencións dos asistentes no salón de Plenos, tendo que pedir silencio en varias ocasións a Presidencia.*

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O Plan E vainos custar o que custan as pensións e vano pagar os pensionistas, os funcionarios e os excesos. O Sr. Caballero é un epígono do Sr. Zapatero. Sr. Caballero, ceda os terreos para o Colexio Altamar, hai 400.000 euros pendentes e non o quere facer.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Os terreos están a disposición da consellería no propio centro. Non veñan dicindo...

*Neste intre se oen voces no salón de Plenos producíndose por parte da Presidencia tres chamadas á orde ó concelleiro Sr. López-Chaves Castro.*

SRA. LÓPEZ ATRIO: Eu prometín ó grupo de pais, profesores e asociacións recibilos cunha proposta de Urbanismo se era posible para realizar de novo o centro no espacio que actualmente ocupa. Teñen que esperar a recibir esa información que eu lles levarei. A semana pasada vímonos e falamos e eu estou a cumprir a miña promesa. Agora estou explicando ós concelleiros do PP que teñen a posibilidade de pedir que se constrúa o centro axeitadamente, segundo o decreto, para que o colexio Altamar se faga no espazo que actualmente está ocupando porque se pode ampliar axeitadamente.

Isto non é algo que se poida dicir dende os técnicos da delegación de Pontevedra da consellería porque non fixeron ningunha xestión en Urbanismo e a ollo non se fai nada. Eu tampouco podería dicilo sen a consulta previa a Urbanismo. Levei alí ós técnicos, dixeron que ían estudar como estaba contemplado no Plan Xeral e o Plan admite a duplicación dos espazos educativos dese centro.

Que lles quede moi claro. Teñen 400.000 euros para facer o proxecto, retirar o edificio actual e facelo novo de deseño, do gusto que vostedes teñan porque poden facer marabillas. Non lles digan ós pais que aí non se pode facer porque non é verdade. Onde non se pode facer é a carón da casa de cada quen ou no espazo Liste porque é un espazo verde que supuxo de máis de cincuenta anos conseguir ese arboredo. Non é xusto que por un edificio se quite un respiradoiro e unha humanización da cidade.

Se queren espazo fóra de aí si o teñen, pero aí non hai máis ca ese e non lle dean máis voltas.

Cando eu lles convoque, fale con vostedes e lles presente o proxecto serán quen de dicir o que queiran aínda que é a Xunta quen ten que o facer, que ten que responsabilizarse. Non lle dean máis voltas, as eleccións están aí e non escapen porque o poden facer xa, non perdan eses 400.000 euros porque levamos a todos os rapaces xunto cos profesores a outro centro da cidade e bastante próximo, sen ningunha dificultade.

Outra cousa que lle quero aclarar son os investimentos. O investimento que fixemos e que vostedes din que non, foron 200.000 euros no comedor do colexio Escultor Acuña, 375.000 euros nas instalacións eléctricas que puidemos solucionar, 700.000 euros en mantemento dos centros, 500.000 euros en gastos de auga, electricidade e gas, 2.600.000 euros en limpeza, 450.000 euros este ano en convenio de comedores con FOAMPAS, 1.500.000 euros en porteiros, vixilantes e alarmas, 3.740.000 euros en gastos anuais coas escolas municipais tendo catro escolas infantís, escola de música folk, escola de teatro, escola de música clásica, Escola de Artes e Oficios. En programas educativos onde está a inmersión lingüística, ademais de Vigo por dentro, hortos escolares, aulas internacionais e actividades didácticas programadas 1.000.000 de euros. En total 11.500.000 euros. Iso é o que gastamos dende o Concello.

Se vostedes dende a consellería gastaran cada ano a terceira parte tiñamos arranxados todos os colexios públicos.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez,

-----  
S.ordinaria 31.05.10

Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Instar á Xunta de Galicia a:

Primeiro.- Investir os orzamentos necesarios na substitución de materiais (carpinterías, calefaccións, cubertas, canos, etc); na mellora e na ampliación das instalacións dos centros escolares. Entre outros o CIP “O Pombal” pendente de ampliación dende hai dous cursos e o CIP “Vicente Risco”, esquecido durante moitos anos e que necesita urxente atención por parte da Consellería.

Segundo.- Investir con urxencia nos comedores dos colexios públicos: Illas Cíes, Pintor Laxeiro, Monte da Guía, Frián-Teis, Balaídos, Celso Emilio Ferreiro e Canicouva, entre outros.

23.- (116).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A REDACCIÓN DUNHA ORDENANZA PARA O CONTROL DAS RÚAS ONDE SE EXERZA A PROSTITUCIÓN. DOC. 90181977.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral 16 de decembro de 2009, documento núm. 90181977, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“Este 10 de decembro se celebran 61 anos da creación da Declaración Universal de Dereitos Humanos. No preámbulo se considera que a liberdade, a xustiza e a paz no mundo teñen por base o recoñecemento da dignidade intrínseca e dos dereitos iguais e inalienables de todos os membros da familia humana.

Considerando que o descoñecemento e o menosprezo dos dereitos humanos orixinaron actos de barbarie ultraxantes para a conciencia da humanidade, é esencial que os dereitos humanos sexan protexidos por un réxime de dereito.

A necesidade de control do fortalecemento da industria do sexo que padecemos na nosa sociedade de consumo faise prioritario debendo exercer un control sobre todas aquelas imaxes e publicidade que fomentan a violencia contra as mulleres, máis concretamente aquela que apoia e incita o uso da prostitución na nosa cidade. A

-----  
S.ordinaria 31.05.10

desigualdade de oportunidades no mercado de traballo coloca a moitas mulleres nunha situación de extrema precariedade económica, converténdolas en candidatas a formar parte da poboación prostituída.

O Concello de Vigo non debe mirar cara outro lado nesta materia. A seguridade nas rúas, os dereitos das persoas, a igualdade entre homes e mulleres, a saúde pública son temas prioritarios nos que os grupos políticos debemos unir esforzos para loitar contra a lacra social que é a prostitución.

A calidade de vida dos cidadáns e das cidadás vigueses e viguesas é unha responsabilidade que a administración local debe cumprir, canto máis cando a maioría destas mulleres, nenas, homes, nenos e transexuais son persoas prostituídas e sometidas baixo o xugo das mafias ou baixo unha situación socio-económica extrema. Trallemos pola redución do dano, pola integración e reinserción destas mulleres, nenas, transexuais, homes e nenos na nosa cidade.

Por todo isto, o Grupo municipal do partido Popular insta ao goberno local:

Solicitamos a creación dunha ordenanza que reforce o control nas rúas onde se exerza a prostitución multando con 3.000 euros ós cliente e elimine:

- A publicidade de clubs de alterne, casas de citas e outros locais nos que se exerza a prostitución en ningún panel informativo e medio de transporte público.
- As imaxes que inciten ó consumo e ó exercicio da prostitución como reclamo publicitario en todos aqueles lugares de competencia municipal”.

A comisión Informativa de Mobilidade, na súa sesión ordinaria do 21-12-2010, ditamina favorablemente a moción.

A PRESIDENCIA: Presentouse unha emenda de substitución formulada polos tres grupos políticos municipais do PP, PSdeG-PSOE e BNG.

*Deseguido a Presidencia procede a ler o texto da emenda que se transcribe nos antecedentes deste acordo.*

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Presentárase unha moción polo Grupo municipal Popular na que se solicitaba, como ben leu o presidente do Pleno, o control da prostitución nas rúas. Ó final chegamos a un acordo sobre unha emenda para que no Pleno deste Concello se aprobe unha disposición que realmente vaia ó cerne desta cuestión porque cada pouco tempo aparecen novas nos medios de comunicación que reabren o debate, un debate necesario pero que desgraciadamente se está tratando como un sinxelo problema de orde pública.

A moción presentada orixinalmente é un exemplo, propoñíase unha ordenanza municipal na que se establecían multas para os clientes que pagan servizos de prostitución nas rúas, pero podemos entender que esa é unha medida cara á galería e dificilmente aplicable.

Para empezar parece bastante difícil demostrar que esa situación se produce e, en todo caso, precisaría a colaboración da muller, botando unha vez máis o peso da solución ós problemas das mulleres sobre as propias mulleres. Por outra banda a prostitución que se exerce na rúa non é nin moito menos a maioría do total da prostitución que se exerce na nosa cidade e o control policial da prostitución é inasimilable por unha autoridade local. É unha cuestión de seguridade de tal magnitude que parece obvio que ten que depender das forzas de seguridade do Estado e estar contemplada pola lexislación estatal.

Ademais este non é un problema local, non é un problema circunscrito ás fronteiras dun concello. O tráfico sexual e a explotación e trata das mulleres é un negocio planetario. Máis dun millón de adolescentes e mulleres novas alimentan este negocio que proporciona milleiros de millóns de euros de beneficios ó ano. É un negocio en extremo rendible, só superado polo tráfico de armas e por diante do tráfico de drogas pero cun risco moito menor. De feito, segundo a Asociación de propietarios de clubs de alterne, en España este negocio move 18.000 millóns de euros ó ano. Estamos falando dunha cantidade de cartos realmente enorme.

Hai unha apatía por solucionar este problema que comeza xa por non recoñecer as súas dimensións e limitalo ó que pase nas rúas céntricas dunha cidade, pero dende logo que non se pode circunscribir a esa situación porque ademais ó final as adolescentes dos prostíbulos de Bombai non son moi diferentes ás do leste europeo que están nos prostíbulos de Roma, ou das nixerianas que estaban retidas ata hai uns días en casais perdidos entre os invernadoiros de Almería e tampouco son moi diferentes das mulleres escravizadas no noso país e na nosa cidade.

A situación das escravas sexuais na India pode parecer máis sórdida, pero o trato que reciben estas mozas ten aspectos comúns en todos os países. Na India a prostitución está prohibida e todo faise ás agochadas pero as condicións son as mesmas. Clientes non faltan nin aquí, nin ó carón da súa casa, nin os que viaxan para facer turismo sexual á India ou a Tailandia. No mundo enteiro entre o 6 e o 9% dos homes maiores de 18 anos compran sexo de escravas polo menos unha vez ó ano.

Sobre isto tampouco reflexionamos pero é obvio que sen homes dispostos a pagar por sexo non existiría esta esta escravitude pero, como chegan a ser quen do facer vendo as condicións destas mulleres? Nun contexto social no que unha das consecuencias máis horribles do capitalismo global é a trata de seres humanos, prodúcese un transvase neto da riqueza e recursos das economías pobres ás ricas, xunto coa falta de dereitos humanos nos países en desenvolvemento. O fenómeno da prostitución e a trata e o tráfico de mulleres están absolutamente relacionados e non se poden desligar. As actuacións en cada unha inflúen de forma determinante na outra.

Hai datos moi claros. Segundo a Garda Civil de 20.000 prostitutas, 249 son españolas, un 1,3%. Hai a seguridade de que faltan datos pero se estima que arredor do 90% das prostitutas son inmigrantes e a práctica totalidade das inmigrantes que exercen na rúa están en situación de irregularidade.

Supoño que se analizamos a situación dende esta perspectiva a conclusión é clara: estas mulleres son vítimas das desigualdades de xénero e da Lei de estranxeiría que reduce as súas opcións laborais ás máis precarias e alienantes como a prostitución e o traballo doméstico, sempre na economía somerxida. Así as mafias aproveítanse da situación que xera a blindaxe de fronteiras ó impediren ás mulleres emprender un proxecto migratorio autónomo, botándoas nas mans das redes de explotación sexual e, por se fose pouco, coa ameaza permanente de seren expulsadas ó abeiro da Lei de estranxeiría, mesmo denunciando ós seus explotadores e agresores.

Xa que logo o primeiro paso é recoñecer a estas mulleres como cidadás con voz e iguais en dereitos que a poboación local. O fenómeno da prostitución é complexo e debemos analízalo tendo en conta todos os factores que interveñen nel: as migracións, a feminización da pobreza, o consumismo xeneralizado, as mulleres prostituídas, as organizacións que se lucran da prostitución e quen consume prostitución, xeralmente homes. Cando falamos da demanda de prostitución vemos que non só non baixa, senón que cada vez está máis aceptada como unha opción sexual máis, como un plan de lecer para a fin de semana.

Parécenos polo tanto oportuno poñer en marcha iniciativas de sensibilización con perspectiva de xénero. O relatorio do Congreso sobre o estudo da prostitución en España propuxo que os medios de comunicación optasen, a través dos seus códigos deontolóxicos, por non incluír anuncios de prostitución pero parece que este tamén é un negocio moi lucrativo e, polo que eu sei, só en “20 Minutos” se eliminaron eses



anuncios e o Diario Público nunca os inseriu. A prensa ingresa por estes anuncios 40 millóns de euros ó ano.

O Concello debe dar exemplo e por iso incluímos tamén a eliminación da publicidade de locais de prostitución de todos aqueles soportes de competencia municipal. Agora mesmo, que eu saiba, estes anuncios limítanse ós taxis pero eu creo que é unha medida da que todos nos debemos felicitar se tamén eliminamos de aí este tipo de publicidade que non fai máis que continuar a denigrar a imaxe da muller.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Despois da magnífica exposición que acaba de facer a Sra. Veloso a min si que me gustaría salientar o compromiso dos tres grupos municipais, que fomos quen de chegar a un acordo. Agradecerlle ó BNG e ó Partido Popular o consenso nesta moción, cousa que demostra que todos estamos preocupados por algo como é a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

Dese texto que consensuamos si me gustaría salientar dúas cousas: ese plan integral de loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual que se aprobou polo Consello de Ministros o día 12 de decembro do 2008, tómase o suficientemente en serio como para que conte con sesenta e dúas medidas que se agrupan en torno a cinco áreas de intervención, como son as medidas de sensibilización, prevención e investigación, medidas de educación e formación, medidas de asistencia e protección ás vítimas, medidas lexislativas e procedementais e de coordinación e cooperación.

Constitúese un grupo interministerial de coordinación Congreso Deputados/Senado e un grupo interministerial con carácter técnico. Interveñen os membros de todos os departamentos: Asuntos Exteriores e Cooperación, Xustiza, Interior, Sanidade e Política Social, Traballo e Emigración, Igualdade, Ministerio da Presidencia, Ministerio de Educación, Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e Ministerio de Defensa.

O 14 de xullo constituíuse como mecanismo de cooperación e diálogo permanente o Foro social contra a trata coa participación de cinco vocais da Rede contra a trata, formada polas principais organizacións non gobernamentais do sector, así como por todas as organizacións sociais que o solicitaron. Ademais, e para garantir o diálogo e a eficacia institucional, forman parte da rede os membros do grupo técnico interministerial, representantes das comunidades autónomas, das cidades autónomas de Ceuta e Melilla elixidos por sorteo, Comunidade Foral de Navarra e

Xunta de Galicia e un representante das administracións locais a través da Federación Española de Municipios e Provincias.

Os e as socialistas somos partidarios de erradicar progresivamente a prostitución comezando pola loita contra a explotación sexual, especialmente nos casos de trata e tráfico de seres humanos no marco dos acordos e convenios internacionais contra o exercicio da prostitución no espazo público.

Dende todos os niveis administrativos temos a responsabilidade de goberno de ofrecer seguridade e protección especial ás mulleres prostituídas a través da orientación, da formación e da reinserción laboral.

O marco actual permite actuar contra estas redes de explotación sexual a partir das últimas achegas do Código Penal para adecualo ós delitos e penas polo tráfico de persoas, de acordo co convenio europeo pola loita contra o tráfico de persoas en vigor en España dende agosto do 2009 e a futura transposición da Cesión marco 2002/629, do Consello da Unión Europea.

Por outra banda o marco xurídico tamén permite unha mellora na atención e na protección ás vítimas a partir da reforma da Lei de asistencia xurídica gratuíta da Lei sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros e a súa integración social que debe permitir conxuntamente o desenvolvemento do artigo 67 da Lei 5/2008, do dereito das mulleres para erradicación da violencia machista e a aplicación efectiva do plan estatal contra a trata de persoas con fins de explotación sexual.

O plan integral da loita contra a trata dos seres humanos, aprobado e en vigor dende o 12 de decembro de 2008, é unha das prioridades do goberno e tamén do Ministerio de Igualdade.

No 2009 xa se iniciaron as accións máis importantes, entre elas as reformas legislativas, as medidas de reforzo da persecución policial, a asistencia social ás vítimas, ás que dende a ratificación do convenio do Consello de Europa e da entrada en vigor do propio plan se lles recoñece un período de reflexión de 30 días durante os que teñen garantida a subsistencia, a asistencia social e xurídica necesaria. O plan inclúe medidas que supoñen novos dereitos garantidos ás vítimas da trata e dítanse así mesmo os novos protocolos e instrumentos de control e coordinación recollidos no plan.

O plan aborda dende catro puntos de vista os principios reitores de todas as medidas, incluídas dende a perspectiva de xénero, como unha violación dos dereitos fundamentais, como un feito transnacional que require a cooperación internacional e

como un delito no que é imprescindible a actuación policial e xudicial. As medidas tomadas no plan pretenden de maneira exemplar afondar en todas as áreas do problema: sensibilización, prevención e investigación, educación e formación, asistencia e protección ás vítimas e medidas lexislativas de procedemento, de coordinación e de cooperación. Todas estas medidas están apoiadas polas 62 accións encomendadas ás distintas unidades que conforman ese grupo interministerial de coordinación e ás comunidades autónomas para o seu desenvolvemento e posta en marcha.

Repito que os obxectivos son sensibilizar á sociedade e promover reaccións de tolerancia cero contra actos delituosos relacionados coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual, combater as causas da trata a través de políticas activas de cooperación nos países de orixe mediante medidas preventivas, desenvolver medidas dende unha perspectiva integral nos ámbitos xudicial, social, educativo, policial, administrativo e de emigración con participación das organizacións non gobernamentais e asegurar como eixo central a asistencia e protección ás vítimas de trata, garantindo a protección dos seus dereitos e intereses.

Por iso dar as grazas ós grupos do Partido Popular e do BNG por ser capaces de consensuar unha moción para algo tan importante e preocupante como é a prostitución.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Quereríamos comunicar especialmente á Sra. Veloso Ríos que non só en determinados medios de transporte público da cidade de Vigo se utiliza a publicidade sobre prostitución, senón que hai moitos outros lugares nesta cidade onde se está facendo; nalgún panel informativo tamén vimos que se estaba producindo e de aí que a nosa moción tamén incidira sobre este aspecto.

Tamén lle quero informar de que non só o xornal "20 Minutos" eliminou a publicidade sobre a prostitución, senón que tamén o fixo o xornal "La Razón" e o "Diario Público" eliminou toda a publicidade con fins de explotación sexual, así mesmo a Lei de publicidade considera ilegais os anuncios de contacto. A Lei xeral de publicidade, aprobada en 1988 e modificada pola Lei de igualdade, establece que "Considerarase ilícita a publicidade que utilice a imaxe da muller con carácter vexatorio ou discriminatorio". Así que coido que estamos no bo camiño para poder comezar a traballar con este tema.

Queremos dar as grazas ós dous grupos por apoiar a nosa moción e así poder

traballar con respecto á igualdade da muller porque en España hai 300.000 mulleres que son vítimas da prostitución. En contra do que se pensa e segundo recentes estudos, tan só o 5% das mulleres que se dedican á prostitución faino por propia elección; de 300.000 mulleres só o 5% fano por elección propia e o 95% restante, é dicir, a práctica totalidade delas, son obrigadas a exercer a prostitución por diversos factores.

A actual situación de crise, a pobreza, a falta de formación, a inmigración, a falta de oportunidades e en moitos casos ter fillos ó seu cargo ou ter que manter á súa familia no seu país de orixe, leva a moitas mulleres a ter que exercer este labor, sen contar a todas as que se introducen neste mundo obrigadas polas mafias e redes de trata e prostitución que non se atreven a denunciar por medo ás autoridades, neste caso españolas, ó non ter papeis ou por medo ás represalias das mafias que trafican con elas e as explotan e que en moitas ocasións rematan coa vida destas mulleres.

Cantos casos hai en países do leste ou africanos que se supón que veñen mulleres cara España recoller fresa ou á recollida de uva que as recollen dos seus países de orixe informándoas que van traballar nestes labores e realmente, unha vez que chegan a España, son prostituídas e quedan baixo o xugo das ameazas constantes cara elas ou cara as súas familias de negarse a exercer a prostitución. Non debemos esquecer que estas redes cumpren as súas ameazas e que polo tanto a maioría das mulleres captadas por elas teñen auténtico terror a denunciar xa que poñen en perigo as súas vidas e as das súas familias.

España, tal e como relataba a Sra. Abelairas, está considerado como un dos países de destino da trata de mulleres con fins de explotación sexual e por iso o goberno engadiuse ó convenio do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos aprobado en Varsovia en 2005, se ben tardou preto de tres anos en asinar, xa que o fixo no 2008, e catro anos en ratificalo no ano 2009.

O goberno de España aprobou hai un ano o plan integral contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual que efectivamente contempla 62 medidas e que se dotou para o seu funcionamento con 40.000 euros, cantidade que este Concello se gasta sinxelamente na lousa dunha maqueta. O plan non recolle ningún sistema ou procedemento concreto que garanta a identificación das vítimas de xeito que poidan seren protexidas e atendidas axeitadamente tal e como esixe o convenio do Consello de Europa. Tampouco se especifican nese plan os mecanismos para levar a cabo a dita identificación e sen ela complícase ofrecer ás vítimas de tráfico de

seres humanos a axuda que precisan. Este plan está incompleto. Mentres que o convenio do Consello de Europa esixe que os estados membros garantan esa protección e atención a todas as vítimas, independentemente de se colaboran ou non, o plan integral aprobado polo goberno ten moitas deficiencias e coidamos que é importante que as coñezan, que saiban exactamente onde teñen que actuar e instar ó Ministerio nesa Mesa de Violencia coa que vostedes están a traballar para mellorar esta situación. Sinxelamente é o que queremos achegar.

De feito a Xunta de Galicia neste sentido si está a tomar todas esas medidas que este plan non contempla. Está a levar dun xeito eficaz o que se reflicte no protocolo que asinaron o presidente da Xunta e a Fiscalía superior de Galicia conxuntamente para loitar contra a trata de persoas con fins de explotación sexual. Dalgún xeito o que se recolle neste protocolo son os beneficios de protección recollidos na lexislación coa posibilidade de conceder permiso de residencia a aquelas mulleres que denunciaren ás mafias que as explotan, para obter a súa testemuña ata o remate do proceso. Concédeseles ese permiso de residencia mentres denuncian, cousa que non está contemplado no plan e é algo que dende o Partido Popular coidamos fundamental, que se coida fundamental dende a Xunta de Galicia.

Ademais unha das novidades do protocolo que asinou o Sr. Núñez Feijóo é que dende o momento que as vítimas sexan identificadas, estas mulleres son consideradas vítimas do delito de trata de seres humanos e con iso terán o dereito ó período de reflexión de polo menos un mes para valorar con serenidade e seguridade a súa colaboración coas autoridades para investigar o delito. Ademais terán dereito a aloxamento porque actualmente xa están funcionando dous pisos para acoller a estas mulleres que si queren loitar contra as mafias pero que non se atreven a denunciar. Teñen aloxamento e alimentación para elas e para os seus fillos e fillas menores de idade; igualmente asistencias psicolóxica, médica e xurídica gratuíta, prestando testemuña en condicións especiais de protección diante de calquera posibilidade de represalia, para iniciar procedementos para a restitución dos seus dereitos e obter unha indemnización.

Con todo o anterior coidamos que os 40.000 euros que se achegaron para o plan integral de loita contra a trata do Ministerio é algo ridículo, simbólico e queda en papel mollado. Tivo que ser o goberno da Xunta de Galicia e o seu presidente quen están a tomar as medidas axeitadas para o levar a cabo.

Pero ademais diso, durante os catro anos nos que estiveron gobernando vostedes na

Xunta de Galicia non puxeron en marcha ningunha medida nesta materia na que o actual executivo aposta decididamente para acadar a erradicación desta forma de violencia e esta violación dos dereitos humanos. Vostedes non fixeron absolutamente nada cando estiveron no goberno da Xunta de Galicia.

Emenda de substitución presentada por escrito de data 31.05.2010 polos voceiros dos tres grupos municipais, Sra. Méndez Piñeiro (polo Grupo Municipal do BNG), Sr. López Font (polo Grupo municipal Socialista) e Sr. Figueroa Vila (polo Grupo municipal do Partido Popular):

“O Pleno da Corporación insta ó goberno local a:

- Estudar as posibles medidas de acción conxunta entre os distintos axentes que traballan contra a violencia de xénero na nosa cidade atendendo ós problemas específicos das mulleres prostituídas. Para iso contará coa Mesa de Violencia recentemente constituída co pulo da Delegación do Goberno e presidida pola Concellería de Igualdade, coa Secretaría Xeral de Igualdade e co informe sobre o estado de situación do Plan integral de loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, coordinado polo Ministerio de Igualdade a través do Instituto da Muller.

- Eliminar a publicidade de clubs de alterne e outros locais nos que se exerza a prostitución dos paneis informativos, medio de transporte público ou calquera lugar de competencia municipal”.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito ACÓRDASE aprobar a emenda de substitución presentada a este Pleno da Corporación polos voceiros dos Grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e do PP, que figura nos antecedentes deste acordo e polo tanto:

Primeiro.- Estudar as posibles medidas de acción conxunta entre os distintos axentes que traballan contra a violencia de xénero na nosa cidade atendendo ós problemas específicos das mulleres prostituídas. Para iso contará coa Mesa de Violencia recentemente constituída co pulo da Delegación do Goberno e presidida pola Concellería de Igualdade, coa Secretaría Xeral de Igualdade e co informe sobre o estado de situación do Plan integral de loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, coordinado polo Ministerio de Igualdade a través do Instituto da Muller.

Segundo.- Eliminar dos paneis informativos, medio de transporte público ou calquera lugar de competencia municipal, a publicidade de clubs de alterne e outros

locais nos que se exerza a prostitución.

24.- (117).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Ó ALCALDE A QUE RECIBA Á FEDERACIÓN DE AAVV EDUARDO CHAO, QUE SE LLE ABOE A CANTIDADE RECOLLIDA NO ORZAMENTO DE 2008 E QUE SE INCLÚA NO DE 2010. DOC. 91086664

ANTECEDENTES: Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral o 28 de decembro de 2009, documento núm. 90186664, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

“De acordo coa Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, Lei 5/1997 da administración local de Galicia, RD 781/1986 e RD 2568/1986 o concello de Vigo impulsou unha liña de abrir a participación democrática das entidades asociativas que servisen de afondamento na democracia representativa.

A partir deste punto, o concello de Vigo recoñeceu historicamente a existencia e representatividade explícita dunha entidade de fonda presenza na cidade como é a Federación Veciñal “Eduardo Chao”, por agrupar a expresión colectiva de todas as asociacións federadas que a crearon e que lle outorgan a súa representatividade de acordo cos marcos de establecidos de participación para os colectivos vigueses nas diferentes mesas e consellos sectoriais regulamentados polo concello.

A Federación Veciñal “Eduardo Chao” conta cunha longa traxectoria na cidade en canto á súa participación en innumerables actividades de reivindicación, celebracións, formación, información, desenvolvemento de proxectos e cantas outras accións son necesarias para traballar na mellora da calidade de vida da nosa cidadanía. Neste sentido, sempre se mostrou como garante da democracia participativa, da xustiza social e da defensa dos dereitos individuais e colectivos dos veciños e veciñas.

A través da súa presenza como conxunto de colectivos veciñais federados en todas as parroquias e barrios da cidade, contribúe á vertebración e cohesión social do noso concello, exercendo un papel intermediario coas administracións. Esta intermediación lévase a cabo sobre todo a partir da colaboración coa administración local, a participación nos distintos consellos sectoriais e o desenvolvemento de proxectos de acción e dinamización de interese xeral.

En base a todo isto, e tal como foi establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a Federación veciñal foi declarada “entidade de utilidade municipal” por acordo do Pleno do Concello de data 27 de novembro do ano 2000.

Este traballo de “utilidade municipal” realízase mediante convenios de colaboración co concello, xa que a federación veciñal é unha entidade sen ánimo de lucro. Estes

-----  
S.ordinaria 31.05.10

convenios de colaboración que contribúen ao sostemento e mantemento da organización víñanse mantendo ininterrompidamente dende a creación da entidade polas asociacións veciñais que a compoñen.

Esta liña de colaboración da administración coa federación veciñal rompeu no ano 2008 coa non tramitación da partida correspondente aprobada nos orzamentos municipais dese mesmo ano por parte da Concellería de Participación Cidadá e a non inclusión de ningunha partida nos correspondentes ao ano 2009.

O convenio de colaboración asegura o necesario desenvolvemento da federación. E recalcamos a palabra “necesario” porque esta entidade está recoñecida polo propio pleno como que os servizos que prestan á veciñanza son de “utilidade municipal” e, ademais, a representatividade que lle outorgan tantos as normativas sobre participación coma as propias asociacións que a compoñen.

O convenio de colaboración contribúe ao fomento das actividades de organización, xestión e administración interna como colectivo, xa que se presta un servizo de asesoramento, coordinación e promoción do movemento veciñal federado, así como un servizo de información continua á cidadanía como punto de referencia das consultas e reivindicacións que chegan a este colectivo.

O convenio tamén contribúe a potenciar as distintas actividades de carácter social, cultural, formadoras e divulgativas que se programan en coordinación con todas as asociacións.

Consideramos que o Concello debe fomentar a participación e a asociación da cidadanía.

Consideramos que o Concello debe contribuír ao sostemento e desenvolvemento das entidades xa creadas na cidade e principalmente das que exercen un labor máis activo e representativo, sendo recoñecidas de “utilidade municipal”.

Consideramos que o movemento veciñal, no seu conxunto, é un dos colectivos máis dinámicos, vertebradores e dinamizadores que existen na cidade. Unha organización asociativa tan grande e con tanta presenza e asentamento en todos os barrios e parroquias da cidade necesita dun órgano de coordinación creado polas propias asociacións para tal fin como é a Federación Veciñal “Eduardo Chao”.

Consideramos que o Concello de Vigo non pode retirar o apoio á Federación Veciñal “Eduardo Chao” e con istoponse en risco a continuidade dunha organización tan importante e recoñecidamente necesaria na cidade, que aglutina a case totalidade das asociacións veciñais existentes en Vigo e que tanta implantación ten na dinámica social do concello.

É por este motivo que nos diriximos ao Pleno Municipal do Concello de Vigo para realizar a seguinte solicitude:

Instar a que o Alcalde de Vigo reciba á Federación Veciñal “Eduardo Chao” no prazo dun mes para abordar os temas relativos a democracia participativa.

-----  
S.ordinaria 31.05.10



Aboar a partida nominal a favor da Federación Veciñal “Eduardo Chao” recollida nos orzamentos do Concello de Vigo de 2008 baixo o epígrafe 46314890002 por importe de 54.091 euros.

- Introducir esta partida por importe de 54.091 euros -eliminada en 2009- nos orzamentos de 2010 que están en proceso de elaboración.”

A comisión informativa de Promoción económica, emprego e participación cidadá, na súa sesión ordinaria de 18 de xaneiro, ditaminou favorablemente a presente moción.

*Sendo as catorce horas, auséntase do salón de Plenos o alcalde, Sr. Caballero Álvarez. Preside o tenente de alcalde, Sr. Domínguez Olveira.*

DEBATE.- SRA. IGLESIAS BUENO: Esta moción é o exemplo claro de como está a funcionar este Pleno. É unha moción presentada o 15 de decembro de 2009 que debatemos o último día do mes de maio de 2010 co que o escenario é completamente diferente, pero esta é a democracia que temos neste Concello e neste Pleno e para min, para unha concelleira da oposición, é moi frustrante ter que traer as propostas seis meses máis tarde.

Non vou ler a parte expositiva da moción porque xa a coñecen e por axilizaren o debate. Só direi brevemente que é necesario que se tomen as medidas axeitadas para reconducir a relación entre este Concello e a Federación veciñal “Eduardo Chao”, unha institución de utilidade pública, unha organización que funcionou de forma independente dende hai moitos anos e nestes últimos meses sufriu unha persecución por parte deste Concello, máis concretamente do alcalde, que se materializou na retirada do convenio que se viña asinando dende hai vinte anos. Tamén na clausura dun local e o peor para nós e que ten relación coa democracia da que falábamos antes, é a falla de diálogo, o intento de calar á Federación, a súa prohibición de falar no Pleno. Hoxe precisamente falou SURGAPA cunha solicitude posterior á da Federación, ós representantes de SURGAPA se lles permitiu falar e á Federación non.

Por iso sometemos a aprobación o texto tal e como está na moción, agás o punto número 3. O primeiro punto é instar a que o alcalde reciba á Federación veciñal “Eduardo Chao” no prazo dun mes para abordar os temas relativos á democracia participativa. O segundo punto é aboar a partida nominal a favor da Federación “Eduardo Chao”, recollida nos orzamentos de 2008 baixo o epígrafe 4631 4890002,

por importe de 54.091 euros. O punto número tres é introducir esta partida polo mesmo importe, eliminada no 2009, nos orzamentos de 2010. A última parte que di “que están en proceso de elaboración” retiraríase porque xa no están nese proceso.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Seguimos adornando as mocións con algunhas “perlas” como dicir que chega tarde esta moción. Sra. Iglesias, esta moción chega tarde porque vostedes queren, poderíana poñer antes, non tiveron problema. Se non aceptaron colocar algunhas mocións antes foi porque ían metendo outras e polo tanto non é nosa a culpa.

A democracia do Pleno está nos votos aínda que a algún ou a algunha, pero sobre todo a algún que xa o manifestou aquí gustaríalle que a democracia fose doutro xeito, que non fose cos votos e coa representatividade dos cidadáns.

Aquí non hai ningunha persecución cara a Federación veciñal, Sra. Iglesias, en absoluto. Eu ínsto a dende aquí a que dea unha soa proba de que se persegue á FAVEC. O que fai vostede é falar por falar pero non ten ningunha proba de que dende aquí nós fixéramos calquera cousa e moito menos o alcalde que ten outras moitas preocupacións como para se ver inmiscido na cuestión na que vostede o pretende meter.

Non se lle clausurou o local e están os informes dos técnicos onde se di que había risco para as persoas que traballaban dentro e tamén para os viandantes. Outra cousa é se vostede cuestiona eses informes. Xa llo dixen noutro Pleno e volvo dicirle que se vostede trouxera algún técnico que diante da situación que tiña aquel local dixera que se podía seguir utilizando e que non tiña risco para as persoas que traballaban dentro ou para os viandantes, que mo trouxera e actuaríamos en consecuencia.

Desminto totalmente o de que falta diálogo e que a FAVEC non pode falar porque a súa presidenta, que por certo en declaracións recentes coído que se postula como candidata no noso grupo, leva falado de seguido a través dos medios de comunicación sen cortarse nada e ademais curiosamente dicía o mesmo que din os señores e señoras do Partido Popular, coincidía con exactitude un día antes ou un día despois coas súas declaracións, ou vostedes con as dela. Aí están as hemerotecas para que se comprobe.

Por parte do goberno municipal e do seu alcalde non só non hai falla de diálogo senón que o alcalde reuniuse con todas e cada unha das asociacións veciñais e non

só unha vez, senón que moitas veces e evidentemente non só coas asociacións veciñais, senón que tamén con outras asociacións deportivas, socio-sanitarias, etc., con todas xuntouse aquí no Concello e tamén nos seus locais onde vai para saber das súas inquedas.

Falou dun convenio pero fíxese se están atendidas as asociacións, en especial as veciñais. Vostedes só tiñan 150.000 euros para equipamentos e obras nas asociacións e o alcalde aumentou esa partida ata 225.000 euros, o 50% máis de incremento, partida que tamén segue mantendo para este ano 2010. Hai 225.000 euros para equipamentos e obras, 144.000 euros para fomento de actividades. En Participación Cidadá destínanse para todas elas 600.000 euros, o 50% máis do que vostedes destinaban.

Ademais das cifras destinadas a equipamentos e actividades tamén lles saliento as actividades que houbo nos centros cívicos para o público infantil no Nadal, Entroido e tamén no verán. Foron 298 nenos e nenas os que tiveron a oportunidade de estar nos tres centros cívicos de Coruxo, Teis e Saiáns participando nas actividades que nos demandaban moito os pais e as nais para esas datas. Pero neses centros cívicos tamén demos formación a 180 persoas; a nenos de primaria e secundaria con 79 participantes; houbo “bancos de tempo” que comezaron en abril e xa contan nos catro centros cívicos de Saiáns, Casco Vello, Coruxo e Teis con 44 usuarios.

Iso é participación e xeito de investimento dos cartos dos impostos dos cidadáns para que revertan neles.

Estas subvencións do Concello, da Alcaldía e de Participación Cidadá, dánse en concorrencia, publícanse as bases e as oitocentas e pico asociacións poden concorrer. É máis, hai unha comisión de valoración na que por suposto non participamos ningún político, que é a que adxudica esas subvencións. Noutros lugares vémoslles a vostedes cun cheque o que é humillante, semella un deses programas de televisión de premios, un cheque de 2.000 euros, de 100 euros ou o de 6.000 euros, un talonario moi grande co que a presidenta da FAVEC fíxose a foto, pero isto todo sen concorrencia.

Estas “perlas” das que nos falou vostede para nada son verdade. É máis, nós contamos con todas estas asociacións veciñais dos barrios e parroquias e tamén da propia cidade para facer un lugar para os propios cidadáns coas humanizacións, humanizacións en granito coas que se cambiou o saneamento e púxose a traída de auga. Sra. Iglesias, fíxose iso coa participación dos veciños e, sabe o que nos din?

Que esperan de nós que sigamos a facer esas humanizacións onde aínda non chegamos. Imos facerllas, esas humanizacións e outras obras que vostedes veñen denigrando de xeito sistemático, algunhas xa non as queren recoñecer como a do auditorio, que dicían hai un ano que había unha pequena morea de terra que cambiaba de sitio. Vaian agora por alí e vexan o auditorio, vexan o túnel do AVE ou o Aeroporto. Esas son obras que xeraron entre todas 7.000 postos de traballo, doutro xeito habería 7.000 parados máis na cidade. Cousa distinta é o que fai o presidente da Xunta que nos dixo que nos ía sacar da crise en 40 días, que ía rematar co desemprego e leva un ano sen facer nada.

A PRESIDENCIA: Sr. Rodríguez, axústese a moción porque senón logo entramos outra volta nun debate que non ten nada que ver.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Todas as asociacións, non só as veciñais, pódennlle dicir que dende o goberno municipal e o alcalde conta con elas e dótaas cos medios suficientes para que poidan desenvolver a súa actividade.

Por todo iso nós imos votar en contra desta moción que vostede presenta.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A miña intervención vai ser moi curta porque se os membros do Partido Popular, en concreto a Sra. Iglesias, presentara esta moción sen acordos e só co texto, a verdade subscribiríamos plenamente ese texto que ten a moción. Realmente a exposición de motivos concorda perfectamente co que sempre defendeu e segue a defender o BNG neste Concello: a participación democrática de todos os colectivos, especialmente das asociacións de veciños

Dende logo o PP non nos ten que dar clases a estes concelleiros e concelleiras nin ós que pasaron por aquí, a respecto da participación cidadá e así quérolles lembrar que o Regulamento de participación cidadá fíxoo precisamente un concelleiro do BNG cando exercía como concelleiro de Participación Cidadá.

Efectivamente os colectivos das asociacións veciñais son moi dinámicos e gracias a eles e gracias á Federación "Eduardo Chao" hoxe Vigo ten unha dinámica que é a envexa de toda Galicia e precisamente foi no mandato pasado, cando a Sra. Porro era alcaldesa deste Concello, cando se iniciou a tramitación dun regulamento de participación cidadá. Lémbrome perfectamente das intervencións do BNG neste Pleno e que as únicas alegacións que se presentaron foron por parte do BNG para

introducir precisamente á Federación veciñal “Eduardo Chao”, e así está transcrito, como representante en todos os consellos sectoriais. Fomos nós, non vostedes, señores do Partido Popular que gobernaban daquela e fixeron o regulamento, os que fixemos esta alegación para que participase en todos os consellos sectoriais.

Resulta que agora vostedes nos queren dar clase de democracia participativa. Pois non. Colaboramos, colaboraremos e sempre estaremos a prol dos movementos asociativos de calquera índole sempre e cando cumplan as regras democráticas. Colaboramos e colaboraremos coa Federación veciñal “Eduardo Chao” e para iso lembrarlles que no ano 2008 asinouse un convenio coa Federación “Eduardo Chao” que supuxo unha achega de 75.000 euros pola parte das concellerías da área do BNG. No ano 2009 continuamos a asinar os convenios que viñan sostendo as concellerías de Cultura, Igualdade, Deportes, etc. En todas as concellerías nas que estabamos gobernando se seguiron mantendo os convenios.

O que pasa nestes momentos sinxelamente é que a nós non nos permite manter a mesma política que tiñamos. Fago aquí unha paréntese para dicir que nós pensabamos que ían retirar a moción porque nestes momentos a Federación veciñal “Eduardo Chao” está inmersa nun convulso proceso e a súa directiva está en funcións porque xa se aprobou en asemblea o que propoñía unha serie de asociacións que era a súa dimisión e para o mes que ven haberá unhas eleccións democráticas que elixirán unha nova directiva. Precisamente dende aquí queremos brindar a colaboración, como sempre fixemos, á Federación veciñal “Eduardo Chao” e á nova directiva que gañe as eleccións, sexa da índole que sexa sempre que se elixa democraticamente polos veciños.

Neste momento cunha directiva en funcións, cun proceso convulso como o que estivo a vivir a Federación veciñal, non nos parece acaído aprobar todo isto que vostedes propoñen como acordo.

SRA. IGLESIAS BUENO: Precisamente a intervención do Sr. Rodríguez Díaz sen ningunha argumentación, falando do AVE e do pleno emprego tratando unha moción que coido que non tiña nada que ver con iso, coido que me dá a razón. Esta é unha moción con máis calado que as subvencións que lle poida dar ó resto das asociacións.

En todos os anos que estiven neste Concello con alcaldes do BNG, do PSOE, do Partido Popular, xamais vin un desprezo tan grande cara unha organización veciñal.

Pódolles asegurar que esta federación sempre tivo o mesmo carácter reivindicativo estivese quen estivese gobernando. Podíannos gustar máis ou menos as súas críticas e algunhas veces se tiñan en contra e outras non, pero o certo é que todos os gobernos valoraban esas opinións e non pasaba o de agora que dende o principio e coa primeira nota discordante se lle retira o pan e o sal.

Dicíame que lle dese probas e coido que xa llas din claramente. As tres probas que lle din son: En primeiro lugar que se lle retira unha subvención de 54.000 e pico euros sen nin sequera comunicarllo; péchaselle un local de 40 metros na rúa Ecuador e cun custe de execución de 50.000 euros e tárdase máis en abrir ese local que en cambiar as lousas de cen rúas. É increíble, con todos os riscos que había para os peóns nesa beirarrúa. Coido que isto é unha proba evidente da persecución desta asociación. Logo está a falla de diálogo con eles, que non os reciba o alcalde e non os deixen falar no Pleno parécenme probas máis que suficientes en todo este tempo. Estamos diante do alcalde máis sectario de toda a historia da democracia viguesa porque este non é o único caso, continuamente coñecemos outros feitos como os das asociacións ás que se lle retiran as subvencións dun día para outro, ás que se lle retiran convenios porque puxeron unha foto co presidente da Xunta ou por non dicir que si a todo o que di o alcalde. Esta actitude conséntena os seus cómplices do BNG quen, como ben dixo antes a Sra. Méndez, é verdade que era abandeirado da participación cidadá; era, porque xa non o é e a proba evidente é a do día de hoxe cando nos traen o tema do embaixador do Casco Vello ás costas das asociacións do Casco Vello. Por suposto que non o tiñan que dicir antes de falar co Sr. Tosar pero logo o tiñan que ter comunicado ás asociacións porque unha semana máis tarde non tiñan nin idea.

A PRESIDENCIA: Sra. Iglesias, me acaba de pedir vostede hai un momento que lle pedise ó Sr. Rodríguez Díaz que se centrase na súa moción...

SRA. IGLESIAS BUENO: Estou falando da democracia participativa.

A PRESIDENCIA: Non, non estamos a falar do tema do embaixador do Casco Vello que xa se tratou aquí. Por favor, aplíquese vostede o mesmo que lle solicita a esta Presidencia para os demais. Céntrese na moción.

SRA. IGLESIAS BUENO: Por iso o que pedimos é que se restableza ese diálogo. Xa sei que agardarán a recibir a esa nova directiva e o feito de aprazar o debate desta moción seis meses máis tarde, porque para nós todas as mocións que presentamos son importantes e temos que agardar a orde cronolóxica, neste caso saíulles ben porque van poder falar coa directiva que vostedes están promovendo. Nós imos seguir pensando o mesmo que hai seis meses e por iso non retiramos a moción, porque nos dá igual a directiva que está agora ou a que vaia ser dentro dun mes, o caso é que se restableza o diálogo.

Só vou dicir que neste Pleno xa falamos de democracia en catro puntos. Isto xa empeza a seren preocupante.

Como vostedes saben o Partido Popular estase a reunir todas as semanas coas distintas asociacións da cidade e pásanos algo moi curioso porque cando falábamnos antes nos pedían o típico das parroquias: infraestruturas, actividades, etc., pero agora nos piden que falemos da democracia participativa neste Concello. É certo. Vostedes poden pensar outra cousa pero é verdade, están completamente desconectados da realidade, déronlles as costas ás asociacións. Isto da Federación non é algo puntual, as asociacións séntense illadas, senten que a súa opinión non conta.

Dicíame o Sr. Rodríguez que para as obras do Plan E falaban con elas pero nos din todo o contrario, din que non se lles informa nin dos grandes, nin dos pequenos proxectos, trasládannos a súa preocupación por esta nova forma de gobernar de costas á cidadanía, de perseguir e retirar o apoio económico a quen non lles da a razón e isto parécenos un retroceso democrático.

Pódolle dicir que cando gobernaba o Partido Popular presentou un plan parroquias e tamén que a Federación veciñal non estivo de acordo, non lle pareceu ben, pareceulle que había outras prioridades e entón a Sra. Porro, daquela alcaldesa, reuniuse con elas e asimilamos parte do proxecto que presentaban e o levamos a cabo, non lles retiramos nin as subvencións, nin o diálogo.

Sinceramente dáme mágoa que o alcalde da miña cidade governe dende a prepotencia, dende a soberbia e dende o sectarismo máis rancio.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: A resposta que me dá a Sra. Iglesias é un despropósito porque por unha banda di que o local estivo pechado moito tempo co conseguinte risco para os viandantes e para os que traballaban dentro, pero na primeira intervención dixo

que lle pecháramos o local para os deixar fóra. Aclárese, ou o pechamos porque había un risco ou deixámoslos fóra; non poden ser as dúas cousas.

Iso é o que fai permanentemente o Partido Popular: “estar en misa e tocar a campá”, dálles o mesmo, o mesmo din unha cousa que outra, segundo lles conveña. Esa é a realidade.

Todas as asociacións veciñais están tratadas por igual e teño os datos de todas as que se presentaron en concorrancia e de xeito competitivo, teño as puntuacións e o expediente pasa pola Intervención, non sucede como coas subvencións que dan vostedes que as dan a dedo. Xa se dixo aquí que o Sr. Louzán deu 14 millóns de euros para facer festas no IFEVI con banda de música ou deu eses cheques cartón con fotos todos os días. Estas solicitudes de subvencións van a concorrancia e vostede non foi quen de citar nin unha soa asociación veciñal que se deixara sen subvención. Cite unha soa asociación, Sra. Iglesias. Non é quen do facer. Vostedes o que fan é poñer o ventilador, soltar e a ver que pasa.

Este alcalde nin é sectario nin prepotente, é un alcalde que se preocupa pola cidade. Abel Caballero preocúpase e defende á cidade, defende a economía e o emprego desta cidade, cousa que vostedes non fan. Vostedes son o antiviguismo e hai moitos exemplos diso pero o máis recente é o das votacións en contra de mocións dirixidas á Xunta de Galicia ou á Deputación para solicitar que fagan cousas en Vigo. Eses son vostedes, señores do Partido Popular, son os anti-Vigo. O noso alcalde defende á cidade, conta cos cidadáns para facer cidade e así llo están recoñecendo eles mesmos.

Reiteran vostedes o das lousas ou o do plan parroquias. Cando nós nos presentamos aquí fixémoslo cun programa que, xunto cos nosos socios de goberno polo pacto que asinamos, é un programa para cumprir cos cidadáns. Aquí non goberna a FAVEC, goberna este goberno, estes concelleiros co alcalde ó fronte e atendemos e escoitamos todas as suxestións dos veciños, faltaría máis, das asociacións e dos que non están encadrados nelas tamén. Os que gobernamos somos nós e os que teremos que dar conta dentro dun ano ós cidadáns desta cidade somos nós e así nos está a ser recoñecido.

Non veñan vostedes aquí tratar de laminar. Preocúpalles moito que por primeira vez os vigueses e as viguesas identifican un alcalde que defende esta cidade fronte á traizón permanente que lle fan a esta cidade os do Partido Popular coa súa candidata á cabeza, dándolle as costas a esta cidade.



SRA. IGLESIAS BUENO: Non moito máis que dicir. Sinxelamente explicarlle, porque non o entendeu e coido que non se decatou de todo o proceso do local, que este se clausurou e estivo durante moitos meses pechado, case dous anos; puxeron uns valados e uns pivotes amarelos para que supostamente non caese o local e niso tardouse máis tempo que en poñer lousas ás cen rúas. Se iso non é ineficacia que baixe Deus e o vexa. Iso só ten unha razón, que vostedes non querían facer esa obra, querían esgotar todo o proceso da Federación para non lle ter que dar o local porque é algo que os supera.

Faloume do programa electoral e eu dígolle que o cumpra, por favor, porque era o programa electoral do pleno emprego, dos dezasete centros de día que non fixeron, das corenta e sete garderías que non iniciaron nin a primeira. Cumpra o programa electoral porque a min me caería a cara de vergoña nomear o seu programa electoral e dicir que o están cumprindo.

Non moito máis que dicir. Sinxelamente rematar co que dicía antes, que non pode ser que o alcalde non o sexa de todos, que só o sexa dos que están de acordo con el. Esa é a realidade agora mesmo neste Concello.

Dicíame que lle nomease unha asociación á que lle retiraron a subvención: o Círculo Mercantil que logo da presentación do libro coa Deputación de Pontevedra chamáronlles e dixéronlles que o seu convenio rematara, os 27.000 euros do convenio. Todo por sacar unha foto do Sr. Núñez Feijóo entre setenta fotos que se exhibiron aí. Iso é o sectarismo deste alcalde e iso teno que saber a cidade de Vigo. Figura no orzamento ó igual que a subvención da Federación.

Está pasando así con todo, se non se está de acordo péchase a billa e por iso todas as asociacións din que si, porque teñen medo. Iso é o que acadaron coa súa democracia neste goberno.

A PRESIDENCIA: Coas atribucións que me dá a Presidencia gustaríame aclarar antes de pasar á votación dous temas que coido importantes e graves polo que aquí se dixo.

En primeiro lugar quero dicir que é absolutamente falso que á FAVEC non se lle deixara intervenir no Pleno.

Como vostede ben dixo, Sra. Iglesias, o BNG foi o abandeirado da participación cidadá e ímolo seguir sendo. Precisamente a participación cidadá e a crenza

democrática nela significa que esta participación se acepta nos vaia ben ou mal con ela. Iso é respectar a participación cidadá.

Nós tamén imos polas parroquias e o que nos din nelas é que hai tres anos miraban as máquinas da Deputación e que agora nesas parroquias nin unha triste máquina da Deputación se ve arranxando barrios e parroquias da nosa cidade. Saben por que? Porque vostedes non respectan ós barrios e parroquias, castíganos por mor dun goberno que non é da súa cor política, elixido por todos os vigueses e viguesas. É iso respectar a participación veciñal e a democracia?

Se a FAVEC non interveu aquí, señores do Partido Popular, foi porque temos unha carta da maioría das asociacións veciñais, que vostedes din que temos abandonadas e precisamente respectamos esa maioría das asociacións veciñais que lle piden a este goberno que mentres non se remate o proceso no que están inmersos, esta Federación nestes momentos non é representativa do movemento veciñal. Nolo piden a maioría das asociacións e por iso dicimos que nós si respectamos o movemento democrático.

Vostedes non respectan o movemento veciñal porque é a primeira vez logo de moitos anos que a Federación recibe unha subvención da Deputación, cando nos anteriores anos non recibiu nin un só euro, pero agora si.

(No momento da votación está ausente o Sr. Caballero Álvarez, exercendo a presidencia o Sr. Domínguez Olveira)

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade e acórdase rexeitar a moción da Sra. Iglesias Bueno cuxo texto figura nos antecedentes deste acordo.

25.- (118).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A ADHESIÓN Ó MANIFESTO “GALICIA TEN DEREITO” DOC. 100021009.

INTERVENCIÓN SR. FIGUEROA VILA: Como moitas outras mocións, esta xa se debateu neste Pleno, mesmo entrou primeiro unha do BNG cos mesmos termos. Nós presentáramos antes esta moción pero pola orde cronolóxica coa que se traen as mocións ó Pleno incluíuse neste.

Pedimos polo tanto que se retire esta moción porque xa se aprobou cunha proposta semellante do BNG que nós mesmos votamos.

*A presente moción queda retirada por pedimento do Sr. Figueroa Vila.*

26.- (119).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO O REXEITAMENTO DO USO DA PALABRA “GALLEGO” DE XEITO DESPECTIVO POLA DEPUTADA ROSA DÍEZ. DOC. 100034562.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 10 de marzo DE 2010, documento núm. 100034562, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“Dende o Partido Popular de Vigo rexeitamos a utilización do xentilicio “gallego” por parte da deputada nacional Dona Rosa Díez, como un alcume pexorativo non só ofendeu a milleiros de vigueses e viguesas, galegos e galegas e a outras persoas sensatas, senón que constitúe un tópico non aceptable polo que contén de prexuízo contra o noso pobo, sendo inadmisíbel no único marco de debate que cómpre defender, o das ideas.

Este tipo de prexuízos susténtanse nun pensamento feble e na falta de cultura, e entraña un perigo potencial para a convivencia das persoas e dos pobos.

Dende o Partido Popular de Vigo facemos un chamamento a afondar na educación nos valores cívicos da tolerancia e respecto ao outro, e a abandonar a linguaxe que pode fomentar estas condutas, sobre todo por parte das persoas creadoras de opinión, entre as que nos atopamos as representantes e os representantes públicos.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

-----  
S.ordinaria 31.05.10

Que por parte do Pleno do Concello se rexeite de maneira tallante as verbas da deputada Dona Rosa Díez utilizando o xentilicio “gallego” de modo despectivo e se lle esixa de maneira inequívoca a súa pública rectificación e desculpa o noso pobo.”

A comisión informativa de xestión municipal, na súa sesión ordinaria do 15 de marzo de 2010, ditaminou favorablemente esta moción.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Non imos facer exposición de motivos porque xa pasaron dous meses destas manifestacións da Sra. Díez. Pedimos que se vote o texto, que se rexeiten esas manifestacións e que non se volvan repetir. É suficiente para nós.

(No momento da votación está ausente o alcalde, Sr. Caballero Álvarez)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Aprobar a moción do voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, relativa ó rexeitamento das verbas da deputada dona Rosa Díez utilizando a palabra “gallego” de xeito despectivo, co texto que figura nos antecedentes desta moción.

27.- (120).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO SE INICIEN OS TRÁMITES PARA O RESCATE DOS APARCADOIROS DA PORTA DO SOL E PRAZA DE PORTUGAL. DOC. 100038714.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de marzo, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

“Ante as noticias dos últimos días onde o goberno municipal limitou a posibilidade de estacionar no contorno do Casco Vello ós residentes da zona e non ofrecendo ningunha alternativa atractiva ós veciños, o Grupo Municipal do Partido Popular ven de considerar unha iniciativa que propoñemos para o seu debate.

Tendo en conta que no próximo mes de agosto vence a concesión do aparcadoiro soterrado da Praza de Portugal e no 2015 o da Porta do Sol, propoñemos que o goberno inicie os trámites oportunos para o rescate das dúas concesións coa finalidade de convertelos en estacionamentos para residentes da zona con tarifas

beneficiosas e razoables.

Temos que recordar que a única política feita neste sentido en materia de tráfico xestionouse polo goberno do Partido Popular que adxudicara seis aparcadoiros, creando aproximadamente 3.000 prazas que hoxe se constrúen na cidade, dando servizo a veciños e veciñas que demandaban alternativas á mobilidade.

Por todo isto o Grupo municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ó Goberno municipal a iniciar os trámites para, ó seu vencemento, proceder ó rescate das concesións dos aparcadoiros da Porta do Sol e Praza de Portugal coa finalidade de ofrecer as súas prazas ós residentes do contorno.”

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: No mes de marzo tivemos novas a través dos medios de comunicación de que se estaba a aplicar unha serie de medidas restritivas no aparcadoiro de superficie no contorno do Casco Vello así como en todas as súas rúas adxacentes.

Como consecuencia decidimos presentar unha moción de urxencia que por proposta do BNG quedou daquela posposta e agora chega nestas datas.

Tendo en conta que ademais no vindeiro mes de marzo, tal e como se di no preámbulo da moción, remata a concesión do aparcadoiro da Praza de Portugal así como en todo o contorno da Porta do Sol co seu aparcadoiro, o que queda un pouco máis lonxe pero tamén próximo, pediamos como iniciativa nosa e unha alternativa que a nós nos parecía moi xusta que os veciños deses contornos e sobre todo os do Casco Vello tiveran a posibilidade de acceder co rescate a unhas prazas de acordo cunhas tarifas xustas.

Vou facer un pouco de historia con respecto ós aparcadoiros na cidade. No tempo que estivo gobernando o Partido Popular planificáronse sistematicamente os seis aparcadoiros que agora están practicamente rematados. Como vostedes saben eses seis novos aparcadoiros, que podemos discutir se foron ou non de custe, tiveron un investimento de máis de 72 millóns de euros con custe cero para o Concello de Vigo. Ademais ese investimento significa non só poñer aparcadoiros en determinadas zonas da cidade, senón rexenerar todas as rúas co mobiliario urbano en toda a superficie.

Como ó mellor moitos de vostedes non coñecen o tema, mencionarei que daquela existía unha comisión de Mobilidade na que participaban concelleiros dos seus grupos e outro do noso, ós que por pudor político non vou citar nestes momentos.

-----  
S.ordinaria 31.05.10

Teño que dicir isto porque eles coaduxeron, axudaron e colaboraron para que as propostas que facían os técnicos á comisión saíran adiante. Había unha persoa naquela comisión que acudía con prácticas “filibusteiras”, absolutamente obstrucionistas e quería parar aquela comisión. Pero, Sr. Calviño, aquela comisión saíu adiante e os aparcadoiros con data 21 de maio de 2007 xa se licitaran, é dicir, cumprírase todo o programa que consistiu na redacción e elaboración dos proxectos, a licitación e a adxudicación. Todo iso, mal que lle pese a vostede, fíxose nun tempo récord. É verdade, Sr. Calviño, e é vostede testemuña pero eu por pudor político non quero citar a esas persoas ás que aludín e outro representante do Partido Popular que estaba ademais da miña persoa.

Nestes momentos eu insto a todos os membros desta Corporación a que apoiem esta iniciativa a maiores porque en determinados contornos que se están urbanizando observo que non se iniciou ningún movemento neste sentido. Dende aquela que eu saiba saíron determinados artigos de prensa, mesmo o Sr. Alcalde dixo que en determinadas zonas se ían planificar ou desenvolver determinados aparcadoiros.

As dificultades son obvias pero hai que facer un esforzo para lles facilitar unha praza de aparcadoiro a moitos cidadáns que non a teñen.

SR. LÓPEZ FONT: Eu vin discutir a moción presentada polo Grupo do Partido Popular e en concreto co texto que vostede propuxo, Sr. Coello, non facer historias de como foi a concesión dos aparcadoiros no anterior mandato e o que se podería ter feito con esa concesión porque a xulgar pola súa intervención relacionada coa solución dun problema, parece intentar vostede pasarlle factura ó Sr. Calviño e non lle vou entrar niso o máis mínimo.

Sería moi discutible a concesión dos aparcadoiros que fixeron vostedes en relación co que propón aquí porque se tanta preocupación tiñan polos residentes e tanta solución se debía dar ó aparcadoiro e ás prazas para residentes, é evidente que non só se deberían ter buscado fórmulas para a concesión desas prazas, senón tamén para establecer un réxime de aluguer.

Nós coincidimos na necesidade de prazas para residentes. Efectivamente vostede remataba a súa intervención mencionando a intención do alcalde e do goberno de dotar do maior número posible de prazas de aparcadoiro para residentes en todas as zonas da cidade. Eu comprendo tamén as dificultades pero que non se crea tampouco o Partido Popular que co que fixo no anterior mandato deu a solución a

toda a cidade porque nin moito menos foi así. Niso si que está traballando o goberno municipal por distintas vías. Nese sentido coido que o traballo do Sr. Calviño e do alcalde está a ser moi eficiente cara buscar solucións.

Esta proposta, Sr. Coello, dígollo no mellor sentido e moi cariñosamente, non sei se foi porque o traizoou o subconsciente de tentar pasarlle factura ó Sr. Calviño pero “fóiselle a man”, como coloquialmente se diría, coa proposta que fai. Lendo a moción que presenta a verdade é que me dá a impresión de que quixo matar moscas a canonazos e explico por que.

Está a piques de rematar a concesión do aparcadoiro da Praza de Portugal. Como ben saben hai unha discrepancia entre o mes de agosto e o mes de novembro, pero non hai que proceder a ningún rescate para recuperar esa concesión porque logo de trinta e oito anos está a piques de reverter ese aparcadoiro no Concello de Vigo. No caso do aparcadoiro da Porta do Sol, recoñecendo todas as dificultades que hai de aparcadoiro no Casco Vello e na zona da súa influencia, dígolle que é matar moscas a canonazos porque sinceramente non se xustifica o rescate. Sabe perfectamente que o rescate se debe facer por vía administrativa, ben por interese público xustificando e de seren así procedería pagar unha indemnización á empresa polo lucro cesante e por moitas cousas máis que a este Concello lle custarían moitos cartos. Coido polo tanto que construtivamente o que temos que facer con este problema é xusto o que está a facer o Sr. Calviño como concelleiro de Seguridade coas empresas dos aparcadoiros: buscar solucións concretas.

Temos que rexeitar a súa proposta porque é absolutamente inviable. Non di nin como, nin de que xeito se pagaría o rescate da concesión do aparcadoiro da Porta do Sol. Cremos de verdade que con ese mesmo criterio que vostede argumenta nesta moción, tamén se podería pedir o rescate do transporte público, da auga e doutros servizos, pero realmente colocaríamos ó Concello nunha situación certamente difícil.

Pero como eu creo interpretar, dígollo con toda sinceridade, a súa intención e cal debe ser a intención de toda a Corporación, coido que se trata de buscar unha alternativa á moción que vostede presentou. Pásolle agora un texto alternativo á súa moción que di: “O goberno municipal establecerá nos futuros pregos de condicións das concesións de aparcadoiros a maior porcentaxe posible para prazas reservadas a residentes nas condicións máis vantaxosas posibles”. Outro apartado é: “En todas as concesións actualmente vixentes proponanse acordos coas empresas concesionarias que favorezan o tratamento preferente para os residentes da zona”.

Con esta proposta quérolle dicir que, descartando o aparcadoiro da Praza de Portugal porque é evidente que estamos a piques de recuperar a concesión, non estaría xustificado o intento de rescate tal e como vostede formulaba inicialmente sobre o aparcadoiro da Porta do Sol.

O outro día chegou un escrito da empresa que leva a concesionaria do aparcadoiro da Porta do Sol, tamén do da Praza de Portugal, ofertando a posibilidade dun acordo sobre prazas para residentes. Coido que esa é a vía e agradeceríalle a vostede e ó Partido Popular que aceptasen esta vía de diálogo que coido a máis acertada e que deixáramos as cuestións anteriores porque ante un problema evidente de toda a cidade, temos que traballar por lles ofertar ós cidadáns o maior número posible e nas mellores condicións prazas de residentes como está intentando este goberno.

Agradecereille que tome con cariño esta proposta que lle fago para que se aprobe polo Pleno desta Corporación.

SR. COELLO BUFILL: Tampouco eu quero meter unha vara, pero cando se trouxo ó Pleno o antigo concurso vostedes tiveron a oportunidade de facer calquera modificación ou de presentar a alternativa que ofreceu primeiro na súa intervención, pero non o fixeron a nivel de grupo. É máis, tampouco interpuxeron ningún recurso. Foron uns pregos modélicos que están aí, gracias a que se fixeron con celeridade e non houbo ningún atranco legal, agora están todos os aparcadoiros que nós planificamos, redactamos e a maiores aprobamos e adxudicamos; están todos en marcha. De houberen calquera problema de tipo legal ou outro, non estarían en marcha seis aparcadoiros con máis de 72 millóns de euros de investimento.

O que nós expoñemos nestes momentos é a dificultade dos veciños deses contornos para aparcar. Non me vale polo tanto que vostedes me presenten esta alternativa. Eu o que quero é que se me diga o que se fixo e cal é a proposta do departamento de Mobilidade e Seguridade co Sr. Calviño ó fronte en tres meses, dende que tivemos a iniciativa de traer esta moción. Non se fixo absolutamente nada, isto é rigoroso porque non se fixo nin se planificou nada. Eu desexaría que trouxeran un texto para o discutir pero non houbo ningún traballo de campo previo nesa materia.

Nós trouxemos unha iniciativa para os veciños e a forma de levala a cabo a teñen que dar vostedes, para iso son goberno. En agosto remata o rescate da Praza de Portugal e non se trouxo a Pleno ningunha prórroga dese aprazamento. Loxicamente quedo cunha dúbida razoable porque vostedes son goberno e son os que teñen que



dar a alternativa; nós podemos coadxuvar, axudar ou mellorar esa situación pero, evidentemente, Sr. López Font, as decisións as teñen que tomar vostedes. A nosa decisión é pedir o rescate deses aparcadoiros e como o vencemento xa está aí, queremos que se poñan a traballar e que non perdan nin un minuto máis por mor dos veciños, buscando fórmulas aínda que poidan seren complexas. Ó día de hoxe eu non vin nin unha nova na prensa e de faceren vostedes algo xa o saberíamos, pero non houbo nin unha soa nova de prensa sobre o particular e evidentemente cando se presentou a moción algo deberían improvisar.

Sr. López Font, vostede sempre fai de “apaga lumes”. Estráñame que o Sr. Calviño non interviñese.

SR. LÓPEZ FONT: Non fago de “apaga lumes” senón de concelleiro de Patrimonio ó que lle corresponde o tema das concesións. Comprendo a súa fixación co Sr. Calviño pero de verdade que nisto non tiña que intervir el porque era unha explicación sobre o tema das concesións. Sigo dicindo que vostede confunde o que pensa e o que lle quere dicir ó Sr. Calviño con respecto á súa política de Seguridade, coa moción que trouxo cando esta é moi sinxela e explicareille isto polo miúdo, aínda que me sorprende que haxa algunha parte que vostede non saiba.

O aparcadoiro da Praza de Portugal é unha concesión por 38 anos que, como precisamente o criterio dos anos deu lugar á concesión á empresa actual, non se pode prorrogar. Entón no que está traballando a Concellería de Patrimonio, certamente coa colaboración da Concellería de Seguridade, é en volver sacar un novo concurso para unha nova concesión na data na que remate a actual. Polo tanto dígolle con cariño que dicir o de facer o rescate cun proceso administrativo, seguro que xudicial e cunha indemnización ó cargo do Concello, é absolutamente inviable.

No caso do aparcadoiro da Porto do Sol coido que se alguén dende hai moito tempo, nos tres anos que leva gobernando, trata de buscar solucións ó aparcadoiro non só dos veciños do Casco Vello, senón de toda a cidade, é precisamente o Sr. Calviño. Para aparcar na cidade todos temos problemas, eu vivo na rúa Cangas lonxe de parques públicos e aparco lonxe da miña casa porque teño dificultade.

O que si é certo é que o Sr. Calviño está a traballar coa empresa do aparcadoiro da Porta do Sol para chegaren a acordos de cesión e de aluguer de prazas para os residentes e isto sábeo vostede; pero non só con ese aparcadoiro senón tamén co aparcadoiro de Zona Franca na Laxe.

Polo tanto tento dicirlle que vostede ten que se decatar que os cidadáns non entenderían que agora iniciáramos un proceso de rescate dunha concesión á que aínda lle quedan cinco anos, dos corenta e cinco ós que ten dereito, e que iso supoña un custe moi importante para o Concello, sobre todo, Sr. Coello, porque vostede sabe que non hai demanda de residentes na zona para todas as prazas que ten o aparcadoiro da Porta do Sol.

Creo polo tanto que estamos a traballar moi a fondo para solucionar este problema. Creo que debemos chegar a acordos coas empresas pola vía do diálogo e que mesmo o texto relacionado coa proposta que nos fixo a semana pasada a empresa do aparcadoiro da Porta do Sol é unha boa opción para que, á marxe doutras disputas de tipo político, deamos unha solución razoable en beneficio dos intereses deste Concello que seguro que é o que nos ten que preocupar a vostede, a min e a todos os concelleiros.

Insístolle polo tanto en que en primeiro lugar son testemuña de que o Sr. Calviño traballa de verdade moi a fondo para solucionar este problema e de que está empeñado niso persoalmente e en segundo lugar en que dende o Partido Popular haxa medida e, permítamo cariñosamente, que non se maten “moscas a canonazos” proponendo rescates de concesións. Fagamos un acordo neste Pleno que mesmo nos permita que cando o Sr. Calviño e máis eu falemos coas empresas, non só dos aparcadoiros da Porta do Sol e da Praza de Portugal, senón doutras porque estamos falando aquí de todas as empresas, ter a lexitimidade moral de que todo o Pleno da Corporación nos apoia. Mágoa que o seus votos fosen en contra porque honestamente coido que é unha proposta moi razoable.

SR. COELLO BUFILL: Parece que o Sr. López Font dános a razón sobre a nosa exposición porque a concesión do aparcadoiro da Praza de Portugal está a piques de rematar en agosto e creo que o Sr. Calviño non fixo os deberes porque se falta mes e medio ou dous meses, co verán polo medio, díganme vostedes que é o que van facer. Nestes momentos non o saben porque senón traerían un proxecto a este Pleno pero dende o mes de marzo o Sr. Calviño “sesteou”. Os españois somos proclives á sesta pero algunhas horas. Sinto que ó goberno en pleno, agora que estamos a rematar a Feira de San Isidro, lle collese algún touro porque eu estou convencido de que non se fixo absolutamente nada nesta materia.

Logo tamén, Sr. Alcalde, non o entenda como unha flor pero vostede dixo que o

aparcadoiro do contorno de Povisa, que é magnífico e seino porque vivo moi preto, quedou moi ben e vostede púxoo de exemplo a nivel nacional, polo tanto non entendo, Sr. López Font, algunha intervención de seu falando dos residentes.

Estivo moi ben o que se fixo en materia de aparcadoiros e xa dixen que con custe cero. Tamén dixen que houbo persoas que se sentaban neste Pleno que colaboraron e tentaron facer unha cidade mellor para todos os vigueses, pero manteño por riba de todo que houbo un señor que fixo prácticas de “filibusterismo político” naquela comisión e a min iso non mo nega ninguén.

*Durante o curso do debate, sendo as catorce horas e corenta minutos, incorpórase á sesión o alcalde, Sr. Caballero Álvarez.*

Emenda de substitución formulada por escrito polo voceiro do Grupo Municipal Socialista, Sr. López Font:

- O Goberno municipal, establecerá nos futuros pregos de condicións das concesións de aparcadoiros, a máxima porcentaxe posible para prazas reservadas a residentes nas condicións máis vantaxosas posibles.
- En todas as concesión actualmente vixentes proponse acordos coas empresas concesionarias que favorezan o tratamento preferente ós residentes da zona

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA , SR. LÓPEZ FONT: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, acórdase:

Aprobar a emenda de substitución formulada polo voceiro do Grupo Municipal Socialista, Sr. López Font, e xa que logo

ACÓRDASE:

Primeiro.- O Goberno municipal, establecerá nos futuros pregos de condicións das concesións de aparcadoiros, a máxima porcentaxe posible para prazas reservadas a residentes nas condicións máis vantaxosas posibles.

Segundo.- En todas as concesión actualmente vixentes proporanse acordos coas empresas concesionarias que favorezan o tratamento preferente ós residentes da zona

URXENTES:

A.- (121).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA OS RECORTES SOCIAIS APROBADOS POLO GOBERNO DO ESTADO. DOC. 1000736001.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 25 de maio de 2010, documento núm. 100073601, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“As medidas que en materia de política económica fixo públicas o goberno do Estado e que se aprobaron en Consello de Ministros o 20 de maio, coas que se pretende reducir o déficit público, concrépanse, entre outros aspectos, na conxelación das pensións contributivas para 2011, na redución do salario dos funcionarios e funcionarias nun 5%, na negativa a que se cobre retroactivamente as axudas establecidas na Lei da Dependencia e na supresión do cheque-bebé. Son medidas que significan claros recortes sociais e diminúen o poder adquisitivo da maioría da poboación, e polo tanto reducen o seu poder de compra, o que vai dificultar un aumento do consumo e da demanda interna que son fundamentais para saír da crise.

A redución salarial aos funcionarios e funcionarias é unha medida demagóxica, na liña de que non todos os traballadores e traballadoras da función pública teñen o mesmo salario, non pasando moitos deles dos 700 euros e non superando o 53% deles os 1000 euros mensuais, pero tamén agocha unha intencionalidade nefasta para o conxunto da sociedade pois significa avanzar na privatización dos servizos públicos. Mesmamente pártese dunha premisa falsa de que o sector público está sobredimensionado, cando o número de traballadores e traballadoras públicos no Estado é inferior á media da Unión Europea, e que vai dificultar a reactivación económica posto que significa perda do poder adquisitivo e iso vai afectar ao comercio, a hostalería e ao conxunto da actividade económica.

A decisión de conxelar en 2011 as pensións contributivas resulta particularmente gravosa en Galiza, xa que contamos cunha poboación envellecida, e as pensións galegas xa se sitúan a cola do Estado. Nesta liña hai que lembrar que son precisamente as persoas pensionistas as que se sitúan na cabeza dos índices de

-----  
S.ordinaria 31.05.10

pobreza en Galiza, na medida que boa parte dos nosos xubilados e xubiladas cotizaron no réxime especial agrario polo que as súas pensión son baixas.

A supresión das políticas de apoio a natalidade, con independencia de que na súa formulación actual non se atendese a criterios de progresividade e de renda, son necesarias, se atendemos aos problemas demográficos e á necesidade de impulsar a renovación xeracional. Neste sentido consideramos que son precisamente nos momentos de crise económica, cando é máis necesaria a posta en marcha de políticas activas nesta materia polo que consideramos absolutamente inoportuno a supresión do “cheque-bebé”, se ben defendemos a súa reformulación a fin de que só algúns tramos de rendas se beneficien do mesmo.

Tamén son especialmente negativas o resto de medidas, concretamente a supresión da retroactividade no pago das axudas á dependencia, o que significa a alteración mesmo da normativa pola que se implementa esta lei.

O BNG considera que este paquete de medidas económicas, responden a lóxica da dereita, de pretender transferirle o custo da crise económica ás clases traballadoras e aos sectores sociais máis desfavorecidos economicamente, precisamente a aquelas persoas que non tiveron ningunha responsabilidade na crise que se está a vivir e que tampouco se beneficiaron do crecemento especulativo que provocou esta situación. Hai outras saídas á crise económica, pero as propostas do Goberno entroncan directamente coas políticas do mesmo paradigma neoliberal que provocou a crise.

Hai outras políticas que permiten conter o déficit sen reducir prestacións e servizos sociais. Debe impulsarse a austeridade do gasto público vinculado a un adelgazamento da estrutura administrativa no Estado. Son necesarias medidas como a supresión de Ministerios con competencias cedidas ás Comunidades Autónomas e a supresión das Deputacións Provinciais. Ademais, no gasto militar existe moito marxe para a súa redución, concretamente no relativo á presenza de tropas españolas en ocupacións militares noutros países. Pero tamén se pode conter e reducir o déficit mediante un incremento dos ingresos, impulsando unha reforma fiscal que incremente a xustiza, e polo tanto o carácter progresivo do sistema, gravando máis a quen máis ten.

As medidas contidas no Decreto van agravar a situación económica. A perda do poder adquisitivo significa automaticamente unha baixa no consumo o que atrasará a recuperación económica, tal e como recoñeceu o presidente do Goberno. A prioridade do Goberno do Estado ten que ser o impulso ao crecemento económico e ás medidas de loita contra o desemprego, e non someterse ao ditado dos mercados.

Esas mesmas prioridades son as que deben guiar a acción da Xunta de Galicia. A total ausencia dunha Xunta que non está nin se lle espera só se ve rachada polas políticas de destrución e privatización de servizos públicos e recortes sociais. A consecuencia destas políticas vímolos no primeiro trimestre de 2010, onde Galicia é a comunidade que máis incrementa a súa taxa de paro.

Polo tanto, tamén temos que esixir do Goberno galego un xiro de 180 grados, de xeito que garanta os servizos e as prestacións públicas, e impulse medidas activas para dinamizar a economía e os sectores produtivos, así como para reverter a

gravísima tendencia que está a amosar o paro no noso país.

Por iso, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación municipal adoptar o seguinte

#### ACORDO

- 1.- Instar ao Goberno do Estado a retirar de xeito inmediato o Decreto aprobado o 20 de maio polo Consello de Ministros, que contén os recortes nas pensións públicas, nos dereitos dos dependentes, a baixada dos salarios dos funcionarios, entre outras.
- 2.- Instar ao Goberno do Estado a que leve a cabo as seguintes medidas:
  - a) Impulsar medidas que fomenten a austeridade do gasto público vinculado á racionalización administrativa no Estado: supresión de Ministerios con competencias cedidas ás CCAA, redución do papel da administración periférica do Estado e supresión das Deputacións Provinciais.
  - b) Acometer unha estratexia de redución do gasto militar, especialmente en gasto corrente e nos derivados da presenza en misións no estranxeiro.
  - c) Levar a cabo unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, recollendo as seguintes medidas: introdución dun novo tramo no IRPF para as rendas máis altas, dotar de maior progresividade á tributación das rendas do aforro, restaurar o imposto sobre o Patrimonio e modificar o status xurídico das sociedades de investimento colectivo (SICAV). Así mesmo, impulsar un ambicioso plan de loita contra a fraude e a evasión fiscal.
  - d) Impulsar, no marco da Presidencia Europea da UE, unha maior regulación dos mercados financeiros e a introdución dun imposto que grave os movementos especulativos de capital.
  - e) Garantir e reforzar os servizos públicos, as pensións e o resto de prestacións públicas.
  - f) Levar a cabo políticas activas na loita contra o paro.
- 3.- Instar á Xunta de Galiza a:
  - Abandonar a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos.
  - Adoptar medidas efectivas na loita contra a crise e o desemprego”

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: En primeiro lugar xustifico a presentación desta moción que o Bloque Nacionalista Galego trae pola vía da urxencia. Para nós hoxe hai unha prioridade fundamental en calquera administración, lonxe de seguir falando de fotos, demagogia, electoralismo, etc.

Coido que hoxe calquera administración que se prece ten que ter un obxectivo e sen ningunha dúbida unha prioridade en todas e cada unha das accións de goberno. Esa prioridade é precisamente atallar a crise económica que está golpeando dun xeito moi importante a moitas familias de Vigo e de toda Galicia. Por iso o Bloque Nacionalista Galego ven de poñer en marcha xa a nivel de todo o país unha campaña

informativa alertando das posibles medidas a realizar precisamente para facer fronte a esta crise e alertando tamén de certas medidas que dende a nosa óptica como forza política non nos parecen as máis axeitadas neste momento e neste contexto económico que estamos a vivir.

O Bloque Nacionalista Galego ven de dicir no Parlamento Español que non estamos de acordo coas medidas e recortes sociais aprobados polo goberno do Estado. Así o dixemos no seu momento no Parlamento español e así o estamos repetindo dentro de todas aquelas institucións nas que o Bloque Nacionalista Galego ten representatividade. Parécenos que o famoso decreto aprobado o 20 de maio contén medidas que significan claros recortes sociais que diminúen algo que nos parece moi grave como é o poder adquisitivo da maioría da poboación e polo tanto, dende o noso punto de vista, van dificultar moito o aumento do consumo e a demanda interna que todos sabemos son pezas fundamentais se realmente queremos comezar a saír desta crise.

Parécenos ademais que a redución salarial ós funcionarios e funcionarias é unha medida de tinguiduras bastante demagóxicas, entre outras cousas porque non todos os traballadores e traballadoras da función pública teñen o mesmo salario. Moitos deles non superan os 700 euros e un 53% nin sequera superan os 1.000 euros mensuais. Tamén nos preocupa que dentro destas medidas de conxelación e redución dos salarios dos traballadores e traballadoras da función pública, se estea agochando dalgún xeito unha política de privatización do sector público, política que en definitiva tente dar a idea de que estes traballadores e traballadoras están dimensionados e por iso me gustaría dar un dato: a media de traballadores e traballadoras públicos do Estado é hoxe bastante inferior á media da Unión Europea. Hoxe estase facendo a argumentación de que se lles pide esforzos ós que teñen un traballo máis ou menos estable, pero os esforzos non deben ser encamiñados cara ós que teñen máis ou menos un traballo estable, senón que os esforzos económicos da crise se deben poñer enriba sobre todo daqueles que teñen rendas máis altas e daquelas entidades financeiras e privadas que seguen a ter uns moi grandes beneficios promovidos moitas veces polas cantidades de milleiros de millóns de euros que o propio Estado insuflou neles mesmos.

Coidamos polo tanto que estas non son as medidas necesarias que nos van axudar a saír desta crise. Son tamén para nós especialmente negativas o resto de medidas, principalmente a supresión da retroactividade no pagamento das axudas á

dependencia porque significa mesmamente a alteración da propia normativa que se puxo en marcha coa lei.

Coidamos e así o manifestamos que estas non son medidas de esquerda. Os que cremos na esquerda temos a firme convicción de que o repartimento da riqueza e mesmo o repartimento dunha crise se ten que redistribuír dun xeito socialmente xusto, ten que pagar máis quen máis gana, quen máis beneficios acolle mesmo en épocas de crise, e esas medidas teñen que favorecer precisamente ás clases menos favorecidas, ós traballadores e traballadoras que están menos amparados diante desta crise.

Cremos ademais, na seguinte intervención explicareino, que existen outras medidas que poden incidir en dous apartados importantes: na redución do gasto público e tamén na consecución de maiores ingresos para o Estado ó fin de poder diminuír o déficit público sen que este se diminúa a costa dos traballadores e traballadoras do noso país. Pódese conter o déficit mediante un incremento dos ingresos pulando unha reforma fiscal que incremente a xustiza e polo tanto o carácter progresivo do sistema, gravando a quen máis ten.

Tampouco se lles pode facer responsables ós concellos que fixemos unha política económica razoable e racional e non se pode, así o denunciámos tamén, medir coa mesma vara a aqueles concellos cun nivel de endebedamento que non pon en absoluto en risco ningún tipo de medidas que fomenten o emprego e que teñen unhas medidas responsables. Eu veño dicindo que en tempos de crise as administracións non estamos para facer caixa, senón para traballar responsablemente para que aquelas demandas sociais máis imperiosas sexan atendidas.

Estas mesmas prioridades e medidas son tamén as que deben guiar a acción da Xunta de Galicia, unha Xunta de Galicia que neste tema da crise nin se lle ve, nin se lle espera. Só diante da crise, iso si, estamos asistindo a unhas medidas económicas para privatizar os servizos públicos, para seguir mantendo tamén recortes sociais.

Moito falan os señores do Partido Popular do paro. Pois ben, estas medidas e estas consecuencias de políticas neo-liberais propias da dereita vímolos no primeiro trimestre de 2010 onde Galicia é a comunidade que máis incrementa a súa taxa de paro e disto é responsable o goberno de todos os galegos e galegas que é quen ten a competencia para incentivar plans de emprego e medidas de reactivación económica.



Tampouco poden pagar as crises precisamente os pensionistas, sobre todo en Vigo e en Galicia onde sabemos que sobre a nosa envellecida poboación ten repercusións moito máis graves que en calquera outro territorio do Estado, sabendo ademais que xa as pensións galegas están por debaixo das do resto do estado. Estamos á cola e non só non se incrementan senón que se conxelan.

En definitiva, tanto o goberno do Estado como o da Xunta de Galicia en tempos de crise teñen precisamente que primar aqueles territorios e aquela poboación que foi sistematicamente castigada polas discriminacións nos orzamentos, tanto do Estado como da propia Xunta de Galicia e deben potenciar estes territorios que son os que merecen nestes momentos unha maior atención.

Por todo isto, porque cremos que hai outro xeito de facer políticas económicas, un xeito moito máis acado que chegue e beneficie á maioría da poboación menos favorecida, presentamos ó Pleno da Corporación o seguinte acordo: Instar ó goberno do Estado a retirar o decreto aprobado o 20 de maio polo Consello de Ministros. Instar ó goberno do Estado a que leve a cabo medidas que fomenten a austeridade do gasto público, a acometer unha estratexia de redución de distintos gastos superfluos, como pode ser o gasto militar e o gasto da estrutura propia do Estado; levar a cabo unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema; impulsar tamén no marco da Presidencia Europea unha maior regulamentación dos mercados financeiros; garantir e reforzar os servizos públicos, as pensións e o resto das prestacións públicas; levar a cabo políticas activas, reais na loita contra o paro. Pero tamén queremos instar e insistir ó goberno dos galegos e galegas, á Xunta de Galicia, a que abandone dun xeito inmediato a súa política de destrución e privatización dos servizos públicos, así como a adoptar medidas efectivas tamén na loita contra a crise e o desemprego.

Non podemos unha vez máis pagar a crise a costa dos que nunca foron culpables dela. A crise témola que solucionar con medidas progresivas, gravando aquelas rendas máis altas, gravando aquelas entidades e aqueles poderes económicos que se están e que se seguen lucrando e especulando cos cartos de todas e de todos; e sobre todo calquera medida ten que ter unha consecuencia moi clara: que as clases menos favorecidas e aqueles sectores máis empobrecidos da nosa sociedade e do noso país poidan soportar esta actual crise.

A PRESIDENCIA: Ó seren unha moción presentada polo grupo do goberno

aplicaremos a seguinte fórmula de debate: intervirán os grupos de menor a maior e rematará o propoñente.

SR. LÓPEZ FONT: A moción presentada polo BNG cáusanos certa sorpresa ós socialista. Tentarei expresar por que.

Na moción afirmase que se produciron unha serie de recortes sociais. Cremos que hai que chamar ás cousas polo seu nome e dicir que o que propuxo o goberno non é un decreto do goberno, senón que se validou polo Parlamento e as votacións parlamentarias hainas que respectar, son unhas medidas de axuste que tomaron todos os países europeos. Isto é importante porque parece ó escoitaren algunhas opinións que esta situación que propuxo D. Xosé Luis Rodríguez Zapatero como presidente do goberno de España só afecta a España. Eu quero dicir e todos vostedes sábeno que estes tipos de medidas de axuste se aplicaron en Francia, Italia, Alemaña, Irlanda, Portugal e por suposto en Grecia, co engadido do novo goberno do Reino Unido.

Pero hai un aspecto moi importante que é que non houbo ningún recorte social, non se tocan os piares básicos do estado do benestar e hai que dicir aquí fronte as afirmacións realizadas que non se toca a sanidade, nin a educación, nin o desemprego, nin o I+D+I.

Eu non evito o debate para explicar por que se toman e por que os socialistas propuxeron cada unha das medidas.

No tema de pensións: no ano 2010 vaise manter o desvío do IPC. No ano 2011 se revalorizan as pensións mínimas, as non contributivas e as do SOVI. Isto, Sr. Domínguez Olveira, afecta a tres millóns de pensionistas e o resto das cantidades mantéñense na súa actual contía.

Pero quérolle combinar o tema das pensións co que se fixo polo goberno de D. José Luís Rodríguez Zapatero. Dado que a vostede e ó BNG preocúpalles moito a situación dos pensionistas con pensións mínimas, téñolle que lembrar o dato fundamental de que cando saíu do goberno o Sr. Aznar a pensión mínima de 65 anos con cónxuxe a cargo era de 6.788 euros e no 2010 é de 10.152 euros. Polo tanto en cinco anos, en cinco orzamentos D. José Luís Rodríguez Zapatero incrementoulle o 50% a esas pensións que tanto lle preocupan o Bloque Nacionalista Galego.

En canto ás retribucións do sector público, funcionarios: a primeira medida que se adopta é a propia de descontarse o goberno. Lémbrolle que o goberno fai unha

proposta de redución para altos cargos entre o 8 e o 15%. Hai que dicir a verdade, teñen que saber os cidadáns e non xogar cos salarios que teñen en todo o sector público que a banda de redución de salarios para os funcionarios vai entre o 0,56 e o 7%, é dicir, todos eses empregados públicos dos que falamos e que teñen un salario pequeno non teñen unha gran redución neses salarios. Hai que recoñecer que estas medidas non son populares, que o goberno as debeu tomar nunha situación de dificultade económica, pero si quero dicir que os funcionarios nos cinco orzamentos do presidente Sr. Rodríguez Zapatero recuperaron poder adquisitivo cando o perderan nos oito anos do goberno de Aznar.

Especial mención merece o tema da Lei de dependencia. Esta lei é un logro que trae o goberno do Sr. Rodríguez Zapatero a este país, non había ningún dependente que cobrase no ano 2004, Sr. Domínguez Olveira, é unha lei que propón o goberno socialista da que todos os socialistas nos sentimos orgullosos, que en comunidades autónomas e en concellos gobernan formacións políticas como a de seu e coidamos que é un importante logro no que son os piares básicos do benestar.

Como propoñentes desta moción, concelleiros do BNG, estamos polo tanto falando dun intento de aforro, dunha proposta de aforro de 15.000 millóns que é só o 1,5% do que se incrementou o gasto social cos gobernos de D. José Luís Rodríguez Zapatero. Hai cifras que hai que lembrar. No ano 2004, cando gobernaba o Sr. Aznar, destinábanse a gasto social 114.000 millóns de euros, nestes momentos, nos orzamentos de 2010 destínanse 180.000 millóns de euros; incrementouse en máis do 50%. Dito doutro xeito e para que o entendan ben os cidadáns, un de cada dous euros que están en orzamentos destínase a gasto social.

A pregunta en relación coas súas afirmacións é moi sinxela: é isto política de esquerdas? A min paréceme que si. A nós, ós socialistas, que nos sentimos orgullosos de que cando puidemos incrementar o gasto social fixémoslo, tamén nos enfrentamos hoxe e miramos cara a cara ós cidadáns para propoñer estas medidas de recorte.

Pero fixemos moito máis e quero que o saiban os cidadáns. As pensións, o salario mínimo interprofesional incrementouse nun 35%, o orzamento de educación co goberno do Sr. Rodríguez Zapatero dobrouse; a dependencia como dicía antes é un dereito universal porque a trouxeron os socialistas. Dentro de trinta anos, cando posiblemente moitos dos que estamos aquí esteamos retirados da política, as xeracións recoñecerán novamente o esforzo dos socialistas e o que trouxemos a este país. Pero é que tamén se aprobou o Estatuto do traballador autónomo,

recoñecéuselles a prestación de desemprego ós autónomos.

Coido polo tanto que alegremente, para nós o é así, non se pode facer a afirmación de que este goberno non incrementou o gasto social e que está a proceder a un recorte. Coido que é un esforzo que paga a pena para que o país saia adiante.

O outro día na televisión viamos a diferenza de propostas e a diferenza de país. Á esquerda situábase D. José Luís Rodríguez Zapatero coa viguesa Carmela Silva detrás, propoñendo actuacións para sacar este país cara adiante e na parte dereita cento e pico senadores como se estiveran ensaiando a asistencia á final do Mundial da Selección española e o único que pedían era que cambiara o goberno.

O recorte e o esforzo que se lles propón ós cidadáns é, como dicía antes, dun 1,5% que fronte ó incremento do 50% coido que paga a pena.

Para nós o Bloque nacionalista Galego debería implicarse e seriamente no recoñecemento a un goberno que fixo moito polo gasto social, que a pesar de que estas medidas lle custan tívoas que tomar e coidamos que o concepto de gasto social está sobradamente cumprido por parte do goberno socialista. Sr. Domínguez Olveira, as cantidades destinadas do Plan Zapatero para toda Galicia, para as sete cidades nas que vostedes gobernan co Partido Socialista, tamén é gasto social. Vostedes e o Partido Socialista cambiamos as cidades de Galicia e de España gracias a medidas de gasto social do goberno de D. José Luís Rodríguez Zapatero cando isto foi posible.

Parécenos polo tanto certamente unha moción inxusta, unha falla de recoñecemento. Que iso o faga o Partido Popular está ben, pero coidamos que as forzas que nos consideramos de esquerdas deberíamos facer un esforzo.

Non imos votar a favor desta moción. En primeiro lugar xa se validou o decreto do goberno polo Parlamento co que o punto primeiro non serviría. En canto ó punto segundo é moi fácil falar doutras medidas pero coido que tamén algunhas das que propón vostede se están a tomar xa pola parte do goberno e coidamos que é o momento de que os españois fagamos un esforzo. Nisto deberíamos ir da man e debería vir connosco o Bloque Nacionalista Galego

Coa intención do convencer, lémbrolle unha afirmación que fixo vostede hai pouco: os orzamentos fanse para dar resposta ás crises. Coido que o que fixo o goberno do Sr. Rodríguez Zapatero é xusto e proporcionado, é o que hai que facer e que o Bloque Nacionalista Galego debería estar ó noso carón tendo en conta que en cinco orzamentos, dende 2005 ata 2010, xamais houbo tanto incremento do gasto social

destinado ós que menos teñen en España como nesta actuación.

Non votaremos polo tanto a favor da moción. Pedimos que a retiren e coido que o gasto social por parte do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero foi sobradamente cumprido.

SR. FIGUEROA VILA: Logo das manifestacións do Sr. López Font non me estraña que este país, España, estea como está. Vostedes están completamente desconectados da realidade, do que pasa na sociedade, do que pensan os cidadáns. Logo do que dixo vostede era como para non intervir. As manifestacións que fixo son preocupantes, preocúpanos máis o tema logo do escoitar a intervención do Sr. Domínguez Olveira. Vostede está negando todo o que está a acontecer neste país, nega que ó Sr. Rodríguez o están a obrigar dende Europa e máis o Sr. Obama a facer os recortes, cambios e modificacións económicas neste país, está negando que hai uns meses o Sr. Rodríguez Zapatero dicía que era unha falacia que houbera unha crise económica, ou cando se dicía nos xornais: “Corbacho asegura que o goberno non prevé chegar ós catro millóns de desempregados”, “Zapatero garante que non haberá recortes sociais para loitar contra a crise”. Isto dicíao o Sr. Rodríguez Zapatero hai meses.

Hai que lembrar, remontármonos a hai dous anos nas propias eleccións, cando o Sr. Rodríguez Zapatero negaba a crise; cando houbo un debate entre os Sres. Pizarro e Solbes que agora se ve que o Sr. Pizarro acertou o 100% das súas argumentacións, mesmo quedou curto. Vostede neste Pleno está a dicir que non hai recortes sociais cando se conxelan as pensións, redúcenselle os ingresos ós funcionarios e veremos as medidas que hai a maiores.

O que está a pasar co sistema financeiro que vostedes negaron totalmente. Agora se demostra tamén que as caixas se teñen que fusionar, que teñen que buscar alianzas estratéxicas, que o Banco de España segue a premer ás propias caixas para que se unan para resolver os tremendos problemas financeiros que teñen. Coido que vostede vive nun escenario totalmente distinto.

Incumpren os temas básicos como é o Pacto de Toledo coa conxelación das pensións. Eu poderíalle poñer exemplos do que fixo o goberno do Partido Popular e o que están facendo vostedes. No goberno do Partido Popular garantiuse por lei a revalorización das pensións; vostedes conxélanas por primeira vez na historia. O salario dos empregados públicos mantívose, malia o burato negro que había cando chegou o

Partido Popular e o PSOE recórtalles os salarios un 5% de media.

Cando gobernábamos nós España creamos cinco millóns de postos de traballo, vostedes crean catro millóns e medio de parados. O salario mínimo interprofesional aumentou un 18% co Partido Popular; 1.300.000 familias con vostedes seguen sen ningún salario. Podería seguir poñendo exemplos porque se o Partido Popular rebaixou o IRPF, vostedes subirán o IVE dentro duns meses. Isto é catastrófico.

Sr. López Font, coido que debería ser un pouco máis humilde porque de chegaren aquí asumindo a situación de crise, pedindo botar todos unha man, que entre todos tentar saír desta situación, iso sería coherente. Pero que vostede intente a estas alturas defender o indefendible, coido que ou lle toman o pelo ós cidadáns, ou nolo toman a todos nós, ou non me estraña que en todas as enquisas a nivel nacional vostedes estean caendo nun burato do que non se van levantar.

Neste país as políticas económicas do Sr. Rodríguez Zapatero están esgotadas, necesitan un cambio e iso non o dicimos nós, senón que absolutamente todos os expertos, todos os analistas, a maior parte dos partidos políticos que están no Parlamento, etc. A situación á que chegamos ten que nos preocupar a todos.

Resulta que agora vostede necesitan 15.000 millóns de euros en recortes para solventar, regular ou equilibrar unha situación económica cando 13.000 millóns os investiron no Plan E. Nós dixemos claramente que era un tremendo erro poñer en práctica esas políticas de investimentos porque non ían xerar emprego, dixémolo por activa e por pasiva. O exemplo claro está nesta cidade onde vostedes con 15.000 millóns de pesetas de investimentos, Sr. López Font, que son moitos cartos xeraron 12.000 desempregos na cidade, hai 12.000 parados máis na cidade. Iso é o que nos ten que preocupar. Esa é a política social? Investiron 15.000 millóns de pesetas ou están a piques de investilos entre o ano pasado e máis este. E vostede di que xeraron 6.000 empregos. Esas son as políticas económicas que vostedes levan a cabo en todos os sitios nos que gobernan.

Cando nós collemos esta cidade tiñamos 108 millóns de euros de débeda, deixámola en 47, había un índice de endebedamento do 66% e deixámolo no 21%. A diferenza está nas políticas, na forma de xestionar. Nós puxemos en marcha seis aparcadoiros públicos, dous complexos de piscinas deportivas, puxemos en marcha e adxudicamos un auditorio e cun investimento en torno ós 150 millóns de euros, os gastos e o endebedamento foi cero. Son políticas distintas, vostedes malgastan os cartos en lousas e resulta que non hai un investimento produtivo, ningún investimento que

xere emprego a medio e a longo prazo.

Iso é o que nos ten que preocupar e a vostedes non lles preocupa porque están noutra liña, enfrontaron á metade da sociedade contra a outra metade con diversos temas que non vou nomear pero que todos coñecemos. Dos seis anos que levan no goberno de España dedicaron catro a enfrontar á sociedade española, por unha banda uns, pola outra os outros: que se memoria histórica, que se aborto... A conclusión é que agora temos unha grave crise económica que si afecta a todas as familias, a todos os petos dos veciños de Vigo, da nosa comarca e de toda España. E vostedes seguen a dicir que as súas son políticas sociais e que non hai recorte social. Coido que negar a evidencia, negar acotío o que acontece neste país parécenos grave. É máis grave negala que a situación real que temos porque non se poden buscar solucións se non se é consciente do problema.

Prometeron hai dous anos e medio o pleno emprego na cidade, onde está? Pero aínda seguen porque o Sr. Rodríguez Díaz, que eu de seren el sentiríame avergoñado de seren tantos anos sindicalistas, está a defender as políticas de emprego deste concello á vista do emprego que hai nesta cidade. Non demostra que sexa sindicalista, deberíalle caer a cara de vergoña de que neste país os sindicatos estean calados e non sexan quen de facer ningún tipo de afirmación. Ese é o problema ideolóxico porque de estaren gobernando o Partido Popular habería algaradas e manifestacións por todas as rúas das cidades de España. Ese é o criterio de moitos sindicatos que non saben estar á altura das circunstancias.

Coido que este non é momento de algaradas pero tampouco o é cando goberna o Partido Popular. Vostedes son moi dados a iso e agora recolleron o que sementaron durante moitos anos. Xa remataron os momentos de alegría, das fantasías, agora hai que baixar e poñer os pés no chan. Iso é o que queren os cidadáns, os nosos veciños, os do día a día. Non queren fantasías, nin proxectos faraónicos, nin fantasiosos; queren realidades produtivas, emprego, que a economía se mova e que saiamos cara adiante do mellor xeito posible.

Imos votar esta moción porque nos parece que non se poden permitir tantos recortes sociais e non é xa pola cuestión de fondo, senón mesmo de forma. Paréceme moito máis grave o que acaba de dicir o Sr. López Font porque semella que non se queren decatarse do que está a pasar neste país, en Vigo e en toda España, e ó final intentan xustificar.

Sr. López Font, cando todo o mundo ten a percepción de que estamos nunha crise

profunda, vostedes din que non hai recortes sociais, que non hai crise, que seguimos sen crise e que ó final isto se vai resolver. O Sr. Rodríguez Zapatero díxonos que estabamos na “Champions League”, que iamos ser a envexa, que Sarkozy tiña envexa de España; chamounos anti-patriotas ós que dixemos que estabamos en crise. Son tantas mentiras que a vostedes o electorado non os vai castigar pola situación real do país, vainos castigar por tanta mentira, engano e manipulación porque iso é o que non pode soportar o cidadán de a pé.

De viren vostede hoxe aquí cun discurso de normalidade, de aceptar como o estamos facendo todos o que está pasando, seguramente o noso discurso sería outro totalmente distinto porque a situación é a que é e todos temos que nos apertar o cinto e achegar o noso gran de area para saír adiante da mellor maneira.

Eu entendo a proposta do BNG, non porque coincida co noso punto de vista, senón porque o de seu é un punto de vista positivo. Nós imos votar esta moción, incluíríamos algunhas emendas a maiores pero nos parece que o espírito da moción é de colaboración, de tentar que todos cooperemos e de dicirle ó goberno de España que está esgotado, que ten que cambiar, formular outras políticas económicas e tentar sacar a este país adiante entre todos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Que quede moi claro que o espírito da moción do BNG non é o de cambiar ningún goberno porque ademais se o cambio de goberno é para o Partido Popular..., Deus meu. Aínda lembramos a redistribución da riqueza do Sr. Aznar e do seu goberno en tempos de bonanza económica, tempo no que neste país favoreceuse a especulación, a burbulla urbanística, que as grandes empresas, e non precisamente as galegas, fixeran o agosto, etc. Ese non é o cambio que o BNG quere, Sr. Figueroa. Sabemos cal é a política do Partido Popular a nivel económico e nunca foi, nin creo que será nunca, a de favorecer precisamente ós traballadores e traballadoras menos favorecidos deste país.

O cambio non é de adestrador, non de goberno; o cambio é de políticas e hai que rechar cunhas políticas neo-liberais, cunha política da economía que favoreza única e exclusivamente ós grandes mercados internacionais e que ademais agocha as realidades. Vostede xa dicía que o Sr. López Font agochaba as realidades, pois estas políticas propugnadas tamén pola gran dereita o que agochan é a realidade e precisamente lévannos a ter uns sistemas que en troques de estar baseados na democracia e na redistribución da riqueza, estano na ditadura dos grandes mercados



internacionais. Iso é o que hai que cambiar, non se trata de cambiar de goberno.

Ás cifras se lles pode dar a volta pero hai que saír á rúa e preguntar cal é o grao de preocupación nestes momentos dos e das pensionistas da nosa cidade e do noso país, cal é o grao de preocupación de persoas ás que se lles crearon expectativas en canto á Lei de dependencia e agora se ven cortadas; desas familias ás que se lles crearon expectativas para tomar medidas progresivas de incremento de natalidade e demais e agora esas expectativas se ven cortadas. Todo iso por culpa dos grandes mercados internacionais, de entidades financeiras que estiveron moitos anos especulando cos cartos e co negocio inmobiliario e ás que agora non só se lles segue poñendo cartos e cartos enriba da mesa, senón que ademais se lles permite sen ningún atranco dicir todos os grandes beneficios que seguen acadando.

Sr. López Font, por suposto que eu coincido en que os orzamentos teñen que servir para facer fronte a crise, como fixo este goberno municipal, como fixemos o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego nesta cidade. Uns orzamentos para a maioría da cidadanía, para as clases menos favorecidas e para atender ás grandes demandas sociais, cun esforzo de investimento no sector público para tentar xerar emprego e revitalizar a nosa economía. Eses son os orzamentos para os que o BNG sempre colaborou e traballou como forza de esquerda alí onde gobernamos.

Pero precisamente por iso non avalamos nin nunca avalaremos estas medidas que agora se están poñendo en marcha porque o goberno do Estado está a facer xusto o contrario do que fixo nos últimos dous anos. Aquí non había crise e en época electoral vivimos moreas de alegrías: o dos 400 euros, desaparición do imposto sobre o patrimonio, o imposto sobre sociedades sen que haxa ningunha medida progresiva de favorecer ós pequenos e medianos empresarios, de gravar ós grandes empresarios. Todas esas alegrías que non repercutiron para nada nas clases menos favorecidas cifráronse en milleiros de millóns de euros. Sen esas alegrías electorais agora non teríamos que conxelar as pensións, nin reducir os salarios.

Pero dicía eu antes que hai outras medidas que son posibles porque hai unha cousa en macroeconomía que se chama consumo agregado e esta é unha variable fundamental para incentivar a economía. O consumo agregado significa que precisamente os que teñen unha posición laboral máis estable son os que teñen que tirar por ese consumo, son ós que teñen que xerar confianza na nosa economía precisamente para que esta se revitalice. Con estas medidas a redución do déficit público vai ser menor do que imos reducir os salarios.

Pero hai outras medidas como a da recuperar ese imposto sobre o patrimonio, impostos extra sobre os beneficios da banca e das sociedades financeiras, suprimir o réxime especial que está bonificando nestes momentos nun 99% os beneficios das SICAPs, facer un tipo marxinal elevado para os bonos dos altos executivos cun mínimo dun 50%, a través da nosa Presidencia na Unión Europea tentar un imposto para as transaccións monetarias internacionais de curto prazo, esas transaccións que se chaman especulativas; hai que facer un esforzo por controlar a evasión fiscal, por eliminar os paraísos fiscais.

Hai que reducir o gasto pero dun xeito efectivo e non electoral. Non se pode falar de redución e austeridade no gasto (señores do Partido Popular, tamén na Xunta) cando imos multiplicar por milleiros o custe por exemplo dun hospital de Vigo por privatizalo; ou gastar 500 millóns de euros en gastos militares. Tamén se pode asegurar o recorte do gasto cunha racionalización da administración central suprimindo ministerios que xa non teñen ningún tipo de importancia ou reducir as deputacións provinciais, cousa que tampouco o Partido Popular quere facer.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseite membros da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaoito votos a favor dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e máis dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez e nove votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia,

ACÓRDASE:

-----  
S.ordinaria 31.05.10

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, relativa ós recortes sociais aprobados polo goberno do Estado, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

B.- (122).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DO “DÍA INTERNACIONAL DE LOITA CONTRA A HOMOFOBIA E A TRANSFOBIA”.

ANTECEDENTES.- Por medio de escrito de data 31 de maio de 2010, os tres Grupos municipais do Concello de Vigo, BNG-PSdeG-PSOE e Partido Popular, presentan ó Pleno a seguinte Declaración Institucional:

“O Concello de Vigo considera que a homofobia é unha das formas de odio máis estendidas, tendo incluso reflexo na lexislación da maioría dos países do mundo, con normas discriminatorias para lesbianas, gais e transexuais ou fortemente represoras da homosexualidade e a transexualidade. As dinámicas polas que se perpetúa como forma de control social aínda que menos evidentes, non nos resultan tan alleas. Unha depurada pedagogía da homofobia e transfobia fai que interioricemos os seus ensinamentos, como unha das primeiras experiencias que espertan o medo e o odio ao distinto, sen que cheguemos a ser conscientes de canto condiciona a nosa forma de pensar e de relacionarnos coas demais persoas.

Aínda en países nos que, como Galicia, o esforzo dos movementos cidadáns, (a madurez social e a vontade política permitiron eliminar normas discriminatorias do ordenamento xurídico, a presión da homofobia coarta a liberdade de moitas lesbianas, gais e bisexuais, provocándolles problemas de aceptación persoal, ou persuadíndolles de que non poden vivir a súa orientación sexual con naturalidade. Tras pagar con igualdade xurídica a débeda de séculos de vulneración de dereitos, cárceres e escarnio, a sociedade galega debe encarar un reto aínda máis ambicioso, xa prefigurado pola propia norma tras o frutífero debate aberto: a creación dunha norma contra todo tipo de discriminación que vertebre e traballe en torno ao respecto á diversidade de orientación sexual, á loita contra o *bullying* e toda discriminación por cuestión de xénero que persista no noso día a día.

Ese compromiso político e cidadán pola sensibilización debe buscar unha sociedade máis informada e formada que se esforce por proporcionar a seguridade suficiente para que as persoas poidan vivir en sintonía coa súa orientación sexual en todos os nosos pobos e cidades. O contexto actual esixe, por tanto, unha visibilidade máis cotiá, que ofrezca a realidade do colectivo de LGTB en toda a súa pluralidade e combata a homofobia e transfobia dende o coñecemento e a convivencia.

O Concello de Vigo celebra este mes de maio e súmase aos actos en torno ao Día Internacional de Loita contra a homofobia e a transfobia, lembrando que hai vinte anos, o 17 de maio de 1990, a Asemblea Xeral da Organización Mundial da Saúde (OMS) suprimiu definitivamente a homosexualidade da lista das enfermidades

mentais (onde nunca debeu estar), pero, aínda hoxe, a transexualidade atópase na listaxe de enfermidades.

O Concello de Vigo quere facer unha chamada de atención cara os comportamentos públicos e privados con especial atención cara á clase política no seu conxunto que alentan, xustifican ou amparan a discriminación por razón de orientación sexual, especialmente naqueles países que compoñen a UE e que aínda non respectan os dereitos de lesbianas, gais, bisexuais e transexuais.

O Concello de Vigo quere unha Unión Europea comprometida co avance da igualdade xurídica e social de lesbianas e gais, bisexuais e transexuais en todos os seus países membros.

O Concello de Vigo debe ser un participante activo da loita contra a homofobia e a transfobia, en consonancia co exposto no noso Estatuto de Autonomía así como na Constitución Española que mandatan aos poderes públicos á loita contra toda forma de desigualdade e discriminación.

O Concello de Vigo considera que a homofobia non pode ser unha actitude consentida, que poida exercerse impunemente ao amparo da liberdade de cátedra ou expresión ou opinión. A homofobia é unha actitude intolerable que causa dor e sufrimento. Por todo iso, as administracións públicas e a sociedade civil organizada queremos celebrar este Día Internacional co obxectivo de denunciar aquelas actitudes homófobas, tanto públicas como privadas, no ámbito doméstico, laboral, educativo, cultural, institucional e social, que provocan a discriminación das persoas cuxa orientación sexual é diferente á heterosexual e que xeren unha presión para que oculten unha parte importante da súa integridade emocional. Así mesmo, apoiamos a Introducción de políticas de non discriminación por razón de orientación sexual en todos os ámbitos sociais, centros educativos, medios de comunicación, centros de traballo, familias, etc. para garantir o mandato constitucional de non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.”

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Pasamos a tratar unha declaración institucional asinada polos tres grupos, BNG, Partido Socialista e Partido Popular, sobre condena da homofobia. A declaración farase pública nos medios de comunicación para os efectos do seu coñecemento e para a súa constancia nas actas deste Pleno.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseite membros da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a declaración institucional do Concello de Vigo co gallo do “Día internacional da loita contra homofobia e transfobia” co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

28.- (123).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

rs/kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.